Revista GaLEGa de filoloxía
monografía 4

O xénero gramatical en galego

Xoán Carlos Lagares

Revista Galega de Filoloxía
monografía 4

Xoán Carlos Lagares

O xénero gramatical en galego

ÁREA DE FILOLOXÍAS GALEGA E PORTUGUESA

Director: Xosé Ramón Freixeiro Mato (Universidade da Coruña)

Subdirector: Manuel Ferreiro (Universidade da Coruña)

Edita: Área de Filoloxías Galega e Portuguesa
Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística

Depósito Legal: C 3597-2007

ISBN: 978-84-9749-262-1

Distribúe: Consorcio Editorial Galego: pedimentos@coegal.com

Deseño: Torné Asociados

Maquetación: Antonio Souto

Índice xeral

Nota preliminar 7

0. Introdución 11

0.1. As diferentes nocións de xénero ... 11
0.2. A noción de xénero gramatical ... 12
0.3. As hipóteses sobre a orixe do xénero nas linguas indoeuropeas ... 15
0.4. A cuestión da asignación do xénero aos substantivos ... 21
0.5. A nosa perspectiva. Cuestións preliminares ... 24
0.5.1. Xénero e sexo ... 24
0.5.2. O morfema de xénero ... 25
0.5.3. Flexión e derivación ... 32
0.5.4. Masculino e feminino ... 39
0.5.5. Morfosintaxe e semántica no xénero ... 40

1. O xénero en galego. Nocións previas 41

1.1. Perspectiva diacrónica. Evolución do xénero en galego ... 41
1.1.1. Desaparición do neutro ... 41
1.1.2. O xénero dos nomes ... 47
1.1.3. A oposición xenérica nos nomes ... 58
1.2. O xénero gramatical nos estudos lingüísticos galegos ... 65

2. Aspectos morfosintácticos do xénero 69

2.1. O sistema de xénero nos nomes ... 69
2.1.1. Cuestións previas ... 69
2.1.2. As clases de nomes e as vogais temáticas *-o / -a* ... 74
2.1.3. Interferencias lingüísticas e fixación normativa ... 77
2.1.4. O xénero dos empréstimos ... 86
2.2. A expresión mórfica de xénero ... 88
2.2.1. Oposicións paradigmáticas ... 88
2.2.2. Sufixos e infixos ... 92

2.3. O xénero gramatical e os pronomes 104
2.3.1. Pronomes invariábeis 105
2.3.2. Pronomes variábeis 113
2.3.3. Conclusións 115
2.4. A concordancia de xénero 116
2.4.1. Aspectos preliminares 116
2.4.2. A concordancia dentro da FN 120
2.4.3. A concordancia entre suxeito e complemento predicativo 135
2.4.4. A concordancia entre CD e complemento predicativo 138
2.4.5. A concordancia de xénero por riba do nivel da cláusula 140
2.4.6. Interferencias semánticas nas regras de concordancia 144
2.4.7. Conclusións 150

3. O xénero desde a perspectiva semántica 153

3.1. Introdución 153
3.1.1. Principios xerais da lexemática 153
3.1.2. Relacións de "significación" e relacións de "designación" 155
3.1.3. O xénero como clasema 156
3.1.4. A oposición de xénero 158
3.2. O xénero gramatical e a clase dos 'seres animados' 160
3.2.1. A oposición semántica de sexo na clase dos 'seres non humanos' 160
3.2.2. A oposición semántica de sexo na clase dos 'seres humanos' 168
3.3. O xénero gramatical na clase caracterizada polo sema [- animado] .. 178
3.3.1. As oposicións semánticas de xénero 178
3.3.2. Polisemia e homonimia 188
3.3.3. A inestabilidade do xénero dalgúns substantivos 193
3.3.4. Conclusións 194
3.4. A formación de palabras e o xénero gramatical 195
3.4.1. A derivación 196
3.4.2. A composición 214
3.4.3. Conclusións. Formación de palabras e asignación de xénero .. 221

4. Conclusións xerais 223

Referencias bibliográficas 229

Desenvolvemento das abreviaturas utilizadas para os textos 239

Nota preliminar

A escolla dun tema como o do xénero gramatical para realizarmos este estudo está relacionada, en parte, co feito de non abundaren traballos monográficos que pretendan analizar a lingua galega desde unha perspectiva abranxente, sendo necesario, do noso punto de vista, abordarmos cuestións parciais destas características, con incidencia en distintos planos gramaticais, para conseguirmos un mellor coñecemento das estruturas que articulan a nosa lingua. Ademais, o xénero gramatical é unha categoría que, presentando diferenzas dunha lingua para outra, se comporta dun modo semellante en todo o ámbito románico. Desta maneira, foi a nosa intención facermos un estudo particularizado que, ao mesmo tempo que se poida servir das investigacións realizadas desde outras linguas, achegue máis elementos de xuízo para comprendermos o funcionamento dunha categoría universal.

Alén diso, o xénero preséntase a primeira vista como algo caótico, arbitrario e difícil de someter a regras nos nomes invariábeis, que se adscriben a un único termo xenérico, e mais como algo irregular, moi dependente de diferentes tendencias de uso, naqueles substantivos que posúen flexión xenérica para cada un dos termos. Precisamente a arbitrariedade e a confusión que esta categoría presenta en aparencia, por se mesturaren no seu funcionamento factores gramaticais con outros semánticos e por ter importantes implicacións pragmáticas, supuxo unha decisiva motivación para iniciarmos este estudo en torno ao xénero gramatical en galego. Neste sentido, sempre nos chamou a atención a coñecida sentenza que Fernão de Oliveira incluíu na súa gramática: *E não desconfiemos da nossa lingua, porque os homẽs fazem a lingua, e não a lingoa os homẽs*. Por unha parte, esta frase, que naceu como defensa do portugués diante das linguas clásicas e como xustificación da propia elaboración da súa gramática, supón unha vindicación da igualdade entre as linguas como produto humano, e por tanto da igualdade entre os falantes, pondo de manifesto ademais que nas argumentacións contra determinadas linguas consideradas inferiores o que transloce na realidade son fortes prexuízos contra os individuos que co seu uso continuado as van 'facendo' diariamente. Tal apreciación, é claro, constitúe un valioso argumento na defensa de linguas que, como a nosa, cunha desigual fortuna histórica, non ocupan aínda no seu propio territorio a posición social que merecen.

Mais, doutro lado, a utilización do substantivo *homes* para facer referencia a eses individuos pode ser tamén entendida nun sentido restrito, como se a lingua fose feita exclusivamente polos varóns, tornándose así, segundo a interpretación dalgunhas correntes feministas, máis un instrumento de dominación masculina. Nese sentido é utilizada esta mesma sentenza no título do libro de Spender *Man made language*. Interésanos, por tanto, averiguar o alcance dunha afirmación semellante, comprobando así mesmo unha nosa percepción inicial que coincide coa primeira parte da sentenza de Oliveira: que non debemos desconfiar da nosa lingua, isto é, que as estruturas gramaticais non están en principio na base da discriminación, dependendo en todo o caso dos propios falantes, e do que fagamos con esas estruturas, os significados e as connotacións que elas poidan transmitir.

O obxectivo central deste traballo é realizarmos unha descrición o máis completa posíbel do sistema xenérico do galego común, tentando que da exposición pormenorizada dos datos se deduzan os elementos que expliquen a súa funcionalidade na lingua. Desde esta perspectiva, parécenos necesario tratarmos pormenorizadamente a cuestión da adscrición xenérica en galego tentando delimitar cal é a expresión do morfema de xénero nos nomes e segmentando a súa expresión substancial, introducindo instrumentos de análise que as gramáticas galegas non teñen, polo xeral, en consideración. Así mesmo, estúdase tanto a función sintáctica que o morfema de xénero cumpre nos nomes como a función semántica, co obxecto de explicarmos a existencia de certos fenómenos comúns na lingua popular e na literaria e de delimitarmos a importancia da propia existencia da categoría. Esa dupla face do xénero, do noso punto de vista, está na base do aparente caos a que teñen aludido diferentes autores, pois relaciona o plano morfosintáctico co semántico e torna máis tenue a fronteira entre flexión e derivación. Así, tentaremos comprobar o lugar que ocupa o xénero gramatical entre estes dous procesos, por canto as conclusións poden ser interesantes para a mesma descrición do sistema xenérico galego e das súas particularidades.

Convén aclararmos que o obxecto do noso estudo non é unha variedade dialectal concreta senón o que podemos denominar o 'galego común', isto é, un modelo de lingua que aínda está en proceso de conformación. Neste sentido, tentaremos igualmente analizar as opcións normativas a respecto do xénero gramatical, argumentando en cada caso a nosa opinión sobre as que consideramos máis recomendábeis. O corpus lingüístico de que nos servimos é o proporcionado por textos literarios, fundamentalmente dos séculos XIX e XX, e, ocasionalmente, por textos xornalísticos e tabeliónicos. Utilizamos textos literarios non porque acreditemos nunha suposta preeminencia da lingua escrita sobre a oral, senón por constituíren a primeira tentativa de conformación dun galego común, sendo ao mesmo tempo cada un deles representativo dun determinado estado de lingua e transmitindo, en suma, como veremos, moitos fenómenos que se poden rexistrar tamén na lingua popular.

Por outra parte, temos en consideración a información dialectal fornecida polos estudos realizados sobre determinadas zonas lingüísticas. Así mesmo, a responsabilidade dunha parte da exemplificación corresponde a enunciados que foron creados confiando na nosa propia competencia lingüística.

No tocante ao paradigma gramatical que guía a nosa investigación, debemos confesar un certo eclecticismo, de maneira que, baseándonos para a descrición do xénero no concepto de 'morfema', seguimos esencialmente os postulados do funcionalismo e mais do estruturalismo semántico, levando en consideración tamén algúns estudos realizados desde a perspectiva xerativista denominada 'Item and Paradigm', que analizan dun modo diferente ao que nós adoptamos as terminacións dos nomes e a súa relación co xénero gramatical, sobre todo no referente ás advertencias sobre a identificación absoluta entre terminación e morfe. Obviamente, esta actitude investigadora, se ben nos dota dunha maior liberdade na apreciación dos datos, obríganos a ir xustificando a cada paso os conceptos que utilizamos. Dedicamos por iso un apartado do capítulo introdutorio a explicarmos a perspectiva epistemolóxica adoptada.

Na orixe deste traballo está unha tese de doutoramento que defendemos na Universidade da Coruña en decembro de 2000. Desde entón temos publicado en diversos lugares, con pequenas modificacións, alguns desenvolvementos parciais de cuestións aquí tratadas. O apartado referente á relación entre flexión e derivación, que incluímos no capítulo en que realizamos a introdución teórica ao xénero gramatical, foi presentado como comunicación no *Congreso Internacional Léxico e Gramática*, realizado en Lugo en 2000, e foi publicado posteriormente nun volume monográfico de lingüística galega editado por Xosé Luís Regueira e Alexandre Veiga ([2001] *Da gramática ó diccionario. Estudios de lingüística galega*. Anexo 49 de *Verba*, Universidade de Santiago de Compostela). Tamén publicamos a nosa proposta de clasificación das oposicións mórficas do xénero gramatical en galego, que aquí recollemos en 2.2., nun volume en homenaxe ao profesor José Pérez Riesco, editado pola Universidade da Coruña ("Proposta de clasificación das oposicións de xénero nos nomes galegos", en Xosé Anxo Fernández Roca e María José Martínez López (2002), *Vir Bonus Docendi Peritus. Homenaxe a José Pérez Riesco*. A Coruña, Universidade da Coruña, pp. 211-225). No *Encontro Comemorativo dos 25 Anos do Centro de Linguística da Universidade do Porto* presentamos un pequeno texto que trataba dos problemas de concordancia de xénero na frase nominal, despois publicado nas suas actas (Duarte / Barbosa / Matos / Hüsgen [2002], *Actas do Encontro Comemorativo dos 25 Anos do Centro de Linguística da Universidade do Porto*. Porto, CLUP). Doutra parte, o apartado da nosa tese en que reflectiamos sobre a relación entre xénero gramatical e sexismo lingüístico non foi reproducido no presente libro por ter sido xa publicado en forma de artigo no número 1 da *Revista Galega de Filoloxía*, para onde remitimos os lectores especificamente interesados nese aspecto.

Finalmente, é preciso manifestarmos o noso agradecemento ás persoas que colaboraron na realización deste traballo, subliñándonos algúns dos problemas que debiamos encarar, achegando información sobre aspectos puntuais ou indicando referencias bibliográficas que debían necesariamente ser consultadas, moi especialmente ao director da tese, o Dr. Xosé Ramón Freixeiro Mato, e mais aos outros profesores e profesoras da Área de Filoloxía Galega e Portuguesa da Universidade da Coruña. Tamén debemos expresar o noso sincero agradecemento aos profesores que fixeron parte da banca que xulgou a tese en que se basea este libro, José Luís Rodríguez (Universidade de Santiago de Compostela), Xavier Varela (Universidade de Santiago de Compostela), Manuel Ferreiro (Universidade da Coruña), José Antonio Porto Dapena (Universidade da Coruña) e Mário Vilela (Universidade do Porto), que moito enriqueceron cos seus comentarios o resultado final do noso traballo. Como é obvio, todas as opcións que aquí adoptamos, así como os erros e carencias que delas resulten, son da nosa enteira responsabilidade. Por último, debemos agradecer o apoio económico da propia Universidade da Coruña, que nos permitiu contar cunha bolsa predoutoral durante os anos 98-99 e 99-00.

0. Introdución

0.1. As diferentes nocións de xénero

O substantivo ‘xénero’ procede, como se sabe, do latín *genus, -eris*, que á súa vez procede do grego γενοσ, onde xa tiña o significado de ‘orixe’ e tamén ‘familia, liñaxe, raza, especie, clase’; foi con estas dúas últimas acepcións como se comezou a utilizar esta palabra desde a idade clásica para distinguir os diversos nomes dunha lingua. Mais hoxe aínda é, simplemente, sinónimo de ‘clase’ ou ‘tipo’ no seu uso máis habitual[1]. Aplicado aos seres animados, e especificamente ás persoas, utilízase para distinguilos segundo o seu sexo, recibindo neste caso tradicionalmente a denominación de ‘xénero natural’ e permitindo facer a distinción entre o ‘masculino’ e o ‘feminino’. O feito de coincidiren os adxectivos que fan referencia á distinción sexual coa denominación de cada un dos elementos da categoría gramatical do xénero ten causado, como veremos, non poucos malentendidos. De todos os xeitos, cómpre aclarar que nos últimos anos existe a tendencia a utilizar o concepto de xénero (aquel que se refire á distinción sexual) en relación unicamente coa dimensión social da división dos sexos, entendendo que o masculino e o feminino son o que a sociedade considera propio do home e da muller, respectivamente, nun determinado momento histórico dentro dunha cultura particular. Desta maneira, non é posíbel identificar sen máis o xénero co sexo biolóxico. É por isto que optamos neste traballo, centrado no estudo do xénero gramatical en galego, por evitar utilizarmos a denominación ‘xénero natural’ cando nos queiramos referir ao contido semántico do sexo presente no xénero gramatical dalgúns nomes de seres animados[2].

A palabra ‘xénero’, a partir da acepción ‘tipo’, ‘especie’, é utilizada tamén desde Aristóteles para facer referencia ás distintas categorías en que se poden ordenar as

[1] O *Diccionario da Real Academia Galega* (DRAG 1998: s.v.) oferece como primeira acepción do substantivo ‘xénero’ a seguinte: “Conxunto de seres ou cousas que presentan características comúns”.

[2] Así, escribe García Meseguer (1994: 81): “Gracias sobre todo a los movimientos feministas, cualquier persona culta utiliza hoy la palabra ‘sexo’ (el sexo es una variable de la naturaleza) para aludir a aquellos fenómenos que están fundamentalmente ligados a la biología y a la psicología; y la palabra ‘género’ (el género es una variable de la cultura) para aquellos fundamentalmente ligados a la sociología, a las costumbres sociales”.

obras literarias, e máis recentemente serve para denominar unha disciplina que ten por obxecto facer análises lingüísticas do discurso xornalístico, científico etc., ou ben exames discursivos de debates, contos, conversas e outros actos elocutivos. Existe tamén unha rama da sociolingüística que investiga en torno ao uso diferenciado que fan da lingua homes e mulleres, relacionándoo coas variábeis culturais que poidan intervir nestes feitos de fala. É neste sentido que o 'xénero' pode ser definido como "a variábel da investigación sociolingüística chamada sexo" (Abraham 1981: s.v.).

Como xa foi dito, o noso estudo está focalizado na descrición do xénero, entendido como categoría gramatical, na lingua galega.

0.2. A noción de xénero gramatical

Se atendermos á consideración que ten merecido historicamente o xénero nas linguas indoeuropeas, poderemos comprobar que moitos prexuízos sobre esta categoría se manteñen desde os primeiros estudos gramaticais ou desde as primeiras reflexións sobre a linguaxe. Talvez unha das causas sexa o incerto da súa orixe, de cuxas hipóteses nos ocuparemos máis adiante, así como a aparente arbitrariedade con que se presenta en moitas linguas (para alén da exclusiva determinación semántica), ou ben a confusión que provoca a propia utilización dos termos masculino e feminino nunha categoría que ten unha expresión fundamentalmente sintáctica e que en moitos casos non garda ningunha relación co denominado xénero natural, a que tales denominacións parecen remitir.

Así, xa Sexto Empírico na súa diatriba contra os gramáticos puxera en relevo a existencia de anomalías semánticas a respecto do xénero, argumentando que hai nomes de seres inanimados que pertencen ao xénero masculino ou ao xénero feminino, que ás veces o nome dun ser animado pertence a un determinado xénero con independencia do seu sexo, e que mesmo se pode encontrar unha enorme variación neste sentido entre os diferentes dialectos dunha mesma lingua (Robins 1992: 38). Mais fora Protágoras, segundo Aristóteles, o primeiro que tivo en consideración a categoría nominal do xénero en grego, distinguindo tres tipos diferentes segundo o significado dos nomes: masculino, feminino e mais un terceiro empregado para os 'utensilios'. Aristóteles, pola súa parte, foi quen por primeira vez tentou clasificar as terminacións dos nomes no nominativo relacionándoas cos xéneros, e Dionisio de Tracia acrecentou aos tres xéneros estabelecidos por esta tradición gramatical o xénero común e mais o epiceno. De entre os gramáticos latinos, que no esencial non variaron a consideración que sobre esta categoría tiñan os gregos, Donato engadiu máis un, que chamou "omne". Tamén Prisciano coincide en distinguir seis tipos de xéneros, malia denominar "dubium" o xénero "omne" de Donato, que corresponde ao que aínda hoxe algunhas gramáticas chaman "ambiguo" (García 1960: 95-96; González Calvo 1982: 39). De feito, esta clasificación foi repetida, con pequenas variacións referidas fundamentalmente ao número de xéneros, por autores medievais e renacentistas, e chega até o noso século.

Sen chegaren ao extremo desta gramática de finais do XIX, que somete o estudo deste aspecto do galego ao modelo clásico de descrición gramatical do latín, identificando plenamente xénero gramatical e sexo, outros estudos máis próximos no tempo continúan a utilizar, cando menos parcialmente, esta mesma terminoloxía. Así, a gramática de Carballo Calero (1979: 163-64), que afirma existiren apenas dous xéneros non sempre motivados semanticamente, fala tamén de nomes de animais epicenos e mais de nomes de xénero común.

Polo xeral, no século XX a maior parte dos lingüistas, tras comprobaren a ausencia de calquera relación entre xénero gramatical e sexo en moitos substantivos, así como as diferenzas a respecto do xénero que se dan nas mesmas palabras en diferentes linguas, ou mesmo a aparente incongruencia que se pode constatar ás veces dentro dunha soa lingua, teñen optado por abordaren este concepto desde a perspectiva da súa funcionalidade gramatical, deixando nun segundo lugar o aspecto da súa relación coa realidade extralingüística. Deste punto de vista, o xénero gramatical é definido como un recurso sintáctico para expresar a concordancia (Lázaro Carreter 1971: s.v.), sendo ademais un criterio para agrupar os nomes en dous grupos: masculino e feminino (Mateus / Brito / Duarte / Faria 1992: 367). De todos os xeitos, durante moito tempo o carácter e mais o alcance da relación entre xénero e sexo foi a cuestión que focalizou as diverxencias entre os diversos autores, tomando unha dimensión sobresaínte a percepción dun certo caos na arbitrariedade con que actúa esta categoría gramatical.

Para Meillet (1975: 202), a incoherencia na distribución dos xéneros existe xa desde o indoeuropeo, constituíndo unha categoría cuxa característica debe buscarse non no substantivo, senón no adxectivo con que este se relaciona. Vendryes (1967: 147-51) afirma que o xénero gramatical non ten fundamento racional e que ese era o estado xa característico do indoeuropeo, onde a distinción sexual non tiña expresión morfolóxica. Aínda que considera posíbel que nun principio servise para clasificar as nocións variadas que se expresan mediante os nomes, atendendo a concepcións baseadas en motivos místicos e relixiosos, na actualidade tería perdido a súa razón de ser, consistindo apenas nunha cuestión de concordancia. Doutra parte, neste sentido, tal fenómeno sintáctico tería unha importancia excepcional na historia do xénero, posto que as mudanzas que experimenta esta categoría se deben esencialmente ás vicisitudes da expresión fonética da concordancia. Wartburg (1991: 114-23) incide na perda parcial do carácter significativo do xénero, pois a diferenciación sexual aínda se mantén na actualidade nalgúns casos, e explica a súa aparición polo antigo carácter mitolóxico da representación do mundo ou como pegada dun certo animismo, sendo posteriormente o desenvolvemento fonético e

formal o que determinou a evolución dos xéneros.

Esta sensación de caos a que nos estamos a referir é percibida tamén por Jespersen (1975: 271-73), para quen é imposíbel determinar un principio único que poña algo de orde, ao sinalar que a distribución das palabras nas tres clases en que se divide o xénero nas linguas indoeuropeas é en parte racional e en parte irracional: xunto aos nomes de seres machos que son masculinos, de seres femias que son femininos e de seres asexuados que son neutros, nun grande número de nomes non se poden estabelecer estas relacións[3]. De todo isto deduce que o xénero se revela en parte mediante a forma, mais é fundamentalmente un fenómeno sintáctico, pois con diferentes xéneros requírense diferentes formas de adxectivos e pronomes. De todos os xeitos, Jespersen tampouco se resiste a acreditar en teorías que queren ver condicionantes no xénero de determinados substantivos; cita, neste sentido, a de Handel Jakób, para quen as palabras que significan "terra" son femininas porque se identifica esta cunha nai de quen nacen as plantas (así como tamén son femininos os nomes das árbores que producen froita). Hjelmslev (1976: 171-77), no entanto, non asume en ningún caso esa suposta arbitrariedade do xénero gramatical, por partir da hipótese de que toda a categoría formal posúe necesariamente un contido significativo. Aínda que xulga seren certas as dúas consideracións sobre as cales se asenta a idea da súa arbitrariedade, i. e., que non se pode detectar unha significación dos xéneros que explique suficientemente o uso que deles se fai e mais que existen disonancias entre diferentes linguas, non obstante considera posíbel que esta percepción se deba a unha especial dificultade na definición do masculino, do feminino e do neutro, que talvez teña un carácter particularmente abstracto. Apoiándose en Saussure, afirma que o signo, sendo arbitrario, pode estar relativamente motivado, se ben en ocasións esa motivación é subsconsciente e por tanto difícil de recoñecer. De calquera xeito, limítase a enunciar unha hipótese e a denunciar o que considera un prexuízo, mesmo recoñecendo a imposibilidade de discernir cal é o fondo significativo da categoría gramatical do xénero.

Desde os estudos estruturalistas o criterio gramatical é o único decisivo para definir esta categoría. Bloomfield (1964: 229) define os xéneros como clases arbitrarias, posto que cada un demanda diferentes formas de concordancia en certos tipos de palabras que os acompañan[4], e para Martinet (1991: 155) a concordancia de xénero é o significante discontinuo dun monema que corresponde ao substantivo,

[3] Segundo Jespersen existe unha tendencia natural a facer que coincida xénero e sexo, normalmente mudando a forma do substantivo; así sucedeu por exemplo coa forma *lupa* que substituíu *lupus* para designar a loba que amamantou Rómulo e Remo.

[4] Segundo afirma Bloomfield (1964: 280): "There seems to be no practical criterion by which the gender of a noun in German, French, or Latin could be determined: to define the meaning of the episememe 'masculine' in such a language would be simply to list the markers of masculine nouns and the nouns that belong arbitrarily to the class, and to say that whatever is common, in the practical world, to all these objects, is the "meaning" of the masculine gender-category".

tendo en conta que, por exemplo, nun determinado sintagma a elección de *grands* ou *grandes* en francés non estaría determinada polo sexo das persoas a que se referirían, senón polo xénero das palabras *garçons* e *filles* que eses adxectivos representasen. Neste sentido, tamén Hockett (1971: 234-237) considera distinto o carácter da categoría xénero en substantivos e adxectivos; nestes últimos trátase dunha categoría flexional, entanto que nos primeiros é unha categoría selectiva. Por outra parte, coloca a relación entre xénero e sexo (entre lingua e realidade) no seu lugar cando afirma que en moitos casos a división xenérica presenta unha certa consistencia semántica (o sexo, a natureza animada ou inanimada, o tamaño, a forma, o grao de abstracción etc), sendo moitas das asignacións con frecuencia arbitrarias.

Tamén desde o paradigma xerativista se considera fundamental separar os aspectos sintácticos, morfofonolóxicos e semánticos, mesmo tendo en conta as relacións que se poidan estabelecer entre eles en cada lingua particular. Chomsky (1971: 160-173), que considera os elementos lexicais como conxuntos de trazos fonolóxicos, semánticos e sintácticos, analiza a categoría de xénero como un trazo sintáctico inherente nos substantivos e asignado a verbos e adxectivos por medio de transformacións. Finalmente, desde esta perspectiva, Harris (1991: 28) estabelece as seguintes distincións conceptuais:

> Sex is a matter of semantics and/or biology, gender is involved in syntax-dependent concord, and form class is a matter of the morphophonology of individual lexical items. Insight into the true nature and interaction of these modules depends on undestanding the internal organization of each; this cannot be gained without recognizing the autonomy of each module with respect to the others.

0.3. As hipóteses sobre a orixe do xénero nas linguas indoeuropeas

De igual modo que a consideración que ten merecido o concepto do xénero está estreitamente ligada á relación que se pretenda estabelecer co sexo, tamén no tocante á súa orixe está presente nos diversos autores a antedita dicotomía. Temos, por tanto, a postura daqueles que ven na aparición da categoría do xénero un reflexo do sexo, e a daqueles que rexeitan esta conexión como punto de partida[5].

No primeiro grupo, Wundt tenta clasificar os xéneros e as clases nominais sobre a

[5] Seguiremos para todas estas cuestións a síntese que sobre as teorías da orixe do xénero nas linguas indoeuropeas oferecen Fodor (1959: 1-41) e mais Villar (1974: 334-344).

base dos significados dos nomes pertencentes a elas. Para este autor o xénero sería, polo menos na súa orixe, un "valor de diferenciación", existindo os seguintes tipos: diferenciación dos conceptos de superior / inferior, humano / non humano, animado / inanimado, home / muller, e mais o sistema de división en tres xéneros propio das linguas indoeuropeas. Neste sistema de tres xéneros, a diferenciación masculino / feminino realizaríase con base na oposición dos sexos, a pesar de funcionaren logo analoxías e mudanzas fonéticas que variaron a pertenza das palabras ás diversas clases. Fodor, tras avaliar a influencia desta tese en investigadores posteriores, formula algunhas obxecciónns:

> but it cannot answer one very important question, thereby revealing its indefensibility, to wit: what made it necessary for primitive man to clothe his perceptions about the world into grammatical form, or, to put it in another way, why did the conceptual classification of value-differentiation assume the form of gender-distinctions? [...] Apart from this, there are a considerable number of languages which, as far we can ascertain it today, never knew the category of gender and still lack it, although having passed through the very same stages of development as the Indo-European or any other peoples possessing in their languages grammatical gender (Fodor 1959:11-12).

Vendryes, como vimos anteriormente, fundamentaba a orixe do xénero na percepción do mundo que tiñan os seres humanos na máis remota antigüidade e que ficou fixado por motivos místicos e relixiosos. Mais quen por primeira vez achega razóns gramaticais para a aparición da división xenérica nas linguas indoeuropeas é Hermann Paul. Aínda a pensar que na base da creación do xénero gramatical está a diferenza de sexos natural dos seres humanos e animais, sendo a atribución dun xénero masculino ou feminino a outros seres, e mesmo a designación de propiedade ou actividade, un "produto da fantasia, que interpreta esses seres por analogia com a personalidade humana", non por iso deixa de recoñecer que "nem o sexo natural nem o da fantasia são em si nada de gramatical. Aquele que fala podia ter pensado nalguma coisa como personalidade masculina ou feminina, sem que se sentissem vestígios dessa ideia na expressão linguística" (Paul 1983: 280). Dado que a creación desta categoría gramatical está ligada á aparición dun adxectivo e mais un pronome variábeis que concorden cunha determinada terminación, o autor alemán supón que esa terminación podería ter sido na súa orixe un pronome que ficou unido á raíz do nome, pasando a funcionar como un sufixo. Deduce tamén que foi no pronome persoal onde antes se desenvolveu o xénero gramatical, visto que é igualmente onde máis tempo se conserva en linguas en que esta categoría case desapareceu, como é o caso do inglés.

Xa no segundo grupo de lingüistas, aqueles que non fundamentan na diferenza de sexos a aparición do xénero gramatical, debemos comezar por citar Brugmann, quen busca a explicación da orixe desta categoría na analoxía. Segundo Brugmann,

as desinencias *-a*, *-i* das linguas indoeuropeas carregaríanse en certa altura da noción de feminino pola analoxía surxida a partir das palabras *g^{u}na* (muller, esposa), *mama* (nai), *stri* (muller). O sufixo *-a* sería orixinariamente unha marca dos nomes abstractos e colectivos, pasando a ser identificado como sufixo feminino por causa da mudanza semántica que experimenta precisamente o nome *g^{u}na*, que pasou de significar 'que xera nenos' a significar 'muller'. Esta hipótese de Brugmann foi contestada por diversos autores, que se preguntan como é posíbel que se teña producido tal mudanza semántica, inédita en calquera lingua coñecida, como pode unha unidade lexical simple producir tal mudanza de significado nun sufixo, e, finalmente, como un só nome pode orixinar unha mudanza sintáctica tan importante, isto é, dar lugar a un sistema de concordancia baseado sobre clases de nomes. Miranda (1975: 199-215) responde convincentemente a todas estas preguntas e argumenta a favor da devandita hipótese cun exemplo do Konkani, unha lingua falada na costa oeste da India, na cal unha mudanza semántica similar tería provocado unha modificación sintáctica de semellantes características. Por outra parte, segundo Miranda, o feito de o sistema de xénero indoeuropeo presentar tan frecuentes anomalías débese precisamente a que estas mudanzas semánticas en poucas ocasións son completas, de maneira que tanto as características semánticas como as fonéticas pasan a funcionar simultaneamente para a asignación do xénero, chegando a se confundiren.

En calquera caso, esta teoría ten o mérito de partir por vez primeira dos propios mecanismos lingüísticos para explicar a orixe do xénero, sen recorrer a motivos extrínsecos.

Meillet (1975) dá máis un paso e procura a explicación nas relacións sintácticas. Segundo este autor, a separación dos tres xéneros en protoindoeuropeo non ocorreu simultaneamente. Nun primeiro momento estabeleceríase unha oposición entre xénero animado e inanimado. En certas situacións sintácticas era imposíbel distinguir o axente do paciente, ao teren a mesma terminación as formas de nominativo e as de acusativo, de tal xeito que, para acabar con esa ambigüidade, se comezou a distinguir ambas as funcións para os seres animados, que eran en principio os que podían funcionar como axentes[6]. Dentro do xénero animado producíríase posteriormente a división masculino / feminino, sendo o pronome demostrativo (**so* / *sa*) o causante do desenvolvemento desta oposición, ao influír analoxicamente a súa terminación sobre os adxectivos e, finalmente, sobre os substantivos. O feito de que esta división se comezase a producir en época de desmembración do indoeuropeo explica as diferenzas que, canto ao xénero, podemos encontrar nas diversas linguas.

[6] De todos os xeitos, recorre tamén a causas animistas para explicar que nas linguas indoeuropeas os nomes de cousas pertencen xeralmente ao xénero animado.

A hipótese dunha primeira división animado / inanimado é aceptada case unanimemente por investigadores posteriores. Segundo Fodor, Vaillant atribúe o estabelecemento desta oposición á diferenza existente entre un caso orixinal ergativo e mais un nominativo (caracterizado pola terminación *-*s* o primeiro, e pola súa ausencia o segundo), axudando a construción de suxeito no ergativo á aparición do xénero animado e a de suxeito no nominativo ao inanimado. En contraste coa teoría de Meillet, Vaillant deriva a aparición do feminino do xénero inanimado, por contaren os animados no nominativo co primitivo ergativo en *-*s*, recorrendo a factores sintácticos para explicalo (a concordancia en oracións de suxeito animado e predicado inanimado, do tipo "la femme est chose bonne").

Tamén Martinet (1957) retoma en parte as teses de Meillet, a quen recrimina non ter diferenciado sufientemente sexo e xénero; así, mentres que o sexo está marcado por fenómenos de derivación, o xénero exprésase mediante a concordancia, aínda que desde o principio as mesmas desinencias chegaron a cumprir ambas as funcións. A terminación do adxectivo *-a* oponse á terminación *-o* / *-e*, e por isto os substantivos que acompaña comezan a ser concibidos como do xénero feminino. O uso substantivado deses adxectivos fixo posíbel, a seguir, que o elemento *-a* chegase a ser utilizado para derivar substantivos referidos a seres do sexo feminino face aos do sexo masculino (por exemplo no par *lupus* / *lupa*). A aparición do xénero feminino estaría motivada, por tanto, por fenómenos de concordancia dos adxectivos temáticos, se ben a distinción entre masculino e feminino tería comezado no demostrativo **so* / *sa*[7] e non no adxectivo. A causa sería, segundo Martinet, o carácter redundante da marca de xénero no adxectivo, entanto que nos usos pronominais do demostrativo si sería preciso realizar tal distinción para evitar ambigüidades.

Como vemos, Martinet non analiza a oposición animado / inanimado. Fodor (1959: 32-41) propón dous posíbeis contraargumentos para esta hipotética división xenérica: o primeiro, que en linguas con orde fixa de palabras non sería preciso distinguir mediante marcas morfolóxicas o nominativo do acusativo; e o segundo, que debía de ser un número moi baixo o das ocasións en que a identidade formal entre nominativo e acusativo causaba ambigüidade, se ben isto último é difícil de demostrar debido á ausencia de textos. En calquera caso, nas linguas fillas do primitivo indoeuropeo, cando coincide a forma destes dous casos, a distinción entre axente e paciente realízase quer coa orde de palabras, quer mediante mecanismos morfolóxicos, sendo isto último máis habitual en linguas cun sistema flexional rico. Coincide, por tanto, con Meillet ao considerar posíbel esa separación de dúas formas de acusativo, que obrigou as palabras de xénero variábel a se someteren á concordancia. A moción de xénero tería a súa causa, desta maneira, na influencia analóxica da terminación do nome de xénero invariábel. Esta especie de asonancia adquiriría importancia como consecuencia da libre orde de palabras:

> The sentence elements placed in close relation with it, first and foremost, the parts of speech employed attibutively, agreed with the termination of the noun in a rime-like assonance to show their belonging (Fodor 1959: 34).

Seguindo Brugmann, Fodor considera que a estabilización do feminino chegaría a se producir gradualmente pola redución das múltiplas terminacións de palabras de xénero variábel, servindo para a base da analoxía o significado dos nomes que denotaban muller. As terminacións máis frecuentes desprazan entón as menos frecuentes, por extensión analóxica, de xeito que unha mesma palabra de xénero variábel se fai concordar con nomes de varias terminacións. Así, as clases de palabras de xénero variábel separáronse en tres sistemas de paradigmas ben distintos canto ao xénero. O xénero feminino diferiría dos outros dous grupos en ambos os números e en todos os casos mediante distintas terminacións, entanto que o masculino continuou a ser un grupo á parte do neutro para os respectivos sufixos do nominativo e do acusativo.

Nun principio, no protoindoeuropeo, sería posíbel que unha palabra con máis dun xénero pertencese a unha soa declinación, aínda que máis tarde se conseguiu unha maior uniformidade das desinencias a respecto do xénero. Isto explicaría a existencia de nomes masculinos rematados en *-a*, ao non seguir o proceso de fusión de xénero e desinencia en todos os casos o seu curso completo[8].

Fodor conclúe afirmando ser moi probábel que a aparición da oposición neutro / non neutro (xénero inanimado / xénero animado) se debese a motivos sintácticos, entanto que a oposición masculino / feminino respondería fundamentalmente a causas morfolóxico-semánticas[9].

Estas conclusións son compartilladas, *grosso modo* e á vista dos resultados das investigacións precedentes, por Villar (1974: 338-344). Para este autor a tese de Vaillant sobre a existencia de dous casos distintos, nominativo e ergativo, é inde-

[7] Seguindo as teses de Brugmann, por analoxía con substantivos referidos a mulleres ou animais femia coa terminación **-a*.

[8] Para Brugmann eses nomes terminados en *-a* serían orixinariamente femininos cun significado abstracto, e voltáronse masculinos cando aplicados a homes.

[9] Máis adiante toma en consideración desde unha perspectiva contrastiva as distincións semánticas de grupos de palabras en linguas africanas e australianas, chegando á conclusión de que mesmo nestes sistemas aparentemente semánticos é a concordancia das diferentes terminacións a que permite falarmos de existencia de diversos xéneros. E é precisamente a terminación, na maior parte dos casos, a que determina o xénero que se lles asigna aos empréstimos doutras linguas (Fodor 1954: 186-205).

mostrábel[10]. O único trazo dos animados sería contar cunha forma de acusativo distinta da de nominativo, caracterizada por *-*om* / -*m*, en oposición cos inanimados, en que ambos os casos non chegarían a se diferenciar. Por conseguinte, a división entre estes dous tipos de palabras configura un feito meramente lingüístico, en que non participa de ningún xeito a realidade externa á lingua. Ora ben, esta situación puido terse carregado posteriormente de valores significativos, de tal maneira que xa en indoeuropeo se chegaría a sentir como inanimadas as palabras que non distinguisen nominativo de acusativo. Isto condicionaría un proceso de animación dalgúns seres inertes e mais a elección dun tipo de flexión para algúns seres determinados. Canto ao desenvolvemento do feminino, Villar está de acordo en termos xerais con Martinet, aínda que introduce na súa argumentación algunhas precisións. Así, o *-*i*, non sería un sufixo de derivación, como afirmaba o lingüista francés, senón un morfema relacionador, que en latín é utilizado por exemplo como xenitivo, mais que no resto das linguas se usa para expresar a relación macho / femia. Máis tarde chega a entenderse como forma integrante de substantivos que fan referencia a seres do sexo feminino:

> Esta morfologización como femenino también afecta en cierto modo al latín, que, sin embargo, a la hora de dotar a este elemento de una flexión no recurre al procedimiento empleado por la mayoría de las lenguas indoeuropeas, sino que procede a alargarlo mediante una *-*n* (*gallus/galli-n-a*) (1974: 342).

Tamén discorda con Martinet na consideración do elemento *-*a*, pois o autor francés pensaba que só tiña orixinariamente forma de nominativo, sendo o acusativo en *-*am* secundario. Segundo Villar, no entanto, dispuña desde o principio doutras categorías casuais. Finalmente, a lingua ficou con dous tipos flexionais distintos para expresar o feminino: -*a* oposto ao masculino -*o*/-*e*, e mais -*i* para obter o feminino dos atemáticos. Por tanto, os temas en -*o*/-*e* pasan a expresar a noción contraria á do termo positivo (cunha tendencia en todas as linguas a evitar incoherencias), e ademais, nalgúns casos, expresan igualmente o uso neutro, a indiferenza á oposición masculino / feminino. Tamén se producirá unha tendencia dentro do tipo -*a* a eliminar as palabras que designan seres de sexo masculino e que por isto non pasaron ao xénero feminino, a pesar de subsistiren en latín masculinos en -*a*.

[10] A este respecto ofrece a seguinte explicación: "Efectivamente, el nominativo de las lenguas indoeuropeas a veces cumple funciones de agente mientras que otras es un simple sujeto (verbos de estado, etc.). Pero no existe ninguna marca formal que distinga esas dos funciones de una manera sistemática. En realidad, se trata de una de tantas realizaciones contextuales de una categoría gramatical. Unicamente existe un caso sujeto, que cuando va referido a verbos de acción resulta ser un agente. El condicionamento es puramente léxico, y en modo alguno gramatical. Es lo mismo que si postuláramos para el indoeuropeo la existencia de un caso "posesivo" por el hecho de que ciertas realizaciones contextuales del genitivo pueden referirse a la posesión" (1974: 339).

En definitiva, como pode observarse, o problema da orixe do xénero gramatical nas linguas indoeuropeas é complexo e particularmente obscuro, por se basear apenas en hipóteses dificilmente demostrábeis. De calquera maneira, parece claro que na orixe da categoría é posíbel enxergar causas morfosintácticas e, en parte, semánticas, confundíndose en ocasións e suxeitas en todo o caso ao fenómeno da analoxía formal. Así pois, como indica Mattoso Câmara (1974: 139):

> A analogia, convencional e arbitrária, amplia as classes e torna ainda mais vagos os critérios diretores. À analogia significativa acrescenta-se a analogia formal, que tende a fazer do gênero muitas vêzes uma pura divisão mórfica.
>
> Assim, a categoria de gênero ilustra bem o que há de variável, complexo e convencionalmente arbitrário nas categorias gramaticais e como elas se distanciam das categorias lógicas.

O que semella claro é que, fosen cales fosen as causas da súa orixe, hoxe o xénero gramatical cumpre a función de dividir os nomes en clases morfolóxicas permitíndolles estabelecer relacións de concordancia, o cal ten unha importancia esencial na estrutura sintáctica de linguas con orde libre de palabras. Alén diso, serve tamén para indicar frecuentemente nos nomes de seres animados a distincións dos sexos, sendo en definitiva un recurso formal con capacidade para se carregar dos máis variados contidos semánticos, para transmitir diversas oposicións significativas.

0.4. A cuestión da asignación do xénero aos substantivos

Desde unha perspectiva fundamentalmente psicolingüística, vénse fixando a atención nos últimos anos no modo en que os falantes nativos desenvolven a habilidade necesaria para asignaren aos diferentes nomes o xénero que lles corresponde, tentando estabelecer, sobre todo para a súa aplicación no ensino de linguas, as regras que permitan comprender os mecanismos utilizados e que fan parte da súa competencia lingüística.

Corbett (1991: 7-68), na súa monografía sobre o xénero, realizada con datos procedentes dunhas duascentas linguas, distingue entre sistemas de asignación semánticos e sistemas de asignación formais. Neste sentido, se ben afirma que a concordancia é o criterio básico tanto para estabelecer a existencia dun sistema xenérico como para determinar o número de xéneros que funcionan nunha lingua, tamén considera que o xénero sempre ten un núcleo semántico[11]. Dentro dos sistemas de asignación *semánticos* estabelece unha distinción entre os seguintes:

[11] Nun apartado específico dedicado á relación entre significado e forma no xénero, afirma Corbett: "[...] nouns are assigned to gender according to semantic and formal criteria. At one end of the range we find

1.- *Sistemas semánticos estritos*. Son aqueles en que o significado dun nome determina o seu xénero, normalmente distinguindo o non-humano do humano, e dentro destes últimos os machos das femias, aínda que este é un sistema pouco común entre as linguas do mundo. O inglés, por exemplo, ten un sistema de xénero baseado en criterios semánticos, xa que só ten reflexo en pronomes persoais, posesivos e reflexivos. Porén, existen anomalías, pois para os animais domésticos sóense utilizar pronomes masculinos ou femininos, de acordo co seu sexo, en lugar do neutro, común para outros animais; e, por outra parte, hai excepcións como *ship*, para o cal frecuentemente se utiliza o pronome feminino *she*.

2.- *Sistemas predominantemente semánticos*. Nestas linguas as regras de asignación teñen grupos de excepcións; nestes casos existe un *residuo semántico* que comprende nomes cuxo xénero non é asignado de acordo cun criterio semántico positivo. Aínda que os sistemas máis frecuentes son aqueles que diferencian seres animados machos de seres animados femias, existen outros moitos criterios de organización. Corbett afirma existiren moitas máis distincións alén dos oito tipos principais que propuxera De la Grasserie: animado / inanimado, racional / non-racional, humano / non-humano, humano macho / outro, forte / débil, aumentativo / diminutivo, macho / outro, masculino / feminino / non-sexuado; así, por exemplo, hai linguas que teñen grupos de nomes diferenciados para designaren insectos, distinguiren o grande do pequeno ou os animais comestíbeis dos non comestíbeis.

De entre os sistemas de asignación de xénero *formais*, distingue os seguintes:

1.- *Sistemas morfolóxicos*. Nestes sistemas de asignación sempre existe un núcleo semántico, pois as regras morfolóxicas asignan a un xénero os nomes do *residuo semántico*. Por outra parte, moi frecuentemente estas regras conviven coas regras de asignación semántica, de maneira que a existencia dun determinado sufixo nun nome pode determinar o seu xénero gramatical; mais este podía estar xa determinado previamente polo significado do nome. Neste sentido, existen linguas declinábeis, como o ruso, en que o tipo de declinación a que pertenza o nome determina o seu xénero.

2.- *Sistemas fonolóxicos*. Nestes sistemas, en contraste cos morfolóxicos, o xénero é asignado tomando en consideración unha forma simple, que por exemplo

languages like Tamil, in which the meaning of a noun is sufficient to assign it to a gender. At the other extreme are languages like Qafar, in which the form of the noun would be sufficient to determite its gender in almost all cases. But there is an imbalance here, in that even in the systems nearest to the formal end of the spectrum there is a considerable overlap with semantic criteria and, when the two are in conflict, it is typically the semantic criterion which dominates. Hence formal assignment systems are really semantic plus formal systems. The same tension between form and meaning is found when nouns are borrowed from another language and must be assigned to a gender." (1991: 307-308).

pode ser, nunha lingua afroasiática como o Qafar, a posición do acento. En moitas ocasións, no entanto, as regras de asignación necesitan referir a lista completa de fonemas dunha lingua. As regras de asignación semánticas tamén teríran preferencia no caso de entraren en conflito coas fonolóxicas.

Corbett cita o francés como exemplo de lingua cun sistema de xénero opaco, co obxecto de demostrar a validez das regras de asignación. O seu sistema de xénero, común a todas as linguas romances (aplicábel por tanto ao galego), sería o seguinte: existen unhas regras de asignación semánticas, segundo as cales os nomes diferenciábeis polo sexo que denotan macho son masculinos, entanto que os nomes diferenciábeis polo sexo que denotan femia son femininos. De todos os xeitos, existen excepcións como *sentinelle* que denota habitualmente un ser macho e no entanto é feminino (como en galego *sentinela*). Pódese estabelecer igualmente unha regra morfolóxica que asigne o xénero masculino a todos os nomes compostos formados por un verbo máis calquera outro elemento. Finalmente, é posíbel determinar algunhas regras de asignación fonolóxica atendendo ao último fonema, ou no seu defeito aos dous ou tres últimos fonemas, aínda que este modo de predicir o xénero dos nomes ten en francés (como en galego) unha alta porcentaxe de excepcións. Nese caso, segundo Corbett, as excepcións deberían ser cubertas polas regras semánticas e morfolóxicas, tendo as semánticas en todo o caso preferencia[12].

Marie Surridge (1993: 77-91) utiliza esta mesma división das regras de asignación do xénero, que considera fundamental no ensino do francés como segunda lingua, para estabelecer unha hierarquía das regras fundamentada na cronoloxía da súa adquisición por parte dos falantes nativos. Segundo esta autora, os falantes nativos pasarían por varios estadios cara á adquisición do sistema de xénero da lingua. Nun primeiro momento comezarían polo dos nomes simples en que a terminación fónica ofrece algún indicio relativamente exacto sobre o xénero, xunto con aquelas formas derivadas en que a estrutura e a terminación do nome determina o xénero asignado sen excepción. Nunha seguinte fase adquiririan o coñecemento dalgunha regra semántica especial, aplicábel fundamentalmente a nomes de alta frecuencia[13]. En estadios posteriores, o falante aprende o xénero de nomes para os cales a terminación é completamente irrelevante. No entanto, mesmo nestas últimas etapas de fixación do sistema xenérico, as regras fonolóxicas que afectan a terminación do nome

[12] Unha afirmación que, de calquera maneira, semella excesivamente optimista, pois son coñecidos en galego (como en francés) nomes cuxo xénero non se pode predicir tomando en consideración ningunha destas regras. O xénero feminino da palabra *dinamo*, por exemplo, non corresponde á aplicación da máis común regra de asignación fonolóxica, que di os nomes terminados en *-o* seren masculinos e os nomes terminados en *-a* seren femininos, e tampouco se pode acudir a ningún criterio semántico para o coñecer, por responder exclusivamente a causas etimolóxicas.

[13] Estas regras, no caso do galego, poderían ser, por exemplo: os nomes das letras son masculinos, os nomes das árbores froiteiras adoitan ser femininos etc.

xogan un papel de apoio. Para Surridge (1993: 91) estas fases deberían ser tomadas en consideración no ensino do francés, tendo en conta ademais o seguinte:

> Some evidence exists which indicates that children speaking gendered languages are able to deduce the gender of an unkown noun from the use of gender markers.

Isto facilitaría a adquisición do sistema de xénero, que resulta ser unha componente central na competencia comunicativa dos falantes nativos, por parte dos estudantes.

Outra cuestión importante na asignación de xénero é a que atinxe á asimilación dos empréstimos doutras linguas. Xa vimos que Corbett considera que o contido semántico é o factor principal nese proceso. Existen, no entanto, outros elementos, ademais do significado e a terminación, que poden influír na asignación de xénero aos empréstimos (Ibrahim 1973: 61 e Arndt 1970: 245): o xénero dunha palabra homóloga (cun significado máis ou menos equivalente ao do empréstimo), certas características fonéticas da lingua receptora, a influencia do xénero non marcado desta lingua, a conservación do xénero da lingua de partida, a diferenciación semántica (que pode motivar unha distinción de xénero), a analoxía ortográfica, a homonimia e a influencia dunha categoría semántica. Por outra parte, o número de sílabas do empréstimo pode ser considerado como unha das características fonéticas susceptíbeis de influíren na atribución do xénero[14].

Como é obvio, no caso do galego habería que prestar atención ademais aos efectos provocados pola interferencia que produce a presenza do español como lingua de prestixio, as máis das veces como modelo de corrección lingüística para moitos falantes, na asignación do xénero aos substantivos. Aínda que non é esta perspectiva psicolingüística (nin sociolingüística) a que adoptamos no estudo que nos propomos realizar sobre o xénero en galego, si teremos en conta as implicacións que ten a realidade social da lingua na asignación do xénero a certos substantivos (véxase 2.1.3 e 2.1.4).

0.5. A nosa perspectiva. Cuestións preliminares

0.5.1. Xénero e sexo

Non cabe dúbida de que o xénero é unha categoría complexa, cunha dimensión morfosintáctica e outra semántica, e que presenta numerosos problemas para lle atribuír unha definición unívoca como categoría gramatical, dadas as súas diferentes formas de expresión nunha lingua como o galego. Esta dificultade e a abundancia de perspectivas de análise diverxentes leva Câmara (1981: 61) a considerarlo "um dos tópicos mais confusos e incoerentes das nossas gramáticas tradicionais". Pola súa parte, este autor considera o xénero unha categoría formal que clasifica os nomes en masculinos e femininos, identificándoo coas tres conxugacións do verbo. Mais coa particularidade de que a variación do xénero nun mesmo nome implica unha especialización de sentido, sendo o seu contido para os que designan seres do reino animal a distinción de sexos. Feita esta apreciación, decide (e parécenos que con bon criterio) pór de lado a indicación do sexo que se realiza no ámbito do léxico (*home* / *muller*), o cal invalida unha opción adoptada pola maioría das gramáticas, que á hora de formularen "as regras de formación de feminino" din haber oposición xenérica neste tipo de pares. O que representa este par é precisamente unha oposición de sexo, sendo en todo o caso a concordancia cos posíbeis determinantes e modificadores do sintagma nominal a auténtica marca de xénero dos substantivos *home* / *muller*[15]. Neste sentido, Câmara (1981: 64) opina que mesmo nos nomes en que existe realmente unha oposición xenérica, os morfes que representan os morfemas de xénero son redundantes:

> Podemos dizer, por tanto, que a flexão, quando aparece, é redundante, porque o gênero é sempre indicado, concreta ou potencialmente, pelo artigo. Em outros termos, a flexão nominal, quando aparece, reforça apenas a expressão de uma categoria gramatical latente, que, mesmo sem essa flexão, se manifesta pela forma do artigo definido que o vocábulo nominal exige.

Esta mesma perspectiva de análise é adoptada por Vilela (1974), que a pesar de incluír as oposicións lexemáticas entre as de xénero, considera redundantes os trazos flexionais, "visto parecer caber ao artigo e à concordância o principal papel na indicação do género" (p. 16)[16].

0.5.2. O morfema de xénero

Debemos preguntarnos, á vista das conclusións anteriores, se o xénero é ou non unha categoría morfolóxica. A esta pergunta responde González Calvo (1979: 51-73), a respecto do español, negativamente, por entender que a expresión morfemática do xénero exixe sempre unha referencia á realidade extralingüística, de maneira que podemos falar de morfema de xénero unicamente cando se estabelece unha oposición

[14] Unha demostración práctica deste fenómeno áchase en Surridge (1982: 36-38).

[15] Non nos parece tan clara a necesidade de pór de lado o que denomina derivación lexical (*galo* / *galiña*), por non estar suficientemente ben delimitada a fronteira entre derivación e flexión, o que fai posíbel falarmos nalgúns casos de derivación xenérica (véxase para estas cuestións 0.5.3.).

[16] Véxase Vilela (1974: 15): "Em conclusão, o género, como propriedade do substantivo, é un conceito classificador, em parte, natural e, em parte, arbitrário. É classificador porque todos os substantivos têm o seu género, é natural por representar, através da dicotomia formal um par semânticamente diferenciado. É arbitrário, em muitos nomes de animais e nos nomes de coisas".

semántica. Nos outros casos o xénero sería apenas unha categoría sintáctica caracterizada por clasificar os nomes en masculinos e femininos segundo o fenómeno da concordancia. Dun punto de vista semántico distingue entre os substantivos que se refiren a seres animados e os que se refiren a seres inanimados, sendo os do primeiro grupo, desde a súa perspectiva, os únicos susceptíbeis de recibiren moción xenérica. Neste caso o morfema de xénero posúe o contido semántico 'macho' ou 'femia', e a súa expresión pode ser entón morfemática ou lexical (*neno* / *nena*; *home* / *muller*). Nos substantivos co trazo [+ humano] que expresan só sintacticamente o xénero (*o* / *a artista*), no entanto, é esta oposición a que informa sobre a diferenza semántica de sexo[17]. Por outra parte, nos substantivos que fan referencia a seres inanimados, no caso de se produciren oposicións significativas, estas diferenzas semánticas estarían xa lexicalizadas, sendo improdutivas no sistema lingüístico.

Tamén a gramática de Carballo Calero (1979: 159-165) considera que se pode falar de flexión xenérica exclusivamente cando existe a motivación semántica do sexo, e a de Costa Casas / González Refoxo / Morán Fraga / Rábade Castiñeira (1988: 9-10) incide, abrindo a porta a outras motivacións semánticas, en que a presenza dun morfema categorial de xénero implica sen falta unha oposición de significados masculino / feminino.

J. A. Martínez (1977) aborda a cuestión do xénero gramatical desde unha perspectiva diferente, tomando en consideración a existencia dunha III articulación do contido lingüístico en figuras. Estas figuras de contido son unidades lingüísticas (preferentemente, segundo a terminoloxía que emprega, morfemas) que sendo partes de signo non son, con todo, signos. Ao concibir a posíbel presenza de varias figuras de contido coincidentes nun mesmo monema evita utilizar o concepto de "amalgama" e, do mesmo modo, ao seren estas figuras conmutábeis entre si e non sempre recoñecíbeis nun segmento fónico determinado, elude o uso da noción, sempre conflituosa, de "monema con significante ø"[18]. Segundo este autor, o xénero cando é algo "fixo" nos substantivos, isto é, cando non posúe ningún contido semántico, é simplemente unha virtualidade ou "valencia" combinatoria. Desta maneira, o morfema aparece definido como unha valencia que permite estabelecer relacións de concordancia, dun modo semellante a como fan os semas, sendo a distinción entre ambos os conceptos "estrictamente interina". De feito, Martínez considera irrelevante "que una misma figura (por ej., 'fem') unas veces se exprese como parte

[17] Afirma González Calvo (1979: 66-67): "en los sustantivos que se refieren a los seres animados el género es siempre una categoría sintáctica y semántica en su expresión léxica y morfológica. Pero cuando sólo se manifiesta sintácticamente, el género no es una categoría semántica en los nombres de animales, por la falta de alternancia de las formas del artículo y adjetivo que indicarían la diferencia de sexo".

[18] Véxase Martínez (1977: 172): "Una Gramática que parta de esa redefinición de lengua, operará exclusivamente en términos de morfemas (= figuras de contenido), aunque –eventualmente y según los contextos– algunas de estas figuras funcionen como significados de monema".

de un monema morfológico (como en *Potra*) y otras de un monema léxico (en *Yegua*, por ej.)" (p. 172). Do noso punto de vista, esta perspectiva de análise non distingue con suficiente precisión o nivel morfosintáctico do semántico, confundindo o xénero gramatical, como categoría clasificatoria dos nomes que cumpre unha función combinatoria na estrutura sintáctica, co contido semántico que esta categoría pode adquirir en determinadas oposicións, sen perder en ningún caso a súa función gramatical na concordancia. Esta é a crítica que Fernández Pérez (1993) realiza a tal achegamento teórico ao problema do xénero gramatical, pois baséase en criterios de referencia á realidade extralingüística, aínda que nesta ocasión non se parta da consideración de que o que concede a un afixo fónico valor morfolóxico é a referencia á realidade. De acordo co concepto de morfema que manexa, afastado de calquera concepción substancialista, a autora considera o xénero como unha forma lingüística, como un signo mínimo:

> Como las demás unidades lingüísticas (frase, oración, etc.), el morfema es una entidad formal, una unidad abstracta, un signo en definitiva, que no se identifica con las manifestaciones concretas que lo expresan. Con otras palabras, el morfema es un signo mínimo que se manifiesta sustancialmente ya sea en una palabra (por alternancia vocálica, consonántica o acentual –flexión externa–), o en varias palabras (por concordancias –flexión interna–). Por consiguiente, el 'morfema' no es un procedimiento sino una unidad formal definida por su configuración interna.
>
> Desde esta perspectiva, el género puede concebirse como un morfema (una categoría gramatical) que se puede manifestar de muy diversos modos, sin que estos interfieran en la definición del género como 'categoría gramatical' (Fernández Pérez 1993: 56).

Deste punto de vista, e tendo en conta o carácter abstracto do signo, o significante do morfema de xénero non se pode identificar sen máis coas unidades fónicas, que ao seren figuras de expresión carecen de significado. O xénero está configurado, así pois, por un significante formal e non-fónico e un significado lingüístico non-referencial. A expresión substancial dese significante haberá que a buscar na proxección sintagmática, i.e., na concordancia. Coincidimos no esencial con esta autora, por parecernos, na liña do afirmado tamén por Câmara, que é neste ámbito das relacións sintácticas onde é posíbel recoñecer o xénero do nome, o cal nos permite definilo como unha categoría morfosintáctica. Débese destacar tamén o papel do artigo como marca de xénero (en ocasións, tan só potencial) dos substantivos. O artigo, que segundo Alarcos (1980: 233) cumpre dúas funcións primordiais (convertir o nome clasificador en nome identificador e transpor a función nominal os segmentos que desempañaban en orixe outra función), é o máis seguro marcador do xénero dos substantivos que acompaña, de tal maneira que para Greenberg (1978: 47-80) os sufixos de xénero dos nomes son o resultado dun proceso de

transformación do artigo, única marca no primeiro estadio evolutivo dos sistemas xenéricos[19]. Por este motivo, e fundamentalmente porque as relacións de concordancia son a única marca substancial do xénero que permanece constante (ao non ser sempre posíbel identificalo atendendo ás terminacións dos propios nomes), consideramos que é o sufixo de xénero dos substantivos o que, non caso de existir, é redundante, e non ao contrario[20]. Xa vimos, por outra parte, que Martinet concebía o xénero como un monema discontinuo, realizado substancialmente en varios elementos da cadea sintáctica[21].

Consideraremos, en definitiva, o xénero gramatical como un morfema flexional que actualiza sintagmaticamente as palabras incluídas na categoría 'nome' (especificamente, substantivos, adxectivos e pronomes), convertendo os lexemas en palabras gramaticais (vid. Matthews 1991 e Aronoff 1994). Segundo os diversos tipos de significado propostos por Coseriu (1978: 137), este morfema de xénero, como instrumento utilizado para formar as construcións gramaticais, terá un significado instrumental. De acordo cunha regra xeralmente aceptada, referirémonos ao morfema de xénero escribíndoo entre colchetes e con letra versalita {MAS} / {FEM}.

Mais non se debe esquecer tampouco, como afirma Arias Barredo (1995:13-24), que a categoría de xénero ten en determinados substantivos, sen perder nunca o seu significado instrumental, unha función semántica referencial, o cal leva o autor a considerar o xénero como unha categoría 'mixta':

[19] Greenberg (1978: 50) define os sistemas xénericos do seguinte modo: "By a noun gender system will be meant a system in which the noun stems of a language are divided into a set of genders, the distinction being based on the fact that the choice of a noun belonging to a particular gender determines the choice among a set of alternative 'agreeing' forms in one or more other classes of morphemes or words, e.g. articles, demonstratives, adjectives, unbound anaphoric pronouns, pronouns incorporated in a verb complex, etc."

[20] Para Alarcos (1980: 234), no entanto, o morfema de xénero nos artigos é redundante: "En el signo morfológico que llamamos artículo se asocian junto a sus morfemas típicos otros de número y de género. Es fácil concluir que éstos son una simple repercusión del número y del género que exigen los sintagmas nominales a que se agregan: [...]. Así, puede decirse que los morfemas de número y de género son redundantes en el artículo. Pero, como otros rasgos redundantes de la lengua, pueden en ocasiones ser pertinentes: (a) cuando el sintagma nominal carece de expresión formal diferenciada de género: el artista frente a la artista, el penitente – la penitente; (b) cuando carece de expresión formal de variación numérica: la crisis – las crisis, el análisis – los análisis; (c) cuando es necesaria la expresión del 'neutro': lo bueno, lo verde, lo moderno, etc.".

[21] Neste sentido, Bosque (1983: 136) afirma o seguinte: "El sistema de morfemas flexivos de una lengua está indisolublemente ligado, a diferencia del sistema de morfemas derivativos, a la estructura sintáctica de dicha lengua, y aquí tenemos otro de los clásicos casos de solapamiento entre estructuras morfológicas y sintácticas. La mayoría de los morfemas flexivos están sujetos a determinadas reglas de concordancia (algo que nunca encontramos en los derivativos). Así pues, es muy frecuente que tengamos que rastrear en la oración la presencia de morfos que son representantes de un mismo morfema. Martinet habla de una realización discontinua "s....s....s" del plural en sintagmas del tipo las niñas altas. El término "discontinuo" alude precisamente a esa realización sintáctica".

> Esto explicaría de alguna manera que el género, como monema gramatical, por oposición al lexema que le sirve de base y al cual se asocia por necesidad, pueda, y, en algunos casos, deba tener función semántica bivalente: es decir, que la dimensión léxica (*-o* / *-a* en el sustantivo) sea soporte de la referencia extralingüística organizativa de la esfera de experiencia, y la dimensión gramatical (*-o* / *-a*) en los determinantes, adyacentes y reproductores sea soporte de la referencia anafórica.

Con efecto, para o noso estudo, centrado nunha determinada lingua funcional, a galega, consideramos o concepto de morfema de xénero nesta dupla dimensión, como un morfema gramatical que achega un contido lexical en determinadas oposicións. Servímonos ademais da distinción metodolóxica entre 'morfema' e 'morfe' para individualizarmos as marcas de xénero dos nomes, entendendo que entre estas dúas unidades existe unha relación de actualización, e que o morfe é a expresión física desa unidade abstracta denominada morfema[22]. Así, se ben o significante do morfema de xénero debe identificarse na estrutura sintáctica, de maneira que son normalmente o especificador e/ou os modificadores os que permiten recoñecermos –por posuíren eles a súa expresión mórfica– o xénero dos substantivos, tamén nalgúns podemos identificar a presenza dun determinado morfe ligado ao ítem lexical. Segundo o procedemento da conmutación, resulta facilmente recoñecíbel o morfe que se acha nalgunhas palabras lexemáticas (Coseriu 1978: 133-147) e que permite realizar, por exemplo, a distinción gramatical 'masculino' / 'feminino' e mais a distinción semántica 'macho' / 'femia'[23]:

(1) (a) *nen-o*
(b) *nen-a*

[22] Véxase Azuaga (1996: 224): "Os morfes são, então, as unidades que, enquanto segmentos da forma da palabra considerada, podem ser escritos, como neste caso, ou falados, como tão frequentemente acontece; trata-se , por consequência, de unidades discretas que realizam, na fala, ou na escrita, as unidades abstractas a que chamamos morfemas; existe, assim, uma relação de actualização ou realização entre morfema e morfe, este último a expressão física dessa unidade abstracta. O morfema é, por tanto, realizado por algo de natureza diferente: não se pode ouvir ou pronunciar um morfema, só se pode ouvir ou pronunciar o que realiza esse morfema, ou seja, o morfe".

[23] Véxase o que explica Coseriu sobre o procedimento da conmutación: " O método da comutação foi pela primeira vez explicitado, como tal, no nosso século no âmbito do estruturalismo europeu; como método intuitiva e implicitamente usado é, contudo, muito antigo, pois pode dizer-se que ele foi sempre o método de identificação da lingüística descritiva. Este método tem sido ultimamente criticado, infelizmente, contudo, sem qualquer conhecimento de causa: a comutação não se baseia precisamente na consideração de que a cada variação fonemática na expressão também deva corresponder uma variação no conteúdo e vice-versa, nem na consideração de que não haja sinónimos ou formas homófonas, e não consiste, como foi falsamente considerado pola crítica, na substituição de signos totais nos planos da expressão e do conteúdo, mas apenas duma mudança parcial dum signo num destes planos. Aliás, as formas homófonas e os sinónimos são delimitados precisamente como tais por um uso (pelo menos implícito) da comutação" (Coseriu 1979: 26).

Neste caso, a oposición de morfes *-o* / *-a* (a máis habitual no sistema xenérico galego) representa unha oposición gramatical que sitúa cada un destes substantivos nun grupo e que determina as relacións sintácticas cos outros elementos do SN, e, ao mesmo tempo, introduce unha distinción semántica substancial, comportándose a este respecto como un morfema lexical. A presenza de morfes xenéricos é recoñecíbel, por tanto, en substantivos que se distribúen en pares opositivos e mais en certos adxectivos, constituíndo estes últimos, ademais, a marca máis fiábel para o recoñecemento sintagmático do xénero nos substantivos. Neste sentido, como afirman Lloret / Viaplana (1998):

> sólo las oposiciones formales sistemáticas constituyen una base empírica suficiente para las oposiciones gramaticales; donde las oposiciones formales no existen –o donde existen, pero son marginales- no se deberían postular, sobre bases empíricas, oposiciones gramaticales (p. 76).

Non nos parece posíbel, no entanto, recoñecer a presenza de morfes nos substantivos que non presentan dous termos opostos semanticamente polo xénero, pois aquí a relación entre o morfema de xénero e a terminación non é regular nin sistemática. Neste sentido, non consideramos necesario realizarmos unha análise estatística das terminacións, coas súas listas de abundantes excepcións, nin un conxunto de regras que por seren tan xerais acaben por non achegar ningunha información relevante sobre a suposta relación morfema-morfe, téndomos en conta, ademais, que o significante do morfema de xénero é recoñecíbel normalmente no contexto sintáctico e que os morfes ligados ao lexema son, cando concorren, redundantes[24].

Por outra parte, como veremos especificamente no apartado que dedicamos á evolución histórica do xénero en galego (vid. 1.1), é evidente que a terminación dos nomes foi decisiva á hora de os adscribir a un dos dous grupos en que se achan organizados. Esta identificación entre terminación e xénero está presente na recaracterización xenérica de certos substantivos que realizan modernamente os falantes (*arame* → *aramio*), e resulta así mesmo un factor importante para a fixación da

[24] Dubert García (1999: 79-81) tamén define os morfemas como signos, seguindo Pena (1991a), mais, de acordo co modelo descritivo que utiliza, considera as categorías morfosintácticas como propiedades, isto é, como unidades de contido gramatical. Os morfemas gramaticais estarían constituídos por propiedades morfosintácticas (significados) e por morfes (significantes). Segundo esta perspectiva, "en *neno* existe un morfema de xénero cun significante /o/ e un significado MAS; en *nena* existe un morfema de xénero cun significante /a/ e un significado FEM; na palabra *flor* sen embargo, non existe ningún morfema de xénero, pois a propiedade FEM carece de expresión propia" (p. 81). Non explica este autor, de todos os modos, se a existencia do morfema de xénero está sempre ligada ao acrecentamento dun determinado contido semántico ao lexema (máis concretamente, o do sexo), como se deduce do exemplo utilizado e coincidindo coa visión de González Calvo, ou se é tamén recoñecíbel a súa presenza noutros substantivos de xénero inmotivado.

asignación do xénero por parte dos neofalantes, polo que non semella aventurado afirmarmos que esas terminacións *-o* / *-a* funcionan realmente como vogais temáticas (caracterizadoras, respectivamente, do masculino e do feminino). De todos os xeitos, o feito de presentaren un número considerábel de excepcións fai que non as poidamos considerar expresión mórfica de xénero gramatical; do noso punto de vista, unicamente naqueles substantivos en que o morfema de xénero ten esa dupla dimensión de que falabamos, gramatical e lexical, é que as terminacións *-o* / *-a* son morfes de xénero, porque neses casos o *-o*, de existir, sempre caracteriza o masculino e o *-a* o feminino.

No substantivo *porto* advertimos a existencia, por tanto, dunha VT *-o*, que habitualmente identifica o masculino, mais o seu morfema de xénero pode ser recoñecido no ámbito das relacións sintagmáticas, nos morfes expresos nos adxectivos que deben concordar con el e, fundamentalmente, na propia forma do artigo (*o* / *a*). Así, non podemos negar que na parella *porto* / *porta* o xénero gramatical funcione como elemento distintivo, mais non consideramos as súas terminacións *-o* / *-a* como representación mórfica de xénero, por non se tratar dun só lexema con dúas realizacións morfolóxicas de xénero senón de dous lexemas parcialmente homónimos. En calquera caso, a base da distinción entre morfe e VT non está no contido semántico que pode posuír o morfe (en moitos adxectivos con flexión xenérica que concordan con substantivos caracterizados polo trazo [- animado] completamente inexistente), senón na regularidade da relación que se estabelece entre a terminación do nome e o xénero, sendo esta sistemática sempre que un nome posúe dous termos xenéricos. Estes aspectos sobre a relación entre terminación fónica dos nomes e xénero gramatical serán tratados pormenorizadamente en 2.2.

De calquera modo, queremos chamar a atención sobre a nosa intención de abordar o estudo do xénero desde unha perspectiva abranxente que teña en consideración non só os aspectos formais senón tamén os semánticos, dado o carácter mixto que o morfema de xénero ten nalgunhas ocasións, analizando as posíbeis relacións entre ambos os ámbitos sen os confundir. Como afirma Maria Chini (1993: 459-460):

> Un approccio puramente formale come quello qui esposto misconosce il fatto che per il G dei nomi non si può solo parlare di categorizzazione sintattica, di classificazione puramente formale, ma che questa si interseca ora più ora meno con una classificazione di tipo nozionale, dove diventano rilevanti alcuni tratti semantici dei lessemi in questione. È per questo motivo che ci sembra interessante una lettura "integrata" in chiave sia semantica che formale del fenomeno "G".

0.5.3. Flexión e derivación

O problema da distinción entre procesos flexionais e derivacionais para a formación de palabras ten sido tratado recorrentemente no ámbito da morfoloxía, e resulta unha cuestión chave ao estudarmos a oposición morfolóxica de xénero, por ser esta, como estamos a ver, unha categoría especialmente conflituosa[25].

Mateus / Brito / Duarte / Faria (1992: 381-384) formulan dúas xeneralizacións en que se considera esencial para realizar esa distinción o feito de as regras de formación de palabras alteraren ou non a categoría sintáctica da palabra sobre que operan. Neste sentido, por unha parte, as regras de flexión e as de derivación por prefixación manteñen a categoría sintáctica da palabra, entanto que, pola outra, as de derivación e as de composición determinan a categoría sintáctica das palabras que xeran. Máis adiante acrecéntanse tamén as regras de sufixación avaliativa entre as que manteñen a categoría sintáctica da palabra sobre a cal operan. No entanto, as autoras reparan nun caso problemático, o de certas ocorrencias en que o participio pasado posúe flexión de xénero e número en contraste con outras non flexionábeis:

(2) (a) el foi avisado a tempo.
(b) ela foi avisad*a* a tempo.
(c) *ela foi avisad*o* a tempo.
(d) *el foi avisad*a* a tempo.

(3) (a) el ten avisad*o* todo o mundo.
(b) ela ten avisad*o* todo o mundo.
(c) *ela ten avisad*a* todo o mundo.

O segundo dos exemplos (3a, 3b) é unha forma flexionada e mantén por tanto os trazos categoriais da forma flexionante (*avisar* [-N, +V]), sendo o primeiro exemplo (2a, 2b) unha forma derivada en que se ten perdido o trazo categorial [-N], de maneira que o participio debe concordar nesta ocasión en xénero e número co suxeito da oración copulativa, como se se tratase dun adxectivo.

[25] Véxase o que afirma Anderson (1985: 162) sobre o problemática e dificultosa que resulta esta clásica distinción entre procesos flexionais e derivacionais: "Though this distinction is quite an intuitive one, it is difficult to provide it with a firm definitional foundation. Derivation cannot be separated from inflection in terms of their formal realization, since none of the grammatical processes of prefixation, vowel change, etc. which appear in grammar are confined to one or the other domain. Similary, the distinction cannot be made directly in terms of the grammatical categories involved, for a category which is inflectional in one language (in terms of our presystematic intuitions of the diference) may be derivational in another".

Scalise (1984: 119-133), a se basear en datos procedentes do italiano, utiliza, ademais desta xeneralización sobre a capacidade da derivación para mudar a categoría sintáctica da palabra, máis seis argumentos co obxecto de delimitar a diferenza entre os procesos flexionais e os derivacionais. Tentaremos incluír nunha ou noutra categoría os procesos de oposición xenérica seguindo todos e cada un destes criterios, aínda que, como veremos, nalgúns casos a súa rigorosa aplicación permite tirar conclusións aparentemente contraditorias.

En primeiro lugar, Scalise afirma que a flexión sempre é periférica a respecto da derivación. Ante o contraexemplo dos en *-mente*

(4) certo → cert*a* → cert*a*mente

explica que estes adverbios non teñen xa sincronicamente ningun trazo feminino, pois *certamente* deriva dunha frase latina composta por un adxectivo *(certa)* e un nome *(mente),* mais este nome é nestas construcións hoxe apenas un afixo e as formacións en *-mente* son palabras derivadas en que hai unha completa ausencia da noción "feminino". Para Mateus / Brito / Duarte / Faria (1992: 385-386) *-mente* é un constituínte que goza dun estatuto especial, porque, alén dalgunhas características de afixo, presenta tamén características de palabra, tales como un acento propio. Por outro lado, o afixo de flexión que no exemplo proposto precede un sufíxo derivacional non é sintacticamente relevante, isto é, non estabelece calquera relación de concordancia con algún outro elemento do enunciado, polo que non se pode afirmar que posúa xénero feminino.

Outro argumento exposto por Scalise afirma que as regras derivacionais (RD) e as regras flexionais (RF) son sensíbeis a propiedades diferentes das súas bases, de maneira que, por exemplo, para as RF a información sobre os trazos [± animado], [± abstracto), [± común] non sería pertinente. Mais, por outra parte, nalgunhas das oposicións de xénero resulta moi pertinente o trazo [± animado] (e nalgún caso tamén o [± abstracto]), polo que de acordo con este argumento esa relación entre os termos non sería realmente flexional.

En relación con isto, o argumento que aparece exposto a seguir afirma que as RD e as RF producen distintos "resultados", xa que en canto as RD poden mudar a información contida na base (influíndo sobre a categoría sintáctica, a conxugación e declinación, os trazos de subcategorización, os trazos seleccionais e os outros trazos que vimos arriba), as RF non modifican ningunha información sobre a palabra. Aplicando esta regra nos seguintes exemplos, en que o morfema de xénero altera a información sobre os trazos [± abstracto] e [± animado], debemos considerar que en ningún de ambos os casos se utiliza un proceso flexional de formación de palabras:

(5) (a) maxistrado → maxistratura
[- abstracto] [+ abstracto]
(b) o químico → a química
[- abstracto] [+ abstracto]

(6) (a) pomba → pombal
[+ animado] [- animado]
(b) canteiro → canteira
[+ animado] [- animado]

Como vemos, con efecto, no exemplo (5b) o sufíxo *-a* (en oposición co sufíxo *-o)* acrecéntalle á base a noción [+ abstracto], exactamente igual que o sufixo *-ura* no exemplo (5a); o mesmo sucede no exemplo (6b) coa noción [- animado].

Máis conflituosa semella aínda a aplicación do seguinte argumento, segundo o cal as RD mudan o significado conceptual da base e as RF unicamente o seu significado gramatical, dada a determinación semántica da oposición xenérica nalgúns substantivos e tomando en consideración que a diferenza de xénero mesmo pode conlevar mudanzas de significado diferentes da que expresa a distinción entre os sexos de seres animados[26]. Como veremos máis adiante, cando nos deteñamos a analizar o contido semántico do xénero en galego, a oposición xenérica pode indicar diferenza de tamaño, pode distinguir entre o individual e o colectivo, estabelecer distincións baseadas na utilidade dos obxectos, na súa forma e función etc.; ou pode estabelecer relacións de significado que non respondan a ningunha destas oposicións (*o río* / *a ría*, *o capital* / *a capital, o libro* / *a libra*). Sobre estes resultados citados en último lugar, Scalise (1984: 113) advirte que todas as palabras posúen unha capacidade para adquiriren idiosincraticamente significados diversos:

> All words (simple as well as derived and compound words) may potentially acquire idiomatic or idiosyncratic meanings, but this is a diachronic phenomenon, and it is neither regular nor predictable[27].

O seu sexto argumento fai referencia á recursividade das RD, segundo o cal podemos incluír, sen ningunha obxección, a oposición xenérica dentro dos procesos flexionais, pois en ningunha ocasión é posíbel voltar a aplicar unha regra de alternancia de xénero.

[26] Por outra parte, só cando cada xénero gramatical se corresponder con un dos sexos podemos falar realmente de produtividade automática, que é un trazo característico, segundo Matthews (1980), de calquera oposición flexional.

[27] O par *libro* / *libra*, ademais, pode ser considerado simplesmente como un caso de homonímia parcial.

Tomando en consideración o sétimo dos argumentos propostos por Scalise, que di que as RD non son completamente produtivas, entanto que as RF si o son, debemos distinguir, como fixemos máis arriba, entre aqueles nomes que non teñen alternancia de xénero e aqueloutros en que si existe esta oposición cun contido semántico determinado. Pódese afirmar, en consecuencia, que todos os nomes posúen flexión de xénero, por ser o morfema de xénero un actualizador gramatical dos lexemas, mais cando o morfema de xénero posúe un contido semántico impón para a súa aplicación, entanto que morfema cun contido lexical, certas restricións ás súas bases. Así, por exemplo, é posíbel estabelecer unha oposición de morfemas de xénero en moitos nomes de seres animados, exceptuando os nomes dalgúns animais que non presentan alternancia de xénero para expresaren o sexo (que debe ser explicitado mediante algún outro procedimento lexical), e tendo en conta que esa oposición de morfemas existe tamén noutros nomes con sincretismo formal entre masculino e feminino, como *estudante* ou *artista,* onde a expresión mórfica do xénero aparece reflectida unicamente no contexto sintáctico, facéndose visíbel mediante o procedemento da concordancia[28]. Este recurso continúa a ser produtivo sincronicamente, pois permite crear novas formas cando é preciso estabelecer novas oposicións xenéricas que expresen unha distinción de sexo consolidada no mundo real. Tal capacidade para crear novas formas con que expresar unha oposición xenérica recente non a teñen, en xeral, moitos dos substantivos en que o xénero adquire outros contidos semánticos, pois o habitual nestes casos é que estas oposicións estean condicionadas diacronicamente. Talvez poidamos falar apenas dunha certa tendencia actual a utilizar a distinción de xénero para expresar diferenza de tamaño, tendencia que historicamente deu lugar á creación de pares como *cesto* / *cesta, machado* / *machada*, *leiro* / *leira* e que hoxe aínda se pode apreciar como proceso para a formación ocasional de novos pares cunha intencionalidade expresiva.

Tamén o morfema de xénero semella ser actualmente produtivo para distinguir entre o traballador e o material de traballo (por exemplo no par *a cámara* / *o cámara*), mais o proceso que deu lugar á formación doutros pares de substantivos opostos polo xénero sen o contido de sexo (como, por exemplo, *o químico* / *a química*) non semella ser produtivo no galego actual.

[28] Aínda que tamén estes nomes, sobre todo os terminados en *-e,* poden ter a capacidade –e experimentan mesmo unha forte tendencia neste sentido– para expresaren morficamente sobre a propia base lexemática a distinción MAS / FEM. Nalgunha das gramáticas galegas cítase a tendencia a flexionar para masculino e feminino o adxectivo invariábel *ceibe,* creándose popularmente o par *ceibo* / *ceiba.* En ocasións o feminino ten adquirido historicamente determinadas connotacións pexorativas. É así, por exemplo, co substantivo *estudanta,* que en tempos en que as mulleres tiñan vedado ou moi restrinxido o acceso ao mundo académico podía ser utilizado cun matiz depreciativo para designar aquelas que ousaban estudar. De todos os xeitos, hoxe utilízase normalmente a forma *presidenta* ou *xuíza,* xa sen ningún matiz específico. Esta cada vez menor resistencia á flexión ten a ver co aceso das mulleres a profisións e cargos que antes ocupaban exclusivamente os homes, facéndose necesario para o falante a utilización de sufixos que expresen a diferenza de sexo.

O último argumento exposto por Scalise propón que as RD son opcionais, entanto que as RF son obrigatorias, isto é, cada palabra que aparece na oración ten sido flexionada, aínda que nalgúns casos debamos falar de flexión cero ou nula. Isto cúmprese perfectamente cando falamos de xénero gramatical, dado que todos os substantivos pertencen a un determinado xénero e obrigan os determinantes e modificadores a concordaren con eles, aínda que en ocasións esa pertenza non se manifeste no propio substantivo nun morfe determinado[29].

Por outra parte, a diferente natureza de substantivos e adxectivos (pois estes deben concordar en xénero e número co núcleo da FN que modifican) serviulle a Hockett (1971: 234-236) para afirmar que o xénero é unha categoría flexional só nos adxectivos, tratándose nos substantivos dunha categoría selectiva. De igual parecer é Matthews (1980: cap. 3), para quen é preciso distinguir a relación que estabelecen entre si os substantivos *primo* e *prima,* que considera dous lexemas diferentes, ao ser aquí o carácter morfolóxico do xénero lexical e non flexional, da relación que podemos achar entre as formas do adxectivo *novo* / *nova,* onde as diferenzas de xénero si son de carácter flexional. Ambos consideran esencial o feito de que nos substantivos o xénero non estexa determinado pola concordancia para negaren a existencia neles dun morfema flexional[30]. Para Fernández Pérez (1991: 40-41) estes autores incorren nunha contradición cando, por un lado, consideran o morfema como unidade gramatical mínima, concedéndolle un carácter abstracto, e, polo outro, non admiten a existencia do morfema ao non ser recoñecíbel na cadea fónica (cando non vai asociado inequivocamente a un morfe) ou por consideraren "inherentes" certas propriedades gramaticais. A función de indicar relacións entre constituíntes, propia do morfema flexional, cúmprea o xénero de igual forma en substantivos e adxectivos, aínda que naqueles non exista unha determinación sintáctica para a elección do morfema. De igual modo, neste mesmo sentido, Corbett (1991: 4) afirma que se ben unha lingua pode ter morfoloxicamente distintos tipos de nomes, é a existencia de signos de concordancia o que determina a presenza de xénero gramatical, definido por este autor como unha clase de concordancia nominal.

[29] Scalise (1988) revisa estas apreciacións sobre a necesidade de distinguir entre regras flexionais e regras derivacionais, e aínda que o da recursividade non lle parece un argumento demasiado forte (por ser un fenómeno común na sufixación e porque a ausencia de recursividade dos morfemas flexionais pode ter outras explicacións particulares dentro da estrutura da flexión), si mantén a validez da maioría dos seus argumentos: "The traditional claims (for example, DRs change the category of their base while IRs don't; IRs apply after DRs; DRs are more 'powerful' than IRs) seem to me still valid if only because the counterexamples often quoted are not strong enough to give shape to an alternative, consistent hypotesis" (p. 579).

[30] Por outra parte, esta cualidade do xénero para distribuír os substantivos en dous grandes grupos vén sendo recoñecida por todos os autores e todas as gramáticas. Neste sentido, Mateus / Brito / Duarte / Faria (1992: 367) comeza o apartado referido á flexión de xénero en nomes e adxectivos coa seguinte xeneralización: "Os nomes são obrigatoriamente integrados num dos dois grupos **-masculino e feminino-** por que se distribui a categoria gramatical do **género**".

Doutra parte, desde unha perspectiva semántica, Arias Barredo (1995: 15-17), recoñecendo o carácter selectivo do xénero no substantivo, entende que tanto nesta categoría verbal como no adxectivo o que se opón é a unidade flexional (que el denomina monemática[31]) *-o/ -a*, que achega aos respectivos lexemas (nestes casos propostos por Matthews, *prim-* e *nov-*) tanto o significado gramatical do xénero ('masculino'/ 'feminino') como o significado lexical do sexo ('macho'/ 'femia'), se ben os adxectivos asumen este contido en virtude da anáfora.

Lang (1992), no seu estudo sobre a formación de palabras en español, reproduce en parte os argumentos de Scalise para demostrar que flexión e derivación son procedementos diferentes, introducindo algunhas obxeccións e casos límite. Entre elas, destaca o feito de o morfema de xénero ser utilizado semanticamente do mesmo modo que un morfema derivacional en casos como a oposición *horto* / *horta,* onde a diferenza de tamaño que marca o morfema feminino é moi similar á que se expresa mediante sufixos aumentativos. Outro caso de coincidencia entre ambos os procedementos de formación de palabras dáse coa derivación regresiva, pois os morfemas implicados neste proceso son os que se utilizan habitualmente como marcas de xénero ou de paradigma verbal (*secuestrar* → *secuestro*). Finalmente, Lang conclúe que no xénero gramatical, entanto que altera o significado da base de forma moi similar a como o fai a morfoloxía derivacional, coinciden flexión e derivación.

Esta mesma perspectiva é adoptada, para o galego, por Freixeiro Mato (1998: 250-251), que inclúe a "derivación xenérica" entre os procedementos de formación de palabras:

> Na distinción de xénero nos seres sexuados danse casos de utilización de procedementos lexicais (*xenro* / *nora*, *carneiro* / *ovella*, *boi* / *vaca*) e casos de utilización de procedementos flexivos (*neto* / *neta*, *gato* / *gata*, *señor* / *señora*), obténdose os mesmos resultados, de forma que as oposicións morfolóxicas (*-o* / *-a*, *-Ø -a*) cumpren a mesma función que as oposicións lexicais.

Por último, Bybee (1985: 11-48) aproxímase a este problema desde presupostos diferentes; nun traballo en que pretende estabelecer correlacións universais entre significado e tipo de expresión defende que flexión e derivación non se opoñen discretamente, pois ambos os procedementos pertencen a un *"continuum* lexical / derivacional / flexional". Considera que os principios xerais que determinan a expresión flexional son a "relevancia" (entendendo que un elemento de significado é relevante para outro elemento de significado se o contido semántico do pri-

[31] Este autor utiliza a terminoloxía de Martinet para definir o xénero como "un monema o signo mínimo, es decir, como una unidad abstracta y formal que, a imagen del fonema, se actualiza formalmente de maneras diversas, que entenderemos como alomorfías o variantes discursivas de una misma constante de lengua" (1995: 18).

meiro afecta directamente ou modifica o contido semántico do segundo) e mais a "xeneralidade léxica", segundo a cal unha categoría flexional debe ser aplicábel a todas as raíces da categoría semántica e sintáctica apropiada e debe ocorrer obrigatoriamente no contexto sintáctico axeitado. Un proceso morfolóxico tan xeral exixe un contido semántico mínimo, de maneira que as combinacións de nocións relevantes tenden a estaren lexicalizadas. Por outra parte, e a diferenza dos procesos flexionais, os derivacionais son máis proclives a teren restricións léxicas na súa aplicabilidade.

Do noso punto de vista, á hora de trazarmos a fronteira entre flexión e derivación débese retomar en liñas xerais a afirmación de Anderson (1982: 587), para quen a morfoloxía flexional é aquela que é relevante para a sintaxe, a que ten algunha significación para alén da palabra en que aparece, servindo, como no caso do xénero gramatical, para estabelecer relacións de concordancia. Xunto a este criterio, outros que permiten considerar o morfema de xénero gramatical como un morfema flexional son os seguintes:

a) non muda a categoría gramatical da palabra

b) ten sempre unha posición periférica

c) non é recursivo

d) a súa presenza é obrigada en substantivos e adxectivos (aínda que en ocasións non poida ser recoñecido nun sufixo concreto).

Doutra parte, é innegábel a capacidade do morfema de xénero, que posúen todos os nomes sen excepción, para estabelecer distincións semánticas, polo que nestas ocasións semella acrecentar á base lexemática con que concorre un determinado contido lexical. Nos substantivos con determinación semántica de xénero vimos que é importante o trazo [+ animado], dado que neles xeralmente o morfema de xénero expresa diferenza de sexo, mudando por tanto o significado conceptual dos substantivos, o cal semella aproximar esta categoría da morfoloxía derivacional. Neste caso, ademais, a oposición semántica de sexo pódese expresar mediante o que tradicionalmente se vén denominando afixos derivacionais *(actor / actriz)* ou mesmo mediante diferentes lexemas (*home / muller*). Neste mesmo sentido tense pronunciado, Zwanenburg (1988), nun estudo referido ao francés, para quen nos nomes animados o feminino é un termo derivacional, sendo flexional nos adxectivos, onde se comporta como unha categoría estritamente formal. Segundo este autor, nos nomes animados o léxico subministra unha regra para predicir o seu xénero sobre a base do significado, de maneira que os masculinos significan [- femia] e os femininos [+ femia]. Así pois, o xénero gramátical representaría un caso de categoría tanto derivacional como flexional no interior dunha soa lingua.

O maior problema que levanta considerar como un proceso derivacional a oposición xenérica fundada na distinción de sexo radica, na nosa opinión, na imposibilidade de estabelecer cal é o termo primario de onde parte a derivación. Isto é, en que dirección se realiza o proceso, pois non é posíbel afirmar que o feminino se deriva do masculino nos nomes caracterizados polo sema [+ animado], onde ambos os termos semellan situárense no mesmo nivel da oposición. Este mesmo problema pode formularse a respecto dos outros pares de substantivos en que o xénero expresa unha oposición semántica, xa que non en todos é posíbel estabelecer con certeza a orientación do proceso e, ademais, en ocasións, cando si sabemos que termo serve de base para a formación do outro, o proceso derivacional pode funcionar en calquera de ambas as direccións. Acontece así, por exemplo, na oposición de xénero que transmite información sobre a diferenza de tamaño, ao podermos falar, por unha parte, dun masculino aumentativo (*baraza* → *barazo*) e mais dun masculino diminutivo (*vasoira* → *vasoiro*), e, pola outra, dun feminino aumentativo (*chourizo* → *chouriza*) e mais dun feminino diminutivo (*espeto* → *espeta*). Neste caso, por tanto, o funcionamento da oposición xenérica non coincide co que é habitual nos procesos derivacionais.

No entanto, noutras oposicións semánticas que pode estabelecer o xénero gramatical, a relacionar os trazos [± animado], [± abstracto] ou [± colectivo], a estrutura xenérica parece encaixar no paradigma da derivación. Neste sentido, o morfe de feminino *-a* acrecenta á súa base o mesmo sentido colectivo que o sufixo *-axe* en *leño* → *leña* (*folla* → *follaxe*).

No tocante á produtividade, xa vimos que a oposición xenérica non se produce en todos os nomes de seres animados, aínda que o contido semántico do sexo é o máis regular de todos os que esta categoría pode expresar. Ademais, a capacidade para crear novos termos en torno a esa oposición semántica continúa a estar presente no galego actual. Así mesmo, os pares que expresan unha diferenza de tamaño e os que distinguen entre o traballador e o instrumento do seu traballo semellan ser resultado dun procedemento aínda produtivo sincronicamente, entanto que os substantivos doutros pares opostos polo xénero (como *o capital / a capital)* adquiriron os seus diferentes contidos semánticos ao longo da historia da lingua.

En definitiva, podemos concluír que o morfema de xénero ten, cando proporciona ao nome un significado lexical determinado, un carácter mixto; pois nestes casos, sen perder o seu significado gramatical, que lle permite estabelecer relacións de concordancia, pode actuar como un sufixo derivacional.

0.5.4. Masculino e feminino

Nos primeiros estudos lingüísticos distinguíanse, como vimos ao comezo desta introdución, até seis tipos de xénero, que se correspondían cos diferentes compor-

tamentos que os nomes experimentan en relación con esta categoría gramatical, de acordo coa súa capacidade para transmitir o contido semántico do sexo. Segundo esta clasificación os nomes podían ter, ademais de xénero masculino ou feminino, un xénero **neutro**, cando non tiña correspondencia co sexo (por designar a palabra unha realidade asexuada: *mesa*); un xénero **común**, cando non mudaban a súa forma para indicar a correspondencia con cada un dos sexos (*artista*); un xénero **epiceno**, a se referiren a seres sexuados que non reflectisen este contido mediante variación xenérica (*esquío*); e, por último, un xénero **ambiguo**, cando ao se referiren a seres asexuados podían ser usados tanto en masculino como en feminino. Deste último, Valladares (1970 [1892]: 25-26), identificaba os substantivos *mar*, *dote* e *lente*, seguramente por causa da incerteza que o autor tiña sobre o seu verdadeiro xénero gramatical en galego.

No noso estudo, como ficou claro nas páxinas precedentes, non contemplamos máis que a existencia de dous xéneros, **masculino** e **feminino**, visto que o neutro latino ten desaparecido no galego, sendo os seus restos no demostrativo formas invariábeis que concordan en masculino e singular. Así mesmo, de acordo co concepto de morfema de xénero que manexamos, estará ausente tamén calquera clasificación dos nomes que se poida corresponder con esa terminoloxía, que parte da realidade extralingüística e que se basea exclusivamente na distinción sexual.

0.5.5. Morfosintaxe e semántica no xénero

Nos capítulos que seguen, despois de tratarmos algunhas cuestións previas en torno á evolución do xénero en galego, comezaremos a nosa análise específica sobre o xénero gramatical, que a efectos organizativos dividiremos en dúas grandes partes. A primeira correspóndese co que denominamos morfosintaxe, entendendo este ámbito, ao modo tradicional, como o aspecto da sintaxe que é relevante para a morfoloxía (Aronoff 1994). Dentro deste apartado estudaremos o morfema gramatical de xénero, a súa organización estrutural e asociación coas diversas clases de palabras (substantivos, adxectivos e pronomes), así como as relacións sintácticas que estabelecen através da concordancia. Na segunda parte, a da semántica, analizaremos os diversos significados lingüísticos do xénero gramátical en relación coa dimensión lexical do morfema de xénero, desde a perspectiva da semántica estrutural, así como a funcionalidade da categoría de xénero gramatical nos procesos de formación de palabras.

1. O xénero gramatical en galego. Nocións previas

1.1. Perspectiva diacrónica. Evolución do xénero en galego

Aínda que o noso estudo sobre o xénero en galego se centra na perspectiva sincrónica, semella necesario ofrecer algunhas indicacións en torno á evolución do sistema xenérico desde o latín, prestando especial atención a aqueles fenómenos que determinan, por unha banda, o xénero asignado hoxe a certos nomes e mais a forma actual dalgúns morfes de xénero, e pola outra, as peculiares relacións semánticas que se estabelecen nalgúns pares de substantivos con flexión de xénero.

1.1.1. Desaparición do neutro

A principal característica do paso do latín ás linguas romances, após a restruturación e posterior desaparición das desinencias casuais, é a desaparición do xénero neutro, cuxa tendencia xa se remonta ao propio latín. Se, como vimos anteriormente, no indoeuropeo os nomes de seres inanimados pertencían ao xénero neutro, no latín isto non acontecía en todas as ocasións, pois ás veces as cousas podían ser consideradas gramaticalmente masculinas ou femininas, encontrándose casos de confusión entre neutro e masculino xa nalgúns escritores latinos[32]. Mais son principalmente causas fonéticas as que explican a división do neutro entre as categorías do masculino e o feminino[33].

Os neutros da segunda declinación, que eran, coa excepción do nominativo, iguais aos masculinos, pasan a pertencer a este xénero (PRATUM, VINUM), pois coa caída do *-s* e mais do *-m* final desaparece a única diferenza que existía entre eles. Con todo, aqueles que se utilizan usualmente en plural son recoñecidos como femininos por terminaren en *-a*. Algúns destes substantivos mantiveron a idea de plural no sentido colectivo que adquiriron, e outros forman novos plurais en galego engadindo *-s*. Este último caso é o de *arma* (<ARMA), *festa* (<FESTA) ou *voda* (<VOTA),

[32] Como Plauto e Terencio. Véxase Coutinho (1976: 229-231).

[33] Para explicar o desenvolvemento destes fenómenos baseámonos en Ferreiro (1995: 223-225).

entanto que manteñen o sentido colectivo nomes como *leña* (<LIGNA) ou *ferramenta* (<FERRAMENTA)[34].

Os neutros da cuarta declinación confluíron cos da segunda, entrando tamén, por tanto, no grupo dos masculinos. A terceira declinación, pola contra, ofrece evolucións dispares, con resultados heteroxéneos. Os neutros da terceira con nominativo e acusativo en -US (TEMPUS, PECTUS, CORPUS) pasaron ao masculino, con formas arcaicas singulares en *-os* (*tempos*, *peitos*, *corpos*), logo regularizadas por analoxía co singular en *-o*.

Os substantivos neutros imparisílabos da terceira con nominativo e acusativo en -N ou -R crean un acusativo analóxico e pasan case na súa totalidade ao masculino:

(7)
LUMEN > *LUMINE > *lume*
COSTUMEN > *COSTUMINE > *costume*
CULMEN > *CULMINE > *cume*
UBER > *UBERE > *ubre*.

Dardel (1965: 43), baseándose en argumentos de varios autores, entre os que cita Lausberg (1981: 266-267), considera que se debe partir da forma breve para explicar estes resultados no galego-portugués, e sérvese desta duplicidade de formas para explicar as diferenzas que estes substantivos mostran canto ao xénero en distintas linguas:

> Les neutres latins, auxquels se sont jointes, en roman comun, quelques formations nouvelles ainsi que la forme brève **costúmen*, sont devenus masculins. Les formes longues non classiques **costúmine* et **fámine* et, pour autant que la rareté des indices permette d'en juger, la forme latine *sanguinem*, masculine, ont adopté le féminin.

Tamén Williams (1975: 131) elude referir a existencia deste acusativo analóxico, explicando os resultados do galego-portugués pola caída do *-n* final, do mesmo xeito que ocorrera coa terminación *-em* do acusativo masculino. Porén, de acordo con Sletsjøe (1966: 275-297), que ofrece unha visión crítica da perspectiva adoptada polas teorías anteriores, Ferreiro (1995: 135) móstrase partidario de considerar a hipotética existencia dunha forma longa para o galego:

[34] O substantivo *ferramenta* mantén o significado colectivo nunha das súas acepcións, pois tamén se pode utilizar para designar un obxecto individual, posuíndo neste sentido unha forma de plural *ferramentas*. Segundo Coutinho (1976: 234-235), é por analoxía cos substantivos en que a forma feminina ten sentido colectivo, entanto que a masculina expresa o individual, que apareceron en galego-portugués outros pares a partir de palabras que eran en principio simplemente masculinas ou femininas, tales como *ramo* / *rama*, *barco* / *barca*, *madeiro* / *madeira* etc.

> Así, nos neutros con acusativo en -N coidamos que se debe partir de formas hipotéticas coa terminación *-MINE, como o demostran formas medievais ben documentadas (*vermen* e *vermees*, *inguen*, *vimem*), así como a presenza de acusativos analóxicos en documentos latinos tardíos, explicándose, deste xeito, os resultados do galego-portugués e do español conxuntamente.

Como xa sinalaba García de Diego nos seus *Elementos de Gramática Histórica* de principios do século XX (1984 [1909]: 93), moitos destes nomes mesmo modificaron a súa terminación e presentan hoxe popularmente, xunto á etimolóxica, realizacións co morfe *-o* característico do masculino: *aramio* (*arame*), *cumio* (*cume*)[35], *vimio* (*vime*), *enxamio* (*enxame*).

Outros neutros da terceira declinación repártense entre o masculino e o feminino de forma arbitraria. Os bisílabos son xeralmente masculinos, como MARE, *FELLE, *MELLE, SALE, *LACTE: *o mar*, *o fel*, *o mel*, *o sal*, *o leite*. O feminino está presente, no entanto, nos compostos *preamar*, *baixamar*, formados por un adxectivo e mais o substantivo *mar*, posibelmente por procederen do francés, onde este substantivo pertence ao xénero feminino. O mesmo ocorre co composto *alta mar*:

(8)
ibamo-nos fechando
cada un dentro ***d'a súa alta-mar***
(Manoel Antonio, *Poesías* 162).

Compárese co uso masculino desta mesma frase no coñecido verso de Meendinho *morrerei eu, fremosa,* ***no alto mar*** (Tavani *PLGP* 140-141). De todos os xeitos, existe unha forma *outramar* documentada na lingua medieval á par de *ultramar*, onde a influencia do indefinido *outro* poría de relevo unha temperá consideración feminina do substantivo, aínda que, seguindo a perspicaz lectura realizada por Martínez Pereiro (1999: 166), que xustifica unha posíbel forma encuberta *outr'amar* (referida á homosexualidade do cabaleiro citado na cantiga), talvez o feminino de *mar* nesta ocasión responda ás necesidades expresivas do escarnio e estea ao servizo desa dupla lectura:

(9)
*Esta cantiga fez Martin Soarez a un cavaleiro que era chufador, que dezia que viinha d'***Outramar**
(*Rubricas*, B 143)

[35] Neste caso, o estándar do galego aproveita a diverxencia dialectal para fundamentar diferenzas semánticas: *cume* utilízase co significado de 'bico dun monte', entanto que *cumio* especializa o seu uso co significado de 'reunión de alto nivel' (cfr. Ferreiro 1997: 273).

Na lingua actual o substantivo *mar* aparece usado como feminino de modo esporádico en textos literarios, nun uso estilístico influído posibelmente polo español. Véxase, neste sentido, *Esta foi **unha mar** de camaradas* nun poema de Darío Xohán Cabana, frente ao verso *E este que é **o mar** e sabe dos vieiros*, íncipit do soneto seguinte (Darío Xohán Cabana *PM* 18-19). Isabel Boullón (1992: I, 55) no seu estudo sobre o substantivo e o adxectivo na obra de Celso Emilio Ferreiro encontra nove ocorrencias entre máis de cen en que *mar* é feminino; en sete delas este substantivo concorda cun adxectivo susceptíbel de flexión, noutra apréciase a existencia dunha aliteración, ficando manifesta a intención estilística do autor neste uso feminino. Na poesía popular verifícase esta vacilación no xénero do substantivo:

(10) (a)
y-o sol parare d'andar
*e **a mar** non tivere augua*
(P. Ballesteros, *CPG* I, 11)

(b)
deprendéronm'á cantar
*indo pol-**a mar** abaixo.*
(P. Ballesteros, *CPG* II, 71)

(c)
heite de facer moer
*com'os barqueiros n-**o mar**.*
(P. Ballesteros, *CPG* I, 38)

(d)
Non pensei qu'a silva seca
*posta n-**o mar** que prendía*
(P. Ballesteros, *CPG* III, 3)

Porén, véxase o uso reiterado do substantivo *mar* como masculino no *Poema en Catro Tempos* de Blanco Amor:

(11)
¡Ao mar! ¡Ao mar!
*¡Eis **o mar**!*
*¡Ouh **o mar**!*
(Blanco Amor, *OGC* II, 103-104)

Por outro lado, RETE pasou ao feminino: *a rede*, xénero que segundo Dardel xa posuía en protorromance e que hoxe é común para este substantivo na maior parte do dominio románico.

Por último, debemos considerar á parte os neutros en -MA procedentes do grego. Posibelmente por causa da súa terminación *-a* deberon pasar nun primeiro momento a facer parte dos substantivos femininos, pasando máis tarde algúns ao masculino por influencia erudita. Son femininos *reuma*, *asma* e *cataplasma,* e masculinos *emblema*, *carisma*, *axioma, diadema, síntoma, sistema, tema, fantasma, estrataxema* ou *clima*. Dalgúns destes últimos pódense achar usos femininos na lingua popular e literaria; no caso de *diadema* ou *estrataxema* seguramente por influencia do español, entanto que usos como *a fantasma* (frecuentemente, en textos literarios, *a pantasma*) se deben moi probabelmente á acción regularizadora da súa terminación[36].

Os únicos restos do neutro que se conservan no galego de hoxe, os demostrativos *isto*, *iso*, *aquilo*[37], foron tamén asimilados ao masculino, pois só estabelecen relacións de concordancia con este xénero. Diferéncianse das correspondentes formas masculinas do demostrativo, ademais de pola súa terminación *-o* característica, polo seu carácter invariábel (por non teren flexión de xénero nin de número, concordando sempre co masculino singular) e por funcionaren exclusivamente como núcleo da frase nominal

(12) (a) Dáme **iso** amarel**o** que levas aí.
(b) *Dáme **iso** amarel**a** que levas aí.
(c) *Dáme **iso** amarel**os** que levas aí.

Na lingua medieval tamén se rexistra un pronome persoal de terceira persoa neutro, *elo* (<ILLUD), desaparecido no galego actual. Procedente dese antigo pronome utilízase hoxe unha forma *el* nun uso que as *Normas Ortográficas e Morfolóxicas* da Real Academia e mais do Instituto da Lingua denominan neutro, seguramente por causa dunha certa inercia terminolóxica, pois na realidade trátase dunha forma

[36] Curiosamente, o DRAG (1998: s.v.), que outorga o xénero masculino ao substantivo *estrataxema*, ilustra a súa segunda acepción, que recolle o seu uso figurado, cunha oración en que se fai concordar o substantivo cun adxectivo feminino, *As grandes firmas comerciais deseñan moitas estrataxemas para gaña-la clientela*, contradicindo así a recomendación inicial canto ao seu xénero.

[37] Dialectalmente, as formas etimolóxicas máis comúns na lingua medieval, *esto*, *eso aquelo*, son as de maior extensión xeográfica (véxase Fernández Rei, 1990: 69-73), rexistrándose unicamente a forma coa hipercaracterización mórfica dos pronomes invariábeis (vocal do radical *i* e terminación *-o*) en zonas do extremo nordeste da Coruña, do centro e o sul de pontevedra, nalgúns pontos do baixo Miño e nalgún do Condado, en Lobios (na Limia Baixa) e máis na terra ourensá de Viana. Con todo, as formas *isto*, *iso aquilo* tamén se documentan abondosamente desde o s. XIII, e cada vez con máis frecuencia na prosa conforme se avanza no tempo (véxase Ferreiro, 1995: 257).

invariábel que non estabelece relacións de concordancia con ningún outro elemento da oración, en expresións como *El é certo que chegaron ricos de Australia, ¿El é verdade que fostes andando ós Ancares?* (*Normas* 1995: 91). No segundo caso é un reforzo da interrogación, cumprindo unha función pragmática; no primeiro aparece como aparente suxeito gramatical dun enunciado impersoal.

Alén disto, no galego de Asturias existe un artigo *lo*, tradicionalmente denominado neutro (Fernández Rei, 1990: 68), aínda que talvez poida ser definido simplemente pola súa capacidade para expresar indeterminación, permitindo a transcategorización de adxectivos que se converten así en substantivos abstractos. Por outro lado, de todo o ámbito románico só no asturiano e nalgunhas variedades lingüísticas suditalianas se ten falado dun morfema de xénero neutro, denominado 'de materia', en determinados nomes, aínda que non existe acordo unánime sobre o seu verdadeiro estatus[38]. Neste sentido, Arias Cabal (1999) analizou este morfema dentro da categoría de número, pois o seu contido semántico está relacionado fundamentalmente co carácter 'continuo' da materia:

> El "extrañamiento"o sensación de anomalía que produce a los ojos del gramático el 'neutro de materia' se deshace cuando se adscribe este a la categoría de número. Este morfema, como los otros morfemas de número por los que es conmutable, no distingue semánticamente la "naturaleza" de lo referido, sino su cantidad. Frente a la unidad, sustancia conformada por el número discontinuo, y la repetición, conformada por el número plural, el número continuo hace referencia a la indeterminación de cantidad. Además, como los otros morfemas de número, la figura de lo continuo puede tener lugar en un sustantivo independientemente de su género. Si, desde el punto de vista de la expresión, ha llamado la atención el número continuo por las concordancias del tipo *aquella xente vieyo*, desde el punto de vista del contenido no tiene nada de peculiar, pues su contenido semántico coincide con el del singular de los otros romances. Lo llamativo es la existencia de un morfema que sirva para referirse de manera inequívoca al individuo, el número discontinuo (*mazana seca* 'pieza de manzana seca') (pp. 14-15).

A expresión deste morfema está representada polo *-o* final do adxectivo, frente ao *-u* do termo MAS e o *-a* do termo FEM, que pode concordar realmente con substantivos masculinos ou femininos, mais nunca con substantivos que presenten os dous termos xenéricos en oposición paradigmática, de maneira que o trazo 'continuo' non é conmutábel en todos os casos cos membros da categoría de xénero, por facer parte doutro paradigma morfolóxico. Alén diso, esta distinción 'continuo' / 'discontinuo' prodúcese en asturiano, desde esta perspectiva, unha vez consumada a perda do neutro (cfr. Arias Cabal 1999: 122-148).

[38] Cfr. Dámaso Alonso (1972: 176-177): "De estos sustantivos de materia eran neutros en latín bastantes de los más usados: *oleum*, *lignum*, *lardum*, *vinum*, *lac*, *ferrum*, *unguen*, *linum*, *aurum*, *gypsum*. Es evidente que nombres neutros de este tipo son el núcleo originario de este curioso fenómeno de parte del asturiano central y oriental, mejor conservado en Lena que en ningún otro sitio de aquellos donde se ha encontrado. Pero a esos nombres neutros de materia han venido a agregarse nombres de materia originalmente masculinos (*panis*, etc.), y lo que es más extraordinario aún, otros femininos (*nix*, *nivis*; *aqua*). Vienen así a reunirse en esta calidad de neutro de materia, revelada por la *-o* del adjetivo, lo mismo *siche cuayao* (originalmente neutro, *lac*), que *pan seco* (originalmente masculino) que *agua roso* 'agua hirviente' (originalmente feminino)".

No entanto, contrariamente, Frías Conde (2000) integra o morfema de 'neutro de materia' asturiano no paradigma de xénero gramatical, explicándoo diacronicamente como pervivencia do neutro latino que nas outras linguas romances se fundiu co masculino (*el fierro*) e dos neutros plurais colectivos que foron interpretados como femininos (*la fueya ta cayío en suelo*). Este autor distingue, por outra parte, entre un neutro gramatical, usado con referentes non concretos e que pode substituír frases, cláusulas e oracións, e mais un neutro semántico, cuxo morfema aparece representado en adxectivos que concordan con substantivos caracterizados polos trazos semánticos [+ materia], [+ colectivo] ou [+ abstracto].

1.1.2. O xénero dos nomes

Como é sabido, as cinco declinacións do latín clásico ficaron reducidas a tres, após confluíren na primeira os substantivos femininos desta declinación e mais da quinta; e após agrupárense tamén na segunda declinación os substantivos (masculinos e neutros) da segunda e da cuarta (maioritariamente femininos e neutros).

En xeral, os da primeira declinación, por acabaren en *-a*, son considerados femininos, entanto que os da segunda, por acabaren en *-o*, son considerados masculinos, repartíndose os da terceira entre ambos os xéneros sen que exista calquera relación coa forma do nome. Desta maneira, os nomes de árbores da segunda declinación, que eran femininos no latín clásico, pasaron ao masculino xa no latín vulgar por causa da súa terminación -U(M):

(13)
FRAXINU > *freixo*
ULMU > *olmo*

Outros substantivos da segunda que eran femininos en latín, porén, non mudaron o seu xénero mais si a súa terminación no galego, que pasou a ser *-a* como na maior parte dos femininos:

(14)
SMARAGDU> *esmeralda*
AMETHISTU > *ametista*

Mantense como feminino o substantivo *man*, procedente da cuarta declinación latina (MANUS, -US)[39], e continúase a usar como masculino *día*, da quinta declinación no latín clásico (DIES, -EI).

De todos os xeitos, a tendencia a caracterizar mediante a terminación o xénero dos substantivos xa existía no latín vulgar, explicándose así formas masculinas terminadas en *-o* como *chícharo* (<*CICERU <CICERE), *paxaro* (<*PASSARU <PASSARE) ou *novembro* (<*NOVEMBRU <NOVEMBRE); e mais formas femininas como *neta* (<*NEPTA <NEPTE), *pulga* (<*PULICA <PULICE) ou *popa* (*PUPPA <PUPPE)[40].

Outros substantivos mudaron a súa terminación, e ás veces (por esta causa) tamén o seu xénero, no latín vulgar. É o caso dos que se comezaron a utilizar cun sufixo diminutivo, como *abella* (<APICULA ←APIS), *cabeza* (<CAPITIA ←CAPUT) ou *cebola* (<CEPULLA ←CAEPUS); e tamén dos nomes de árbores que pasaron a construírse cunha forma adxectiva, como *figueira* (<FICARIA ←FICUS) ou *nogueira* (<NUCARIA ←NUX).

Como sucedía cos vocábulos neutros procedentes do grego e rematados en *-a*, tamén outros que eran masculinos, como *planeta* ou *cometa*, experimentaron nun primeiro momento unha certa inestabilidade no xénero, sendo considerados femininos por causa da súa terminación, aínda que no galego actual son masculinos:

(15) (a)
*e **as planetas** o tornaron fol,*
sen egreja nen capela de prol
e sen o mester per que guarecia
(Estevan da Guarda, B 1323 / V 928).

(b)
***Outras planetas** de boa ventura*
achou per vezes en seu calandairo
(Estevan da Guarda, B 1325 / V 931).

[39] Así como algún vocábulo introducido tardiamente por vía erudita, como *tribo* (TRIBUS, -US). Cfr. Ferreiro (1995: 226). Para os autores seiscentistas portugueses este substantivo podía ser tamén masculino, como neste fragmento dun sermón do padre Vieira: "*Ajuntou de todos **os tribus** que poude*" (citado a partir de Said, 1971: 70).

[40] Ferreiro (1995: 227-229) lembra tamén, neste sentido, que existe aínda hoxe popularmente unha tendencia a regularizar xenericamente a forma masculina, mediante un *-o* que se opón ao *-a* do feminino (*cru*> pop. *crúo*): *A tua morte deixome **núo*** (Novoneyra, *TE* 21). Advirte tamén da existencia do fenómeno contrario na evolución do latín ao galego, pois algúns substantivos masculinos da segunda declinación trocaron o *-o* final por *-e*: *cobre*, *fume*, *mestre*, *milagre*, *zume*, o cal tamén sucedeu con algúns adxectivos, que se converteron en invariábeis con respecto ao xénero: *dobre*, *firme*, *libre*.

Así mesmo, onde se producen con máis frecuencia mudanzas de xénero, e por tanto maiores diferenzas entre as diversas linguas romances, é entre os substantivos da terceira declinación. Algúns bisílabos como FONTE, PONTE, FLORE, HOSTE, que eran masculinos en latín clásico, pasaron ao feminino, posibelmente xa no latín vulgar. Entanto que FINEM, orixinariamente de xénero variábel, foi usado como feminino na lingua medieval e hoxe varía na lingua literaria e popular (e mesmo entre as distintas propostas normativas) entre o masculino e o feminino[41]:

(16) (a)
*u dará vozes, fazendo **sa fin**,*
ca non pod'el tal mort'estraecer
(Estevan da Guarda, B 1324 / V 930).

(b)
*Ora vos digo que vos vaades, ca des oge a mais nom quero que fiquedes comigo ca **mia fim** se achega*
(*Demanda* 462).

(c)
*¡-Pero que importa **o fin** que me vendese,*
S'eu n'o podo olvidar!
(Rosalía, *FN* 227).

(d)
*E no punto en que para min chegaba xa **o fin** do mundo, perguntou meu pai, sorrindo con agarimo*
(Castelao, *Retrincos* 17).

(e)
*Artur soubo a razón última do seu vivir, **na fin** do seu reinado*
(Ferrín, *ADA* 49).

[41] O *Diccionario Xerais da Lingua* DXL (1995: s.v.) considera este substantivo feminino cando significa 'final, remate' e masculino cando significa 'finalidade, motivo'. Tamén así o DRAG (1998: s.v.), aínda que, incomprensibelmente, inclúe entre os exemplos a oración *O fin da película*, co substantivo en masculino. Nos dicionarios portugueses aparece sempre rexistrado como masculino, cos dous significados referidos (Vid., por exemplo, *Dicionário da Língua Portuguesa* DLP 1996: s.v.; e tamén o *Dicionário Aurélio Eletrônico* DAE 1994: s.v.). Por outra parte, o *Dicionário Etimológico Nova Fronteira da Língua Portuguesa* DENF (1997: s.v.) data a primeira aparición deste substantivo en textos escritos no século XIII e engade: "O gênero feminino prevaleceu durante todo o período medieval e chegou até à segunda metade do séc. XVI, embora no masculino o vocábulo já se documente em um ou outro texto do séc. XV".

Outros substantivos deste tipo, como ARTE, FAME, AVE e FRONTE, que eran femininos no latín clásico, manteñen este xénero en galego. Non así VALLE, que pasou ao masculino no galego moderno, segundo Dardel (1965: 29) por unha posíbel influencia do seu antónimo MONTE. Áchanse numerosos restos deste uso feminino na toponimia e na antroponimia: *Valboa*, *Valiñas*, *Bonaval*.

Por outra parte, manteñen o xénero feminino os substantivos latinos da terceira procedentes do grego, como THESIS, CRISIS ou PARALYSIS: *tese*, *crise*, *parálise*. Así como todos os vocábulos gregos formados co sufixo *-ite*: *hepatite*, *amigdalite*, etc.

Entre os polisílabos paroxítonos latinos da terceira declinación tamén houbo mudanzas de xénero, nalgúns casos xa probabelmente no latín vulgar: SERPENTE, que era usado en ambos os xéneros no latín clásico, pasou ao feminino, do mesmo xeito que PARIETE ou CANALE, que eran orixinariamente masculinos: *serpente*, *parede*, *canal* / *canle*.

Deben ser considerados á parte, no entanto, os substantivos en *-or*, que eran masculinos no latín clásico, pois algúns deles son usados como femininos desde a época medieval, como *cor* e *dor*, e outros manteñen unha certa vacilación na lingua popular e literaria, como *calor* e *suor* (con diferenzas tamén normativas)[42]:

(17) (a)
*mas ela tolheu-lh'**aquesta door***
e deu-lhe Paraíso
(Alfonso X, 41 E / T / To).

(b)
*Ca el non faz **nen hun lavor***
de que null'om'aja sabor
(Pero da Ponte, *Poesías* 174).

[42] Segundo Álvarez/ Regueira/ Monteagudo (1992: 62) "Os rematados en *-r* vacilan, pero dentro deles os que o fan en *-or* adoitan ser femininos: *o mar*, *o amor*, *o elixir*, *o pracer* pero *a cor* ou *a calor*, *a cor* ou *a color*, *a dor* ou *a dolor*, *a suor*, *a flor*." Costa Casas/ González Refoxo/ Morán Fraga/ Rábade Castiñeira (1988: 75), no entanto, non inclúen entre os femininos *calor* e *suor*. Dardel (1960: 45) afirma, tras comparar os distintos resultados de varias linguas románicas, que todos estes substantivos eran femininos no "roman commun", sendo reintroducido o uso masculino por influencia erudita, polo que esta reposición do xénero sería máis patente en linguas que serviron de expresión a movimentos humanistas importantes, como o italiano, o español e o portugués. Aínda que explicacións deste tipo deben ser observadas con moita precaución en casos tan particulares como o do galego, por causa dos condicionantes políticos e sociais da súa evolución, podemos tomar en consideración, a modo orientativo, argumentos que pretenden ser válidos para todo o dominio románico: "les substantifs abstraits en *-or* qui ont été en usage dès les premiers textes des langues romanes (par exemple *amor*, *color*, *honor*, *sudor*) et qui par conséquent ont été hérités du roman commun à travers la tradition orale et ont subi la transformation phonétique normale, s'emploient à l'origine au féminin, qu'en revanche ceux qui apparaissent seulement tardivement ou bien sous une forme qui n'est pas phonétique (c'est souvent le cas de *favor*, *fervor*, *labor*, *liquor*, *odor*), qui par conséquent sont des emprunts soit à des langues voisines soit au latin classique, son souvent, mais non pas toujours, du genre masculin".

(c)
*E som tam claras que esto é grande maravilha e de **tantas colores** que aadur poderedes pensar que i estam duas nem três pedras de **ũa color***
(*CGH 1344*, 119).

(d)
Hirtas, com'as miñas penas,
*Feras, com'**á miña dor***
(Rosalía, *FN* 6).[43]

(e)
*E tras **d'aquel calor** que ch'emprestara*
N'o inverno un sol d'agosto
(Rosalía, *FN* 95).

(f)
Y é o vento que zoa,
*Y é o frio, é **a calor**...*
(Rosalía, *FN* 138).

(g)
O cansado camiñante,
*que vai **co calor** do vran*
(Pondal, *QDP* 112).

(h)
*A cabeleira era loira, ou, máis ben, **da cor** do orxo*
(Fole, *TB* 200).

(i)
*Maiormente, presa non tiñamos ningún, pois todos remataramo**lo noso labor***
(Fole, *TB* 90).

[43] Na obra de Rosalía de Castro, e máis concretamente en *Follas Novas*, o substantivo *dor* é utilizado reiteradamente, por ser unha das liñas significativas que articulan a súa poesía, observándose algunhas variacións na súa forma e máis no seu xénero: *A un batido, outro batido,/ A **un-ha dor, outro delor*** (*FN* 16), *¡Quero quedar ond'**os meus dores** foron!* (*FN* 33); é maioritario o uso feminino na forma patrimonial (coa caída do *-l-* intervocálico) e exclusivo o masculino para a forma *delor*. Esta última forma, no entanto, é usada maioritariamente como feminina na obra de Noriega Varela, sendo só nunha única ocasión masculina, no verso *¡cómo axota **o delor** d'as tristes almas!* (Freixeiro Mato 1993: 89).

Os paroxítonos latinos en *-erem* e *-orem* manteñen, polo xeral, o seu xénero, como *cárcere* (<CARCERE) que é masculino tamén no latín clásico, ou *árbore* (<ARBORE) que é feminino:

(18) (a)
e meteu-o logu'en ***un carcer*** *atal,*
u muitos presos jouveron assaz
(Martin Soares, B 1369 / V 977).

(b)
Depois mostrou-lhe em ũu gram campo ermo ***ũa grande arvor*** *que i stava e disse-lhe que soo* ***aquella arvor*** *sta o muimento onde sae a voz*
(*Demanda*, 38-39).

Nestes substantivos conservouse o *-e* latino final, malia a forte tendencia á desaparición que, como se ve, presentaba o galego-portugués medieval. Por outra parte, *árbore* experimenta ás veces na lingua popular unha síncope da vogal postónica (*arbre*) e eventualmente unha conversión do *-r* implosivo en *-l* (*albre*), fenómenos que teñen o seu reflexo, en ocasións, na lingua literaria. Igualmente, debido á presión que vén exercendo o español como lingua de prestixio na Galiza, obsérvase, tanto na lingua popular como na literaria, unha certa vacilación no seu uso xenérico, que debe ser interpretada como interferencia lingüística[44]:

(19) (a)
Por remate, unha mán salfríu ao mozo coma quén abala ***un albre*** *e cairon guindadas as probes cereixas do sono comestas do verme*
(Otero, *ME* 9).

(b)
Chegou ó pé ***do albre*** *e berrándolle ó Manueliño:*
-Escoita o que che vou decire, besta brava... É polo teu ben. Xa sabes que ben apunto. Pra facerte baixar podería poñer unha gavela de toxo ó pé ***do albre****, e plantarlle lume*
(Fole, *ALC* 75).

[44] Entendendo a *interferencia*, segundo a definición de Silva (1991: 27-38), como a "*transferencia* dunha estructura (en calquera dos niveis lingüísticos) entre dúas linguas que están en contacto nunha comunidade determinada", e, nestes casos que estamos a analizar, como un síntoma "da deficiente fixación normativa da lingua que a sofre". Sobre as interferencias que padece o sistema xenérico do galego falaremos máis adiante, en 2.1.3.

Os proparoxítonos latinos en *-icem*, no entanto, ofrecen resultados diversos, cunha tendencia á mudanza de xénero, como sucede por exemplo cos substantivos masculinos latinos:

(20)
CIMICE > fem. *chinche*[45]
PULICE > *PULICA > fem. *pulga*

ou co substantivo feminino do latín clásico:

(21)
FILICE > mas. *felgo*[46]

Outros proparoxítonos latinos da terceira declinación mudan igualmente con frecuencia o seu xénero. Deste xeito, pasan ao feminino os substantivos masculinos ORDINE, MARGINE: *a orde*, *a marxe*; mentres que LIMITE se mantén no seu uso masculino, tanto no cultismo *límite* como na voz patrimonial *linde*. O masculino CAESPITE tamén se mantén neste xénero no galego: *o céspede*, posibelmente por influencia erudita.

Doutra parte, os substantivos acabados no sufixo *-axe*, procedente do francés *-age* ou do provenzal *-atge*, do latín -ATICU, tiñan xénero vacilante na lingua medieval (*-age(n)*), aínda que na actualidade son considerados maioritariamente femininos:

(22)
E ela lhe disse que era ũa molher de ***muito alto linhagen***
(*Linhagens* 15).[47]

Con todo, áchanse casos de inestabilidade no xénero destes substantivos na lingua literaria dun bo número de autores, tanto do século XIX como do século XX:

[45] De feito, existe no galego unha variante co *-a* que caracteriza morficamente o feminino: *chincha*. O uso masculino deste substantivo, que se pode rexistrar ocasionalmente mesmo en textos literarios (vid. o título dun relato de Ferrín ***Un chinche*** *durme no teito*, *CF* 71), non ten que se deber necesariamente á influencia do español, pois neste dominio lingüístico *chinche* tamén experimenta variacións dialectais de xénero.

[46] Se ben, como sucede con *fieito* (<FILICTU), existe tamén unha forma feminina *felga* (*fieita*).

[47] Ramón Lorenzo (1985: 105-106), no estudo lingüístico introdutorio da súa edición da ***Crónica Troiana***, dá conta do uso ás veces masculino deste substantivo, así como da vacilación xenérica de *messagen* e mais da utilización masculina de *viagen*.

(23) (a)
Nacida dos pesares
A tua friage** è **moita
(Pintos, *AGG* 162)

(b)
*Logo s'acaba da vida **a triste***
Pelerinax
(Rosalía, *FN* 63).

(c)
*Y antr'**a follax** o vento rebulia*
(Rosalía, *FN* 191).

(d)
*Van querband'**o paisaxen***
(Rosalía, *FN* 264).

(e)
***Nista terraxe** soio medra a herbellaca*
(Otero, *ME* 21).

(f)
*Cecais colleu polo atallo pois saiu con estrelas, ao millor pra **un longo viaxe***
(Otero, *ME* 33).

(g)
c'o seu viaxe feito
pol-os oucéanos d'o noso corazón
(Manoel Antonio, *Poesías* 152).

(h)
*Compre romper a marcha pol-a mesma estrada que fagamos c'os nosos pasos e afrontar en ela **unha peligrinaxe** sin chegada*
(Manoel Antonio, *C* 311).

(i)
*Isto, non sería perda demasiado magoante si só ficase en podar rebarbas ou "desmesuras" **do lingoaxe***
(Blanco Amor, *XL* 7).

Sobre a vacilación no xénero destes substantivos na obra de Celso Emilio Ferreiro, Isabel Boullón (1992: 54) di o seguinte: "Se, por un lado, e conforme á norma actual, *traxe* ten xénero masculino, e da mesma maneira son femininas *imaxen*, *imaxe*, *carraxe*, aparecen con dous xéneros formas como *viaxe*, feminino unha vez e masculino en tres ocasións, ou *paisaxe*, que case sempre é feminino, en 28 ocasións, pero con xénero masculino dúas veces. O resto das formas aparecen sempre como masculinas". Esta mesma inestabilidade canto ao xénero dos substantivos terminados en *-axe* é advertida por Freixeiro Mato (1993: 89) na obra literaria de Noriega Varela.

Hoxe, non existe pleno acordo entre as gramáticas galegas sobre as excepcións desa norma que os fai femininos. Así, por exemplo, Álvarez / Regueira / Monteagudo (1992: 61) propoñen como excepcións as seguintes: *o traxe*, *o paxe*, *o garaxe* e *o/a personaxe*, se ben neste último substantivo, segundo a tendencia normativa representada por esta gramática, a neutralización semántica a respecto do xénero se produce a favor do masculino. Costa Casas / González Refoxo / Morán Fraga / Rábade Castiñeira (1988: 75) consideran masculinos *paxe*, *traxe* e *ultraxe* / *aldraxe*, sendo *personaxe* feminino cando referido a unha muller e mais no uso en que se mantén a indiferenza a respecto do contido semántico do sexo.

En definitiva, a pesar de termos visto a vacilación que se produce na asignación de xénero a este tipo de substantivos desde os primeiros textos medievais, que se mantén no galego popular actual (coa evidente presión do español cara ao masculino), a fixación normativa tense decantado polo feminino. No tocante ás diverxencias sobre as excepcións, estas céntranse sobre *garaxe*, *ultraxe / aldraxe*, *personaxe*. O primeiro e o último dos substantivos, ambos empréstimos do francés, non hai problema para os integrar (nin causa para o non facer) no sistema xenérico xunto aos outros co mesmo sufixo, no feminino. Parécenos que o maior problema se levanta a respecto do galicismo *ultraxe / aldraxe*, que na primeira das formas se documenta por vez primeira en portugués no século XIX (cfr. *Dicionário Etimológico Nova Fronteira* DENF 1997: *ultra*) como masculino. A forma *aldraxe*, de posíbel formación popular galega a partir da anterior, pola contra, é documentada en numerosos textos literarios galegos contemporáneos, tamén frecuentemente como masculina, polo que talvez sexa oportuno manter neste caso a excepción:

(24) (a)
*Como o Milhomes, sin conquerir erguerse, escomenzóu de chuspirlle **aqueles aldraxes** que sabía escoller tan ben pra ofendere, o outro fóiselle enriba pra asegundarlle a couces.*
(Blanco Amor, *Esmorga* 22)

(b)
Os aldraxes *viñeron coma corvos*
e pasaron de longo,
pois os nosos corazós estaban cheos.
(C. E. Ferreiro, *OC* I, 262)

Os substantivos terminados no sufixo *-ume* (<-UMINE) son xeralmente masculinos no galego actual, se ben presentaban antigamente algunha vacilación. Clarinda Azevedo Maia (1997), no estudo gramatical dos textos medievais non literarios galego-portugueses por ela editados, afirma o seguinte a este respecto:

> Uma outra particularidade que se observa na linguagem dos documentos estudados diz respeito à flutuação de género que algumas palavras apresentam. Uma das formas nessas circunstâncias é *queyxume* que, ora pertence ao género feminino, ora ao masculino. A vacilação de género verifica-se até no interior do mesmo texto. Assim, no documento 1262 C 2 a palabra aparece várias vezes e com género diferente: *todas queyxumes, todos los queyxumes, dadas las queyxumes e de todos estes queyxumes subreditos*. Idêntica flutuação se verifica noutros antigos textos galego-portugueses. Os substantivos neutros em *-men*, ao passarem para as línguas românicas, vacilam entre o masculino e o feminino. É interessante observar que no antigo galego-português, no período abrangido pelo presente estudo, a palavra não se havia ainda fixado no género masculino, sendo possível que o mesmo notário na fixação gráfica do mesmo texto usasse a palabra, ora com o género masculino, ora com o género feminino (p. 656).

Os poucos substantivos en *-ume* do galego actual que son femininos (*certidume, mansedume, pesadume, servidume*, etc.) poderían ser, segundo Ferreiro (1997: 139), calcos do español, pois as formas medievais eran do estilo de *certidũe* e *servidũe~servidõe*, se ben xa se documenta unha forma *dulcedume*, xunto a *dulcedũe* na versión galega da *General Estoria*.

Mais non todos os substantivos deben o seu xénero ás vicisitudes da súa evolución fonética; os substantivos propios, por exemplo, adoitan adquirir o seu xénero en virtude da concordancia, en moitas ocasións só implícita, co substantivo común a que fan referencia. Isto explica o uso masculino dos nomes da maior parte dos accidentes xeográficos: *o Sil*, *o Ladra* (ríos), *o Medulio*, *o Meda* (montes), *o Ortegal* (cabo), *o Salnés* (val) etc. Os nomes das entidades de poboación vacilan frecuentemente no seu uso xenérico; así, por exemplo, nos nomes de cidades, aínda que en moitas ocasións tamén permanece sobreentendida a referencia ao substantivo *cidade*, é habitual o uso do masculino:

(25) (a) A histórica Ourense. A industriosa Vigo.
(b) O histórico Ourense. O industrioso Vigo.

Nestes exemplos é importante para establecer a concordancia a analoxía coa terminación do substantivo. Non é alleo a este fenómeno, por outra parte, a frecuente utilización dun artigo inseparábel do topónimo, atendendo nestes casos a concordancia á terminación do nome, que se interpreta como VT: *A Coruña*, *O Carballiño*. Con estes nomes, ademais, non se produce xa normalmente ningunha vacilación: *A Coruña antiga*, *O Carballiño antigo* frente a **A Coruña antigo*, **O Carballiño antiga*.

Tamén, a respecto dos antropónimos, moitos apelidos de muller recibían antigamente en galego un morfe de xénero que os fixese concordar co nome propio da persoa, especialmente cando o apelido tiña forma de adxectivo[48]. Un exemplo é o do nome da figura histórica e lendaria María Soliña, muller da familia dos Soliño que foi procesada en Cangas do Morrazo no ano 1621 acusada de bruxaría, cuxo apelido adoita aparecer indistintamente nos dous xéneros:

(26) (a)
Polos camiños de Cangas
a voz do vento xemía:
ai, que soliña quedache,
María Soliña
(C. E. Ferreiro, *OC* I, 182).

(b)
Adeus, meigas de Cangas,
netas de ***María Soliño***
que me levastes a rastras
polo largo do camiño
(Popular; cfr. Vaqueiro 1998: 91)

Aínda se produce este fenómeno ocasionalmente na lingua popular de hoxe, como neste exemplo da fala de Feás (Couceiro 1976: 140), en que aparece un substantivo feminino *Castra,* formado con certeza sobre a forma masculina do apelido, *Castro*:

[48] Cfr. García de Diego (1984: 93) "El antiguo gallego hacía en virtud de esta atracción femininos los apellidos de mujer, sobre todo cuando éstos tenían forma de adjetivos; *María Merchaa*, *María Paadeira*, *Isabel Feijoa*, *María Roxina*, etc.". Neste punto, o autor baséase nun artigo de Murguía (1906/1907: 14-15), que encontrara no *Archivo General de Galicia* moitos apelidos de muller dos séculos XVI e XVII en forma feminina: "Al mismo tiempo debe advertirse, que siendo como son poco numerosos los pleitos del siglo XVI, que se conservan en el Archivo de Galicia, dan sin embargo un contingente de apellidos hechos femininos, tan grande como los del siglo XVII, lo cual parece indicar que la costumbre venía de muy atrás, así como también el hallar un *Dª. Beatriz Feyjoa*, (siglo XVI), que no era tan solo cosa de la gente plebeya, sino que alcanzaba a los nobles y a los que tenían algo, como eran lo que en aquella sazón litigaban".

(27)
*A **Castra** era irmá de Culasa do Monte, e vivía na casa de Vinculeiro da Feira, e enseguida foise (nos íbamos pós Campos, Estrella e máis eu), e no medio das portas vimos un bulto, e díxenlle eu a Estrella:*

No tocante aos adxectivos, cómpre dicir que padeceron no seu paso ao galego a reestruturación común a todos os nomes, repartíndose no latín vulgar entre a primeira declinación (para as formas femininas), a segunda (para as masculinas e neutras) e mais a terceira. Os adxectivos que tiñan unha desinencia para cada xénero: ALTUS, ALTA, ALTUM, mantiveron normalmente, coa desaparición do neutro, a flexión de xénero para masculino e feminino: *alto*, *alta*. Pola contra, os adxectivos da terceira declinación que tiñan unha forma para masculino e feminino (FORTIS) e outra para neutro (FORTE), e os que tiñan unha forma invariábel para todos os xéneros (PAUPER, -ERIS), ficaron tamén no galego, como regra xeral, cunha única terminación: *forte*, *pobre* (Ferreiro 1995: 225).

Con todo, non debemos esquecer que existen, como vimos máis arriba, algunhas excepcións en casos particulares. Así, adxectivos latinos como DUPLU, DUPLA ou LIBERU, LIBERA, que tiñan diferentes desinencias xenéricas, trocaron as súas terminacións por *-e*, converténdose en invariábeis a respecto do xénero (*dobre*, *libre*)[49]. E, á inversa, adxectivos en principio invariábeis, acabados en *-e* (*ceibe*), adquiriron tamén os morfes correspondentes a cada xénero (*ceibo*, *ceiba*)[50].

1.1.3. A oposición xenérica nos nomes

Temos comprobado que a principal motivación semántica para a oposición de xénero nos substantivos, a distintinción dos sexos, estaba xa presente no latín mediante os morfes -U / -A (LUPU / LUPA), que deron lugar no galego aos respectivos morfes *-o*, para o masculino, e *-a*, para o feminino, sucedendo o mesmo cos adxectivos[51]. Neste sentido, algúns femininos irregulares do galego moderno son o

[49] Segundo Ferreiro (1995: 64) esta terminación *-e* imponse en galego nalgunhas ocasións debido á influéncia galorrománica. Con frecuencia mantéñense as dúas posibilidades: *contente*, *contento* / *contenta*; *dobre, duplo / dupla*.

[50] Pensado (1980: 41-49) oferece unha posíbel explicación etimolóxica do verbo *ceibar*, facéndoo proceder de *SAEPIARE e relacionándoo con *sebe*, e traza a historia tanto do verbo como do adxectivo. Así, localiza a forma *ceivo*, recollida por vez primeira nun texto escrito co sentido de 'suelto, en libertad', no dicionario de Valladares.

[51] A evolución dalgúns nomes fixo que o resultado moderno non apresente a oposición *-o* / *-a* (CRUDU> *cruu*> *cru* / CRUDA> *crúa*), ou que o *-a* que caracteriza ao feminino semelle ter sido engadido sobre a forma masculina (*AVOLU> *avoo*> *avó* / *AVOLA> *avoa*), motivo polo cal as gramáticas galegas ofrecen, desde unha perspectiva sincrónica, unha regra "de formación de feminino" que afirma as palabras terminadas en vogal tónica engadiren *-a*.

resultado da normal evolución fonética do feminino latino: *xudía* (< IUDAEA). Ocorre ademais no galego un trazo redundante nesta oposición xenérica, a alteración do timbre etimolóxico da vogal do radical por influencia metafónica da terminación: o *-a* final provoca a abertura das vogais de grau medio fechadas, nalgúns casos, entanto que, máis frecuentemente, o *-o* final contribúe a fechar o timbre das abertas, non só no singular senón tamén no plural:

(28) (a) *s[ˋo]gro / s[ˋɔ]gra*
(b) *s[ˋo]gros / s[ˋɔ]gras*

Con todo, este fenómeno non é regular e funciona de modo desigual nas diversas zonas dialectais do galego[52].

A identificación do morfe *-a* como marca de xénero feminino, así como a importancia que o contido semántico do sexo ten na oposición xenérica dos nomes, provocou que máis recentemente se teñan xerado pares como *infante* / *infanta*, *presidente* / *presidenta* (*-e* / *-a*), aínda que algúns outros se manteñen invariábeis do punto vista mórfico: *o* / *a estudante*.

Como se viu máis arriba, no galego apareceu unha nova oposición xenérica en nomes que no latín tiñan un único xénero gramatical. Sucedeu isto cos neutros da segunda declinación, cuxa forma singular foi asimilada ao masculino, sendo o plural identificado como feminino e adquirindo un sentido colectivo:

(29)
LIGNU> *leño* / LIGNA> *leña*

Mais teñen aparecido tamén outros pares expresando diversas oposicións de significado, algúns formados a partir do masculino e outros a partir do feminino. Unha das diferenzas de significado expresadas por estas novas oposicións, se cadra a máis importante, fai referencia á dimensión dos obxectos, aínda que normalmente concorren tamén connotacións diversas en torno á forma e a outras características definitorias.

A teoría máis comunmente aceptada sobre a aparición destes novos pares afirma que, sobre todo os que indican diferenza de tamaño, aparecen por analoxía cos antigos plurais neutros da segunda declinación, que pasando ao feminino adquiriron un sentido colectivo (Coutinho 1976: 234-235). Mais o certo é que en moitas ocasións o proceso é o inverso: créanse masculinos a partir das orixinais formas femininas,

[52] Para o mapa da distribución deste fenómeno, no par proposto como exemplo, no territorio galego, véxase *Atlas II* (1995: 20-21).

non sempre cun sentido dimensional, e aínda nos casos en que si o ten, non sempre sendo o feminino o de maior tamaño. Por exemplo, o substantivo *barco* é criado sobre a base do feminino *barca* (<BARCA) e designa un obxecto non só de maior tamaño, senón con outras características formais e de uso que o diferencian do designado polo substantivo orixinal latino. Igualmente, *ría*, criado a partir do masculino *río* (<RIVU), non designa unha corrente de auga de auga doce maior, senón, segundo a definición do *DRAG* (1998: s.v.), un "val fluvial ocupado polo mar debido ó aumento de nivel deste, á erosión dos ríos ou ós movementos tectónicos"[53].

Teñen sido diversas as hipóteses manexadas para explicar a causa da aparición nas linguas romances destas oposicións que non existían no latín. Algunhas, como a de Hasselrot (1950: 135-147), baseábanse na consideración social dos conceptos 'masculino' e 'feminino', identificando plenamente o xénero gramatical co sexo, e oferecían argumentos tan curiosos como estes:

> Tout ceci a une certaine importance pour corroborer mon opinion que le masculin augmentatif doit son origine à un rapprochement entre genre et sexe, à une comparaison toute naturelle et spontanée entre le régne inanimé et la relation de grandeur et de force qui existe entre mâle et femelle dans la plupart des espèces animales qui intéressent l´homme et, surtout, entre l´homme et la femme eux-mêmes. En ce qui concerne le féminin augmentatif, je suis prêt à concéder que, pour ce qui est des récipients, il peut aussi reposer sur une comparaison entre le corps des humains des deux sexes. Mais j'adopte en somme la théorie courante, à savoir qu'il dérive d'un ancien pluriel neutre de valeur collective[54].

O propio Hasselrot cita a hipótese, aínda máis ateigada de prexuízo social, de Spitzer, publicada no ano 1941 na *Revista de Filología Hispánica*:

[53] Costa Casas/ González Refoxo/ Morán Fraga/ Rábade Castiñeira (1988: 77) utilizan o exemplo de *río* / *ría*, entre outros, para afirmar que nestes pares non existe unha oposición de morfema de xénero (segundo a definición que esta gramática manexa) por teren os dous substantivos raíces lexicais diferentes, pois un *río* non é unha especie de *ría*. Como xa ficou de manifesto no capítulo introdutorio, e como explicaremos máis polo miúdo no dedicado á morfosintaxe, non nos parece acertada esta perspectiva de análise. Por outra parte, a relación semántica entre un derivado lexical e o seu lexema non sempre ten que ser necesariamente de inclusión.

[54] Do mesmo xeito, Lapa (1984: 129) identifica plenamente sexo e xénero gramatical cando afirma que a mesma tendencia a distinguir os animais canto ao sexo se verifica nos obxectos. A explicación desta 'obsesión sexual' asentaría, segundo o autor, no propio carácter da civilización portuguesa: "Se examinarmos estas parelhas de substantivos, notaremos que, de um modo geral, o masculino representa maior grandeza no sentido de cumprimento, o feminino maior grandeza no sentido de largura. O português viu nos objectos a imagem do homem e da mulher: o homem, mais forte, mais alto e esbelto; a mulher, mais baixa, mais larga, de curvas mais arredondadas. Ainda se pode ver nesta competição do macho e da fêmea, reflectindo-se nas próprias coisas, um dos caracteres fundamentais da civilização portuguesa, que presume sempre, nas lides caseiras e no trabalho da terra, o esforço conjugado do homem e da mulher".

> Il ne s'ocupe que du féminin augmentatif qu'il considère comme issu non pas ou, du moins, non seulement dùn ancien collectif mais comme dû surtout au sentiment de l'homme que la femme constitue pour lui quelque chose de vague, d'indéterminé, d'immense et qu'il se perd dans son sein, qu'il se sent absorbé par elle.

Esta teoría parte ademais dunha visión claramente androcéntrica do mundo e do fenómeno lingüístico e presupón, entre outras cousas, que as linguas son creación exclusiva dos 'homes', entendendo este substantivo na acepción que fai referencia aos seres varóns da especie humana.

Sexa cal fose a causa da aparición destes novos pares, o que se pode deducir de todo isto é que a categoría de xénero é utilizada en galego (e nas linguas romances en xeral) como un recurso rendíbel e económico para realizar distincións semánticas.

Doutra parte, os nomes galegos que rematan en *-r*, *-s*, *-l*, e mais *-z*, por causa da caída do *-e* final latino, apresentan tamén un morfe *-a* no feminino. Nalgúns casos herdado do propio latín (*doutora* <DOCTORA), e noutros criado modernamente no galego (*xuíza*)[55]. Porén, este fenómeno non se producía normalmente na lingua medieval, onde moitos destes nomes non tiñan variación de xénero. Así, por exemplo, o substantivo *senhor*, referido á muller amada, aparece reiteradamente na lírica medieval galego-portuguesa (aínda que a forma moderna cun morfe caracterizador de feminino aparece tamén ocasionalmente)[56]:

(30) (a)
***Senhor fremosa**, grand'enveja ei*
eu a tod'ome que vejo morrer
(Vaasco Praga de Sandin, B 62 / A 2).

[55] Cfr. Ferreiro (1995: 232). Tamén en García de Diego (1984: 93) se di o seguinte: "Los sustantivos comunes tienden á hacerse diferenciales mediante la agregación de una *a* para el feminino: así en los nombres en *or*; *pastora* (ant. *pastor*), *siñora* (ant. *señor*), *priora* (*priol é tesoureira* en las *Cánt.*); en los derivados de participios de presente; *parenta*, *comercianta*, *infanta* (*hua infante* en las *Cántigas*), ant. *sergenta* SERVIENTE, *henchenta* 'inundación, crecida', *parenta*, y en otros casos particulares; *fraira*, *rapaza*, etc."

[56] Neste sentido, afirma Carolina Michaëlis de Vasconcelos (1990, *Glossário: s.v.*): "Não existem *Cantigas de amor* em cuja primeira ou segunda linha não se encontre essa titulatura, acompanhada quer do possessivo *mia* (*mha*), quer do qualificativo *fremosa*, quer de ambas as palavras: *fremosa mia Senhor*". Huber (1986 [1933]: 168) introduce unha explicación estilística, relacionada coa rima, para as excepcións por el localizadas: "Das palavras en *-or*, *senhor*, *pastor* e formações em *-ador*, *edor*, *-idor* (p. ex., *pescador*, *bevedor*; cf. ainda § 318) são tanto masculinas como femininas; por iso: *senhor, rainha, mia senhor fremosa, ũa pastor*. No entanto, encontra-se, p. ex., *senhora* no *C.V.* a rimar com *agora, fora, Çamora*".

(b)

*Ai, boa donzella, avee mercee de minha irmaa, e eu me tornarei teu servo e quantos de mim terra teem, e leixai-a, ca se ora morrer a perda será grande e eu seerei ende escarnecido e tu**, amiga senhora**, non ganharás i ren*

(*Demanda*, 24-27).

(c)

vi boas donas tecer e lavrar
cordas e cintas, e vi-lhes criar,
*per boa fe, mui **fremosas pastores***

(Joan Soarez Coelho B 1181 / V 786).

(d)

***Abadessa**, oí dizer*
*que erades mui **sabedor***
de todo ben

(Afonso Eanes do Coton, B 1579 / V 1111).

Moitos nomes masculinos galegos acabados en *-on*, procedentes de terminacións latinas -ONE, -ONU, presentan no feminino unha forma en que caeu o -N- intervocálico: *bo(n)* (<BONU) / *boa* (<BONA); *león* (<LEONE) / *leoa* (<LEONA). Aínda que os nomes formados modernamente con *-on*, sexa este sufixo aumentativo (*cabezón/ cabezona*) ou sufixo deverbal (*chorón/ chorona*), manteñen a consoante nasal[57].

O sufixo latino -ANU / -ANA oferece na actualidade dous resultados diferentes no galego estándar, dependendo do grao de evolución, caracterizándose os vocábulos patrimoniais pola caída do *-n-* intervocálico latino: *irmán* (<GERMANU) / *irmá* (<GERMANA). Dialectalmente, a terminación -ANU latina dá lugar a diversos resultados, distinguíndose o bloque occidental pola consonantización da nasalidade vocálica provocada pola caída do *-n-* (*irmán*, hoxe característico do galego común), e os bloques central e oriental pola perda da nasalidade vocálica (*irmao*); de todos os xeitos, Fernández Rei (1990: 59-64) chega a estabelecer nove sistemas diferentes combinando os resultados actuais das formas masculinas e femininas, acrecentando así máis un aos oito propostos por Pérez Pascual (1982: 201-213). En vocábulos non patrimoniais mantense a terminación latina, tanto no masculino como no feminino: *urbano* (<URBANO) / *urbana* (<URBANA), *humano* (<HUMANO) / *humana* (<HUMANA).

[57] As *Normas* (1995: 67) admitían ambas as formas de feminino, con ou sen caída do -N- intervocálico (*leoa*, *leona*) e consideraban que se mantiña a consoante nasal, ademais de nos casos que vimos, nos xentilicios *bretón* / *bretona*.

Pola súa parte, a terminación latina -ANE converteuse no galego moderno en *-án*, pola caída do *-e* final. As normas oficiais do galego de 1995 (*Normas* 1995: 66) propuñan para estes nomes unha moción de xénero *-án* / *-ana* (obviamente, cando non é irregular: *can* / *cadela*), aínda que os exemplos que achega corresponden a outros casos, sendo os máis abundantes aqueles en que *-án*[58] é un sufixo utilizado como formador de adxectivos, normalmente cun significado caracterizador pexorativo (Freixeiro Mato 1998: 231), quer sobre bases nominais: *burrán*, *burricán*, *carneirán*, *porcallán*, *buxán*, *cabezán*, *bocalán*, *cachán*, *cacholán*, *papán*, *barrigán*, *carallán*, *orellán*, *testán*, *guedellán*, *vergallán*, *cangallán*, *carcamán*, *lacazán*, *brután*, *larpán*, *lerchán*, *lorán*, *pailán*, *parvallán*, *pillabán*, *toleirán*, *bardallán*, *balandrán*; quer sobre bases verbais: *buleirán*, *cagán*, *charlatán*, *folgazán*, *farfallán*, *loubán*, *mentirán*, *tangueleirán*, *zampallán*. En todos estes nomes a forma feminina termina en *-ana*, sufixo que nesta edición das normas tamén se propuña para o feminino de substantivos como *ermitán* ou *escribán*; ambos proveñen respectivamente doutros substantivos cultos (*eremita*, *escriba*) e por razóns de índole social, o feito de designaren profisións ou modos de vida propios tradicionalmente de homes, non se rexistran antigas formas femininas[59].

Esta explicación pode servir tamén quizá para *capitán*, nome que provén do baixo latín CAPITANU, pois a inexistencia de mulleres que realizasen esta función facía innecesario o uso do feminino, que só modernamente é utilizado[60]. Talvez sexa esta a causa, igualmente, de que se propoña unha forma feminina *sacristana* para un substantivo que procede na súa forma masculina dun vocábulo latino con sufixo -ANU (SACRISTANU)[61]. Noutras ocasións trátase de léxico non patrimonial: *musulmán* / *musulmana*, *gardián* / *gardiana*, *langrán* / *langrana*, *rufián* / *rufiana*, *alazán* / *alazana, sultán* / *sultana*[62]. Para outro substantivo que as normas oficiais do galego inclían neste grupo das formas femininas en *-ana*, *barregán* / *barregana*, achamos na lingua medieval unha forma *barragãa*:

[58] Segundo Ferreiro (1997: 144) "o sufixo moderno *-an*, *-ana* de grande extensión na lingua popular e coloquial, procede posibelmente do sufixo aumentativo *-ón*, cunha modificación fonética a que puido contribuír o resultado *-an*, da terminación lat. -ANE."

[59] No decreto 173/1982, do 17 de novembro, sobre a normativización da lingua galega (*Normativización* 1983: 30) optábase, ao contrario do prescrito nesta edición, por unha forma feminina *ermitá*.

[60] De todos os xeitos, aínda recentemente se ten utilizado a forma feminina para designar á muller do capitán. Este uso é rexistrado por Saco Arce (1967: 43), aínda que, de acordo coa súa proposta de facer todos estes femininos en *-á*, mesmo nos nomes derivados de substantivos e de verbos que vimos arriba, propón unha forma *capitá*.

[61] Oro (1994: 229-230) recolle algunhas das formas de representación deste nome na lingua medieval, sempre en masculino. Igualmente, de entre todas as formas medievais correspondentes ao actual *escribán* non rexistra ningunha feminina.

[62] Mais, porén, *artesán* / *artesá* (*Normas* 1995: 64), apesar de se tratar dun empréstimo do italiano, *artigiano*. No DXL (1995: s.v.) aparecen as formas *artesán* / *artesana*.

(31)
Esta cantiga de cima foi feita a ũu mestre d'ordin de cavalaria, porque avia sa ***barragãa*** *e fazia seus [filhos] en ela ante que fosse meestre, e depois avia ũa tenda en Lixboa en que tragia mui grande aver a guaanho*
(*Rubricas* V 1039)

Aliás, esta palabra xa ten experimentado algunha variación dentro desta mesma tendencia normativa, pois nalgún caso proponse unha forma feminina *barregá* (DXL 1995: s.v.).

Por último, para os xentilicios de Alemaña e Cataluña, as normas ortográficas e morfolóxicas optaban pola forma analóxica *alemán* / *alemana* e *catalán* / *catalana*, frente á forma antiga *alemá* e *catalá*[63].

Desde outra perspectiva normativa, representada por Costa Casas / González Refoxo / Morán Fraga / Rábade Castiñeira (1988: 78), proponse regularizar estas terminacións analoxicamente coa forma feminina patrimonial acabada en *-á*, coa única excepción do empréstimo *sultán* / *sultana* e mais dos nomes propios de persoa *Xoán* / *Xoana*, *Xulián* / *Xuliana*. Neste mesmo sentido se pronuncia Freixeiro Mato (2000: 44) no segundo volume da súa gramática. Como xa comentamos anteriormente, esta opción regularizadora xa fora asumida pola gramática de Saco Arce (1967: 43), e é postulada tamén por César Oro (1994: 233), nun traballo en que se ocupa das desinencias *-án*, *-ano* e *-ao* baseándose en textos dos séculos XIII ao XV e mais en dicionarios galegos actuais, co obxecto de tentar pór algunha orde nesta conflituosa cuestión:

> Las fluctuaciones de las lenguas son consecuencia de la energía que todas llevan dentro. De cuando en cuando hay que dirigir esas fuerzas para que el sistema no se rompa. De ahí la necesidad de la normalización. Quizás resulten extrañas al oído formas como *alemán*, *-a*; *capitán*, *-a*; *catalán*, *-a*, *charlatán*, *-a*, etc; pero la unidad del gallego lo reclama sin excluir la posibilidad de la excepción.

De feito, unha proba da confusión que se ten dado arredor destas terminacións, é o feito, subliñado polo autor, de que se produzan flutuacións no feminino de certas palabras en dicionarios actuais (xa vimos o caso de *artesán* e de *ermitán*, mais o mesmo acontece, por exemplo, con *gardián*), alén das pequenas aínda que significativas mudanzas que sobre a propia normativa veñen realizando cada certo

[6] As *Bases* (1980) daban como correctas as dúas posibilidades: "Non ofrecen problemas na forma masculina: *guardián, alemán, catalán, lacazán, loubán; guardiáns, alemáns*, etc. A forma femenina pode ser en *-á* ou *-ana*: *alemá/-ana, catalá/-ana*" (p. 25).

tempo as institucións oficialmente encarregadas da fixación do estándar. Por este motivo, unha vez que se teñen logrado fixar con criterios coherentes as terminacións *-an*, *-ano*, enormemente inestábeis nos textos literarios do século XIX e de boa parte do XX[64], resultaba imprescindíbel ofrecer definitivamente unha norma clara para as formas femininas correspondentes aos masculinos en *-án*.

Neste mesmo sentido, a asimilación dos empréstimos segundo a forma patrimonial *-án* / *-á* (*irmán* / *irmá*) non presenta ningún problema. Unicamente os nomes derivados de substantivos e de verbos co sufixo caracterizador *-án* deben presentar, desde a nosa perspectiva, un sufixo *-ana* no feminino, pois aparecen recentemente na lingua popular sempre baixo esta forma. Ademais, proceden posibelmente do sufixo aumentativo *-ón*, o cal explicaría, en certa medida, a súa forma feminina analóxica tamén con *-ona*. Nalgúns casos mesmo conviven no galego os dous derivados con significados idénticos ou moi próximos: *cabezán* / *cabezana*, *cabezón* / *cabezona*; *papán* / *papana*, *papón* / *papona* (cfr. Freixeiro Mato 2000: 80-81). Na última revisión normativa, de xullo de 2003, finalmente foron regularizadas neste sentido as terminacións *-án* / *-á* para todos estes substantivos que comentamos, acabando así, esperamos que de vez, a inestabilidade que a este respecto ofrecían as normas morfolóxicas da lingua galega.

Finalmente, a oposición xenérica nalgúns nomes caracterízase por presentaren as formas femininas sufixos herdados do latín, unhas veces mantendo a súa forma orixinal e outras sometidos a un proceso de evolución; é o caso, respectivamente, de *poetisa* e *sacerdotisa*, *condesa* e *abadesa*[65](<-ISSA); de *heroína* e *galiña* (<-INA); e mais de *actriz* (<-TRICE).

1.2. O xénero gramatical nos estudos lingüísticos galegos

Até aqui vimos algunhas cuestións referentes ás mudanzas que experimentou o xénero gramatical na pasaxe do latín ao galego, e comentamos alguns dos problemas que as gramáticas e as propostas normativas enfrentaron no referente á fixación desta categoria gramatical. Dando unha ollada xeral sobre a tradición gramatical galega, podemos extraer algunhas conclusións sobre como esta complexa categoría vén sendo considerada nos estudos que se ocuparon da nosa lingua.

[64] As *Bases* (1980: 26) ofrecían a seguinte solución práctica: "En tanto non aparece un dicionario de dúbidas recoméndase acudir a un dicionario portugués e face-la equivalencia port. *-ão* = gal. *-án* (*cristão* = *cristián*), port. *-ano* = gal. *-ano* (port. *humano* = gal. *humano*).

[65] Este substantivo aparece reiteradamente nas cantigas de escarnio galego-portuguesas. Por analoxía con estes nomes formáronse outros femininos como *duquesa*, *princesa* ou *prioresa*: *A vós, Dona* ***abadessa****,/ de min, Don Fernand' Esquio,/ estas doa vos envio,/ por que sei que sodes essa/ dona que as merecedes:/ quatro caralhos franceses/ e dous aa* ***prioressa*** (Fernando Esquio, B 1604 / V 1137).

O primeiro que se debe pór en destaque é a confusión existente desde as primeiras gramáticas entre o nivel semántico, onde se encadra o contido significativo que o xénero gramatical pode adquirir en galego, e o nivel morfosintáctico, que define esta categoría pola súa función clasificadora dos nomes en dous termos, {MAS} e {FEM}, e mais pola súa relevancia na combinación de elementos nominais nas estruturas sintácticas. Neste sentido, a pesar de marcaren moitas gramáticas nitidamente esta distinción conceptual, non todas a manteñen coherentemente, sendo frecuente até nos estudos máis recentes a inclusión das oposicións lexemáticas de sexo (*home* / *muller*) entre o que tradicionalmente se denomina 'formación de feminino', isto é, entre as regras flexionais de xénero. Así mesmo, a tradición terminolóxica clásica no tocante ao xénero gramatical pervive aínda ocasionalmente nalgúns destes estudos, sobre todo o concepto de nome epiceno, apesar de esta terminoloxía asentar exclusivamente sobre a relación entre xénero gramatical e sexo.

Outro aspecto convencionalmente analizado nos estudos gramaticais galegos é o da relación entre terminación fónica e xénero gramatical, nalgúns casos mesmo tentando recoñecer a expresión substancial dos morfemas de xénero nesas terminacións, o cal obriga a estabelecer un número considerábel de regras fonolóxicas para a adscrición de xénero, sempre con abondosas excepcións. O problema neste tipo de estudos surxe en parte da vontade de recoñecer en todos e cada un dos substantivos un segmento fónico que se corresponder con cada un dos termos xenéricos, algo que, como xa vimos, non acontece en todas as ocasións. Do noso punto de vista, como xa foi explicado, a única solución posíbel seguindo este modelo de análise, sen deixarmos de considerar o xénero gramatical como un morfema dos nomes, consiste en renunciar a tentarmos achar a expresión do morfema sempre na propia forma substancial do substantivo, localizando as súas marcas no contorno sintáctico, entendido como parte do seu significante, e distinguindo metodoloxicamente entre morfema e morfe.

Doutra parte, na elaboración destas regras fonolóxicas para a adscrición xenérica adoita pesar, sobre todo nos primeiros estudos gramaticais sobre o galego, o continuo confronto coa lingua do Estado, con criterios que ás veces semellan ser puramente didácticos, por estaren dirixidas algunhas destas obras ao estudo do galego por parte de persoas castelanfalantes, mais que noutras ocasións parecen revestir determinados prexuízos lingüísticos, presentando na realidade o que se consideran desviacións da norma comunmente aceptada no tocante ao xénero gramatical dos substantivos. Alén diso, as discordancias a respecto da adscrición xenérica nalgúns substantivos pon en relevo as dificultades da fixación normativa causadas pola presión do español, fundamentalmente naquelas cuestións de carácter morfolóxico que dependen dos costumes de uso dos falantes e que están gravemente interferidas. É preciso, neste sentido, distinguirmos entre os estudos gramaticais que son simplemente descritivos e os que ademais pretenden cumprir unha función prescritiva.

Destes últimos, mesmo aqueles máis recentes no tempo presentan entre si pequenos mais significativos desacordos, o cal revela a dificultade da fixación normativa do xénero gramatical en nomes que designan seres inanimados, onde a adscrición ao MAS ou ao FEM é arbitraria e convencional. Pois se para fixar o xénero de moitos destes substantivos existen criterios históricos, con base nos textos galego-portugueses, para moitos dos cultismos (como *o ~ a fantasma* etc.) hai apenas dúas alternativas, seguir estreitamente a realidade de uso actual, influída de forma decisiva pola presenza do español como modelo de lingua culta para os galegofalantes, ou ben procurar a harmonización coa lingua irmá do alén-Miño.

Sobre a expresión mórfica da oposición paradigmática de xénero, debemos sinalar a coincidencia xeral entre as gramáticas galegas na denominación do que nós analizaremos como infixos (vid. 2.2.2) no termo feminino de certos substantivos (*-esa*, *-ina*, etc.), e que son interpretados tradicionalmente como sufixos derivacionais. O uso desta terminoloxía parece condicionar a consideración dos procesos derivacionais exclusivamente á forma dos sufixos, de maneira que a pesar de posuíren o mesmo significado e cumpriren as mesmas funcións, uns procesos serían flexionais e outros derivacionais a depender só do tipo de sufixo que empregaren. Pola contra, o feito de estes sufixos teren a súa orixe noutros latinos usados en procesos de derivación é máis unha proba, na nosa opinión, da dificultade que supón nalgúns casos trazar unha fronteira nítida entre flexión e derivación (vid. 0.5.3).

Resulta tamén conflituosa a oposición mórfica dos nomes que terminan en *-án* (*-ao*) e *-ón* no termo MAS, producíndose diverxencias desde as primeiras gramáticas sobre a correspondente forma feminina, con ou sen caída do *-n-* intervocálico (*-á ~ -ana*, *-oa ~ -ona*, respectivamente), dada a inestabilidade que estas oposicións presentan na fala; coa evidente presión do español, por outra parte, cara á forma que conserva o *-n-* intervocálico no termo FEM. Neste sentido, como vimos, as normas oficiais experimentaron algunha variación desde que foran aprobadas, aínda que as últimas gramáticas ofrecen propostas de uso tendentes á simplificación, que distinguen entre palabras simples e derivadas, sendo só estas últimas as que manteñen o *-n-* intervocálico.

Por último, en case todas as gramáticas galegas, coas únicas excepcións de Álvarez / Regueira / Monteagudo (1992) e mais do volume dedicado á morfosintaxe da gramática de Freixeiro Mato (2000), hai unha ausencia absoluta de referencias á cuestión da concordancia, aspecto central ao falarmos do xénero, sen que se consigne calquera información sobre as estruturas que a rexen nin sobre os seus problemas.

2. Aspectos morfosintácticos do xénero

2.1. O sistema de xénero nos nomes

2.1.1. Cuestións previas

Segundo a definición que xa vimos, o xénero gramatical constitúe na realidade unha categoría que divide os nomes en dous grupos e que lles permite estabelecer relacións de concordancia; funciona como unha valencia combinatoria (Martínez 1977), de tal maneira que pertence inherentemente ao substantivo sen que, na maioría das ocasións, poida ser recoñecido por ningún segmento fónico do seu significante. Así pois, o funcionamento desta categoría gramatical é diferente en nomes substantivos e en nomes adxectivos, comportándose tamén dun xeito peculiar nos pronomes, onde participa das dúas funcións que esta clase de palabras poden cumprir, referencial ou anafórica. O sistema xenérico organízase, por tanto, en torno aos morfemas de xénero {MAS} e {FEM} que posúen todos os nomes en galego, sexa cal for a función sintáctica que cumpran e aínda que non sexa recoñecíbel na súa expresión substancial. A división do sistema xenérico en dous termos ocasiona á súa vez que os nomes substantivos poidan ser divididos a respecto do xénero en dúas clases, os masculinos e os femininos. Como veremos a seguir cando analicemos as estruturas de concordancia, a funcionalidade desta división, por riba das distincións semánticas que permite realizar nalgúns casos concretos (minoritarios no repertorio global dos substantivos galegos), consiste na posibilidade de relacionarmos os elementos nucleares cos seus modificadores, ultrapasando mesmo o ámbito da cláusula, para permitir articular as referencias anafóricas dun texto.

Consideramos o xénero como un morfema gramatical que actualiza todas as palabras incluídas na categoría nome; como un morfema, por tanto, flexional que ten implicacións na estrutura sintáctica por servir para relacionar sintagmaticamente os elementos do enunciado. De acordo con esta definición, fica claro que o estudo do morfema de xénero corresponde á morfoloxía, entendida no sentido clásico como a parte da gramática que se ocupa das formas, funcións e significacións dos signos

mínimos, e tamén á sintaxe, encarregada do estudo de frases, cláusulas e oracións (Roca-Pons 1985: 127-134). O feito xa comentado de o xénero se definir polas súas implicacións sintácticas na concordancia, sendo inherente nos substantivos e segmentábel a súa expresión substancial nos nomes, xustifica que o teñamos denominado 'categoría morfosintáctica'. Doutra parte, está especificado lexicalmente en todos os substantivos que non se opoñen en dous termos xenéricos, polo que o estudo do xénero gramatical fai parte tamén do léxico. En definitiva, o xénero como elemento de concordancia é un trazo abstracto, morfosintáctico, que pertence á raíz lexical dos substantivos (Roca 1989: 10)[66].

Como os criterios semánticos non serven para realizar a adscrición xenérica da maioría dos substantivos, moitas das gramáticas galegas teñen acudido á análise da terminación fónica co obxecto de estabeleceren relacións entre esta e o xénero gramatical, perante a constatación da existencia de certas regularidades (e seguramente, dunha perspectiva diacrónica, perante a conciencia de a terminación ter sido esencial para a asignación do xénero aos substantivos na pasaxe do latín ao galego). Nesta tentativa ten influído tamén a vontade, dentro dalgunhas correntes estruturalistas, de recoñeceren e segmentaren o morfema de xénero en todos e cada un dos substantivos. As dificultades dunha análise destas características xa fora posta de manifesto, nun estudo sobre a expresión do xénero en español, por Saporta (1962), que a este respecto dividía os nomes en variábeis e invariábeis. Segundo este estudo, unicamente nos primeiros é facilmente recoñecíbel o morfema de xénero, presente nos segmentos finais que se opoñen paradigmaticamente entre o MAS e o FEM. Nos invariábeis, onde non é posíbel realizar ningunha segmentación que poida ser relacionada co morfema de xénero, tanto Saporta (1962) como Anderson (1984) recorren á sufixación apreciativa, nomeadamente á diminutiva, para acharen a expresión do morfema de xénero correspondente[67]. Este recurso á

[66] Cfr. Roca (1989: 10): "It was also shown that strictly semantic or phonological criteria fail to yield an adequate description of the data, and thus that gender must be construed as an abstract morphological property which is syntactically transmitted from the head nouns to its modifiers. Thus far the two gender classes have implicitly been given equal status. In point of fact, on the basis of the evidence examined it would appear that, other things being equal, membership probability for either category is esentially random".

[67] Segundo Saporta (1962: 282), os nomes invariábeis posúen un alomorfe /ø/: "the presence of a gender morpheme in the invariables is indicated by analysis of the forms with diminutiv suffixes, *papel/papelito*, *mujer/mujercita*, *hombre/hombrecito*. Thus, the /-e/ in *hombre* is an allomorph of the morpheme {mas.} by virtue of its alternation with /-o/ in *hombrecito*. The allomorph /-a/ in *mujercita* is evidence for positing a zero allomorph of the morpheme {fem.} in *mujer* /muxér-ø/. Similarly, the final /-e/ in *padre* 'father' and the final /-e/ in *madre* 'mother' represent different morphemes since they alternate with contrasting forms in the diminutives, *padr-ecit-o*, *madr-ecit-a*". Anderson (1984: 289) identifica, no entanto, algunha excepción a esta regra xeral sobre o funcionamento do diminutivo para o recoñecimento substancial do xénero: "The diminutive does not always indicate the basic form in this class, e.g., *artistita* 'artist' is both masculine and feminine, however, the augmentative form does, e.g., /artíst-a/, /artist-ás-o/, /artist-ás-a/".

formación diminutiva para identificar os segmentos fónicos que normalmente se relacionan con cada un dos xéneros, /o/ e /a/, é utilizado tamén noutros estudos posteriores, aínda que recoñecendo a existencia de excepcións, nos substantivos femininos que terminan en *-o* e nos masculinos que o fan en *-a* (cfr. Roca 1989: 15; Lloret / Viaplana 1998: 82-83). Na realidade, a este respecto os diminutivos galegos teñen un comportamento particular, pois tenden a reproducir a terminación *-o* / *-a* dos substantivos simples, sexa cal for a relación que esta terminación ten co xénero gramatical (cfr. Caravedo 1990).

Aínda que, con efecto, tanto os factores semánticos como os fonolóxicos gardan algunha relación coa categoría de xénero gramatical, ningún deles serve por si só para dar conta do seu funcionamento. É neste sentido que Harris (1991: 28), como xa adiantamos en 0.2, fala de tres niveis de análise independentes aínda que relacionados: o semántico, de distinción do sexo biolóxico (macho / femia); o gramatical, que se corresponde propiamente co xénero, entendido en virtude da súa relevancia sintáctica; e mais o fonolóxico, que fai referencia ás clases formais ou desinenciais e estuda as variadas terminacións fónicas das palabras. Neste sentido, Harris (1991 e 1992) analiza as diversas clases de palabras que se poden estabelecer a partir da súa terminación fónica en español, no primeiro dos traballos de acordo con todas as combinacións de vogal máis /s/, e no segundo incluíndo tamén os substantivos que acaban en consoante. Polo xeral estes estudos toman en consideración as vogais átonas situadas no último lugar dos nomes, xustamente diante do espazo reservado para a expresión da categoría do número, e que se ven truncadas nos procesos derivacionais:

(32) (a) cas**a** [Subs] {FEM} → cas-ona [Subs] {FEM}
(b) cárcer**e** [Subs] {MAS} → carcer-ario / -aria [Adx] {MAS} / {FEM}
(c) abus**o** [Subs] {MAS} → abus-ivo / -iva [Adx] {MAS} / {FEM}

O feito de considerar estas terminacións fonolóxicas, e as clases que coas súas distintas combinacións se poden formar, con independencia da categoría gramatical de xénero, leva Harris a incluír na clasificación unha clase de palabras en que esta categoría non se manifesta, os adverbios[68]. Desta maneira, a análise proposta por este autor renuncia a procurar calquera relación entre determinadas terminacións e cada un dos xéneros; nomeadamente, non asocia as terminacións vocálicas /o/ e /a/ cos xéneros MAS e FEM, respectivamente, a pesar de considerar que as palabras que terminan nestas vogais constitúen o grupo principal, máis numeroso e máis produ-

[68] Cfr. Harris (1991: 33): "Spanish adverbs have no intrinsic component of meaning related to sex, and they do not enter into the gender system of Spanish in any way: they have no lexical gender, and they do not participate in gender concord. Adverbs do, however, have word markers that display precisely the same distinctive morphological behavior as the word markers of nouns and adjectives".

tivo, do español[69]. A súa descrición, con ser moi rigorosa e presentarse cunha forte formalización, non explica as tendencias xerais na terminación dos nomes a respecto do xénero.

Os substantivos cuxos lexemas non se poden actualizar en torno a dous termos xenéricos, en que non existe oposición paradigmática de xénero, isto é, aqueles lexemas que levan asociado un só xénero, poden terminar en calquera das vogais do sistema fonolóxico galego, e aínda que existe tendencia a relacionar *-o* {MAS} / *-a* {FEM}, nin sequera nestes casos a relación é completamente regular e sistemática.

(33) (a) -a: dram**a** [Subs] {MAS}
cam**a** [Subs] {FEM}
(b) -e: den**te** [Subs] {MAS}
men**te** [Subs] {FEM}
(c) -o: gand**o** [Subs] {MAS}
libid**o** [Subs] {FEM}

Como vemos en (33), as tres vogais postónicas finais propias do sistema fonolóxico galego (cfr. Veiga Arias 1976: 49 e Freixeiro Mato 1998: 112-113) poden en principo concorrer en substantivos de calquera xénero gramatical. Tampouco nas outras terminacións vocálicas ocasionais, en *-i* ou *-u(s)* (*taxi*, *campus*), podemos relacionar plenamente terminación e xénero. Nótese, a este respecto, que é o esquema acentual o que permite considerar estas terminacións como desinencias ou, en terminoloxía de Harris, marcas de palabra, pois unicamente as vogais átonas finais desaparecen nos procesos derivacionais. Este feito relacionado coa estrutura prosódica permite estabelecer diferenzas na derivación e ocasiona que debamos considerar de modo distinto cada unha das terminacións, pois a vogal tónica final fai parte do tema da palabra:

(34) (a) dram**a** [Subs] {MAS} → dram-iña [Subs] {MAS}
(b) papá [Subs] {MAS} → papa-íño [Subs] {MAS}

Obviamente, nos nomes terminados en consoante tampouco é posíbel segmentar ningún elemento que poida ser relacionado co xénero gramatical, de maneira que, por exemplo, no substantivo *papel* os cinco fonemas constitúen a raíz lexemática posuidora dun morfema de xénero MAS (*papel-iño*, *papel-aría*, *em-papel-ar*).

[69] As vogais /o/ e /a/ tamén constitúen as terminacións máis rendíbeis do galego. Sen termos en consideración a clase de palabras a que pertencen os vocábulos, das 36.311 entradas do *Diccionario Cumio da Lingua Galega en CD-ROM* (1999) 11.791 terminan en *-o* e 7.852 en *-a*. Doutra parte, a preminencia da terminación *-o* sobre *-a* está condicionada en parte polo feito de os nomes con variación xenérica teren rexistrada a súa entrada no termo MAS.

Doutra parte, algúns lexemas que poden ser actualizados en dous xéneros diferentes non mudan a súa terminación para cada un dos termos, polo que ese segmento fónico final non pode ser identificado como morfe de xénero. Son substantivos que terminan fundamentalmente en *-a* e mais en *-e*, aínda que ocasionalmente nalgúns usos, en nomes de oficio, tamén en *-o*:

(35) (a) artist**a** [Subs] {MAS} / {FEM}
(b) estudant**e** [Subs] {MAS} / {FEM}
(c) carteir**o** [Subs] {MAS} / {FEM} ~ carteiro {MAS} / carteira {FEM}

O exemplo de (35c) constitúe un caso á parte, como veremos máis adiante en 2.2.2 e 3.2.2, pois a tendencia de uso actual parece ser a de interpretar a terminación *-o* como un morfe de xénero, sendo substituído polo *-a* que caracteriza o FEM no outro termo da oposición xenérica. O mesmo sucede tamén, en certa medida, cos substantivos que terminan en *-e* (*presidente* / *presidenta*); mais, polo xeral, a actualización canto ao xénero destes lexemas realízase mediante un proceso morfolóxico de conversión, sendo o contexto sintáctico o que permite distinguir o termo MAS do termo FEM. A este respecto, ademais, os que terminan en *-a* compórtanse dun xeito particular, pois non existe neles esa tendencia a crear un outro termo substituíndo a terminación fónica /a/ por unha que poida representar o masculino (**artist-o*). A causa desta asimetría entre uns substantivos e outros pode residir no feito de ser o FEM o termo marcado, tamén formalmente e non só do punto de vista semántico; o cal explica que o termo MAS admita calquera terminación fónica, incluída a característica do feminino (véxase 2.2), entanto que o FEM sempre está representado polo /a/.

Por outro lado, a terminación *-e* caracteriza moitos dos adxectivos sen variación xenérica, rexistrándose tamén neles esa tendencia a marcaren especificamente cada un dos xéneros mediante os morfes *-o* / *-a* (*ceibe ~ ceibo* / *ceiba*). As outras terminacións máis frecuentes de adxectivos con sincretismo entre MAS e FEM son *-az*, *-iz*, *-oz*, *-al*, *-el*, *-il*, *-ar* e *-or*. Son frecuentes igualmente os adxectivos invariábeis canto ao xénero que terminan en *-s*, como *gris* ou todos os que terminan en *-as* (*papanatas*, *medicas* etc.) (Freixeiro Mato 2000: 79)[70].

En definitiva, moitas vogais átonas finais de nomes substantivos e adxectivos non poden ser relacionadas co xénero gramatical, por non participaren das tendencias xerais da asignación do xénero nin seren expresión mórfica de MAS ou FEM, de tal maneira que estes segmentos fónicos non posúen significado e non son, por tanto,

[70] Véxase, a este respecto, Carballo Calero (1979: 175), que inclúe entre as características dos adxectivos invariábeis as terminacións *-i* (en *carmesí* e *marroquí*, aínda que para este último existe igualmente unha forma *marroquino* / *marroquina*, recomendada polas normas oficiais), *-un*, *-in* (*común*, *ruín*), *-ense* (*mindoniense*). Cfr. Álvarez / Regueira / Monteagudo (1992: 71-72).

expresión de ningún morfema. As correntes estruturalistas que pretenden achar correspondencia un a un entre morfema e morfe denominan estes segmentos 'morfes vacíos', pois de igual modo que existen morfemas sen morfes que os representen, admítese neste caso a existencia de morfes que non representan morfema ningún (cfr. Pena 1990: 31-33). De todos os xeitos, é este un concepto conflituoso, como tamén o é en certa medida o de 'morfe ø', xa que non parece aceptábel relacionar calquera expresión fonolóxica dunha palabra cun morfema, como tampouco é razoábel caracterizar un segmento fónico como morfe tendo en consideración a ausencia dun morfema que en teoría lle debía corresponder, mais que na realidade non existe. Neste sentido, é plenamente coherente a opción de Herculano de Carvalho (1984: 7-26), quen, após un levantamento de nomes substantivos e adxectivos terminados nas tres vogais átonas finais, *-e*, *-o* e *-a*, tomando en consideración as características semánticas dos nomes en que concorren, chega á conclusión de todas estas vogais cumpriren a función de 'actualizadores léxicos', actuando ademais *-o* e *-a* como marcas de xénero na maioría dos nomes. A análise deste autor detense fundamentalmente nas características da vogal final *-e*, afirmando que non é posíbel estabelecer relación algunha entre este segmento fónico e cada un dos xéneros gramaticais. Por outro lado, os adxectivos que terminan nesta vogal son todos formalmente invariábeis, podendo concordar con substantivos de ambos os xéneros, coa excepción dos que tamén poden cumprir unha función substantiva, que presentan en oposición unha forma terminada en *-a* para o feminino. Alén diso, como veremos máis adiante, existe unha certa inestabilidade canto ás tendencias de oposición formal MAS / FEM neste tipo de nomes[71]. Doutra parte, liga a aparición desa vogal final coa necesidade do seu uso nos plurais das palabras terminadas en portugués nos arquifonemas consonánticos /S/, /L/, e /R/ (*cor* / *cor**e**s*), o cal demostraría que tamén nestes nomes está latente a vogal *-e* no termo SING. En suma, para Herculano de Carvalho a función común ás vogais finais, independentemente da relación que poidan manter co xénero gramatical do nome, é a de integraren o tema no léxico, "actualizado com un dos seus elementos (primeira actualização da palavra), e em seguida realizado concretamente no discurso (segunda actualização)" (p. 25).

2.1.2. As clases de nomes e as vogais temáticas -o / -a

De acordo co que temos visto até aquí, semella evidente que as vogais *-o* e *-a* caracterizan respectivamente o MAS e o FEM, aínda que nos nomes substantivos sen variación xenérica, naqueles lexemas que non se actualizan en dous termos xenéricos diferentes, a relación entre estas terminacións e cada un dos xéneros non é regular

[71] Herculano de Carvalho (1984: 18) conclúe, neste aspecto, que o que existe realmente en pares do tipo *infante* / *infanta* é unha oposición de morfes *-ø* / *-a*, igual que noutros como *cantor* / *cantora*, aínda que, do noso punto de vista, non se vexa ben como.

nin sistemática[72]. En liñas xerais, pódese afirmar que estas vogais expresan a división dos nomes en dúas clases, dun modo semellante a como o fan as VTs nos verbos, pois a maioría dos substantivos masculinos terminan en *-o* e a maioría dos femininos en *-a*. As excepcións desta tendencia son máis numerosas no caso dos substantivos masculinos que terminan en *-a* do que no contrario. Son masculinos, por exemplo, os substantivos *clima*, *idioma*, *sistema*, *lema*, *tema*, *cometa*, *problema*, *día*, *mapa*, *drama*, *cinema* etc.; entanto que son femininos substantivos terminados en *-o* como *dinamo*, *libido*, *radio, moto* e *foto*[73]. De todos os xeitos, débese ter en conta que estes dous últimos son o resultado de procesos de encurtamento de substantivos que terminan na súa forma plena en *-a*, *motocicleta*, *fotografía*.

Apesar das excepcións, son máis numerosos os substantivos en que si se produce esta relación entre a vogal /o/ e o termo {MAS} e mais a vogal /a/ e o termo {FEM}, polo que a existencia doutras terminacións alternativas, que son minoritarias, non invalida esta asociación. En calquera caso, tales marcas son redundantes e non son elas as que dotan o substantivo dun xénero determinado, pois neste tipo de nomes invariábeis o xénero gramatical é un trazo morfolóxico intrínseco do lexema. Doutro lado, como veremos a seguir, a expresión mórfica máis frecuente da oposición paradigmática de xénero sobre a base dun mesmo lexema é tamén *-o* {MAS} / *-a* {FEM}, sendo estas marcas, presentes en modificadores e determinantes, as que permiten frecuentemente recoñecer o xénero gramatical dos substantivos invariábeis. En galego-portugués a relación é máis evidente por seren os tradicionalmente denominados artigos determinados *o*, *os* para o MAS e *a*, *as* para o FEM. Neste sentido, tendo en conta o que xa comentamos (véxase 0.5.2) sobre o indicado por Alarcos Llorach (1998: 66-68) en torno ao artigo, considerado por este autor un morfema dependente do nome substantivo que acompaña e que cumpre entre outras a función de marcar o seu xénero gramatical, resulta palmaria a necesidade de asociarmos estas vogais con cada un dos termos xenéricos.

Sen que teñamos de facer un reconto de todos os substantivos invariábeis en que se verifica esta asociación, o certo é que a relación entre terminación vocálica e xénero gramatical tal e como a formulamos é advertida intuitivamente polos falantes. Neste sentido, os argumentos expostos por Ambadiang (1994: 94) para o español son tamén válidos para o galego:

[72] Como xa se viu en 1.1, as relacións entre terminacións fónicas e xénero teñen unha explicación esencialmente etimolóxica, por estaren asociadas á simplificación das declinacións latinas, que fixo os nomes da primeira e a quinta pasaren a constituír unha clase de nomes (a FEM, por terminaren en *-a*) e os da segunda e a cuarta outra (a MAS, por terminaren en *-o*). Neste apartado tentaremos ofrecer unha xustificación destas relacións desde o plano da sincronía.

[73] Deixamos para máis adiante (véxase 2.1.3) a discusión sobre outros substantivos terminados en *-a* cuxa adscrición xenérica é controvertida e conflituosa do punto de vista normativo.

Resulta interesante recalcar a este respecto que el objetivo de la "regularización" es precisamente hacer correlativos todos los contrastes de género con el contraste formal (*-o* / *-a*) ya señalado. Tal regularización da cuenta de dos hechos. Por una parte, pares del tipo *piso* / *pisa* manifiestan que no existe necesariamente una relación entre el género y el sexo, en la medida en que el primero no deriva siempre ni necesariamente del último. Por la otra, el hecho de que la información que reciben los niños (y los extranjeros que aprenden el español como lengua segunda) no puede, por su poca cantidad y sistematicidad, permitirles llegar a este grado de sistematización de los datos parece apoyar la idea según la cual aquéllos tienen conciencia de que existe cierta regularidad en la relación entre el contraste de género y la presencia de las marcas *-o* / *-a*.

Outro indicio que nos permite estabelecer esta relación e cualificar estes segmentos fónicos finais como VTs é o da recaracterización xenérica, de que xa falamos en 1.1.2, presente en substantivos masculinos que en principio non terminan en *-o* senón en *-e*, e que crearon popularmente unha nova forma coa VT caracterizadora do masculino:

(36) (a) arame [Subs] {MAS} → arami**o** [Subs] {MAS}
(b) cume [Subs] {MAS} → cumi**o** [Subs] {MAS}
(c) enxame [Subs] {MAS} → enxami**o** [Subs] {MAS}

Véxanse, neste sentido, exemplos literarios de autores contemporáneos en que son usadas ambas as formas, a orixinaria e mais a hipercaracterizada:

(37) (a)
COUREL dos tesos ***cumes*** *que ollan de lonxe*
(Novoneyra, *Eidos* 11)

(b)
Chegar ao ***cumio*** *dunha morea de mineral de ferro, partido en anacos pequenos coma morrillo, é difícil*
(Ferrín, *CF* 89)

Tamén, na fala popular e vulgar, cando se produce unha prótese vocálica causada por unha errónea segmentación de substantivos que sendo femininos terminan en *-o* (nomeadamente, aqueles en que se tiña producido un proceso de encurtamento), a asimilación desta terminación ao masculino xoga, do noso punto de vista, un papel determinante na mudanza do xénero e na mesma interpretación do artigo como sílaba inicial do substantivo:

(38) (a) a radio [Subs] {FEM} → *o arradi**o** [Subs] {MAS}
(b) a moto [Subs] {FEM} → *o amot**o** [Subs] {MAS}

Pode interpretarse a existencia dunha recaracterización semellante, aínda que en dirección contraria, en substantivos orixinariamente masculinos que son considerados popularmente como femininos por terminaren en *-a*, tales como *a clima* ou *a fantasma*, se ben estes substantivos terminados na sílaba *-ma*, procedentes na súa maioría de neutros gregos, tenden a seren fixados no xénero masculino por vía culta (cfr. 1.1.1).

Por outro lado, xa vimos que o xénero funciona como un elemento distintivo en moitos substantivos homónimos (*cal* {MAS} / *cal* {FEM}); de entre estes son moi frecuentes aqueles que mostran esta tendencia a relacionaren a vogal final coa súa diferente adscrición xenérica (*port**o*** / *port**a***, *libr**o*** / *libr**a***, *cer**o*** / *cer**a***, etc.). Nestes casos, como indicamos en 0.5.2, interpretamos estas vogais finais como VTs, de igual modo que no resto dos substantivos invariábeis en que o xénero non funciona como un elemento distintivo, por non constituíren os elementos opostos formalmente dous termos dun mesmo lexema, onde a relación entre MAS / FEM e *-o* / *-a*, de existir, é perfectamente sistemática. Parécenos necesario realizarmos a distinción entre estes substantivos, en que o xénero é un trazo que caracteriza de modo inherente o lexema, daqueloutros en que se produce variación xenérica sobre unha mesma base lexemática, pois nestes últimos o morfema de xénero achega un determinado contido semántico e compórtase a este respecto, sen perder a súa funcionalidade gramatical, como un morfema lexical[74].

2.1.3. Interferencias lingüísticas e fixación normativa

Dado que o xénero gramatical é inherente ao substantivo, a súa adscrición é idiosincrática, estando condicionada fundamentalmente por cuestións de evolución etimolóxica en estreita relación coa terminación fónica. Para tratarmos as vacilacións que se producen na asignación do xénero aos substantivos en galego debemos ter en conta diversos factores. En primeiro lugar, non se poden eludir os problemas sociolingüísticos que teñen condicionado a evolución e o uso da lingua galega, sobre todo ao abordarmos un aspecto que polo seu carácter convencional depende en grande medida do apoio que para determinadas opcións ofrezan uns usos considerados correctos polos falantes. Neste sentido, en ningún momento debemos

[74] Doutra parte, como indica Cidrás Escáneo (1991), o carácter privativo do xénero nalgúns substantivos non afecta o seu valor funcional: "O feito de que, no caso do xénero, mesmamente a maioría dos substantivos sexan ou masculinos ou femininos, sen presentaren posibilidade de variación dentro da mesma forma léxica, non implica en absoluto a perda do valor funcional da oposición. *Cesta* e *mesa* son substantivos femininos independentemente de que existan ou non os seus correlatos opostos masculinos. Pero do feito de que existe *cesto* e non **meso* non se deduce a perda de proporcionalidade da oposición: o valor funcional de 'feminino' do morfema *a* de *mesa* mantense inalterado, o mesmo que o valor funcional de 'plural' do morfema *-s* de *andas*, independentemente de que non se actualicen sincronicamente na lingua os seus correlatos opositivos".

esquecer que centramos o noso estudo nunha lingua que sobreviviu durante séculos so a presión dun outro idioma, sen posuír unha variedade estándar propia. En tal contexto o español actuou como lingua teito e como auténtico modelo de lingua culta para os falantes (cfr. Muljačić 1999), co prestixio que lle confería o seu estatus de idioma oficial, nun país en que ademais aínda se produce unha dupla quebra na distribución de usos: horizontal, en relación coa distinción xeográfica 'campo' (galego) / 'cidade' (castelán); e vertical, contando cunha identificación das linguas condicionada socialmente, segundo a distribución 'clases baixas' (galego) / 'clases altas' (castelán), como se recoñece nas conclusións do II volume do *Mapa Sociolingüístico Galego* sobre usos lingüísticos (Seminario de Sociolingüística 1995: 360):

> En liñas xerais, o uso do galego é maior nos entrevistados que o teñen como lingua inicial, nos de máis idade, no hábitat rural, nas clases socioeconómicas baixas e nos que teñen un menor nivel de estudios [...] Os usos bilingües (e o do castelán fronte ó galego) teñen unha maior presencia segundo nos movemos en hábitats máis urbanos, así como nas clases sociais e nos niveis de formación académica máis elevados, entre a poboación máis nova e os que teñen o castelán como lingua inicial. Probablemente neste proceso desempeña un importante papel o feito de que a lingua tradicionalmente favorecida na escolarización e no ámbito da cultura fose o castelán; ademais, a maior urbanización parece estar asociada cun incremento da presencia deste idioma, ó que parece apunta-la crecente castelanización das vilas[75].

En segundo lugar, débense ter en conta tamén as vacilacións que a este respecto se producen en todas as linguas que contan cun sistema de xénero formal e non estritamente semántico, onde sempre se poden rexistrar diferenzas diastráticas ou diatópicas. De todos os xeitos, o uso de certos conceptos comúns en linguas normalizadas (moitas veces discutíbeis polas connotacións ideolóxicas de que se revisten ou o difícil da súa propia definición), tales como o de 'vulgarismo', 'dialectalismo' ou 'influencia erudita', tórnase especialmente dificultoso no noso caso, sobre todo ao caracterizarmos lingüisticamente textos anteriores á mesma existencia dunha variedade estándar. Alén diso, do noso punto de vista, a existencia dunhas normas oficiais non é en si mesmo determinante para abordarmos o estudo de certos enunciados que se desvían do estándar se non se teñen en conta outros factores, como a

[75] Esta descrición da situación lingüística actual da Galiza correspóndese co que Louis-Jean Calvet (1993: 79) denomina 'segundo estadio' do proceso de glotofaxia: "esta organización do que eu chamo o segundo estadio (tendencia ao bilingüismo nas cidades, monolingüismo na campía) atópase na maioría das situación que coñecemos hoxe, é dicir, aquelas nas que o proceso de glotofaxia non chegou ao final. En todos os casos, a lingua dominante vai asociada ás formas máis 'modernas' de economía (digamos, xa que logo, ás formas máis eficaces de explotación do home polo home) e a lingua dominada ás formas 'arcaicas' de producción (digamos tamén ás formas de vida social máis próximas á tradición local)".

proxección social ou o prestixio que ten entre os falantes ese modelo de lingua culta, ou o feito de continuar a estar presente coas mesmas atribucións sociais e privilexios a lingua dominante, continuando a interferir por tanto na lingua cuberta ou dominada[76]. En calquera caso, a ausencia dun estándar propio provocou que algunhas vacilacións se mantivesen desde a Idade Media (é o caso, seguramente, dos substantivos terminados en *-axe*), aínda que constituíndo sempre a tendencia dominante a opción xenérica característica do español. Debemos falar nestas ocasións de castelanismos morfolóxicos ou morfosintácticos, por constituíren unha interferencia lingüística que afecta estes niveis da lingua.

Na maioría das gramáticas das falas dialectais galegas rexístranse algúns destes castelanismos morfolóxicos máis frecuentes. Así, por exemplo, Couceiro (1976: 91) dá conta do uso masculino do substantivo *viaxe* no galego de Feás, frente ao feminino doutros substantivos terminados en *-axe* como *pasaxe*, *coraxe* ou *ferraxe*. Tampouco se corresponde co xénero etimolóxico o substantivo *cárcel* {FEM}, que ademais constitúe un castelanismo lexical, igual que a vacilación de xénero do substantivo *sangre*, rexistrada por Porto Dapena (1977: 147) no galego da comarca ferrolá[77]. A inestabilidade no xénero é sen dúbida unha proba da ausencia dun modelo claro de lingua; neste sentido, no val de Verín, Taboada acha vacilación nos seguintes substantivos que no sistema lingüístico galego-portugués teñen un xénero diferente ao que caracteriza o español: *sangre* ~ *sangue*, *costume*, *arte*, *árbore* ~ *árbole*, *calor*, *color*, *delor*, *labor*. Así mesmo, Regueira Fernández recolle frecuentemente no galego falado no norte da Terra Cha os substantivos *sangre* e *nariz* como FEM e *árbol* como MAS. Moitos destes rexístranse, igualmente, na literatura popular de carácter oral e son comúns en maior ou menor grao a todo o sistema galego:

(39) (a)
Nostra Señora m'aparte
a miña sangre *d'a tua.*
(P. Ballesteros, *CPG* II, 3)

[76] Neste sentido, se os problemas da estandarización non están definitivamente resoltos (cfr. Freixeiro Mato 1997: 113-136), moito menos aínda o da difusión digna e coherente dun modelo de lingua non interferido. Cfr. Kabatek (1991: 10-11): "a elaboración dunha lingua non se pode limitar no que se entende xeralmente por normativización e normalización, senón que fai falla tamén o fomento da creación e do uso do bo galego, e isto non só na literatura mais tamén alí onde a lingua ten a súa maior difusión: nas funcións cara ó público, no ensino, na política, na administración e nos medios de comunicación, porque esta lingua pública debería tamén ser lingua exemplar, un instrumento de comunicación digno de ser punto de orientación para os falantes".

[77] Dubert García (1999: 89) tamén se decanta por considerar de carácter lexical e non morfolóxico os castelanismo *ermano* e *verano* que aparecen ocasionalmente no galego de Santiago de Compostela: "Para nós, *ermano* e *verano* deben ser consideradas castelanismos léxicos (do mesmo estilo ca *suelo*) e non morfolóxicos, pois non supoñen unha violación da morfoloxía da lingua: estas formas novas reciben o mesmo tratamento cós substantivos masculinos ou femininos de acentuación grave rematados en vocal".

(b)
*qu'**o sangre** de quen ben sei*
heillo de facer beber
(P. Ballesteros, *CPG* II, 142)

Segundo estes exemplos, máis que de castelanismo morfolóxico podemos falar dun proceso de substitución lingüística en que a forma propia da lingua dominante se incorpora en ocasións (como en 39b) coas características morfosintácticas da forma substituída, constituíndo neste caso unha fase intermedia do proceso[78]. En relación con este carácter lexical e non estritamente morfolóxico da interferencia, debemos considerar o uso de certos substantivos en construcións fraseolóxicas propias do castelán que son asimiladas, ás veces con lixeiras modificacións, en galego, influíndo por tanto no seu xénero. Corresponde a este caso posibelmente o uso feminino do substantivo *mar*, que vimos en 1.1.2, na construción cun sentido cuantificador *a mar de* (= *abondo*), que supón un calco do español, así como o uso plural de *nariz* nalgúns enunciados:

(40)
cando vent'a caza cerca
*levántansell'**as narices***
(Schubarth / Santamarina, *CPG* VI, 167)

Outros substantivos que experimentan na literatura popular de tradición oral unha certa inestabilidade na adscripción xenérica son, por exemplo, *color* (*cor*) e *couce*[79]:

[78] Véxase tamén, neste sentido, a caracterización do galego berciano transmitido por Fernández y Morales, de acordo con Rosario Álvarez (1996: 161): "No xénero dos substantivos adopta con frecuencia unha solución máis próxima do español ca do galego común e/ou do galego "puro", por veces xunto coa castelanización da forma léxica: *o leite* (p. 192), *a sal* (p. 161), *duas cóuces* (p. 76), *esta labor* (p. 200), *nariz réuta* (p. 273), *po la mel* (p. 221), *esa sangre* (p. 331), *o pez* (p. 179); *o forraxe* (p. 268), *o sudor* (p. 300), *o viaxe* (p. 98), *os árboles* (p. 258), *os mais brillantes colores* (p. 191), *po lo órden* (p. 175). Coincide, ben se advirte que tras vacilacións, en *o dote* (p. 277), *o léite* (p. 227), *a pez* (p. 180) e *o mel* (p. 170). Cómpre salienta-lo xénero feminino de *moda* 'xeito', coma en textos compostelánsdo séc. XIX, contrario á práctica unánime actualmente (*o modo*): "–Pois claro está que de *ningunha moda* / eu podo 'n él aparecer culpado" (p. 95); "*De todas modas*, mande / aquel aviso presto" (p. 135)". En Costas González (1992: 100) rexístranse no val do río das Ellas castelanismos como *a sangre* ou *a labor*.

[79] No caso de *color* poderíase interpretar tamén como españolismo a propia conservación do *-l-* intervocálico, aínda que, como afirma Ferreiro (1997: 322 n.), "moitas veces é difícil estabelecer os límites entre unha evolución autóctona galega, que o enfronta en ocasións coa evolución do Alén-Miño, e unha hipotética influencia culta ou a desnaturalización españolizadora producida polo secular proceso de colonización da Galiza".

(41) (a)
*nunca perderá **a color***
mentras dur'o meu cariño
(Schubarth / Santamarina, *CPG* VI, 97)

(b)
hei d'estrenar un vestido
*d'**o color** d'o caravel.*
(P. Ballesteros, *CPG* II, 290)

(c)
*doum'unha pulga **unha couce***
botoume n-a sepultura
(P. Ballesteros, *CPG* II, 177)

(d)
*pro unha doull'**un couce***
e caín o gato embaixo
(P. Ballesteros, *CPG* III, 258)

Mais na realidade calquera substantivo invariábel canto ao xénero cunha adscrición xenérica distinta á propia do español pode ser atraído por este idioma (**a costume*, **a cume*, etc.). De todos estes, achamos unha maior resistencia talvez nos substantivos que comezan por *a-* tónico e que, indo precedidos dun artigo aparentemente masculino en español, manteñen en galego o seu xénero etimolóxico (*auga*, *alma*, etc.), que raramente son castelanizados na fala popular[80], así como substantivos comúns que fan referencia a realidades moi concretas, do tipo de *leite*, *mel* e *dote*, que parecen resistir ben a presión da lingua oficial do Estado cara

[80] Aínda que si se rexistran este tipo de substantivos precedidos dun artigo masculino, ocasionamente, na fala e na escrita de falantes de español que usan esporadicamente o galego. Inclusive, o que resulta máis grave, esta interferencia lingüística ten aparecido nalgún texto promocional da administración autonómica, como no lema escollido para publicitar uns cursos de natación promovidos pola Xunta de Galicia, *Ó auga patos!*, onde ademais se traduce literalmente unha expresión propia do castelán. Sobre este infrecuente castelanismo ten advertido Carvalho Calero (1992: 250-252), nun artigo xornalístico que data do ano 1987: "Tamén resulta hilarante *o aula*, que acho escrito, ainda que non coa freqüéncia de *el gran área*. En galego non hai mais que unha forma de artigo feminino, *a*, plural *as*. Mas, vantagens do bilingüísmo, algúns empregan a gramática castellana para reger a concordáncia galega, e como, polas razóns indicadas, na língua cervantina se di e escreve *el aula*, e non *a aula*. Retedes o riso? Digamos, pois *o área*, *o alma*, *o asna*, para sermos conseqüentes. E, seguindo este camiño, *o área proibido*, *o alma namorado* e *o asna grávido*, tal vez".

ao feminino[81]. Nos substantivos que posúen dous termos xenéricos é de salientar o caso de *pombo* / *pomba*, pois, como ten posto de manifesto Taboada (1979: 95), existe ás veces unha oposición de alotemas **paloma* / *pombo*, en que o termo masculino fai referencia a unha pomba selvaxe. Neste par de substantivos debemos falar dunha castelanización lexical parcial, por afectar só un dos termos da oposición xenérica, adquirindo cada unha das formas diferentes connotacións semánticas:

(42) (a)
eu vóucheme retirando
quédate con Dios, ***paloma****.*
(P. Ballesteros, *CPG* I, 76)

(b)
Para qué quères ***palomas***
Se non tès o palomar
(P. Ballesteros, *CPG* III, 230)

(c)
Non me mates a ***pombiña***
qu'está n-o arró da eira
(P. Ballesteros, *CPG* I, 207)

(d)
fixen duas festas xuntas
matéi dous ***pombos*** *d'un tiro*
(P. Ballesteros, *CPG* III, 166)

No exemplo (42a) parece claro o carácter afectivo de *paloma* e no (42b) este substantivo fai referencia a unha pomba doméstica; tales circunstancias semánticas

[81] Destes tres substantivos non achamos no cancioneiro popular ningún exemplo de uso feminino. Freixeiro Mato (1993: 88-89) destaca o uso sempre masculino de *leite* na obra de Noriega Varela, a pesar de non conservaren o xénero patrimonial en todas as ocasións substantivos como **delor*, **sangre* ou *cume*. Na lingua de Otero Pedrayo, Sánchez Rei (1999: 85-87) destaca a fidelidade ao xénero patrimonial galego en substantivos como *arte*, *orde* ou *dor*, en contraste coa forte inestabilidade e a profunda influencia do canon morfolóxico español na adscrición xenérica doutros substantivos. Porén, na lingua literaria empregada por Álvaro Cunqueiro semella haber unha maior inestabilidade, pois tamén estes substantivos son empregados ás veces co xénero propio do castelán. Cfr. González González / Fernández Rei (1982: 189-190): "Ó lado do uso como femininas de *a sangue*, *a nariz, a naris* , *a cume*, *a leite*, debido, sin dúbida, ó influxo do castelán –na fala de Mondoñedo, coma no resto do galego, o xénero destas palabras é masculino–, encontramos en Cunqueiro tamén a utilización correcta galega: *o nariz*, *o narís*, *os narices*, *o cumio*, *o leite*. Outros casos de irregularidades en canto ó xénero na obra de Cunqueiro aparecen nas palabras *o ponte*, -ó lado da forma galega *a ponte-*, *a mel*, *a labor*, *o arbre*, *a sal*, *a cal*, *a costume*, *a señal* (castelanismo por *sinal*), *un quenlle*, *os doores*". Xunto a tales vacilacións, estes autores rexistran outras tamén nos substantivos que terminan en *-axe*, en *serán*, *canle*, *arte*, *color* e *calor*.

están posibelmente na base do castelanismo, que ten un uso estilístico de caracterización positiva[82]. Doutra parte, na lingua literaria dos séculos XIX e XX é frecuente que se produzan vacilacións de xénero gramatical na obra dun mesmo autor, causadas pola ausencia dunhas normas claras ao respecto. Xa vimos, neste sentido, en 1.1.2 o que acontecía co substantivo *dor* (ou *delor*) na poesía rosaliana ou con *árbore* na prosa de Ánxel Fole. Este mesmo fenómeno obsérvase nos seguintes exemplos literarios de comezos do século XX:

(43) (a)
salouca o meu corazón
que añora ***a surrisa*** *tua.*
(Amado, *PGC* 10)

(b)
un longo sorriso
de esquelete vello.
(Amado, *PGC* 13)

(c)
No río desperto aboya
morta a paisaxe calada
(Amado, *PGC* 15)

(d)
Nos seus ollos sangrentos,
que beben luz de sol a longos sorbos,
refréxase ***o paisaxe soñolento****.*
(Amado, *PGC* 143)

(e)
fouce a segar a lúa
e ***a paisaxe***
[...]
O Miño afía o azul
e sigue ***o viaxe****.*
(Montes, *OG* I, 139)

[82] Unha oposición significativa semellante entre *paloma* e *pomba* está presente neste poema de Rosalía de Castro, que abre o seu libro Follas Novas: *D'aquelas que cantan as* ***pombas*** *y as frores / Todos din que teñen alma de muller, / Pois eu que n'as canto, Virxe d'a* ***Paloma****, / ¡Ay! ¿de que a terei?* (Rosalía, *FN* 3). Se ben aquí debemos ligar o uso do castelán na denominación dunha virxe ao feito de estar o léxico relixioso moi interferido, por causa do labor castelanizador que vén exercendo a igrexa católica na Galiza.

(f)
***Plumaje negro**, de neve ou d'ouro,*
¿que máis dá?
(Blanco Torres, *OMN* 29)

(g)
***A romage** vai caindo,*
cínguese a ermida de néboas
(Blanco Torres, *OMN* 56)

As formas de (43a) e (43b) caracterízanse por constituíren un dos poucos casos de substantivos que no proceso de castelanización substitúen unha VT pola correspondente do outro xénero, pois, como estamos a comprobar, a maioría dos substantivos que padecen unha mudanza de xénero, atraídos polo sistema propio do español, terminan en consoante ou en *-e*, isto é, non teñen calquera marca formal que os poida identificar no termo MAS ou no FEM da oposición funcional de xénero gramatical. Os cinco últimos exemplos de (43) reflicten un dos problemas que ocasiona esta inestabilidade da adscrición xenérica en galego no proceso de fixación normativa. Neste caso, o mantemento do xénero patrimonial feminino parece máis constante en substantivos que non teñen un termo equivalente en español que os traduza literalmente, como *romage* (43g) ou *friaxe* (que vimos en 1.1.2). Fronte ao que semella ser a tendencia da lingua popular cara á súa adscrición xenérica masculina, sen dúbida por causa da presión do castelán, todas as propostas normativas (incluíndo as propias normas oficiais) coinciden en fixar este tipo de substantivos que terminan en *-axe* no xénero feminino, de acordo cunha norma común a todo o sistema lingüístico galego-portugués, centrándose as discordancias entre elas só nas excepcións. Neste sentido, pensamos que tamén estas, dado o carácter ao cabo convencional da asignación do xénero, deben estar en harmonía coas opcións propias do portugués (véxase 1.1.2). Isto mesmo vale para os substantivos terminados en *-ma* procedentes do neutro grego, onde tamén se observan algunhas discrepancias, pois a súa consideración como femininos explícase apenas por unha falsa analoxía, ao identificaren en ocasións os falantes no *-a* final unha VT. Xa comentamos en 1.1.2 a discordancia entre a información sobre o xénero masculino de *estrataxema* que se consigna na entrada do vocábulo na definición do DRAG (1998: s.v.) e o feminino en que se fai concordar este substantivo na cláusula que serve de exemplificación. Ademais, en DXL (1995: s.v.) e en DCLG (1999: s.v.) aparece rexistrado como feminino. As diferenzas sobre a fixación do xénero dos substantivos afecta igualmente outros con VT, como por exemplo *equipo* {MAS}, que en Costa Casas / González Refoxo / Morán Fraga / Rábade Castiñeira (1988: 73), en contraste con case todas as demais gramáticas

galegas, se recolle como feminino, *equipa*[83]. Algo semellante ocorre con *riso ~ risa* e *sorriso ~ sorrisa*; vimos anteriormente que convivían na obra poética de Amado Carballo unha forma feminina e outra masculina do segundo dos substantivos, mais, curiosamente, o DRAG (1998: s.v.) só recolle o masculino *sorriso* aínda que considera sinónimos aceptábeis, contando por tanto cada un deles con entrada lexical propia no dicionario, *riso* {MAS} e *risa* {FEM}.

Por último, presentan problemas de fixación normativa os substantivos *calor* e *suor*, que na fala popular vacilan entre o masculino e o feminino (vid. 1.1.2)[84]. Esta mesma vacilación tamén se produce en español, que considera un 'vulgarismo' o seu uso feminino, e ambos encádranse na clase dos masculinos en portugués, pois segundo Dardel (1960: 45) estes substantivos eran en orixe masculinos, foron considerados femininos en protorromance e pasaron posteriormente ao seu xénero orixinal por 'influencia erudita'. O certo é que, a pesar de resultar imposíbel aplicar estes conceptos nunha lingua como a galega, tal e como explicamos anteriormente, parécenos preferíbel tamén neste aspecto fuxir de solucións normativas diferencialistas a respecto do español e insolidarias en relación co portugués.

En suma, a asignación do xénero gramatical aos substantivos estivo e segue a estar sometida a graves interferencias por parte do español. A peculiar situación sociolingüística da Galiza dificulta a difusión e mais a asunción por parte dos falantes das opcións normativas no tocante á distribución dos substantivos en cada unha das clases xenéricas, de maneira que moitas vacilacións persisten hoxe en día mesmo neses ámbitos de uso que, segundo Kabatek (1991), debían ofrecer un modelo de lingua que resultase realmente exemplar, isto é, na política, nos medios de comunicación etc. Neste sentido, as caracterizacións da lingua empregada nos medios de comunicación escritos (cfr. Fernández Rei 1992; Hermida 1998) coinciden en subliñaren as adscricións xenéricas incorrectas de moitos dos substantivos que difiren do español canto ao xénero nos textos que ocasionalmente aparecen en galego. Tamén na lingua que se utiliza na televisión teñen presenza, entre outras desviacións da norma, castelanismos lexicais e morfolóxicos, podendo constituír este medio máis unha vía de interferencia no galego falado[85].

---

[83] Esta gramática formula algunha outra discrepancia no tocante ao xénero dos substantivos; por exemplo en *radio*, que considera masculino cando designa o aparello receptor e feminino cando se refire á radiofonía e á radiodifusión, seguindo nisto plenamente a opción de uso característica do portugués. Neste caso, a explicación para a adscrición masculina do substantivo nesa primeira acepción asenta precisamente na suposta elisión de 'aparello', aínda que tamén se podería admitir, paralelamente, a influencia da terminación *-o*.

[84] Cfr. *que me quentou a cariña / co calorciño da súa* (Schubarth / Santamarina, *CPG* VI, 192).

[85] Noia Campos (1994: 46) indica que "por te-lo medio televisivo gran prestixio social, a lingua usada no seu ámbito participa deste valor, e chega a considerarse como a variedade lingüística dunha clase socialmente prestixiada. Por iso existe o perigo de que este subcódigo usado na televisión chegue a ser considerado na conciencia lingüística dunha poboación non escolarizada a variedade máis correcta da lingua galega".

2.1.4. O xénero dos empréstimos

Como vimos en 0.4, na asignación do xénero gramatical aos empréstimos que se introducen en linguas con sistemas xenéricos complexos (como son as linguas romances) poden influír factores semánticos e fonolóxicos. De todos os xeitos, semella conveniente distinguirmos, a este respecto, entre empréstimos interiores e empréstimos exteriores (Ferreiro 1997: 301-330). Os primeiros corresponden a aqueles vocábulos que entran na lingua a partir do galego-portugués medieval ou do portugués, entendendo este como a súa prolongación territorial diverxente, e que son incorporados no proceso de modernización e actualización lexical que a normalización lingüística do galego esixe. Como é obvio, por faceren parte do mesmo sistema morfosintáctico, estes vocábulos non precisan ser adaptados e manteñen naturalmente o seu xénero gramatical. Os empréstimos exteriores son, pola contra, aquelas palabras que se introducen en galego procedentes doutras linguas. Debemos distinguir de entre eles os que proceden de linguas que posúen sistema de xénero gramatical e os que non, pois este feito ha influír poderosamente no modo en que se produce a súa incorporación (véxase Zamora / Béjar 1987). Así pois, deixando de lado os casos en que existe oposición xenérica sobre a base dun mesmo lexema e esa oposición é indicativa da distinción sexual (onde, evidentemente, esa mesma oposición se mantén na lingua receptora, producíndose a dupla adscripción xenérica mediante un proceso de conversión ou através da oposición de morfes), a maioría das palabras que se incorporan ao galego desde outra lingua con sistema xenérico manteñen o seu xénero orixinal, producíndose mesmo en ocasións unha adaptación da súa terminación fonolóxica segundo a relación *-o* {MAS} / *-a* {FEM}. Ferreiro (1997: 309-310) analiza o comportamento destas terminación fónicas en palabras procedentes do francés, que é, xunto co español, a lingua romance que máis empréstimos ten achegado ao galego:

a) Masculinos que terminan en *-e* en francés manteñen en galego esta terminación ou mudan en *-o*: *parche*, *esquelet**o***, *nich**o*** etc.

b) Femininos en *-e* mudan frecuentemente en *-a*: *caravan**a***, *fich**a***, *perch**a***, *xoi**a*** etc., aínda que non é así nos empréstimos máis recentes, como *elite* ou *gripe*.

c) Femeninos en *-ée*, que foran antigamente adaptados cunha terminación *-é*, receben a VT propia do feminino: *mare**a***, *asemble**a***, etc. Coa excepción dalgún empréstimo moi recente, como *puré*, que ademais pasa ao xénero masculino[86].

d) Femininos en *-ie* téñense adaptado historicamente trocando o *-e* en *-a*: *bater**ía***, *confrar**ía***. Modernamente danse casos de simples adaptación fonética, como en *frenesí*.

[86] Ferreiro (1997: 309 n.) tamén rexistra dúas variantes, incorporadas en épocas diferentes con diferente xénero, dun mesmo substantivo francés: *billarda* {FEM} e *billar* {MAS}.

De calquera maneira, o que parece constante é o mantemento do xénero orixinal do substantivo, produzase ou non adaptación fónica da terminación á propia do sistema xenérico galego, coas VTs *-o* e *-a* para MAS e FEM, respectivamente. En ocasións, inclusive, a introdución do novo substantivo quebranta esta relación, sen que se mude nin a terminación nin o xénero. Sucede desta maneira co italianismo *soprano* {FEM}, onde parece influír máis o contido semántico do que a terminación na súa inclusión no grupo dos femininos, por facer referencia exclusivamente a unha muller. Doutra parte, no propio italiano este substantivo constitúe unha excepción, por ser normal nesta lingua a mesma relación entre terminación e xénero que se estabelece en galego. Tal coincidencia condiciona tamén considerabelmente a introdución do empréstimo e explica, por exemplo, o mantemento do xénero feminino de *sentinela*, de igual modo que en francés e a diferenza do español, que neste caso adapta o seu xénero segundo criterios semánticos, explicándose o uso masculino do substantivo nesta lingua por facer referencia normalmente a homes. Nos empréstimos procedentes doutras linguas románicas tamén se mantén o xénero orixinal, en parte porque moitos deles foron introducidos en galego a partir do francés, o español ou, en menor medida, o italiano[87].

Constitúe unha excepción a esta norma xeral a que nos estamos a referir o substantivo procedente do francés *axenda*, que é masculino na súa lingua de orixe pero que se fixa no feminino en galego a causa da súa estrutura fónica, por se identificar ese *-a* final como VT de FEM. Outro substantivo habitualmente reinterpretado como feminino é o africanismo *samba* (cfr. DXL 1995, DRAG 1998, DCLG 1999), aínda que en portugués, lingua en que se estende a partir da súa variedade brasileira, é masculino[88], podendo ser interpretada a mudanza de xénero por se incorporar este substantivo ao léxico galego a partir do español, que o ten asimilado ao seu sistema xenérico transformándoo en feminino.

O inglés é a lingua sen sistema de xénero gramatical que máis empréstimos incorpora ao galego. As tres principais posibilidades formuladas por Ibrahim (1973) e Arndt (1970) na asimilación deste tipo de empréstimos son as seguintes: a influencia do xénero dunha palabra homóloga, da terminación fónica ou do xénero non marcado. En galego parece ser esta última opción a máis rendíbel, pois case todos os anglicismos fican fixados no xénero MAS en galego, sexa cal for a súa termina-

[87] Neste sentido, véxase a reiterada utilización do provenzalismo *cor* {MAS} 'corazón' en contraste estilístico con *coor* {FEM} nas *Elexías do Courel* de Novoneyra: *Será só pro souto **a coor** da morte longa? / Farasme esquecer o que **o cor** soupo?* (*EC* 28); *-**coor longa do cor** ó pensamento–* (*EC* 31); *O tren, movendo **a coor** do Inverno, / lévame á perda sin nome. / Ah, non en vano **o meu cor** pasou o Outono!* (*EC* 33); *Outo Inverno, **coor** da agarda longa / cansa de velar sempre o mesmo. Sempre / quedo i en vilo, a agardar **do cor** camiño* (*EC* 44).

[88] En Costa Casas / González Refoxo / Morán Fraga / Rábade Castiñeira (1988: 74) inclúese este substantivo na clase dos masculinos.

ción (*o bar*, *o celuloide*, *o dólar*, *o túnel*, *o tenis*, *o revólver*, *o xampú*, *o folclore, o cámping* etc.). Doutra parte, xeralmente todos os estranxeirismos fican fixados en galego no masculino, independentemente de se pertencen ou non a linguas con xénero, por ser este o termo non marcado da categoría: do inglés, *o share*, *o prime-time*, *o lobby*, *o marketting*, *o play-off*, *o pop*, *o beat*, *o boom*, *o copyritgh*, *o jazz*, etc.; do francés, *o art-nouveau* (apesar de ser *arte* feminino en galego), *o glamour*, *o affaire* (aínda que en francés este substantivo é feminino) etc. De todos os xeitos, a influencia do xénero orixinario en francés está tamén presente nos estranxeirismos que del adopta o galego, pois manteñen o feminino no seu uso habitual, por exemplo, os substantivos *fondue* (en principio, forma de participio feminino que acompaña o substantivo *fromage* na acepción en que é usado na nosa lingua) e *mousse*. No uso feminino destes substantivos inflúe seguramente tanto a súa recente incorporación ao noso vocabulario como o coñecemento por parte dos falantes do seu xénero en francés; mais tamén se percibe unha certa inestabilidade na súa adscrición xenérica cunha clara tendencia cara ao masculino.

En definitiva, podemos concluír que nos empréstimos procedentes de linguas con sistema xenérico a tendencia é a de manteren o xénero orixinal do substantivo, encanto os que se incorporan desde linguas sen xénero gramatical adoitan ser encadrados na clase dos masculinos, por ser este o termo da categoría non marcado. Porén, tamén inflúe ocasionalmente na asignación do xénero aos empréstimos a terminación fónica do substantivo, mediante a súa interpretación como VT (é o caso de *axenda*), ou a relación co seu contido semántico (como en *soprano*).

2.2. A expresión mórfica do xénero

2.2.1. Oposicións paradigmáticas

Moitos dos substantivos que temos visto até aquí caracterízanse por se organizaren en pares opositivos estabelecidos en torno a variadas dimensións semánticas, sendo expresado o trazo distintivo por un morfe ligado ao lexema que representa substancialmente o xénero gramatical. É, por tanto, sobre a base da distinción clasemática (gramatical e semántica) MAS / FEM que se estabelecen todos estes pares. Utilizándomos o método da conmutación podemos individualizar as marcas de xénero nestes substantivos que, como xa vimos, son caracterizados por Ambadiang (1994), no seu estudo realizado sobre a base do español, como regulares do punto de vista da expresión formal de xénero[89]. Tamén nos adxectivos que teñen variación

[89] Este traballo, que propositadamente se centra no aspecto formal, morfolóxico, do xénero gramatical, fundaméntase na consideración dos segmentos fónicos finais /-*o*/ e /-*a*/ como marcas de xénero, de maneira que non ten en conta o seu posíbel contido semántico. Tampouco presta atención aos outros sufixos que poden exprimir o masculino e o feminino nin á exclusiva representación sintáctica desta

xenérica é posíbel distinguir estes morfes que se presentan en oposicións paradigmáticas e que se caracterizan pola regularidade da relación que estabelecen entre segmento fónico e significado gramatical e mais pola súa sistematicidade. Os tipos de oposición que presentamos esquematicamente a seguir son válidos tanto para os nomes substantivos como para os nomes adxectivos con variación xenérica. En todo o caso, trátase de formas simples, pois as derivadas, que a este respecto teñen un comportamento particular, serán analizadas máis adiante[90]:

(44) (a) *artista / artista*
estudante / estudante
(b) *novo / nova*
fermoso / fermosa
infante / infanta
europeu / europea
xudeu / xudía
(c) *avó / avoa*
(d) *profesor / profesora*
xuíz / xuíza
sultán / sultana
(e) *irmán / irmá*
ladrón / ladroa
(f) *diácono / diaconisa*
poeta / poetisa
sacerdote / sacerdotisa
conde / condesa
vampiro / vampiresa
barón / baronesa
xogral / xogralesa
heroi / heroína
rei / raíña
galo / galiña
imperador / imperatriz

categoría gramatical. Desta perspectiva, son substantivos regulares todos aqueles que sendo masculinos terminan en -*o* e sendo femininos terminan en -*a*, independentemente de se son ou non termos opositivos dun único lexema.

[90] Véxase un cadro comparativo destas oposicións de xénero en galego coas propias do español, catalán e portugués en Zenenko (1983: 233-234), que no entanto inclúe formas derivadas como *solteirón / solteirona*, e mais oposicións lexemáticas de sexo como *pai / nai*. Tamén Mateus / Brito / Faria (1992: 368) inclúe unha forma co sufixo apreciativo aumentativo -*ão* / -*ona*: *espertalhão / espertalhona*, co obxecto de marcar as diferenzas existentes en portugués entre as formas femininas correspondentes ao sufixo masculino -*ão*.

Coas únicas excepción de *imperatriz* e mais das formas de (44a) que terminan en /e/, todas as formas femininas destes pares caracterízanse por terminaren en /a/. As causas que explican a terminación dos nomes femininos en *-triz* son de natureza etimolóxica, como acontece igualmente cos outros pares que representamos no último grupo (44f), caracterizados por presentaren un sufixo derivativo latino. En (44a) exemplificamos con dous pares que representan aqueles substantivos e adxectivos que non posúen diferentes morfes ligados á raíz para MAS e FEM, sendo unicamente o contexto sintáctico o que permite determinar o seu xénero.

Nestes casos podemos dicir que se produce un proceso de conversión ou derivación cero, pois dúas formas idénticas pertencen a clases de nomes diferentes[91]. Os pares de (44b), pola súa parte, son os máis representativos do sistema flexional de xénero galego, por se fundaren na oposición dos morfes *-o* / *-a*, pois estes segmentos fónicos en posición final son considerados polos falantes como elementos caracterizadores de MAS e de FEM, respectivamente. Como xa vimos con anterioridade, consideramos que estas terminación son morfes (expresión substancial do morfema de xénero) unicamente cando serven para opor dous termos dun mesmo lexema, xa que só neste caso o *-o* representa sen excepción o masculino e o *-a* o feminino. Desde unha perspectiva semántica pódese afirmar que cando tal sucede, cando menos nos substantivos, o morfema de xénero adoita posuír ademais un contido significativo determinado; mais do punto de vista estritamente formal o que nos obriga a distinguir entre morfes e vogais temáticas é a regularidade da relación entre a terminación e cada un dos xéneros.

É por iso que só consideramos a existencia de morfes de xénero naqueles substantivos que poden actualizar o seu xénero en dous termos opostos, pois nos outros casos en que non existe tal posibilidade opositiva as terminacións *-o* e *-a* son marcas que, indicando unha tendencia na asignación dos substantivos á clase MAS ou FEM, presentan un número considerábel de excepcións que evidencian unha falta de sistematicidade na relación entre marcas e clases. Nos adxectivos, no entanto, verifícase este criterio formal ser o único válido para distinguir morfes e vogais temáticas, pois resulta indiferente o contido semántico que poida adquirir anaforicamente o adxectivo con variación xenérica (no caso de adquirir algún) para considerarmos as súas terminacións como expresión mórfica de xénero gramatical.

[91] Como afirma Pena (1991b: 105), a pesar de ser tradicionalmente concibido este proceso como fundamentalmente derivativo, é posíbel consideralo tamén flexivo: "Circunscribir la conversión a la derivación no deja de resultar paradójico o incongruente, sobre todo cuando, como veremos, se interpreta como afijación cero pues la afijación, al igual que los demás procesos morfológicos, se interpreta como un tipo de operación en sí independientemente de que funcione en la derivación de nuevos temas o en la flexión de un mismo tema".

En definitiva, no grupo (44b) exemplificamos con aqueles nomes que no masculino terminan nunha vogal átona que funciona como morfe ou alomorfe de xénero, e que se opón ao /a/ átono final da correspondente forma feminina. Pola contra, en (44c), (44d) e (44e) os masculinos terminados en vogal tónica ou en consoante non posúen ningún segmento fónico específico que relacionar co xénero, presentan un alomorfe que representamos /ø/, e acrecentan á súa raíz o morfe feminino /a/ ou os seus alomorfes /'a/ e /'iø/. A necesidade de agruparmos as diferentes oposicións segundo o tipo de terminación que presentaren os substantivos, así como o recoñecemento de alomorfes, surxe do feito de non corresponder a cada morfema de xénero unicamente un morfe, respondendo a estrutura flexional da palabra a condicionantes fonolóxicos e mesmo prosódicos que serán explicados pormenorizadamente máis adiante. Alén diso, como xa vimos, teremos de analizar algunhas oposicións de xénero valéndonos do concepto de 'proceso morfolóxico', a pesar de ningún dos termos servir propiamente de base para a formación do outro. Por este motivo, consideramos que os procesos morfolóxicos teñen lugar na actualización do lexema canto ao xénero; prodúcense no FEM porque o MAS, ao ser o termo non marcado da oposición, é o que pode ter nalgúns casos expresión cero[92].

Aínda que tradicionalmente os substantivos de (44f) son considerados á parte, por posuíren o que se denomina un sufixo derivacional, optamos por analizalos en conxunto cos anteriores polas seguintes razóns: o carácter case derivacional dos sufixos de xénero é común a todos eles, isto é, nestes casos todos os morfes de xénero acrecentan o mesmo contido semántico relacionado co sexo do referente; salvo nos substantivos do tipo *imperatriz*, como xa comentamos, todos se caracterizan por marcaren o termo feminino mediante o morfe *-a*; os sufixos dos termos femininos teñen unha explicación etimolóxica e, dado que a marca de xénero é a mesma que a dos outros femininos, pódense interpretar sincronicamente os segmentos fónicos que están entre a raíz e o morfe de xénero como infixos[93].

[92] "An unmarked term frequently has zero expression, as author as opposed to authoress" (Jensen 1990: 48).

[93] "El infijo es un morfo continuo que se inserta dentro de otro morfo, normalmente la raíz, convirtiéndola en un morfo discontinuo. [...] La distribución del infijo respecto de los constituyentes de la base en que se inserta aparece casi siempre definida con referencia a uno de los constituyentes marginales: en segunda posición, inmediatamente después de la primera consonante o sílaba, o en penúltima posición, inmediatamente antes de la última consonante o sílaba" (Pena 1991b: 4-5). Tamén Couceiro (1976: 93) e Porto Dapena (1977: 140) interpretan estes segmentos fónicos situados entre a raíz e o morfe de xénero como infixos. Malkiel (1958: 107-116) denominábaos 'interfixos', a pesar de recoñecer naquela altura a maioritaria utilización da denominación 'infixo', que segundo este autor debe ficar reservada para definir a "fisión de un núcleo irreductible", motivo polo cal non sería válido para describir o segmento que fica entre o radical e o sufixo significativo. Na realidade, en galego por non haber posibilidade de confusión con ningún outro segmento, si parece adecuada esta denominación, que por outra parte xa foi utilizada neste ámbito por outros estudiosos, téndomos en conta ademais a posibilidade de distinguir entre raíz e tema.

2.2.2. Sufixos e infixos

O morfe de xénero ocupa na estrutura interna dos nomes o penúltimo lugar á dereita da raíz, inmediatamente antes do morfe que representa o plural. Como se verá máis adiante, tamén nas palabras derivadas se respecta esta posición, pois por causa do seu carácter flexional o morfe de xénero ocupa sempre, xunto ao de número, a posición máis externa da palabra.

(45) NOV-{MAS}-{PL}
['noβ̞-**o**-s̪]
NOV-{FEM}-{PL}
['nɔβ̞-**a**-s̪]

A única posíbel excepción a esta regra xeral sobre a situación do morfe de xénero é a dos adverbios en *-mente*, formados a partir de adxectivos aparentemente flexionados en feminino (*sinxel-**o*** → *sinxel-**a**-mente*). Mesmo os adxectivos sen variación xenérica presentan unha forma FEM cando forman o adverbio a partir do grao superlativo (*leve* → *lev-ísim-**a**-mente*). Doutra parte, isto é máis visíbel cando se relacionan nunha estrutura comparativa ou coordenada dous adverbios, pois neste caso o primeiro deles adoita prescindir do sufixo *-mente* ('Expresouno *clara e brevemente*'). Como xa explicamos (vid. 0.5.3), esa flexión feminina ten causas etimolóxicas e está motivada polo carácter especial deste tipo de adverbios, onde o constituínte *-mente* ten un acento propio, mais o *-a* non pode ser considerado morfe de xénero por non cumprir ningunha función sintáctica, pois é irrelevante a efectos de concordancia[94].

Para Ambadiang (1994: 106) existe unha contradición en outorgar ao xénero gramatical un carácter lexical, inherente ao substantivo, e ao mesmo tempo situalo nunha posición externa á raíz. Como xa foi dito, parécenos necesario, de todos os xeitos, distinguir estes nomes substantivos que presentan dous termos opostos polo xénero daqueloutros que o posúen inherentemente, pois nos primeiros o morfema de xénero acrecenta un contido lexical determinado e compórtase formalmente dun xeito semellante a como o fai nos nomes adxectivos variábeis que flexionan en

[94] Vid. para todas estas cuestións García Page (1993), quen afirma, sobre a base do español, o seguinte: "En la medida en que el adverbio, por definición, carece de género, habría que suponer que, en la sincronía actual, el primer componente de las formas en *-mente* no es, desde el punto de vista funcional y semántico, sino un adverbio con la forma vestigial de adjetivo concordado en femenino. El falso morfema de género /-a/ (*llana + mente*) alternará, en esta distribución, con la terminación vocálica /-e/ (*breve + mente*) o Ø o consonante (*débil + mente*); en dicha distribución nunca aparece el segmento fónico /-o/. Pues, tanto *lisa* como *llanamente*, *dulce* como *amablemente*, *social* como *geográficamente* son adverbios sin o con sufijo *-mente* expreso. La terminación /-a/ no es marca de género, como tampoco lo son las terminaciones /-e/ o /Ø/" (p. 314).

xénero. Poderíase distinguir, alén diso, entre raíz e tema, considerando este último como o segmento que permanece constante ao longo da flexión, ou, noutras palabras, o segmento que resulta de restar os afixos flexionais (Pena 1991b: 72).

Das gramáticas galegas, a de Costa Casas / González Refoxo / Morán Fraga / Rábade Castiñeira (1988) é a que presenta un sistema de regras flexionais de xénero máis sintético e englobador, afastándose da casuística que centra a atención das outras, na descrición das oposicións mórficas. Esta gramática, como xa foi dito, evita utilizar a denominación "formación do feminino", por entender que non se pode considerar realmente a existencia dun termo primario masculino de que derive o feminino, senón dun paradigma opositivo sobre o cal se sitúan ambos os termos. As regras da flexión xenérica segundo esta gramática son dúas:

> **1ª regra:** Partindo da mesma raiz, os nomes que teñen como alomorfe de masculino *-e* ou *-o* átonos apresentan no feminino o alomorfe *-a* átono sen o alomorfe de masculino indicado (e vice-versa)
>
> **2ª regra:** Os nomes que teñen o alomorfe de masculino *-ø* (acabados en consoante ou vogal tónica) apresentan no feminino o alomorfe *-a* átono ligado directamente á mesma raiz (pp. 76-77).

Na nosa análise partiremos da formulación de unha oposición mórfica esencial: *-o*/ *-a*, e consideraremos as outras terminacións como alomorfes destes[95].

2.2.2.1. Os morfes -o / -a

En (44a), como xa foi dito, non é posíbel recoñecer calquera morfe de xénero no propio significante dos nomes, sendo os segmentos fónicos finais /a/ e mais /e/, en terminoloxía de Harris (1991), marcas de palabra, aínda que tamén poderían ser denominados, seguindo Herculano de Carvalho (1984), actualizadores léxicos. Veremos en primeiro lugar os morfes que corresponden ás oposicións representadas en (44b), caracterizadas por terminaren os nomes de xénero MAS en vogal átona e os de FEM, sen excepción, en /a/. Un número considerábel de nomes substantivos e adxectivos expresan redundantemente o seu xénero (porque a expresión constante e regular do xénero gramatical é sintáctica, através da concordancia) por medio dos morfes *-o* / *-a*, motivo polo cal estes morfes son seleccionados polos falantes cando o que se pretende é estabelecer novas oposicións xenéricas (*modista* / *modis-to*), ou tamén cando se trata de marcar morficamente unha oposición semántica de xénero que xa existía previamente (*cliente* / *client**a***) mais que era expresada nun

[95] Porto Dapena (1977: 139) ofrece igualmente unhas regras moi simplificadas de flexión de xénero, considerando *-o* e *-a* como formantes de masculino e de feminino, respectivamente, e interpretando *-e* e mais *-ø* como alomorfes de *-o*.

principio só mediante os actualizadores ou modificadores do contorno sintáctico (*o cliente* / *a cliente*). Ademais, como veremos en 3.3, todas as oposicións semánticas que se poden estabelecer na clase caracterizada polo sema [-animado] e que teñen un sufixo de xénero ligado ao seu lexema están representadas morficamente por estes segmentos fónicos. Pódese afirmar, por tanto, que son estes os morfes que representan a oposición xenérica en galego:

(46) (a) [‘soɯɾ-**o**]
[‘sɔɯɾ-**a**]
(b) [‘noβ̞-**o**]
[‘nɔβ̞-**a**]

Nos nomes con estas terminacións existe ademais outro indicador fonético que pode ser considerado como marca redundante de xénero; trátase do grao de abertura da vogal media tónica da raíz por influxo da metafonía causada polo /o/ ou /a/ finais. A relación da metafonía co xénero vén marcada tamén polo feito de este fenómeno actuar só ligado aos nomes. Doutra parte, non é regular en todos os nomes, sen que sexa posíbel sabermos o porqué, podéndose unicamente constatar que o influxo de /a/ final é maior nos substantivos, pois nos adxectivos só o sufixo *-oso* / *-osa* se ve afectado (Álvarez Blanco 1988: 143). Ademais, existen tamén diferentes áreas xeográficas de metafonía para cada unha das palabras (vid. 1.1.3), polo que podemos afirmar que non se trata dun fenómeno regular nin sistemático. Álvarez Blanco (1988: 152), comparando o comportamento deste fenómeno en galego e en portugués, onde só se produce no singular mais non no plural, co obxecto de tirar conclusións sobre a súa orixe e expansión, formula a seguinte pregunta:

> ¿É posible que a metafonía se dera inicialmente só no singular, pola razón que fose, situación mantida polo portugués, e que o galego chegara a identificar de tal xeito ‘vocal pechada’ con ‘masculino’ e ‘vocal aberta’ con ‘feminino’, ata o punto de estende-la alteración do timbre da tónica do singular ó plural, pero non ó feminino? Non hai que esquecer que a extensión en portugués da pauta *ô* sing. / *ó* pl. a casos que etimoloxicamente non deberían estar afectados (masc. *o espôso* / *os espósos*, fem. *a espôsa* / *as espôsas*), alterando incluso a forma feminina (*formôso* / *formósa* / *formósos* / *formósas*), só se xustifica aceptando que a diferencia fonética se constituíu en marca morfolóxica no sentido indicado. Logo, é admisible que o galego estendera a súa identificación segundo a pauta masc. / fem.; resulta estraño, con todo, que nin nas áreas máis conservadoras do dominio galego atopemos restos da situación primitiva.

Finalmente, esta autora rexeita buscar explicacións morfolóxicas relacionadas co xénero para a extensión deste fenómeno por varios motivos: ao ser unha marca

redundante de xénero debía afectar máis substantivos do que adxectivos, pois estes últimos adquiren o xénero en virtude de mecanismos de concordancia e non precisan ser hipercaracterizados; debía afectar tamén fundamentalmente aqueles substantivos con flexión xenérica e non os que posúen un xénero inherentemente[96]. De todo isto conclúese que se ben ocasionalmente hai relación entre o grao de abertura ou fechazón da vogal media do radical e o xénero do nome, ao non ser sistemática esta relación non é de carácter morfolóxico, non sendo posíbel falarmos nestes casos da existencia en galego dun proceso de ‘umlaut’, definido por Jensen (1990: 72) como “a process that fronts a vowel under specific morphological conditions”. Cando se produce a metafonía en nomes con flexión de xénero, por tanto, este trazo fonético cumpre unha función hipercaracterizadora, sen que debamos interpretalo como expresión mórfica de xénero.

Doutra parte, en apenas dúas ocasións, representadas no noso esquema en (44f), a forma feminina apresenta un infixo *-is-* e mais *-es-* entre a raíz e o morfe, e só nunha o termo pertencente á clase FEM posúe un infixo *-iñ-*:

(47) (a) [‘djɑkon-**o**]
[djɑko‘n-iʂ-**a**]
(b) [bãm‘piɾ-**o**]
[bãmpi‘ɾ-eʂ-**a**]
(c) [‘gɑl-**o**]
[gɑ‘l-ɾ̃ɲ-**a**]

Débese sinalar, así mesmo, que normalmente cando se utilizan este tipo de infixos a palabra mantén a súa estrutura paroxítona, pois prodúcese un desprazamento do acento da raíz ao infixo, que resulta ser sempre no feminino a sílaba tónica. Isto é así, inclusive, na única ocasión en que o termo masculino é proparoxítono: *diácono* / *diaconisa*.

2.2.2.2. Alomorfes e procesos morfolóxicos

Como vimos, a alomorfia prodúcese máis comunmente no termo caracterizado por pertencer ao xénero masculino. O feminino, o termo marcado da oposición xenérica, presenta dun modo máis regular o morfe *-a*. As oposicións paradigmáticas que se poden realizar cos distintos alomorfes da clase MAS nos nomes son as seguintes:

[96] Neste sentido, segundo Freixeiro Mato (1998: 88): “Esta [a metafonía] non se orixina, pois, na flexión de xénero dos substantivos a partir da mesma base léxica (*s[o]gro* / *s[ɔ]gra*), pois tal flexión non existe en *medo*, *ollo*, *hora* ou *meda*, mais si metafonía, da mesma forma que ao lado de *cad[e]lo* / *cad[ɛ]la* temos *c[e]sto* / *c[e]sta*, ou de *desex[o]so* / *desex[ɔ]sa*, *rap[o]so* / *rap[o]sa*. A orixe da metafonía debe depender, pois, de factores fonéticos máis do que morfolóxicos”.

A) *-e / -a*

(48) [ĩmˌfãn̪t-**e**]
[ĩmˌfãn̪t-**a**]

Os nomes (44b) que posúen alomorfe da clase MAS *-e* presentan no termo FEM o morfe *-a* que caracteriza este xénero, ocupando o mesmo lugar na palabra. Mais isto non sucede en todas as ocasións, pois algúns nomes terminados en *-e*, que no noso esquema encadramos en (44a), non posúen sufixo de xénero (*o / a estudante*). Na realidade, esta terminación vocálica foi interpretada ao longo da historia da lingua como expresión mórfica de xénero masculino nalgunhas ocasións, mais non sempre, creándose a partir dela a correspondente forma do feminino. Tamén teñen unha explicación etimolóxica os pares que representamos en (44f), que posúen no termo FEM os infixos *-is-* ou *-es-* xa vistos no anterior apartado, pois estas terminacións proceden dun sufixo latino[97]. Por este motivo, é un número moi limitado o dos substantivos que presentan este tipo de oposición xenérica (no caso de ***-e*** / *-is-**a***, unicamente o que reproducimos a seguir en (49a) por non seren este pares produtivos no galego actual, de maneira que se prescinde da súa utilización cando se quere realizar unha nova oposición xenérica:

(49) (a) [s̪aθerˌð̞ɔt-**e**]
[s̪aθerðɔˌt-is̪-**a**]
(b) [ˌkõn̪d-**e**]
[kõn̪ˌd-es̪-**a**]

Neste sentido, lembremos a indicación que facía Saco Arce (1967 [1868]: 47) sobre as formas femininas correspondentes ás masculinas *alcalde* e *abade*, sen o infixo *-es-* característico do galego común: *alcalda* e *abada* (cos significados de 'muller do alcalde' e 'ama do abade', respectivamente). Probabelmente, o presbítero galego reflectiu na súa gramática un uso frecuente na fala popular do seu tempo, consistente na regularización analóxica das formas de feminino.

B) *-u / -a*

Todos os nomes cuxa forma MAS termina en vogal átona teñen un comportamento idéntico canto á flexión de xénero, pois presentan sempre no FEM un /a/ átono nesa

[97] A presenza deste sufixos derivativos latinos pon de manifesto que o carácter derivacional do xénero nas linguas romances cando é expresión do contido semántico de sexo está presente nelas desde a súa orixe. Véxase unha sucinta explicación etimolóxica destes sufixos en 1.1.3.

mesma posición. Así pois, os nomes terminados en [ˊew] no masculino presentan no lugar da semivogal [w] do ditongo un /a/ no feminino (50a). En apenas dúas ocasións na forma feminina se produce unha substitución na raíz, de maneira que o núcleo silábico /e/ se troca por /i/. A explicación deste proceso de modificación é diacrónica, pois dáse en formas patrimoniais como resultado dunha disimilación vocálica (50b e 50c)[98]:

(50) (a) [ewɾoˌpe-**w**]
[ewɾoˌpe-**a**]
(b) [ʃuˌð̞e-**w**]
[ʃuˌð̞i-**a**]
(c) [s̪ãn̪ˌde-**w**]
[s̪ãn̪ˌdi-**a**]

C) *-i / -in-a; -i / -iñ-a*

Outros nomes terminados en ditongo no masculino presentan unha forma de feminino condicionada historicamente, resultado dun sufixo derivativo latino. Desde o punto de vista sincrónico pódense analizar, no entanto, como posuidoras dun infixo *-in-* ou *-iñ-* que intercalan entre o morfe de feminino *-a* e mais a raíz. Doutra parte, é preciso nestes casos explicar tamén as transformacións que se producen na propia raíz en virtude dun proceso de substitución:

(51) (a) [ɛˌɾɔj-**ø**]
[ɛɾɔ-ˌin-**a**]
(b) [ˌrej-**ø**]
[ra-ĩɲ-**a**]

[98] As normas oficiais recollen unicamente as terminacións *-eu* que teñen un comportamento particular na súa flexión xenérica, pois nos outros casos prescribe a terminación *-eo*. Segundo Veiga Arias (1978: 264) en ambas as terminacións o que existe é un ditongo decrecente, por seren eses *-u* e *-o* finais realizacións distintas do arquifonema /U/. Para Freixeiro Mato (1998: 122) "é aconsellábel seguir o modelo portugués, consagrando, á par da xa oficial *sociais* ou *animais*, as formas *grau*, *pau*, *mau* (fem. *má*), *europeu* ou *Ribadeu*, que representan mellor que as correspondentes en -o a realidade fonética da pronuncia como ditongos que defende Veiga Arias, ademais de contribuíren á neste caso posíbel harmonización coa norma de Portugal". Costa Casas / González Refoxo / Morán Fraga / Rábade Castiñeira (1988: 76) inclúen como nomes cunha forma de FEM excepcional, alén das que nós recollemos acima, *ille-**u*** / *ill-**oa*** e mais *re-**u*** / *r-**e***. Por outra parte, admiten tamén un feminino con vogal antihiática diante do *-a* final: *europe-**ia***.

Para o substantivo de (51a) as normas oficiais propoñen unha representación gráfica *heroe*; nós preferimos representar graficamente este substantivo con *-i* final, *heroi*, considerando, de acordo co que defendemos no caso de *-eu* e co obxecto tamén de favorecer a harmonización co portugués, que neste caso sempre existe un ditongo decrecente, sendo a terminación *-e* unha realización do arquifonema /I/. No termo FEM a inclusión do infixo *-in-* provoca ademais un desprazamento do acento da palabra, que pasa a ser paroxítona coa conversión do ditongo /ɔj/ en hiato. O mesmo acontece en (51b), aínda que aquí, ademais, se produce unha modificación da vogal do radical, que se explica na diacronía como consecuencia dun proceso de disimilación.

D) *-a* / *-is-a*

É tamén un número moi limitado o dos nomes cun *-a* no MAS e no FEM que se diferencian apenas por posuír a forma de feminino un infixo *-is-*. Consideramos o *-a* como expresión mórfica do morfema masculino por se opor a unha forma feminina que presenta un afixo específico. Cando o lexema que termina en *-a* adquire o seu xénero por un proceso morfolóxico de conversión, sendo recoñecíbel mediante a concordancia (*o* / *a artista*) non analizamos ese segmento fónico final como morfe. Mais, como xa vimos nos nomes terminados en *-e*, calquera vogal átona en posición final pode ser reinterpretada como morfe cando se lle opón un termo feminino marcado mediante un afixo. Neste caso a forma feminina presenta obrigatoriamente o infixo *-is-* xunto ao morfe característico do feminino para expresar a diferenza entre os termos:

(52) (a) [poˈet-**a**]
[poeˈt-iʂ-**a**]
(b) [ˈpap-**a**]
[paˈp-iʂ-**a**]

Como ocorría cos outros nomes que incorporan un infixo no FEM, prodúcese neste termo un desprazamento do acento da palabra, que se mantén paroxítona tanto no masculino como no feminino.

E) *-ø* / *-a, -ø* / *-triz*

Co símbolo *-ø* representamos a ausencia de morfe específico para expresar o morfema de xénero correspondente. Somos conscientes, de todas as maneiras, da necesidade de utilizarmos con precaución o concepto de 'morfe cero', definido por Pena (1990: 22) como un "elemento ficticio", como un recurso de análise que debe usarse dun modo restrito, sen o considerar nunca como único alomorfe dun morfema e sen recorrer a el para expresar os dous membros dunha oposición gramatical. O alomorfe *-ø* ten presenza unicamente no termo masculino da oposición, en nomes que terminan en vogal tónica ou en consoante (44c, 44d e 44e):

(53) (a) [aˈβ̞o-**ø**]
[aˈβ̞o-**a**]
(b) [ɾofeˈʂoɾ-**ø**]
[ɾofeˈʂoɾ-**a**]
(c) [ʃuˈiθ-**ø**]
[ʃuˈiθ-**a**]
d) [ʂu̪ˈtɑ̃ŋ-**ø**]
[ʂu̪ˈtan-**a**]

Como podemos observar en (53a), a estrutura prosódica da palabra fonolóxica[99] é importante e debe ser tomada en consideración para analizarmos o comportamento da flexión de xénero nos nomes, pois en principio, e cando non se ten producido ningún proceso de modificación na raíz, o morfema de xénero está representado sempre por unha vogal átona que ocupa a posición máis externa da palabra, inmediatamente antes do morfe de número (Pazó Espinosa 1991: 97). Cando a palabra termina en vogal tónica débese supor que tal posición non está ocupada nese termo da oposición xenérica, se ben sempre o está no feminino, que é o termo marcado. O mesmo sucede coas palabras que non terminan en vogal senón en consoante no masculino (44b), aínda que en ocasións estas palabras, como acontecía coas que terminaban en *-e* e mais en *-a*, poden adquirir tamén o seu xénero en virtude dun proceso de conversión, sen ningún sufixo ligado ao lexema, facéndose visíbel mediante a concordancia (*o* / *a xuíz*). De todos os xeitos, como xa se viu, a tendencia do galego actual é a de marcar através dun morfe específico o xénero feminino, tal e como se fai en (53c)[100].

O exemplo de (53d) representa o único caso de nome común simples que termina en *-án* no masculino e que no feminino engade un /a/ átono á raíz, sendo os outros

[99] Para o concepto de 'palabra fonolóxica' en contraste co de 'palabra gramatical' véxase Matthews (1980).

[100] Doutra parte, *rapaz* ten dúas posíbeis formas femininas, unha en que o morfe de feminino se liga directamente á raíz, e outra en que aparece un infixo (*-rig-*) entre ambos os elementos acompañado dunha substitución na raíz, que perde a consoante final, sendo o único substantivo en que se rexistra este formante: *rapaza* e *rapariga*. Alén diso, a partir desta última forma feminina tense formado un novo termo masculino, mediante a conmutación do *-a* final por un *-o*: *raparigo* (cfr. Taboada 1979: 94).

casos nomes propios como *Xoán* / *Xoana* ou *Xulián* / *Xuliana*. Así mesmo, en (44e) recollemos dous exemplos de formas que terminan en consoante /n/ no masculino e que experimentan no feminino un proceso de substitución na raíz, presentando unha delas un /ˈa/ tónico que podemos considerar como alomorfe de FEM. As dúas caracterízanse por seren oxítonas, a primeira termina en *-án* no masculino e a segunda en *-ón*:

(54) (a) [ɪrˈmɑ̃ŋ-**ø**]
[ɪrˈm-**a**]
(b) [laˈðɾõŋ-**ø**]
[laˈðɾo-**a**]

A explicación destes resultados dos nomes patrimoniais é etimolóxica, pois están condicionados pola caída do *-n-* intervocálico que caracteriza o galego-portugués frente ás outras linguas romances. Do punto de vista sincrónico debemos falar dunha substitución que se produce na raíz en ambos os casos, eliminándose na forma FEM o segmento nasal. Os nomes que no termo MAS presentan unha terminación *-án* caracterízanse ademais por teren no FEM como alomorfe de xénero un /´a/ tónico, sendo este o único contexto en que se dá tal alomorfía. Como consecuencia dos diferentes procesos de substitución que se producen en ambos os tipos de nomes, o resultado do termo FEM presenta tamén unha estrutura prosódica diferente; así, encanto a forma feminina dos nomes cuxa raíz termina en *-án* é tamén oxítona, a dos nomes cunha raíz terminada en *-ón* pasa a ser paroxítona[101].

Debe ser considerado á parte o substantivo *barón*, que é o único terminado en *-ón* ao cal corresponde unha forma feminina cun infixo *-es-* colocado nunha situación inmediatamente anterior á do morfe *-a* (*barón* / *baronesa*). Outro caso particular entre os nomes terminados en *-n* no masculino é o constituído polo adxectivo *ruín*, que permanece normalmente invariábel, aínda que Álvarez / Regueira / Monteagudo (1992: 71) tamén admiten a posibilidade dun feminino *ruíña*, co morfe propio deste xénero e mais unha modificación na raíz que suporía a palatalización do fonema nasal[102].

Veremos, en último lugar, os nomes que presentan no termo MAS un alomorfe *-ø* e no FEM un alomorfe *-triz*, que, como os nomes que incorporan un infixo na forma

[101] Existe aínda unha outra forma feminina en que o proceso de substitución é maior, pois supón a desaparición do /o/ da raíz: [ˈlaðɾ-**a**], constituíndo o único caso entre os nomes terminados en *-ón*.

[102] Saco Arce (1967 [1868]: 46), que tamén fai mención explícita a este adxectivo, sitúao entre os invariábeis. Flexiona en cada un dos xéneros no galego de Asturias: "É interesante en eonaviego, bierzano, ancarés e galego do Eo o paradigma *ruín*, *ruía*, *ruíos*, *ruías* (*ruin*, *ruiña*, *ruiños*, *ruiñas*), que en galego común non ten varianza de xénero, mais si a ten en asturiano" (Frías Conde 1999: 43).

feminina, está condicionada historicamente por proceder dun sufixo derivativo latino. Este alomorfe feminino preséntase en oposición a formas masculinas terminadas en *-dor* ou *-tor*. En todas elas, estas terminacións corresponden en ambos os xéneros a antigos sufixos derivativos co significado de axente, se ben o sufixo *-triz* non é produtivo na lingua actual, polo que xa non se usa na formación ocasional de novos femininos. A tendencia do galego de hoxe é precisamente a contraria, de maneira que, por exemplo, xa non sería estraño utilizar un feminino regular como *imperadora* en lugar do tradicional *imperatriz*[103].

(55) (a) [ĩmpeɾaˈð̞oɾ-**ø**]
[ĩmpeɾa-ˈ**tɾiθ**]
(b) [diɾɛkˈtoɾ-**ø**]
[diɾɛk-ˈ**tɾiθ**]

Consideramos que o morfe que representa o morfema de feminino é *-triz* por ser este o sufixo que se mantén constante e regular no termo FEM das oposicións en que aparece, aínda que, como vemos nos exemplos propostos, a correspondente forma do termo MAS pode terminar en *-dor* ou en *-tor*. En ambos os casos, igualmente, se produce unha modificación da raíz, pois perde a súa última sílaba, que é substituída polo alomorfe de feminino. Hai unha diferenza importante, de calquera xeito, entre (55a) e (55b), xa que o primeiro é un substantivo en que a flexión de xénero supón a expresión morfolóxica dunha oposición semántica de sexo, encanto o segundo é un adxectivo que admite este tipo de flexión, co alomorfe de feminino *-triz*, unicamente cando concorda cun substantivo da clase lexical caracterizada polo sema [-animado], mais non cando se refire anaforicamente a unha persoa do sexo [+femia], podendo cumprir ademais a función de núcleo dun SN cando se elide o substantivo *liña* que normalmente acompaña, sobre todo en plural:

(56) (a) Ninguén seguiu as liñas directrices que foran marcadas.
(b) Ninguén seguiu as directrices que foran marcadas.
(c) *Ninguén seguiu as liñas directoras que foran marcadas.
(d) Ninguén seguiu a directora do colexio até ao seu gabinete.
(e) *Ninguén seguiu a directriz do colexio até ao seu gabinete.

Como se pode observar en (56b), a forma *directriz* só se pode utilizar como substantivo co significado de 'liña reguladora, instrución ou norma de procedimento',

[103] En portugués, en oposición ao masculino *embaixador* téñense formado convencionalmente dous femininos con significados diferentes: *embaixatriz*, que designa a muller do embaixador, e mais *embaixadora*, que designa á funcionaria xefa da embaixada (Cunha / Cintra 1992: 194). Doutra parte, un substantivo de oficio como *institutriz*, ten apenas esta forma feminina por non existir o equivalente masculino.

mais cando queremos designar unha muller que ocupa un cargo directivo debemos utilizar a forma de feminino *directora*, como en (56e). Tanto a utilización do feminino regular, co acrecentamento do *-a* que caracteriza este xénero á base lexical do nome, como a do alomorfe de FEM *-triz*, vén imposta aos falantes convencionalmente, constituíndo un número extremadamente reducido o dos nomes substantivos ou adxectivos que admiten o sufixo irregular. De igual maneira que *directriz*, son utilizadas como adxectivos (e só adxectivos) femininos as formas *motriz* (/ *motor*) e *xeratriz* (/ *xerador*).

2.2.2.3. Conclusións

Considerando os casos irregulares, os dos tradicionalmente denominados 'sufixos derivativos', como infixos, a expresión mórfica do termo FEM é sistematicamente *-a* (coa única excepción xa comentada de *-triz* e *-á*, que se presentan como os seus dous únicos alomorfes); mais a expresión do masculino, o termo non marcado da oposición, resulta ser, segundo o que levamos visto, máis variada. Se o morfema de xénero gramatical está representado substancialmente no significante dos nomes por unha vogal átona que ocupa o lugar máis á dereita da palabra, inmediatamente antes do morfe que indica o número, no caso do termo masculino ese lugar pode ser cuberto por calquera vogal átona, incluíndo o propio /a/.

Podemos expresar as oposicións de morfes que representan substancialmente os morfemas de xénero nos nomes conforme a dúas regras, coincidentes *grosso modo* coas de Costa Casas / González Refoxo / Morán Fraga / Rábade Castiñeira (1988: 76-77) que mencionamos anteriormente, dividindo os nomes en dous grandes grupos a respecto da flexión xenérica:

(a) Os nomes que no termo MAS terminan en vogal átona, ocupando ese mesmo lugar a vogal /a/ no termo FEM.
(b) Os nomes que no termo MAS terminan en vogal tónica ou consoante (que presentan o alomorfe de MAS ø) e que no termo FEM terminan en /a/, podendo ocupar ese mesmo lugar en determinadas ocasións un /'a/ ou o sufixo /'tɾiθ/.

A seguir representamos esquematicamente as diversas oposicións mórficas de xénero que se estabelecen nos nomes en galego. Como xa se explicou, a utilización de infixos é idiosincrática e dáse nun número reducido de nomes (algúns dos que aparecen nos exemplos propostos constitúen o único caso). Cando, alén da concorrencia do morfe feminino correspondente, se produce algún proceso de substitución na raíz, expresámolo neste esquema con '+ substitución'; doutra parte, indícase entre parénteses o contexto en que se dan aqueles procesos morfolóxicos que dependen de determinadas circunstancias fonolóxicas:

(57)

	{MAS}	{FEM}
(a)	vogal átona	-a
	-o	**-a,** -es-**a,** -is-**a,** -iñ-**a**
	['noβ̪-**o**]	['nɔβ̪-**a**]
	[bãm'piɾ-**o**]	[bãmpi'ɾ-eʂ-**a**]
	['djɑkon-**o**]	[djɑko'n-iʂ-**a**]
	['gɑl-**o**]	[gɑ'l-ĩŋ-**a**]
	-e	**-a**, -es-**a**, -is-**a**
	[ĩm'faṇt-**e**]	[ĩm'faṇt-**a**]
	['kõn̪d-**e**]	[kõn̪'d-eʂ-**a**]
	[ʂaθeɾ'ð̞ɔt-**e**]	[ʂaθeɾðɔ't-iʂ-**a**]
	-u	**-a**, **-a** + substitución
	[ewɾo'pe-**w**]	[ewɾo'pe-**a**]
	[ʃu'ð̞e-**w**]	[ʃu'ð̞i-**a**]
	-i	-in-**a**, -iñ-**a** + substitución
	[ɛ'ɾɔ-**j**]	[ɛɾɔ'-in-**a**]
	['re-**j**]	[ra'-ĩŋ-**a**]
	-a	-is-**a**
	[po'et-**a**]	[poe't-iʂ-**a**]
(b)	-ø	-a, -rig-a + substitución, -á + substitución, -es-a, -triz + substitución
	[a'β̪o-**ø**]	[a'β̪o-**a**]
	[pɾofe'ʂoɾ-**ø**]	[pɾofe'ʂoɾ-**a**]
	[ra'paθ-**ø**]	[ra'paθ-**a**]
		[rapa'-ɾiɯ-**a**]
	[iɾ'mãŋ-**ø**]	[iɾ'm-**a**]
	(Condición: nomes comúns simples terminados en *-án* no termo MAS)	
	(Excepción: [ʂuḷ'tãŋ-ø]	[ʂuḷ'tan-a])
	[la'ð̞rõŋ-**ø**]	[la'ð̞ro-**a**]
	(Condición: nomes comúns simples terminados en *-ón* no termo MAS)	
	(Excepción: [ba'ɾõŋ-**ø**]	[baɾo'n-eʂ-**a**]
	[ĩmpeɾa'ð̞oɾ-**ø**]	[ĩmpeɾa'-**tɾiθ**]
	(Condición: algúns nomes comúns simples terminados en *-dor* ou *-tor* no termo MAS)	

2.3. O xénero gramatical e os pronomes

Temos centrado até aquí o noso estudo exclusivamente nos nomes substantivos e adxectivos, mais a categoría gramatical do xénero tamén afecta a clase de palabras que constitúen os pronomes, que nalgunhas das súas formas presentan flexión xenérica. Coherentemente coa definición que temos feito do xénero gramatical desde unha perspectiva morfosintáctica, as posibilidades flexionais dos pronomes deben ser postas en relación co tipo de funcións sintácticas que estes poden desempeñar, coincidentes coas dos nomes substantivos e adxectivos como constituíntes de frases nominais. Neste sentido, os pronomes cumpren nunhas ocasións a función substantiva de núcleo dunha frase nominal, e noutras as funcións adxectivas de modificador ou determinante, de tal maneira que o xénero gramatical nos pronomes participa mediante a concordancia de todas estas relacións sintácticas.

De acordo co que vimos en 0.5.3, nos pronomes o xénero funciona como un morfema estritamente gramatical, por constituíren estas palabras un inventario fechado organizado en paradigmas flexionais e por non posuíren calquera contido lexical, tendo apenas un significado gramatical e un valor referencial ou relacional (vid. Vilela 1999: 163-164). Así pois, o xénero gramatical nos pronomes é, do punto de vista morfolóxico, un elemento que permite opor formas nun paradigma e, a diferenza do que ocorre nalgúns nomes, en ningún caso achega un contido semántico, aínda que polo seu carácter referencial as formas MAS e FEM poidan expresar o sexo do ser designado.

Para a clasificación dos pronomes seguimos as propostas das gramáticas de Costa Casas / González Refoxo / Morán Fraga / Rábade Castiñeira (1988) e de Freixeiro Mato (2000), que dividen esta clase de palabras en pronomes persoais, demostrativos, posesivos, relativos, interrogativos e exclamativos, identificadores, ordinais e cuantificadores. Tal clasificación afástase da tradicional fundamentalmente no que atinxe a dificultosa clase dos denominados 'indefinidos', que doutras perspectivas gramaticais serve para recoller todos aqueles pronomes que non foran encadrados en ningún dos grupos anteriores, e que se caracterizan polo seu carácter referencial impreciso[104]. Na proposta de clasificación que seguimos recóllense este tipo de pronomes nos grupos dos identificadores e cuantificadores. Doutra parte, ambas as gramáticas sitúan os artigos entre os pronomes identificadores definidos, distinguindo neles unha función adxectiva, como actualizador do substantivo que acompaña ou como transcategorizador ou substantivador, e unha función substantiva, como núcleo da frase nominal cando vai seguido dun adxectivo non substantivado (*deses cadros, prefiro o grande*), dunha frase preposicional (*era mellor o de antes*) ou dunha cláusula de relativo introducida por *que* (*é todo o que temos*) (vid. Freixeiro Mato 2000: 260-265)[105].

[104] Cfr. a división da gramática de Álvarez / Regueira / Monteagudo (1992), que agrupa os indefinidos desde un enfoque sintáctico, segundo poidan aparecer en función nuclear ou substantiva, en función adxacente ou en ambas: "Así pois, esta serie de formas, consideradas todas elas 'indefinidos', presenta características semánticas, morfolóxicas e sintácticas diversas no seu interior. Pódese tentar unha clasificación atendendo a calquera destas características, a que segue está feita cun enfoque sintáctico". Esta mesma perspectiva é a adoptada polas gramáticas portuguesas de Cuesta / Mendes da Luz (1971) e de Cunha / Cintra (1992).

2.3.1. Pronomes invariábeis

A maioría dos pronomes invariábeis canto ao xénero e ao número distínguense dos que presentan flexión non só do punto de vista semántico, senón tamén porque con frecuencia só poden cumprir unha función sintáctica nuclear ou substantiva, non podendo funcionar como modificadores. Como xa vimos en 1.1.1, tradicionalmente tense chamado neutros a estes pronomes invariábeis (cfr. Álvarez / Regueira / Monteagudo 1992: 208), cando menos aos que aparecen no paradigma a acompañaren formas que teñen ademais flexión de xénero, aplicando ao galego unha denominación que se corresponde coa da gramática latina, onde si existe un xénero neutro. Mais na realidade, tendo en conta que o xénero gramatical se define exclusivamente polas relacións de concordancia, e que en galego son posíbeis apenas dúas opcións neste sentido, a concordancia en MAS e a concordancia en FEM, non semella oportuno considerar a existencia dun terceiro termo xenérico. Así pois, aínda que xulguemos estes pronomes como restos formais do neutro latino, non deben ser incluídos dentro desta terceira clase xenérica, pois o feito de non existiren máis do que dous tipos de nomes substantivos e adxectivos impede acharmos calquera contexto lingüístico en que localizar unha concordancia en neutro. Así pois, os pronomes invariábeis que cumpren unha función substantiva esixen sempre unha concordancia masculina e singular, que son os termos considerados formalmente non marcados das oposicións de xénero e número (vid. 1.1.1), en canto aqueles que cumpren ademais unha función adxectiva poden concordar tanto en masculino como en feminino, exactamente igual que os nomes adxectivos invariábeis canto ao xénero:

(58) (a) Nunca vira *tal cousa* {FEM}.
(b) Nunca tivera *tal pensamento* {MAS}.

Como sucede cos adxectivos, nestas ocasións debemos supor que os pronomes invariábeis posúen un morfema de xénero na concordancia co substantivo que modifican ou determinan, a pesar de non se expresar este morfema substancialmente mediante unha marca específica. De igual modo, cando estes pronomes

[105] Porto Dapena (1986: 77-114) trata o artigo e os demostrativos, aínda que separadamente, nun mesmo capítulo, por seren ambos determinantes, "en la medida en que todos ellos coinciden en la función de establecer una determinación respecto al objeto a que se refieren por sí mismos o a través del sustantivo que acompañan" (p. 74).

cumpren unha función substantiva o morfema de xénero é recoñecíbel na concordancia en masculino, o cal nos permite denominar estes pronomes 'masculinos invariábeis'.

Veremos a seguir cales son en galego as formas invariábeis das diferentes clases de pronomes, xunto coas funcións sintácticas que cumpren, co obxecto de estabelecermos que tipo de relación manteñen coa categoría gramatical do xénero.

Nos pronomes persoais tónicos, que cumpren a función sintáctica de suxeito ou de termo dunha frase preposicional, e nos átonos, que cumpren a función de CD e CI, as únicas formas que presentan variación xenérica son as de terceira persoa, sendo todas as demais, tanto as libres como as ligadas, invariábeis canto ao xénero[106]. O feito de non teren marca dentro do seu paradigma non significa que non teñan morfema de xénero, pois poden concordar con adxectivos masculinos e femininos:

(59) (a) *Eu* son *alt**o*** {MAS} / *Eu* son *alt**a*** {FEM}
(b) *Ti* es *alt**o*** {MAS}/ *Ti* es *alt**a*** {FEM}
(c) *Nós* somos *alt**os*** {MAS}/ *Nós* somos *alt**as*** {FEM}
(d) *Vós* sodes *alt**os*** {MAS}/ *Vós* sodes *alt**as*** {FEM}

É polo seu carácter referencial que o pronome persoal transmite información sobre o sexo do ser designado, facéndose visíbel no enunciado esta información mercé á concordancia gramatical co adxectivo. Nos exemplos de (59) a concordancia estabelécese entre os pronomes en función de suxeito e o seu atributo, mais a súa marca mórfica podería estar presente tamén nun adxectivo en aposición (*eu, calad**o** / calad**a**, escoitaba con atención o que me dicían*). Débese ter en conta, do punto de vista semántico, que a concordancia masculina dos pronomes de plural non sempre significa que ditos pronomes refiran seres animados machos, por se producir no xénero MAS a neutralización semántica da distinción sexual (vid. 3.2). Por outro lado, xunto ás formas invariábeis de (59c) e (59d) existen en galego outras formas que si presentan variación xenérica, *nosoutros* / *nosoutras*, *vosoutros* / *vosoutras*, onde a oposición paradigmática tamén se estabelece mediante os segmentos fónicos *-o* / *-a*. A súa distribución no territorio lingüístico galego é, segundo Fernández Rei (1990: 75), a seguinte:

> Na metade norte da provincia de Lugo, no extremo norte da provincia da Coruña e no galego de Asturias, as formas *nosoutros*, *nosoutras* son as únicas que se rexistran como suxeitos; parecen, a xulgar polos datos actuais, formas estrañas á provincia de Ourense, á metade Sur da de Lugo e á metade oriental da de Pontevedra, pero probablemente existiron tamén dentro desta zona; no resto pode dicirse que conviven, aínda que en situación desvantaxosa para *nosoutros*. Esta desvantaxe débese a que, onde conviven, *nosoutros* é con frecuencia unha forma característica da fala dos vellos, en tanto que os novos só usan *nòs*, e mesmo só coñecen esta forma.

[106] Véxase Vázquez López (1994: 294), que realiza unha abordaxe crítica do tratamento que recibiron os pronomes persoais nas gramáticas galegas, chegando á conclusión da existencia dun salto cualitativo importante entre as primeiras gramáticas e as últimas.

Alén diso, as formas *nosoutros* / *nosoutras* acrecentan ao seu significado plural unha connotación de exclusividade, pois serven para opor un grupo fechado, que inclúe o *eu*, aos outros, queréndose salientar co seu uso esa exclusión, o mesmo ocorrendo con *vosoutros* / *vosoutras*[107].

Doutro lado, en 1.1.1 xa se apuntou a nosa opinión sobre supostas formas neutras do pronome persoal de terceira persoa, tanto a medieval *elo* como *el*. É sabido que o uso do primeiro deles ten sido substituído no galego actual polo do demostrativo invariábel, *isto* ou *iso*, entanto que o segundo cumpre diversas funcións, sendo moi utilizado na lingua literaria, sen que manteña ningunha relación de concordancia cos outros elementos do enunciado. Acontece así nos seus usos pleonástico, de apoio á narración, de reforzo interrogativo ou de suxeito impersoal (vid. unha análise de todos estes valores estilísticos en Freixeiro Mato 2000: 192-195). Mais ningún destes valores lle confire ao pronome un carácter neutro, cando menos do punto de vista da sincronía, pois o sistema xenérico do galego, que é esencialmente formal embora posúa ás veces contido semántico, ten ficado reducido a dous termos, tanto en nomes caracterizados polo sema [+ animado] como nos caracterizados polo trazo [- animado][108].

Na serie átona dos pronomes persoais son tamén as formas de terceira persoa do singular e do plural as que presentan variación xenérica, e delas unicamente as que cumpren a función de CD, sendo todas as demais invariábeis. Como acontece cos pronomes tónicos, poden designar tanto homes como mulleres, ou referírense frecuentemente a animais machos e femias, condicionando esta referencia extralingüística á concordancia con adxectivos masculinos ou femininos:

[107] Cfr. Álvarez Blanco (1982: 250): "*nosoutros* e *vosoutros* (coma fr. *nous autres*, port. *nós outros*, it. *noi altri*) delimita un grupo humano frente a outro, ó que se fai referencia case sempre no contexto e no que pode non estar incluído o interlocutor; *nós* e *vós*, en cambio, non conlevan delimitación ningunha".

[108] Álvarez Blanco (1982: 260) interpreta dun modo contradictorio estes pronomes, pois após afirmar a soa existencia de dous termos xenéricos, enxerga un suposto carácter neutro no seu valor semántico, como se o significado fose determinante no sistema de xénero gramatical galego: "Hai que ter en conta que a lingua eliminou espontaneamente o pronome persoal neutro, mantendo só a distinción entre masculino e feminino, como corresponde ós seres animados, os únicos que poden ser axentes. Os usos do pronome neutro foron asumidos polo pronome masculino ou por outros neutros pronominais; nos exemplos que nos ocupan atopámo-la primeira solución, mentres que no galego mais común actualmente prevalece a segundo opción. O carácter neutro do pronome nestes casos evidénciase no feito de que no seu lugar sería usual unha expresión como *a cousa*, *o asunto*, *o caso* etc."

(60) (a) Deixou*te abandonado* {MAS}no medio da estrada.
(b) Deixou*te abandonada* {FEM} no medio da estrada.

En (60) a concordancia estabélecese entre un pronome átono *te*, que cumpre a función de CD, e un adxectivo en función de complemento predicativo que o modifica, e en ambas as cláusulas o xénero do adxectivo transmite información sobre o sexo do referente. Mais tamén neste sentido os pronomes persoais constitúen unha clase á parte entre os pronomes, pois son os únicos que se refiren ás tres persoas gramaticais, en canto os outros só fan referencia á terceira, póndoa en relación á súa vez o posesivo coas tres persoas gramaticais e o demostrativo coa primeira persoa[109]. Por tanto, en todos os outros pronomes é preciso facer a distinción antes mencionada entre formas invariábeis que só poden cumprir unha función nuclear ou substantiva e as que tamén cumpren unha función adxectiva, pois son as primeiras as que veñen sendo denominadas tradicionalmente 'neutras', aínda que desde a perspectiva da súa adscrición xenérica sexa preferíbel, do noso punto de vista, denominalas 'masculinas invariábeis'. Pertencen a esta clase os pronomes demostrativos invariábeis *isto*, *iso aquilo*, os pronomes cuantificadores indefinidos *alguén* e *algo*, e mais os cuantificadores absolutos *ninguén* e *nada*[110]. Todos eles se caracterizan por non presentaren flexión xenérica e cumpriren sempre unha función sintáctica substantiva, concordando en masculino e singular. Alén diso, áchanse nunha situación paradigmática semellante a respecto das formas masculinas e femininas os seguintes pronomes invariábeis:

(61) (a) este(s) / esta(s) // isto
ese(s) / esa(s) // iso
aquel(es) / aquela(s) // aquilo
(b) algún(s) / algunha(s) // alguén, algo
(c) ningún(s) / ningunha(s) // ninguén, nada

Débese ter presente, de igual modo, que entre a forma invariábel e as variábeis de (61a) non existe unha oposición de significado non humano / humano, como acontece ás veces en (61b) e (61c) entre *algo*, *nada* e todas as outras formas do seu paradigma. Como explica convincentemente Herculano de Carvalho (1984: 29-48), as oposicións que estabelecen todas estas formas entre si non son de xénero, senón que están fundadas no seu "grao de indeterminación referencial". Desta maneira, as formas invariábeis do demostrativo poden referirse anaforicamente a substantivos masculinos ou femininos, tanto en singular como en plural, sendo con frecuencia utilizados para retomar mesmo toda unha frase ou unha cláusula ou para faceren referencia a un feito extralingüístico descoñecido:

(62)
*–"¿E logo que foi **eso**, home?", pergunteille.*
*–"Son as gracias **diste**", saltou o Milhomes, "Gústalle meterse, e veleí tes..."*
(Blanco Amor, *Esmorga* 61)

Independentemente das variantes dialectais utilizadas polo autor ourensán, que non imos comentar aquí[111], neste texto a forma invariábel do demostrativo de afastamento medio *eso* refírese a un feito acontecido sobre o cal se formula unha pregunta. No entanto, a resposta inclúe unha frase nominal en que o núcleo é un substantivo FEM-PL que ten como modificador unha frase preposicional. O uso do demostrativo invariábel está xustificado precisamente porque supón unha referencia a algo descoñecido, como pode deducirse da súa presenza nunha cláusula interrogativa; de aí que o demostrativo escollido sexa un dos que fan referencia a algo indeterminado. Pola súa parte, o pronome MAS-SING do enunciado fai refencia a un home presente no contexto do diálogo.

Neste sentido, a diferenza entre *alguén* e *ninguén* e os outros pronomes invariábeis do seu paradigma, *algo* e *nada*, é precisamente o feito de faceren referencia a unha persoa indeterminada, en oposición, á súa vez, a *algún* / *algunha* e *ningún* / *ningunha*, respectivamente. Doutra parte, en *algo*, *nada* e *isto*, o grao de indeterminación é maior, sendo esta a súa principal característica, se ben tamén é certo que o seu uso máis frecuente é o que fai referencia a obxectos inanimados.

En consecuencia, mesmo aínda que ás veces estes pronomes estabelezan entre as súas distintas formas unha oposición en torno ao trazo semántico [± animado], iso non significa que debamos considerar a existencia de pronomes neutros, pois, como xa foi dito, en galego o sistema de xénero ten un carácter fundamentalmente formal e non existe un termo xenérico para exprimir o contido semántico 'non animado' (como tampouco os xéneros MAS e FEM exprimen sempre os contidos

[109] Sobre o carácter relacional do pronome posesivo, Varela Barreiro (1982: 268) afirma o seguinte: "A característica esencial do posesivo é a relación que establece dentro do discurso. Modifica o núcleo do sintagma no que está incluído. Esta modificación, diferente á exercida polos outros modificadores (os adxectivos, por exemplo), sitúa o núcleo do sintagma en relación cun terceiro elemento. Este terceiro elemento está establecido de antemán no caso de que o posesivo sexa de 1ª ou 2ª persoa, pois remite necesariamente a dúas instancias externas do discurso: o emisor (1ª) e o receptor (2ª). Se o posesivo é de terceira persoa a remisión amplía considerablemente o seu campo, pois pódese tratar de calquera elemento do discurso".

[110] Álvarez / Regueira / Monteagudo (1992: 234) inclúen tamén entre os pronomes indefinidos que poden cumprir unha función substantiva *cadaquén* e *quenquera*.

[111] Cfr. o reparto dialectal das variantes dos demostrativos nas distintas zonas xeográficas rexistrado en Fernández Rei (1990: 69-73).

'macho' e 'femia', respectivamente). Véxase, a este respecto, a explicación de Vilela (1999: 219):

> A existência de *isto*, *isso*, *aquilo*, fez pressupor a muitos gramáticos que se tratava de pronomes neutros: o que não é verdade. Os pronomes invariáveis *isto*, *isso*, *aquilo* distinguem-se dos restantes pela ausência do sema 'determinação'. Isto é, em *este* / *esse* / *aquele*, está sempre presente o seu valor de determinantes, mesmo se usados pronominalmente, recuperando-se facilmente o nome de que o pronome é substituto, o que não acontece com as formas invariáveis.

Por tanto, o que caracteriza estas formas invariábeis é o feito de se presentaren sempre en función substantiva, de maneira que estes demostrativos non poden funcionar nunca como determinantes, e de exixiren unha concordancia en masculino e singular, que son os termos non marcados das oposicións de xénero e de número:

(63) (a) *Isto* non é *eterno* / **Isto* non é *eterna*.
(b) Anda á procura de *algo eterno* / *Anda á procura de *algo eterna*.
(c) *Nada* é *eterno* / **Nada* é *eterna*.

Outro pronome que presenta estas características é o cuantificador definido multiplicativo *dobro*, que sempre funciona como núcleo dunha frase nominal (*Gañar* ***o dobro*** *non sempre é* ***necesario***) concordando tamén en masculino e singular. Doutra parte, moitos pronomes que poden funcionar como núcleos ou como adxacentes fican inmobilizados nunha forma MAS cando cumpren unha función substantiva (*Gañei o duplo*, *Gañei o triplo*, mais non **a dupla*, **a tripla*...), como ocorre cos adxectivos substantivados.

Alén diso, en case todos os grupos de pronomes achamos formas invariábeis canto ao xénero que cumpren unha función adxectiva, a concordaren cos substantivos que modifican ou determinan. Neste sentido, dentro dos posesivos existe un paradigma específico que non varía en xénero nin en número, a pesar de se referir a substantivos de ambos os xéneros en singular ou en plural: é o posesivo enfático ou de propiedade exclusiva, que se apresenta baixo a forma masculina singular do paradigma dos pronomes posesivos (*de meu*, *de teu*, *de seu*, *de noso*, *de voso*, *de seu*):

(64) (a) Ten casa *de seu*.
(b) Ten barco *de seu*

En (64a) modifica un substantivo feminino, entanto que en (64b) esta construción pronominal en función adxectiva modifica un substantivo masculino, permanecen-

do en ambas as cláusulas invariábel. Neste sentido, debemos ter en conta que a forma máis habitual do posesivo mudaría o seu xénero para concordar co substantivo a que se refire (*a súa casa*, *o seu barco*) e, por outra parte, este posesivo enfático transmite un contido semellante ao dun pronome identificador *propio* / *propia*, con variación xenérica (*ten casa propia*, *ten barco propio*). Outra forma de posesivo invariábel é o de respecto *mi*, *tu*, *su* nas tres persoas do singular e na terceira de plural, que posúe unha única forma para masculino e para feminino. Normalmente, esta forma do posesivo é utilizada con substantivos considerados de 'tratamento superior', entre os que se inclúen os de parentesco de respecto *padre* e *madre*. Segundo Varela Barreiro (1982: 275-276), que ten estudado a forma *mi* entre os posesivos utilizados na obra de Álvaro Cunqueiro:

> A existencia desta forma sempre de primeira persoa parece indicar que se trata dunha propagación a partir do vocativo, que nos textos medievais presentaba a forma apocopada do posesivo e, cando ese vocativo estaba constituído polos sustantivos "pai" e "nai", as formas "padre" e "madre", que non teñen por que ser españolas[112].

Entre os pronomes relativos, interrogativos e exclamativos son formas morfoloxicamente invariábeis canto ao xénero *que*, *quen* e *cal*. O pronome relativo *que* pode levar como antecedente un artigo en calquera xénero e número, considerado neste caso pronome identificador en función substantiva (vid. Freixeiro Mato 2000: 235), e *cal*, usado en contextos lingüísticos máis formalizados, lévao obrigatoriamente. Á súa vez, o pronome relativo *quen*, que sempre cumpre unha función nuclear, pode retomar un substantivo caracterizado por pertencer ao xénero MAS ou FEM, tanto en singular como en plural (*quen fala é túa nai*, *quen fala é teu pai*). Os interrogativos *que* e *cal* poden ter función substantiva ou adxectiva, aínda que o primeiro deles cando cumpre unha función nuclear, como acontecía con outros pronomes que aquí vimos nesas mesmas circunstancias, pode ir antecedido por un artigo MAS (*O que fas aí?*). O exclamativo *que*, no entanto, sempre ten unha función adxectiva.

Os pronomes identificadores invariábeis canto ao xénero son *cada*, *calquera*, *tal*, *demais* e *máis*, aínda que todos eles posúen morfema de xénero expreso na concordancia, como xa vimos con anterioridade. Tamén teñen unha única forma para masculino e feminino os pronomes cuantificadores definidos unitarios, ou numerais cardinais, coa única excepción de *un* / *unha*, *dous* / *dúas* e das centenas a par-

[112] De todos os xeitos, semella clara a posibilidade de seren realmente castelanismos estas formas especiais do posesivo, sobre todo se levarmos en consideración o feito de se trataren de formas de respecto, dado o papel social que vén cumprindo o español (utilizado para a expresión do respecto, da cortesía etc.) no usos lingüísticos habituais na Galiza (cfr. Ferreiro 1995: 261).

tir de *cen*, isto é, *douscentos* / *duascentas*, *trescentos* / *trescentas*, *catrocentos* / *catrocentas*, etc. Como xa vimos, dos multiplicativos só *dobro* non presenta máis que unha forma xenérica, no termo MAS, e dos partitivos unicamente *metade* é invariábel, no termo FEM, a funcionaren ambos os pronomes como núcleos de frases nominais. Doutra parte, para as fraccións decimais utilízanse as mesmas formas dos pronomes ordinais en feminino (*unha centésima*, *dúas milésimas*, etc.). No entanto, como acontece con case todas as formas pronominais que temos visto, a función substantiva dos pronomes partitivos só a cumpren as formas MAS (*un terzo*, *un cuarto*, *un quinto*). Por último, os cuantificadores definidos colectivos só poden cumprir unha función nuclear na frase nominal, posuíndo un único termo xenérico (*parella* {FEM}, *decena* {FEM}, *ducia* {FEM}, *millón* {MAS}, *cento* {MAS} ou *centena* {FEM} etc.).

No tocante aos cuantificadores indefinidos, xa vimos as formas invariábeis *alguén* e *algo*, que teñen sempre unha función substantiva, ás cales debemos sumar *bastante*, que pode ter marca de plural (*bastantes*) mais que se mantén invariábel para ambos os xéneros, podendo cumprir unha función substantiva e adxectiva. Tamén o pronome cuantificador indefinido *todo* cando é utilizado en función substantiva preséntase baixo a forma masculina e singular, que se corresponde en parte coa que en portugués posúe unha forma específica *tudo*, o cal é índice do carácter non marcado deste termo xenérico:

(65) ***Todo o*** *máis nov**o*** está aquí / Todo está aquí.

Por outra parte, como ten indicado Herculano de Carvalho (1984: 31, n. 2), entre este pronome cuantificador e a forma invariábel do demostrativo estabelécese ás veces unha relación de modificación, en que calquera de ambos pode funcionar como núcleo, sendo o outro un pronome substantivo en aposición (*todo isto*, *isto todo*, *todo aquilo*, *aquilo todo*).

Finalmente, son invariábeis os pronomes correlativos *máis* e *menos*, que poden modificar substantivos masculinos e femininos, e os cuantificadores absolutos de que falamos acima, *ninguén* e *nada*. Freixeiro Mato (2000: 289) chama a atención para o feito de moitos dos cuantificadores absolutos e indefinidos coincidiren cos adverbios de cantidade (*máis*, *pouco*, *moito*, *abondo* etc.), sendo recoñecíbeis estes últimos porque sempre aparecen baixo unha forma masculina e singular[113].

[113] Cfr. Freixeiro Mato (2000: 289): "Só inmobilizados en masculino singular é cando poden tamén ser adverbios, o que unicamente acontecerá cando indicaren cantidade en sentido puro, en relación coa acción expresada polo verbo e sen nengunha referencia a un substantivo (*Corre máis*; *Traballas pouco*; *Bebes moito*)".

2.3.2. Pronomes variábeis

Son pronomes variábeis canto ao xénero gramatical todos aqueles que posúen unha forma específica para cada un dos termos xenéricos, sexa cal for a función sintáctica que cumpran. Así pois, cando teñen unha función substantiva poden indicar o sexo do referente, dado o seu carácter referencial, ou ben retomaren anaforicamente un substantivo MAS ou FEM, por posuíren tamén un valor lingüístico relacional. De entre os pronomes persoais, unicamente os de terceira persoa presentan unha forma para cada un dos xéneros, tanto na série tónica como na átona en función de CD, seguramente por ser esta persoa a que fica fóra do circuito da comunicación, pois a primeira persoa sempre se refire ao emisor e a segunda ao receptor. Neste sentido, o valor referencial do pronome persoal obriga a marcar morficamente o xénero gramatical na terceira persoa para clarificar o sexo do referente. Outras formas pronominais variábeis son as dos demostrativos *este* / *esta*, *ese* / *esa*, *aquel* / *aquela*, o paradigma completo dos posesivos, os relativos *cuxo* / *cuxa*, *canto* / *canta* e mais os interrogativos e exclamativos *canto* / *canta*, os identificadores *o* / *a*, *ambos* / *ambas*, *un* / *unha*, *certo* / *certa*, *propio* / *propia*, *outro* / *outra*, *mesmo* / *mesma*, todos os cuantificadores definidos ordinais (*primeiro* / *primeira*, *segundo* / *segunda*, etc.), os cuantificadores definidos unitarios *un* / *unha*, *dous* / *dúas*, todos os multiplicativos e partitivos (coas excepcións xa comentadas de *dobro* e *metade*), todos os cuantificadores indefinidos excepto *máis* e *menos*, e o cuantificador absoluto *ningún* / *ningunha*.

Como veremos máis adiante, en todos estes casos a forma MAS do pronome persoal pode ser no plural un termo neutralizado, de maneira que faga referencia tanto a seres machos como a femias ou a substantivos masculinos e femininos. Alén diso, frecuentemente a forma masculina singular do paradigma é a utilizada para cumprir a función nuclear dunha frase nominal, comportándose a este respecto como algunhas formas invariábeis que non poden en ningún caso ter unha función adxectiva. A única excepción a esta norma de comportamento xeral dos pronomes é a do denominado por Mariner Bigorra (1975) 'feminino de indeterminación'. Este fenómeno consiste na utilización das formas femininas dos pronomes, moi habitualmente tamén en plural, en frases feitas que expresan indeterminación. Tales expresións son moi frecuentes con pronomes demostrativos (*Non me veñas con **esas***, ***Esta** si que é boa*) e con pronomes posesivos (*Sempre andas facendo das **túas***) en función substantiva, ou ben con pronomes persoais en frases feitas como *Fixéche**la** boa*, *Hásm**as** pagar todas xuntas*, *É un rapaz moi espelido, cólle**as** no ar*, e mesmo en refráns do tipo *Non **as** fagas, non **as** temas*. Doutra parte, ás veces nin sequera é preciso o uso dun pronome, estando o feminino de indeterminación expresado apenas por un adxectivo feminino (*Vaiche boa*, *Fas todo polas boas* etc.).

O autor catalán comenta as diversas hipóteses que se teñen utilizado para explicar a orixe destas construcións femininas, comúns ás linguas romances, tales como a

idelista de Spitzer, baseada nun certo "animismo matriarcal", ou a etimolóxica de Sandmann, que sitúa a causa deste uso especial do feminino nos neutros plurais do latín terminados en *-a*, ou na analoxía con este tipo de femininos cunha intencionalidade expresiva. Cita, por último, a posíbel elipse dun substantivo feminino, tamén apontada por Sandmann, con que concordase o pronome ou adxectivo usado nestas expresións. O certo é que nalgúns casos esta posibilidade semella a máis razoábel, ao ser fácil supor que substantivo é o elidido en certas frases feitas, como por exemplo en *ir á última*, onde parece evidente que se ten elidido, por sobreentenderse, o substantivo feminino *moda*. En moitas das que vimos anteriormente, no entanto, non é posíbel retomar con tal seguridade un substantivo feminino ao que estarían referidos anaforicamente os pronomes. De maneira que talvez a explicación deste fenómeno, que segundo Mariner Bigorra (1975: 54-55) xa existía no propio latín, poida asentar, como explica o autor catalán, precisamente no feito de ser o feminino o termo marcado da oposición de xénero, carregándose así dunha forte intencionalidade expresiva este tipo de frases feitas. A motivación estilística vese acentuada ademais, na nosa opinión, polo uso do plural nalgúns casos, o cal provoca que sexan precisamente os termos marcados das oposicións de xénero e número os que se vexan implicados. No caso dos pronomes, débese observar ademais que nestas construcións cumpren unha función sintáctica substantiva, de igual modo que os pronomes que denominamos invariábeis masculinos, polos cales poderían ser substituídos nalgunhas ocasións se non fose pola perda da capacidade expresiva do enunciado, provocada pola indeterminación que introduce o uso do feminino:

(66) (a) *Esa* si que é boa.
(b) *Iso* si que é bo.

Neste exemplo, ademais, podería suporse en (66a) a elisión dun substantivo *historia*, dependendo en todo o caso do contexto, pois o pronome demostrativo pode facer referencia tanto a un feito acontecido como a un narrado, de acordo cos valores referencial ou anafórico do seu carácter deíctico. O feito, aparentemente paradoxal, de os termos non marcado e marcado cumpriren idénticas funcións fica demostrado tamén na transcategorización dos pronomes en adverbios, onde se produce a equivalencia entre *nestas* e *nisto*:

(67) (a) Estábamos falando e *nestas* comezou a chover.
(b) Estábamos falando e *nisto* comezou a chover.

Por outra parte, aínda que os adxectivos se transforman en adverbios normalmente através da súa forma masculina e singular, abundan tamén en galego as locucións adverbiais caracterizadas por ficaren fixadas no feminino plural, tales como *ás dereitas*, *ás escuras*, *ás apalpadas*, *ás claras*, *ás agachadas*, *ás furtadelas* etc. Do

noso punto de vista, a explicación máis coherente é a que alude á oposición funcional dos termos xenéricos nas linguas romances, tendo en conta que ocasionalmente a lingua habilita os termos marcados das oposicións de xénero e número para cumpriren as mesmas funcións dos non marcados, cunha intencionalidade expresiva[114].

2.3.3. Conclusións

Temos visto a incidencia que o xénero gramatical ten nos paradigmas dos pronomes en galego, distinguido estes en variábeis e invariábeis, segundo teñan ou non marcas de xénero. Cando cumpren unha función adxectiva os pronomes concordan co substantivo que modifican ou determinan, entanto que cando son núcleo dunha frase nominal retoman o xénero do substantivo que representan anaforicamente ou, no seu caso, expresan o sexo do ser animado a que se referen. Por considerarmos que non existen en galego máis que dous termos xenéricos, MAS e FEM, analizamos os pronomes invariábeis en función substantiva, tradicionalmente denominados neutros e que teñen valores especiais dentro do seu paradigma, como masculinos invariábeis, pois sempre determinan unha concordancia en masculino e singular. Doutra parte, nalgúns pronomes que temos visto, esta función substantiva só a pode cumprir a súa forma MAS (*todo*, *terzo*, *cuarto* etc.), para o cal parece influír o feito de ser este o termo non marcado da oposición funcional de xénero. Ademais, nos pronomes que non teñen unha marca específica a concordancia indica o seu xénero, marcado polos modificadores ou o determinante se teñen unha función substantiva e expreso no nucleo que modifican ou determinan se teñen unha función adxectiva[115-116].

[114] Cfr. Mariner Bigorra (1975: 59-60): "Ací, doncs, gosaré afegir-hi un intent d'explicació d'aquest fet fonamental. Em sembla que la pot proporcionar la situació del femení en el funcionament de l'oposició genèrica enfront del masculí. El femení és el caracteritzat, vull dir, només al·ludeix a paraules que hom té classificades com a tals; en canvi, el masculí, que és el no caracterizat, pot, en el seu ús amb valor indiferent, referir-se també a nocions que hom sent com a femenines [...]. Tot això, doncs, fa que el masculí, afegint el seu valor indiferent al negatiu, es pugui referir a molts més éssers determinats que no pas el femení. Per això, aquest pot donar el salt cap a l'expressió de quelcom nou –la indeterminació– només que en el context no hi hagi mots femenins als quals hom pugui referir-lo; el masculí no en té prou amb l'absència de masculins; li caldria la dels uns i la dels altres. Fins i tot amb referència al neutre, el femení presenta una mica d'avantage: reduït el neutre a la designació del matís conceptual, el femení resulta més precís –permeteu-me la paradoxa– per a deixar les coses en la imprecisió quan el neutre es referiria més aviat a quelcom de conceptual, però concret: "me la pagarás ≠ m'ho pagaràs" (deute imprecís –per dir-ho així, no precisament un deute– ≠ deute precís, concret)".

[115-116] Discutimos com mais profundidade esta cuestión da tradicional atribución dun "xénero neutro" aos pronomes nun artigo publicado en colaboración con Xosé Manuel Sánchez Rei (Lagares / Sánchez Rei 2004).

Levando en consideración estas características, isto é, o feito de seren ou non variábeis formalmente canto ao xénero, e mais a función sintáctica que poden cumprir nunha frase nominal, podemos dividir os pronomes nos seguintes grupos:

1. Pronomes variábeis con función substantiva: *el(es) / ela(s)*, *o(s) / a(s)* (pers CD).
2. Pronomes variábeis con función substantiva e adxectiva: *este(s) / esta(s)*, *ese(s) / esa(s)*, *aquel(es) / aquela(s)*; *meu(s) / miña(s)*, *teu(s) / túa(s)*, *seu(s) / súa(s)*, *noso(s) / nosa(s)*, *voso(s) / vosa(s)*; *canto(s) / canta(s)* (rel, int, excl); *un(s) / unha(s)*, *mesmo(s) / mesma(s)*, *propio(s) / propia(s)*, *outro(s) / outra(s)*, *ambos / ambas*; *primeiro(s) / primeira(s)*, *segundo(s) / segunda(s)* etc.; *un / unha*, *dous / dúas*, *douscentos / duascentas* etc.; *duplo / dupla*, *triplo / tripla* etc.; *medio(s) / media(s)*, *terzo(s) / terza(s)* etc.; *algún(s) / algunha(s)*, *un(s) / unha(s)*, *varios / varias*, *moito(s) / moita(s)*, *pouco(s) / pouca(s)*, *demasiado(s) / demasiada(s)*, *abondo(s) / abonda(s)*; *tanto(s) / tanta(s)*; *todo(s) / toda(s)*, *ningún(s) / ningunha(s)*.
3. Pronomes variábeis con función adxectiva: *cuxo(s) / cuxa(s)*; *certo(s) / certa(s)*; *o(s) / a(s)* (ident), *vario / varia*.
4. Pronomes invariábeis con función substantiva: todos os pronomes persoais tónicos e átonos, excepto os de terceira persoa tónicos e átonos de CD; *isto*, *iso*, *aquilo*; *quen* (rel, int, excl); *dobro*; *metade*, *terzo(s)*, *cuarto(s)*, *quinto(s)* etc.; *decena*, *ducia*, *vintena*, *trintena*, etc.; *alguén*, *algo*; *ninguén*, *nada*.
5. Pronomes invariábeis con función substantiva e adxectiva: *que* (rel, int, excl), *cal / cales* (rel, int, excl); *calquera*, *tal / tales*, *demais*, *máis*; *tres*, *catro*, *cinco* etc. (excepto *un / unha*, *dous / dúas* e as centenas a partir de *douscentos / duascentas*); *bastante(s)*; *máis*, *menos*.
6. Pronomes invariábeis con función adxectiva: *de meu*, *de teu*, *de seu*, *de noso*, *de voso*; *cada*.

2.4. A concordancia de xénero

2.4.1. Aspectos preliminares

En capítulos anteriores definimos o xénero gramatical como unha categoría lingüística que permite organizar os elementos nominais en clases e que se manifesta na concordancia[117]. Segundo Corbett (1991: 105), esta operación sintáctica ten unha importancia excepcional, até o punto de servir como base para a definición da cate-

[117] Peres / Móia (1995: 443) ofrecen a seguinte definición da concordancia: "Diz-se que existe concordância entre duas expressões linguísticas quando elas possuem determinadas propriedades em comum e essa coincidência de propriedades é uma condição necessária para a gramaticalidade do discurso".

goría e para o estabelecemento do número de xéneros nunha lingua determinada. Por tanto, nin sequera a existencia de diversas categorías formais nos nomes é de seu índice da existencia dun sistema xenérico, polo que as terminacións desinenciais non son a este respecto determinantes. Doutra parte, neste mesmo sentido, puidemos comprobar que Fodor (1959: 34) situaba a orixe do xénero gramatical nas linguas indoeuropeas nun procedemento de asonancia que permitía relacionar os nomes de acordo coas clases a que pertencesen, sendo fundamental no estabelecemento das relacións sintácticas en linguas con orde libre de palabras. Tamén Marina Chini (1993: 476) destaca este aspecto relacional do xénero, de maneira que inclúe entre as súas funcións as seguintes (ademais de facer referencia a aspectos semánticos, que serán comentados máis adiante):

> In quanto generatore di accordo il G crea coesione sintattica, consentendo così un ordine delle parole più libero [...], e creando una ridondanza, spesso utile alla comunicazione, specie in caso di "rumore".
>
> L'accordo di G facilita l'individuazione del riferimento anaforico-pronominale [...] o anche del soggetto, a partire dalle tracce da questo lasciate sui suoi modificatori e sul predicato (e su pronomi coreferenti), servendo dunque da *reference tracking*.

Obviamente, os elementos que participan das relacións de concordancia son os nomes substantivos e adxectivos e mais os pronomes, que á súa vez poden ter tamén unha función substantiva e adxectiva; ademais, o xénero colabora no recoñecemento dos nomes que estes retoman mediante a súa función anafórica. Os morfes de xénero que poidan, ocasionalmente, levar expresos os nomes nas súas terminacións fónicas constitúen as pegadas da relación de concordancia entre eles. Nos pronomes variábeis esta relación evidénciase na escolla da forma do paradigma que participe no enunciado. Neste sentido, é tamén aquí pertinente facer referencia á distinción que vimos realizando entre VT e morfe de xénero nos substantivos, pois non sempre as terminacións /o/ e /a/ son a expresión do xénero MAS e FEM, respectivamente. Pola contra, os substantivos, nos cales a categoría de xénero é unha característica inherente, só presentan unha marca de xénero na súa propia expresión substancial cando o mesmo lexema pode ser actualizado en dous termos opostos, por ser aquí a relación entre terminación e xénero sistemática; mais a marca máis fiábel vén sendo en calquera caso a das formas pronominais que poidan actuar como determinantes deste núcleo dunha frase nominal, ou ben o morfe que poidan levar os seus modificadores. Doutra parte, tendo en conta que existen substantivos e adxectivos formalmente invariábeis, as diversas combinacións entre eles poden dar lugar a enunciados máis ou menos ambiguos, isto é, onde o xénero gramatical do elemento nuclear da frase fique ou non explícito:

(68) (a) Ese país ten grandes pontes.
(b) Ese país ten grandes atletas.
(c) Ese país ten famos**a**s atletas.
(d) Ese país ten famos**a**s inventor**a**s.
(e) Ese país ten grandes inventor**a**s.

En (68) representamos todas as posibilidades combinatorias entre substantivos e adxectivos variábeis e invariábeis: nin substantivo nin adxectivo teñen marca de xénero (68a e 68b); o adxectivo posúe un morfe de xénero e o substantivo non (68c); tanto o núcleo como o modificador teñen morfe de xénero (68d); o substantivo posúe un morfe de xénero e o adxectivo non (68e). De todos estes casos, únicamente en (68a) e (68b) o contorno sintáctico non permite coñecer o xénero do substantivo, por non haber expresa ningunha marca da categoría no enunciado, se ben na segunda cláusula a ambigüidade é non só sintáctica senón tamén semántica, pois o substantivo *atleta* posúe dous termos xenéricos opostos en torno ao trazo distintivo do sexo. Desta maneira, do punto de vista semántico, en (68b) non sabemos se *atleta* fai referencia só a homes, só a mulleres ou tanto a homes como a mulleres. Por outro lado, en todos estes exemplos o xénero MAS do substantivo *país* está expreso na forma do demostrativo MAS *ese*.

En fin, a presenza de marcas de xénero nun texto permite recoñecer as relacións sintácticas entre os elementos sexa cal for a súa situación no enunciado, encanto a súa ausencia pode introducir en ocasións unha certa ambigüidade. Sen dúbida, onde máis evidente se fai o carácter relacional do xénero gramatical é en textos poéticos, en que se usa moi frecuentemente o procedemento estilístico do hipérbato, pois permite recoñecer qué substantivos son modificados polos adxectivos presentes no enunciado:

(69) (a)
Se aquel rancor que te carcome e laña
*Che tiña **a mao**, para matar, **erguida***
(Vázquez de Neira, *Escolma* 226)
(b)
***Turbas** corran **as ágoas**; poña luto*
o aire denso, en merancoría tanta
(Gómez Tonel, *Escolma* 224)
(c)
*Chore **nosa montaña**,*
*do gando, leite e novidade **espida**,*
semellando as abellas no enxempro
(Gómez Tonel, *Escolma* 224)

Débese salientar, así mesmo, que a concordancia participa das relacións anafóricas que poden estabelecer os pronomes, permitindo recoñecer o substantivo que estes retoman e tendo, por tanto, unha grande importancia para costurar a cohesión do texto (Koch 2004: 29-52):

(70) (a)
¿E como pasaréi, se eu acá quedo?
se pasar –respondí– non vou seguro
*que este corpo, sen **alma**, morra cedo.*

*–Con **a miña**, que levas, te aseguro*
que non morras, Pastor". –Pastora, hei medo
(Anónimo, *Escolma* 219)
(b)
*Fará, mais não temais **essa mao** forte,*
que, se vos tira a liberdade e a vida,
***ela** vos pagará ben largamente.*
(Isabel de Castro, *Escolma* 221)

No primeiro dos exemplos (70a) o uso substantivo do pronome posesivo feminino é posíbel por aparecer anteriormente no seu contexto lingüístico un substantivo deste mesmo xénero gramatical, que este pronome substitúe. En (70b) é claro o carácter deíctico do pronome persoal de terceira persoa feminino, referido ao substantivo tamén feminino *mao* do primeiro dos versos. Mais, nin sempre é mediante un pronome que o xénero gramatical funciona como o mecanismo articulador dun texto, pois en ocasións o uso de adxectivos nun determinado termo xenérico en distintas cláusulas remite a un substantivo presente nalgún lugar do texto ou, inclusive, transmite información sobre o sexo dun ser animado, tendo por tanto un carácter de referencia extralingüística. Véxase, neste sentido, o poema de Rosalía de Castro intitulado *¡Soya!*, onde xa desde o adxectivo feminino do título fica claro que o referente é unha muller:

(71)
Tomou un dia leve
Camiño d'o areal...
*Como naide **a** esperaba,*
Ela non tornou mais.
O cabo d'os tres dias
*Botou**na** fora o mar,*
Y ali ond'o corvo pousa,
***Soya enterrad**'está.*
(Rosalía, *FN* 77)

Nos primeiros versos deste poema non hai ningunha referencia xenérica ao referente, a terceira persoa expresa nas formas verbais, polo que, fóra do título, é nestes últimos versos onde o uso de pronomes e adxectivos femininos permite coñecer o seu sexo. Por outro lado, no último verso a apócope da vogal final oculta o morfe de xénero do participio adxectival *enterrada*, mais o seu xénero está expreso no modificador *soya*. De todos os xeitos, aínda que aquí a repetición de pronomes e adxectivos teña un valor referencial, o que distingue a concordancia de xénero coa concordancia de persoa ou número é o feito de que no primeiro dos casos non sempre existe unha xustificación semántica para o uso das distintas formas disponíbeis (Corbett 1983: 178), pois en moitos dos nomes caracterizados polo sema [- animado] e nalgúns dos que designan seres animados o xénero gramatical non posúe contido semántico.

A seguir analizaremos as diversas estruturas de concordancia e os principais problemas que presenta, tanto dentro das frases nominais como nas relacións entre o suxeito e o predicado, e prestaremos tamén atención ás conexións que esta categoría gramatical permite estabelecer por riba do nivel da cláusula, sendo un dos elementos relacionais que articulan a sintaxe do texto. Por último, veremos os problemas de concordancia suscitados pola interferencia na aplicación de regras gramaticais e semánticas.

2.4.2. A concordancia dentro da FN[118]

Como se sabe, as palabras que forman as frases nominais poden cumprir as funcións de núcleo nominal (substantivo ou adxectivo), determinante e modificador. Obviamente, se ben os outros elementos non sempre están presentes, o núcleo é decisivo para considerarmos a propia existencia da frase. Ademais, é o núcleo o que impón o seu xénero aos determinantes e modificadores. Isto é así, cando menos, nas frases substantivas (que serán as que analicemos aquí, referíndonos a elas como FNS, 'frase nominal substantiva'), isto é, naquelas en que un substantivo cumpre a función nuclear, pois nas frases adxectivas os modificadores adoitan ser ora un adverbio, ora unha frase preposicional, de maneira que non se estabelecen entre estes elementos relacións de concordancia de xénero.

[118] Seguindo as indicacións de Rojo / Jiménez Juliá (1989: 116), utilizamos a denominación 'frase nominal' en lugar de 'sintagma nominal' para nos referirmos ás construcións sintácticas que teñen como núcleo un nome, pois sintagma pode designar na realidade calquera agrupamento de elementos gramaticais: "El empleo de 'sintagma' en el sentido de 'frase' se ha producido a imitación de la Lingüística francesa inmediatamente posterior a la difusión del transformacionalismo en Europa. Se puede incluso localizar al responsable inicial de esta utilización: Nicolás Ruwet. A la hora de adaptar términos ingleses como 'noun phrase', Ruwet tropezaba con la dificultad de que el término francés más próximo, *phrase*, tiene en gramática el significado del español 'oración' e incluso la expresión *phrase nominal* equivale a las 'oraciones nominales' de la gramática española".

A función de determinante na FNS pode ser exercida, á súa vez, por varios tipos de pronomes, fundamentalmente identificadores simples e demostrativos, mais tamén polo relativo *cuxo*, e mais por *cada*, *calquera*, *certo*, *tal* etc. (Freixeiro Mato 2000: 625). Os máis habituais modificadores do substantivo núcleo da frase son os adxectivos, aínda que tamén poden estabelecer esta relación outro nome substantivo, un pronome, unha frase preposicional ou unha cláusula de relativo. Coa única excepción do substantivo e a frase preposicional, todos os outros elementos deben concordar en xénero e número co núcleo da FNS, sen esquecermos que diversos tipos de modificadores poden concorrer á vez nun mesmo enunciado:

(72) Lembro *as curtas* ***vacacións*** de verán que desfrutei aquel ano.

Neste exemplo o substantivo *vacacións* exixe a concordancia en feminino e plural do determinante, o artigo *as*, e mais do adxectivo atributivo que o acompaña, *curtas*; mais non inflúe de ningún xeito específico sobre a frase preposicional nin sobre a cláusula de relativo, que presenta un pronome invariábel no tocante ao xénero. Aínda que, como estamos a comprobar, a relación xenérica entre o determinante e o núcleo da frase é sistemática, de maneira que en ocasións se considera o artigo como a verdadeira marca de xénero do substantivo que antecede (vid. 0.5.2), a posibilidade de pronomes invariábeis cumpriren esta mesma función sintáctica fai posíbel que, como acontece con algúns modificadores, nin sequera o determinante ofreza sempre a información sobre a adscrición xenérica do substantivo:

(73) *Cada* ***ponte*** *colgante* que vimos no río era un perigo para as persoas.

O xénero FEM que o substantivo *ponte* posúe inherentemente non é recoñecíbel no seu contorno sintáctico, por seren tanto o seu determinante como o seu modificador invariábeis, mantendo a mesma forma para MAS e para FEM. Por último, debemos ter presente que tamén un pronome pode cumprir esa función substantiva, condicionando igualmente o xénero de determinante e modificadores:

(74) De todas as motos prefiro ***esta*** *vermella*.

Os adxectivos que funcionan como modificadores no interior dunha FNS poden ser divididos en prenominais e posnominais, segundo a posición que ocuparen a respecto do substantivo. Aínda que temos falado até aquí da orde libre de palabras que caracteriza o galego, do mesmo xeito que as outras linguas románicas, o certo é que existen algunhas limitacións e diversas posibilidades semánticas relacionadas coa situación de substantivos e adxectivos nunha frase nominal. Así, a capacidade dos nomes para actuaren como substantivos e adxectivos é fundamentalmente funcional, de maneira que moitos substantivos poden adxectivarse e viceversa, sendo nestes procesos moi importante a orde dos elementos:

(75) (a) Un **sabio** pobre.
(b) Un **pobre** sabio.

En ambos os exemplos é o primeiro dos elementos, o que vai antecedido polo determinante, o substantivo ou núcleo da FNS, sendo o segundo o seu modificador. Téndese a pensar que esta é a posición preferida nas linguas romances; alén diso, cando un nome cumpre apenas normalmente unha función substantiva, a posposición do adxectivo produce enunciados máis obxectivos, con menos contido connotativo: *un pobre rapaz* / *un rapaz pobre* (cfr. Lapa 1984: 140- 142). Doutra parte, só cando vai posposto o adxectivo pode levar complementos:

(76) (a) *Un **home** querido* polos seus amigos.
(b) **Un querido* polos seus amigos ***home***.

Por último, para comprobarmos que a orde destes elementos na FN non é tan libre como nun principio poderíamos pensar, debemos ter en conta outros enunciados en que a anteposición ou posposición do adxectivo provoca diferentes significados:

(77) (a) Unha nova **obra**.
(b) Unha **obra** nova.

(77a) pode facer referencia a 'outra obra' ou ben a 'unha obra recente', entanto que (77b) só ten o segundo dos significados. Ao colocarmos o adxectivo en grao superlativo fica claro o feito de ser este último significado, que posúe sen ningunha ambigüidade a frase co adxectivo posposto, o preferido: *Unha novísima obra*[119]. Estes exemplos están en relación co carácter semántico restritivo ou apositivo do adxectivo neste tipo de construcións. En todos os casos, sexa cal for a colocación do adxectivo na frase, é o substantivo o que impón o seu xénero a determinante e adxacente, o que permite recoñecer as relacións sintagmáticas existentes entre os diversos elementos. Ademais, a presenza ou ausencia de concordancia de xénero permite en ocasións delimitar con precisión a fronteira entre substantivos e adxectivos (e entre adxectivos e adverbios), como veremos máis adiante, en 2.4.2.2.

Mais, antes de pasarmos a tratar algúns problemas de concordancia entre substantivos e adxectivos atributivos, deterémonos brevemente nun tipo de nome con características especiais en que non é tan habitual a presenza de determinantes e de modificadores: o substantivo propio. Sen pretendermos entrar a analizar os problemas que levanta a súa definición, non podemos eludir o feito de este tipo de nomes

[119] Véxase para todas estas cuestións sobre as relacións sintácticas e semánticas entre adxectivos e substantivos dentro dunha FN, Hernanz / Brucart (1987: 171-183).

ter características semánticas especiais, pois caracterízanse por denotaren elementos individuais. Esa natureza referencial fai que cando se trata de seres animados o xénero gramatical de tales nomes, que só cumpren unha función substantiva, garde unha estreita relación co sexo do ser designado. De todos os xeitos, non debemos confundir tampouco nesta ocasión o xénero do substantivo co contido do sexo que transmite, tendo presente que é a categoría gramatical a que está implicada nos procesos de concordancia. Así pois, en galego os nomes propios de persoa poden ir eventualmente antecedidos por un artigo, que funciona como a súa marca sintagmática de xénero, en certos enunciados, fundamentalmente do rexistro coloquial, a expresar familiaridade:

(78)
*que trouxese unha boa pota de callos da taberna **da Xenerosa** que nós, nin probamos xiquera...*
[...]
*axeitándose o cabelo e seguida **do Pepe o Cabito**, que lle quedara este alcume de cando foi cabo de gastadores no servicio do rei. **Pepe o Cabito**, anque fillo do señor **Argimiro o Peste***
(Blanco Amor, *Esmorga* 86)

Por outra parte, como vemos en (78), é habitual o uso do artigo cos alcumes (*o Cabito*, *o Peste*). Tamén pode acompañar o nome propio de persoa, a concordar con el, un pronome posesivo (*O meu Pepe*, *A miña Xenerosa*) ou demostrativo (*Este Pepe é un langrán*, *Esta Xenerosa é unha langrana*). Sempre que se ve modificado por un adxectivo é obrigado tamén o uso do artigo (*O admirado Ramiro*, *A admirada Isabel*).

Con algúns nomes de lugar é posíbel o uso do artigo (*O Brasil*, *A Galiza*, etc.), sendo con outros obrigatorio por se tratar de formas fixadas (*A Coruña*, *O Vicedo* etc.). Nestes casos a terminación parece xogar un papel fundamental na adscrición xenérica, aínda que na relación de concordancia cun posíbel modificador tamén inflúe o xénero do nome común que o pode anteceder:

(79) (a) Estiven paseando polo Vigo antigo.
(b) ?A industriosa (cidade de) Vigo comeza a traballar á primeira hora da mañá.
(c) O industrioso Vigo comeza a traballar á primeira hora da mañá.
(d) ?A industriosa (cidade de) Ferrol ten unha importante tradición sindical.
(e) O industrioso Ferrol ten unha importante tradición sindical.

Do noso punto de vista, é a terminación *-o* a que inflúe dun modo máis poderoso na asignación do masculino a este tipo de substantivos (78a e 78c), podendo tamén concordar en feminino cando se sobreentende a referencia ao nome común (78b e 78d). Finalmente, debemos distinguir os usos denotativos habituais do nome propio doutros ocasionais en que se perde este valor, gañando en indeterminación o substantivo por responder a outras características significativas e aproximándose, por tanto, dos nomes comúns:

(80) Nunca esquecerá *aquel Vigo mariñeiro* da súa infancia.

2.4.2.1. Concordancia entre substantivo e adxectivo

Un dos principais problemas que suscita a concordancia dentro da FNS (e tamén na relación sintáctica entre o suxeito e o adxectivo predicativo, como veremos máis adiante) é o da presenza de dous ou máis substantivos coordenados, que constitúen o núcleo da frase, con un ou máis adxectivos a eles referidos, nomeadamente cando ambos os substantivos teñen diferentes xéneros. Esta cuestión foi tratada por Corbett (1983: 184-205 e 1991: 261-306) mediante a comparación de diversas linguas con sistemas xenéricos diferentes, intervindo nas regras de concordancia dalgunha delas factores non só sintácticos senón tamén semánticos. Desta maneira, tendo en conta o carácter neutralizado que pode adquirir o masculino gramatical, este autor estabelece as seguintes regras para o francés, que admiten dúas formulacións equivalentes (Corbett 1983: 186):

A. 1. if at least one conjunct is masculine (syntactically), the masculine form is used;
   2. otherwise the feminine is used.

   Alternatively:

B. 1. if all conjuncts are feminine (syntactically), the feminine form is used;
   2. otherwise the masculine is used.

En liñas xerais, tales regras poderían ser válidas para o galego, se ben cómpre facermos algunhas precisións, dado que non sempre o funcionamento da concordancia nestes contextos lingüísticos responde a un esquema semellante, existindo ás veces diferenzas estilísticas ou pragmáticas entre as diversas opcións. Así pois, tanto Álvarez / Regueira / Monteagudo (1992: 76-79) como Freixeiro Mato (2000: 94-95) conceden importancia ao feito de o adxectivo anteceder ou non os substantivos que modifica. Segundo estas gramáticas, cando o adxectivo for prenominal a tendencia xeral será a de facelo concordar só co primeiro dos substantivos, e, pola contra, cando for posnominal a concordancia se estabelecerá co conxunto dos nomes substantivos,

presentando o adxectivo unha forma masculina e plural. En calquera dos casos, é posíbel que aconteza ao contrario, isto é, que o adxectivo prenominal concorde con ambos os substantivos (co obxecto de eludir a ambigüidade significativa que se podería producir) e que o posnominal concorde só co máis próximo. Por súa vez, Lapa (1984: 227-230) analiza estas construcións partindo da premisa de que "será sempre melhor concordância aquela em que o adjectivo possa qualificar todos os substantivos a que diz respeito". O autor portugués introduce, porén, máis un elemento de análise, ao distinguir os casos en que os substantivos de xénero diferente están en singular, onde se verifica o principio antes formulado, daqueloutros que diferen non só no xénero senón tamén no número, tendendo entón o adxectivo a concordar co máis próximo. Doutra parte, mesmo nas construcións con substantivos coordenados en singular considera oportuno realizar a distinción entre substantivos abstractos e concretos, pois no primeiro dos casos a tendencia xeral será a de estabelecer a concordancia co máis próximo (*Tinha a cabeça e o tronco* ***monstruosos*** / *Isso requer estudo e paciência* ***demorada***). Finalmente, Cunha / Cintra (1992: 272-276) toman en consideración todos estes factores (posición e función do adxectivo e máis número dos substantivos) para elaboraren as súas regras de concordancia. Segundo estes autores, no interior dunha FNS se o adxectivo for anteposto concordará en xénero e número co substantivo máis próximo; se for posposto, a concordancia dependerá das diversas combinacións de xénero e número dos substantivos. Alén diso, esta gramática consigna en todos os casos cal é a opción máis común e cal a de uso minoritario. Estas regras de concordancia entre o substantivo e o adxectivo posposto están expresadas no seguinte esquema (en cada apartado a opción 1 é a máis frecuente e a 2 a menos común, segundo os autores da gramática):

(81)
1. Substantivos co mesmo xénero en singular:
   1.1. concordancia SING;
   1.2. concordancia PL.
2. Substantivos con xéneros diferentes en singular:
   2.1. concordancia co máis próximo;
   2.2. concordancia MAS-PL.
3. Substantivos co mesmo xénero e números diferentes:
   3.1. concordancia PL;
   3.2. concordancia no número do máis próximo.
4. Substantivos con xéneros diferentes en plural:
   4.1. concordancia co máis próximo;
   4.2. concordancia MAS-PL.
5. Substantivos con xéneros e números diferentes:
   5.1. concordancia MAS-PL;
   5.2. concordancia co máis próximo.

No tocante ao aspecto que estamos a tratar especificamente neste traballo, a concordancia de xénero, observamos neste esquema proposto por Cunha / Cintra que as FNs en que o núcleo está formado por dous substantivos de diferentes xéneros a opción máis frecuente é a da concordancia co máis proximo (os casos 2 e 4), tanto no singular como no plural, coa única excepción das frases en que os substantivos posúen ademais números diferentes, onde a concordancia se estabelece en masculino e plural (o caso 5). Neste sentido, por tanto, esta gramática afástase da premisa básica proposta por Lapa e máis das apreciacións realizadas polas gramáticas galegas, que en frases co adxectivo posposto consideraban máis frecuente a concordancia masculina (neutralizada) con ambos os substantivos.

O certo é que, aceptando a concordancia co substantivo máis próximo no caso dos adxectivos prenominais, resulta difícil saber cal de ambas as opcións é realmente maioritaria na concordancia co adxectivo posposto. Aínda así, hai unha serie de argumentos que nos parecen determinantes para considerarmos máis habitual o estabelecemento desta relación sintáctica entre os diversos elementos en masculino e plural.

En primeiro lugar, a concordancia co substantivo máis próximo provoca enunciados ambiguos, onde non é fácil discernir se o adxectivo modifica só o substantivo a cuxa clase xenérica pertence ou se, polo contrario, modifica o conxunto do núcleo nominal. Segundo os exemplos propostos por Cunha / Cintra, as análises poderían ser diversas:

(82) (a) A profesora estaba cunha saia e un *chapeu escuro*.
(b) A profesora estaba *cunha saia e un chapeu escuros*.

Do punto de vista semántico, (82a) ten dúas posíbeis interpretacións, pois o adxectivo atributivo *escuro* pode modificar só o substantivo *chapeu* ou ben facer referencia a todo o núcleo da frase, *unha saia e un chapeu*:

(83) (a) [unha saia$_{FN}$] e [[un chapeu$_{N}$] [escuro$_{M}$]$_{FN}$]
(b) [[unha saia e un chapeu$_{N}$] [escuro$_{M}$]$_{FN}$]
(c) [[unha saia e un chapeu$_{N}$] [escuros$_{M}$]$_{FN}$]

Esta dupla posibilidade, por outra parte, parece ser un argumento a favor da tese de Fodor (1959) que sitúa a orixe da concordancia de xénero nunha especie de asonancia, pois a capacidade do substantivo para condicionar a flexión xenérica dos seus complementos está relacionada coa proximidade entre os elementos en cuestión, converténdose a repetición de morfes que fan referencia aos distintos termos xenéricos, en palabras de Chini (1993: 476), nun '*rumore*'. Isto é así, inclusive, con independencia das relacións sintácticas que eses elementos manteñan entre si, pois

na segunda das interpretacións o adxectivo modifica ambos os substantivos a pesar de a súa flexión xenérica non coincidir co primeiro deles. Tal feito pode condicionar, do noso punto de vista, a concordancia FEM neste texto de Méndez Ferrín:

(84)
a través dun labirinto indescifrábel de ***buracos, galerías*** *e* ***escadas traballadas*** *no penedo*
(Ferrín, *AA* 39)

O certo é que na súa prosa o autor galego adoita escoller preferibelmente a concordancia MAS-PL neste tipo de frases nominais, mais no exemplo (84) o participio adxectival semella ir referido ao último do substantivos, *escadas*, de aí a concordancia en FEM-PL. Por outra parte, a opción por este termo xenérico no adxectivo pode deberse tamén ao feito de seren os dous últimos substantivos femininos, o cal parece marcar unha tendencia cara a este tipo de concordancia, tal e como advirten Cunha / Cintra, influíndo tamén neste aspecto moi probabelmente o seu carácter de termos marcados. Noutros casos, Méndez Ferrín prefire a concordancia MAS-PL:

(85) (a)
O cabaleiro portaba ***lanza e escudo*** *completamente* ***negros***
(Ferrín, *AA* 31)

(b)
co rostro e a barca *case* ***convertidos*** *en mineral*
(Ferrín, *AA* 40)

Nestes exemplos prodúcese ademais unha circunstancia que merece ser comentada. Tanto en (85a) como en (85b) o adxectivo vai acompañado dun complemento adverbial que o modifica (*completamente* e *case*); doutra parte, en (85b) o modificador do núcleo da FNS é un participio adxectival. A presenza do modificador adverbial, que interfire na proximidade entre o adxectivo e o substantivo, fai que a concordancia sexa necesariamente MAS-PL para que o modificador vaia referido sen ambigüidade a ambos os substantivos. Se mantivésemos a concordancia deste adxectivo apenas co último dos substantivos e conservando o seu modificador adverbial, non habería dúbida sobre o feito de se non referir ao conxunto do núcleo da FN, como pode verse nos seguintes exemplos:

(86) (a) lanza e *escudo* completamente *negro*.
(b) escudo e *lanza* completamente *negra*.
(87) (a) co rostro e *a barca* case *convertida* en mineral.
(b) coa barca e *o rostro* case *convertido* en mineral.

Parece evidente que os complementos do adxectivo en (86) e (87) forzan unha única lectura, de maneira que nestes exemplos o adxectivo modifica só o substantivo con que concorda. Do noso punto de vista, pódense tirar dúas conclusións deste feito: primeiro, que para o adxectivo poder modificar ambos os substantivos concordando só co máis próximo, debe estar situado inmediatamente a continuación del, sen ningún complemento adverbial; e segundo, que é preferíbel en calquera caso para modificar dous ou máis substantivos con diferente xénero a concordancia MAS-PL, pois entón resulta indiferente, como vimos en (86), a presenza ou ausencia de modificadores adverbiais do adxectivo. De acordo con esta circunstancia, talvez debamos relacionar o feito anteriormente comentado de os adxectivos prenominais non admitiren facilmente modificadores adverbiais coa súa tendencia a concordaren co substantivo que teñen máis próximo no enunciado, residindo aí precisamente a diferenza esencial entre os adxectivos antepostos e os pospostos no tocante ás súas relacións de concordancia.

Doutra parte, os substantivos coordenados dunha FN cando teñen distinto xénero sempre concordan necesariamente en masculino e plural co complemento predicativo, o cal demostra que esta estrutura é en todos os casos a máis pertinente.

Así pois, a hierarquía sobre a preferencia de uso neste tipo de construcións estabelecida por Cunha / Cintra segue posibelmente unha certa tradición gramatical, como recoñece Lapa ao se referir aos "exemplos clásicos" *com pescoço e mãos velosas* e *o estudo e profissão monástica* citados polos "gramáticos". De todos os xeitos, o estudioso portugués acaba por concluír que "quando dizemos 'por mares e terras *desconhecidas'*, aludimos sobretudo à ignorância em que estamos das terras; se dizemos *desconhecidos*, pomos os dois nomes ao mesmo nível, quanto ao desconhecimento em que estamos de ambos". Por tanto, a concordancia co substantivo máis próximo do adxectivo posnominal debe ser entendida, desde a nosa perspectiva, como unha escolla estilística, en que non está ausente en moitas ocasións a propia vontade de construír enunciados equívocos, para a cal ten contribuído posibelmente ese carácter de asonancia que posúe a concordancia de xénero nas linguas indoeuropeas.

2.4.2.2. Concordancia e clases de palabras

O modo en que se estabelecen relacións de concordancia entre os diversos elementos dun enunciado permite apreciar en moitas ocasións a que clase de palabras pertencen, mesmo cando ás veces a fronteira non é de todo nítida. Así pois, por exemplo, o feito de concordaren ou non cun substantivo delimita con bastante precisión a barreira entre a clase dos adxectivos e a dos adverbios, pois os segundos non posúen flexión xenérica nin de número. A pesar diso, a capacidade de atracción do xénero do substantivo provoca en ocasións na fala popular a flexión do adverbio, que

pode chegar a presentar a aparencia dun adxectivo, o cal demostra ás claras que a concordancia é un mecanismo moi arraigado na nosa lingua, sendo percibido fundamentalmente polos falantes como un fenómeno de asonancia, isto é, asentando dun modo moi especial na repetición dos segmentos fónicos finais das palabras que están próximas no enunciado. Porto Dapena (1977: 153) fai referencia a este tipo de construcións no galego falado na comarca ferrolá, mais ten tamén o seu reflexo na lingua literaria, mesmo en autores procedentes doutras zonas dialectais:

(88) (a)
chegou o xemido ***á miña xente medio dormida*** *polo caldo de fungos*
(Ferrín, *AA* 39)

(b)
A señora Silvina era ***unha muller*** *algo* ***triste****, sempre contando dun malparto e dun mozo que tivera en Monforte,* ***media romántica***
(Cunqueiro, *XAA* 99)

Obsérvese que en (88a) o adverbio criado apartir do adxectivo mantén a forma MAS-SING que o caracteriza como tal, entanto quen en (88b) flexiona para concordar co adxectivo que modifica. Aínda que se produza flexión de xénero, e ás veces mesmo de número, estes elementos non perden, é claro, a súa categoría adverbial como modificadores dun adxectivo. Así pois, é posíbel nalgunhas ocasións non interpretarmos o mecanismo da concordancia apenas desde unha perspectiva sintáctica, facéndose necesario recorrer a outro tipo de explicacións para todos estes casos (tanto a atracción flexional do adverbio como a concordancia entre o adxectivo e un só elemento nominal do núcleo da frase, nos exemplos que vimos acima). Estas excepcións responden máis ben a un fenómeno de analoxía formal que fai parte do propio desenvolvemento das linguas romances. Pensamos que tamén deben ser considerados desde este prisma todos eses enunciados en que as marcas de xénero son redundantes, sendo así que é dado rexistrar diversas posibilidades canto á combinación de morfes de xénero. Desta maneira, a presenza de VTs ou morfes de xénero en contextos lingüísticos en que o artigo xa é a máis fiábel expresión do xénero do substantivo responde, do noso punto de vista, a este mesmo principio.

Débense distinguir, por tanto, estes exemplos en que o adverbio mantén a súa categoría, doutros onde, tras admitir flexión de xénero e número, fica convertido realmente nun adxectivo:

(89)
de ***ceda incontinencia erótica*** *(o 'lumeterino', no falar da miña probe avoa)*
(Blanco Amor, *XL* 273)

En (89) o adverbio *cedo* pasa a funcionar como un modificador do substantivo *incontinencia*, a concordar con el en xénero e número (*ceda*), producíndose realmente un proceso de transcategorización.

Outro caso notábel en que a concordancia de xénero debe ser tomada en consideración para distinguir entre diversas clases de palabra dáse cos nomes das cores, que nos obrigan a distinguir entre adxectivos e modificadores substantivais, por unha parte, e entre adxectivos e adverbios pola outra. Neste sentido, aos nomes como *branco*, *negro* etc. únense en galego moitos nomes de flores ou froitos, que son utilizados para designar cores, tales como *rosa*, *laranxa*, *violeta*, etc. De tal maneira que mesmo se toma a característica cromática de diversas realidades para identificar cores doutros obxectos dándolles o seu nome (*un traxe cor terra*, *cor butano* etc.). Estes nomes poden funcionar como substantivos ou como adxectivos:

(90) (a) Unha casa branca.
(b) Un branco luminoso.

Na primeira frase (90a) *branca* é claramente un adxectivo que concorda en xénero e número co substantivo que modifica, entanto que na segunda este nome funciona como núcleo da FNS tendo un determinante (*un*) e un modificador (*luminoso*). O problema suscítase en FNs en que habendo un substantivo que funciona como núcleo, o nome de cor posúe o seu propio complemento:

(91) (a) Unha casa azul escura.
(b) Unha casa azul escuro.

Ambas as frases de (91) son perfectamente posíbeis e non presentan ningunha agramaticalidade na nosa lingua, mais a estrutura sintáctica e a clase de palabra a que pertencen algúns dos seus elementos son distintos, incidindo estas diferenzas tamén, obviamente, no seu significado. En (91a), de acordo coa súa estrutura de concordancia, debemos distinguir un substantivo que funciona como núcleo da FN (*casa*) e dous adxectivos que o modifican (*azul* e *escura*), concordando con el en xénero e número, en canto en (91b) estamos perante un substantivo que ten como modificador outro substantivo, á súa vez acompañado por un adxectivo que concorda con el, segundo o seguinte esquema:

(92) (a) [[Unha casa$_{N}$] [azul [escura$_{M}$] $_{M}$] $_{FN}$].
(b) [[Unha casa$_{N}$] [[azul$_{N}$] [escuro$_{M}$] $_{M}$] $_{FN}$].

É evidente a diferenza de significado entre unha e outra frase. A primeira refírese a unha casa azul que ademais é escura, e a segunda a unha casa que está pintada

dun azul escuro (*Unha casa azul que é escura*, *Unha casa que é de cor azul escuro*). Outra posíbel interpretación de (92b) consistiría en analizar o segmento *escuro* como adverbio modificador do adxectivo *azul*, o cal podería xustificar esa forma invariábel MAS-SING, pois este tipo de concordancia tamén se mantén en plural (*Unhas casas azuis escuras* e *Unhas casas azul escuro*). Mais o certo é que a maioría dos adverbios poden ser substituídos por formas en *-mente*, algo que non ocorre neste caso:

(93) *Unha casa azul escuramente.

O carácter substantival de *azul* tórnase evidente tamén polo feito de se manter en singular, sen estabelecer por tanto concordancia de número con *casas*, por ser realmente nese caso un adxunto nominal no segundo dos exemplos que propuxemos antes (*Unhas casas azul escuro*). Doutra parte, como indica Bosque (1989: 114-118), tampouco é consistente a interpretación destas construcións como compostos, xa que, de ser así, ao non existir recursividade neste tipo de formacións, non serían posíbeis enunciados en que se incrementa o número de complementos, tales como *azul escuro apagado* ou *azul moi escuro*. No entanto, talvez si se aproximan do concepto de palabra composta sintagmas do tipo *verde botella* ou *marrón terra*, pois non podemos construír enunciados do estilo **Ten unha moto verde botella escuro*, ou **Ten un traxe marrón terra claro*[120]. A conclusión é que en frases como a que presentamos en (92b) debe considerarse o nome de cor como un substantivo en aposición que pode recibir os seus propios modificadores adxectivais[121].

Por último, debemos ter en conta que a importancia da terminación na relación co xénero é esencial, tal e como vimos subliñando, para a interpretación que realizan os falantes das relacións sintácticas entre os elementos, de tal maneira que frases como a que temos analizado parecen ser menos frecuentes con nomes de cor terminados en *-o* a modificaren substantivos femininos, a pesar de seren perfectamente gramaticais:

(94) (a) Vive nunha casa branco luminoso.
(b) Teño unha gravata vermello brillante.

[120] Tamén presentan características da palabra composta sintagmas como *azul mariño*: *e na cabeza gastan todos unha mesma* ***gorra viseira azul mariño*** (Ferrín *AA* 37). Non son posíbeis enunciados como **unha gorra azul moi mariño*, **azul pouco mariño*, etc.

[121] Bosque (1989: 116-117) ve a necesidade de interpretar como substantivos apositivos non só os nomes de cores, senón tamén outros de estilo ou de marca: "Lo que parece ocurrir es que esos sustantivos denotan grupos en los que habitualmente clasificamos los objetos con el fin de reconocer sus clases. Las clases en las que distribuimos los objetos con los que nos relacionamos se establecen tomando como criterio el color, la marca, el número, la talla, y el estilo." As propiedades sintácticas que caracterizan este grupo de substantivos son: a) que se adxuntan ao nome sen ningunha marca preposicional; e b) que o seu complemento tampouco precisa de marca preposicional para ser identificado.

Finalmente, incluímos neste apartado sobre a capacidade do xénero gramatical para distinguir entre distintos tipos de palabras o caso dos participios adxectivais, que constitúen unha categoría en que están relacionados o aspecto nominal e o verbal. O que lles dá a estes participios o seu carácter nominal é precisamente o feito de concordaren en xénero e número co substantivo que modifican. Doutra parte, como sinalan Hernanz / Brucart (1987: 155), podemos considerar que conservan parte da súa natureza oracional orixinaria:

(95)
***A traición consumada e sabida**, **a dor apurada** até o derradeiro fondal no que navegan escuras dúbidas e disculpas desexadas*
(Ferrín, *ADA* 12)

Débese ter en conta, igualmente, que, a diferenza do que acontece cos outros adxectivos, non todos os participios poden modificar o substantivo que acompañan cando están situados en posición prenominal, polo que, segundo Luján (1980: 49), estes participios non deben ser considerados como verdadeiros adxectivos:

(96) (a) *a posta mesa
(b) a mesa posta

Un outro caso en que o participio modifica o substantivo que é núcleo da FN, cumprindo unha función adxectiva, é nas construcións tradicionalmente denominadas de participio absoluto, que constitúen moitas veces un trazo estilístico da prosa literaria:

(97)
***Ditas estas palabras**, siguen o camiño da dereita*
(Valladares, *Maxina* 70)

2.4.2.3. Concordancia entre substantivos e cláusulas de relativo

As cláusulas de relativo poden tamén actuar como modificadores nunha FNS, e poden ser de dúas clases, de igual modo que os adxectivos, restritivas e apositivas[122], sendo moito máis frecuente que apareza o pronome identificador en función

[122] Doutra parte, Porto Dapena (1997: 11-15) insiste na necesidade de desfacermos a identidade tantas veces propugnada en diversas gramáticas entre "oración de relativo" e "oración adxectiva", pois o relativo cumpre unha función transpositora que pode consistir nunha adxectivación, mais tamén nunha adverbialización, "o, simplemente, si se prefiere, en que la oración en cuestión quede ligada a otra en virtud de la pura identidad o coincidencia de uno de sus elementos nominales con la totalidad o parte de la oración anterior o siguiente".

substantiva no segundo dos casos, a marcar así a concordancia co núcleo da frase nominal:

(98) (a) *A irmá que* ti coñeces non estivo na voda.
(b) *A irmá*, *a que* ti coñeces, non estivo na voda.

Precisamente en virtude do seu carácter anafórico que obriga o pronome a manter unha relación de correferencia co substantivo, o relativo concorda con el en xénero e número, se ben a maioría das súas formas son invariábeis, facéndose visíbel entón no pronome identificador que pode acompañalo. Tamén nas apositivas é máis frecuente a aparición da forma pronominal *cal*, que no seu uso máis común, introducindo unha cláusula en función adxectiva, sempre precisa ir precedida polo pronome identificador, a marcar tamén deste xeito a concordancia:

(99) (a) Naquela data vivíamos *nun piso*, *o cal* fora alugado uns anos antes.
(b) Naquela data vivíamos *nun piso, que* fora alugado uns anos antes.

Obviamente, o exemplo de (99a) fai parte dun rexistro moi formal de lingua, sendo moito máis frecuente o uso rexistrado en (99b). De todos os xeitos, como indica Porto Dapena (1997: 33) sobre a base da lingua española, esta circunstancia, a necesidade de representar o relativo *cal* precedido do pronome identificador que marca o seu xénero, fai que se prefira o seu uso cando cómpre identificar o antecedente entre varios de distinto xénero (e ás veces tamén de distinto número), ou ben cando o antecedente fica afastado do relativo, servindo tamén aquí a categoría de xénero presente no identificador para estabelecer a relación:

(100) Gostaba *da equitación* e do fútbol, *a cal* practicaba sempre que podía.

Debe ser considerado á parte, porén, o relativo *cuxo* / *cuxa*, que sempre concorda co substantivo ao cal precede, cumprindo a función de determinante[123]. A relación que estabelece co seu antecedente é de posesión, equivalendo a outras construcións con relativos precedidos da preposición *de* (*do cal*, *de quen*, *de que* etc.).

[123] Este pronome relativo ten sido posto ás veces en cuestión por non existir realmente no galego popular, o cal ten a súa explicación no feito de ser unha forma propia da lingua culta e da escrita, como o é en portugués e español, e só na última revisión das normas oficiais foi finalmente recoñecido. Sobre o carácter lexítimo e mesmo necesario do seu uso no galego actual, véxase Freixeiro Mato (2000: 236-237).

2.4.2.4. Concordancia de xénero e orde de palabras

*S*egundo o que temos subliñado ao falarmos da concordancia entre o núcleo substantivo e os adxectivos que o modifican, a situación, e máis concretamente, a proximidade do adxectivo é importante para o estabelecemento desa relación, ao ser o substantivo o que proxecta o seu xénero sobre o adxectivo. Isto inflúe igualmente na colocación dos outros complementos do núcleo, polo que a orde de palabras da FN tamén se ve afectada polas relacións de concordancia, que condicionan a contigüidade de substantivo e adxectivo e desprazan, para evitar ambigüidades semánticas, os outros complementos, como por exemplo as frases preposicionais:

(101) (a) *A forza destrutora* dos mísiles.
(b) *A forza* dos mísiles *destrutora*.
(c) A forza *dos mísiles destrutores*.

A posición máis común é, claramente, a de (101a), co adxectivo que modifica o substantivo situado inmediatamente á súa dereita e a frase preposicional a seguir, sendo a que presentamos en (101b) estraña, se ben posíbel por exemplo na lingua poética. En (101c) o adxectivo xa non modifica o núcleo da FNS senón o da FP, a concordar con el nos termos MAS-PL. A ambigüidade significativa está presente, no entanto, noutro tipo de enunciados, podendo provocar dúas lecturas diferentes:

(102) (a) Unha expresión de angustia colectiva.
(b) Unha expresión colectiva de angustia.

Na segunda das frases o adxectivo FEM-SING *colectiva* modifica, sen ningunha dúbida, o núcleo da FNS, *expresión*, encanto en (102a) é posíbel considerar este adxectivo como modificador de ambos os substantivos, do núcleo da FN e do núcleo da FP, por coincidiren os dous en xénero e número. Na realidade, esta dupla lectura pode non implicar unha mudanza substancial do significado da frase, polo que en determinados contextos calquera das dúas análises podería ser, do noso punto de vista, perfectamente válida[124]. Noutras ocasións, porén, a ambigüidade provocada por estas análises diverxentes pode ser maior, dependendo en todo o caso o carácter gradual do equívoco das propias características semánticas do léxico implicado e da súa capacidade para seleccionar argumentos idénticos:

[124] Fóra do caso, é claro, de que se lle asigne ao sintagma *angustia colectiva* un significado moi específico, por exemplo nunha linguaxe técnica como a psiquiátrica, sendo entón preciso que o adxectivo vaia inmediatamente despois do substantivo, sen calquera outra posibilidade combinatoria, para o mantemento dese valor semántico. As diferenzas entre ambas as frases dependerán, por tanto, fundamentalmente de aspectos pragmáticos.

(103) (a) Unha noite escura na cidade.
(b) Unha noite na cidade escura.

O significado da frase (103a), que fai referencia á escuridade da noite, está presente tamén en (103b), se ben aquí esta é resultado dunha segunda lectura, pois sempre é preferíbel aquela que atribúe o modificador ao substantivo situado inmediatamente á súa esquerda. Doutra parte, debemos ter en conta que calquera das interpretacións da segunda frase pode ficar totalmente clara nunha emisión oral do enunciado, mediante os recursos postos ao noso alcance polos trazos suprasegmentais, tales como a entoación, o reparto das pausas etc.

O que temos visto até aquí parece entrar en contradición coa nosa afirmación incial sobre o valor identificativo da categoría gramatical de xénero en linguas con orde libre de palabras, isto é, sobre a súa capacidade para marcar a relación sintáctica entre elementos textuais distanciados. Na realidade, esta función fundamental do xénero transloce tamén en todos os exemplos que presentamos neste apartado, que revelan, porén, non ser suficiente en moitas ocasións a marca flexional dos nomes para construírmos enunciados inequívocos. Apesar de seren gramaticais a maioría das frases que utilizamos como exemplos cos seus elementos dispostos en ordes diversas, existe con todo unha regra xeral que fai referencia á inmediatez na situación do adxectivo a respecto do substantivo que modifica. O truncamento desta regra provoca variadas posibilidades de análise e, por tanto, de interpretación das frases, podendo ser considerado como unha desviación estilística, de aí a utilización deste recurso na linguaxe poética. Alén diso, como xa vimos en parte ao falarmos das posibilidades de complementación do adxectivo, cando este é prenominal a necesidade da súa colocación inmediatamente anterior ao substantivo que modifica, a súa proximidade máxima co núcleo, non admite ningunha excepción.

2.4.3. A concordancia entre suxeito e complemento predicativo

O adxectivo predicativo concorda en xénero e número co suxeito da cláusula en construcións cos verbos *ser* e *estar*, recibindo nestes casos a denominación de atributo. Neste sentido, é importante salientar que cando falamos de concordancia de xénero entre o suxeito e o atributo estamos a nos referir a unha relación estritamente gramatical, non podendo identificarse o feito de o adxectivo retomar as características xenéricas do substantivo que cumpre a función de suxeito coa existencia dunha conexión correferencial (véxase Luján 1984: 187-188), o cal significaría confundir os ámbitos da sintaxe e do léxico. Se así fose, non se podería dar conta da concordancia en cláusulas negativas:

(104) (a) *O cabalo* de Manuel é *branco*.
(b) *O cabalo* de Manuel non é *branco*.
(c) **O cabalo* de Manuel é *branca*.
(d) **O cabalo* de Manuel non é *branca*.

Do punto de vista semántico, o predicado negativo de (104b) indica que a característica indicada polo adxectivo non debe ser aplicada ao substantivo do suxeito; no entanto, a relación de concordancia entre ambos os elementos estabelécese nos mesmos termos, en masculino e singular. En consecuencia, non se pode deducir sen máis que este tipo de cláusulas con verbo copulativo supoñen unha expansión de frases nominais formadas por un substantivo e un adxectivo (*o cabalo branco* → *o cabalo é branco*), aínda que a relación de concordancia entre os elementos se manteña idéntica en ambos os casos.

Doutra parte, este tipo de construcións permite distinguir tamén entre os trazos nominal ou verbal dos participios, delimitando así o que é unha perífrase verbal frente a unha construción atributiva:

(105) (a) Cando chegamos, María xa tiña *escritas as cartas*.
(b) Cando chegamos, María xa tiña escrito as cartas.

En (105a) prodúcese a concordancia FEM-PL entre *escritas* e o CD da cláusula, *as cartas*, o cal demostra que se trata dun participio adxectival, isto é, onde prevalece o trazo nominal sobre o verbal, se ben, como explicamos anteriormente, o comportamento deste elemento non se corresponde totalmente co dun adxectivo. Véxase, neste sentido, o que comentamos sobre a imposibilidade de que este participio adxectival vaia situado diante do substantivo nunha FN:

(106) (a) *Hai *escritas cartas* sobre a mesa.
(b) Hai *cartas escritas* sobre a mesa.

En (105b) o participio fai parte dunha perífrase verbal perfectiva *ter* + *participio*, manténdose, dado o seu carácter verbal, inmobilizado nas formas non marcadas do xénero e do número, coa aparencia formal do termo MAS-SING[125]. Esta capacidade da concordancia para permitir efectuar a distinción entre participio e participio

[125] Véxase Santamarina (1974: 161) e Álvarez / Regueira / Monteagudo (1992: 413), para quen a inmobilización do participio é a proba da natureza perifrástica da construción. No entanto, Rojo (1974: 129) realiza a seguinte matización: "Hay que notar la concordancia entre el participio y el elemento al que determina dentro de la oración. Este carácter indica que estas construcciones no son realmente perifrásticas. Si hablamos aquí de ellas es tratando de hacer ver el camino progresivo seguido por este tipo de construcción hasta la total gramaticalización del auxiliar".

adxectival tena igualmente para separar nesta mesma construción atributiva o que é un adxectivo dun adverbio, sendo esta unha característica común tamén a calquera cláusula en que o adxectivo poida cumprir a función de complemento predicativo do suxeito, sen verbo copulativo:

(107) (a) A ladroa entrou rápido na casa.
(b) A ladroa entrou rápida na casa.
(108) (a) Elas foron rápido na carreira.
(b) Elas foron rápidas na carreira.

A diferenza entre as cláusulas (a) e (b) de (107) e (108) reside en que no primeiro dos casos estamos diante dun adverbio, criado a partir da forma MAS-SING do adxectivo correspondente, entanto que no segundo o adxectivo que cumpre a función de predicativo do suxeito (107) e de atributo (108) concorda necesariamente en xénero e número co suxeito a que fai referencia. Existe, con todo, outro elemento de contraste entre ambas as cláusulas, provocado porque en (108a) a forma verbal *foron* corresponde ao pretérito do verbo *ir*, introducindo certas restricións nos argumentos que selecciona en virtude das súas peculiaridades semánticas:

(109) (a) A ladroa entrou rapidamente na casa.
(b) ?Elas foron rapidamente na carreira.
(c) Elas foron rapidamente.

A forma adverbial MAS-SING pode ser substituída na maioría das ocasións por un adverbio en *-mente* (108), aínda que iso tamén depende dos outros elementos que se acharen relacionados no predicado. Por outra parte, algúns destes adxectivos poden ser substituídos por un adverbio, co cal se producen modificacións no significado da cláusula, aínda que isto non é frecuente (Luján 1984: 157):

(110) (a) *Os espectadores* esperaban *ansiosos*.
(b) Os espectadores esperaban ansiosamente.
(c) *Os artistas* chegaron *cansados* despois da longa viaxe.
(d) *Os artistas chegaron cansadamente despois da longa viaxe.

En (110a) a concordancia MAS-PL co suxeito demostra o carácter adxectival de *ansiosos*, embora poida ser substituído, sen se producir unha grande mudanza no significado, por un adverbio en *-mente*, algo que non acontece co adxectivo *cansado* de (110c). A existencia destes adxectivos adverbiais está moi ligada ao tipo de verbos con que concorran no enunciado, de maneira que nas dúas primeiras cláusulas do exemplo (110) o verbo *esperar* pode aceptar o uso do adverbio, entanto que nas dúas seguintes o verbo *chegar* semella impor algunhas restricións a este respecto.

Finalmente, ao falarmos da relación de concordancia entre suxeito e predicado é preciso referírmonos ao caso do adxectivo predicativo que debe concordar con dous substantivos de distinto xénero. Tamén para esta circunstancia Cunha / Cintra (1992: 276) ofrecen unhas regras xerais sobre o comportamento do adxectivo: se os substantivos foren do mesmo xénero, o adxectivo tomará ese mesmo termo xenérico en plural; se os substantivos foren de distinto xénero, o adxectivo ficará fixado no termo MAS-PL. De todos os xeitos, existe así mesmo unha terceira opción, cando o verbo estiver anteposto ao suxeito, pois nese caso o adxectivo pode concordar co substantivo que teña máis próximo, ficando frecuentemente o verbo en singular. Compárense, a este respecto, as seguintes cláusulas:

(111) (a) *A casa e o alpendre* estaban *vellos*.
(b) Estaba *vella a casa* e o alpendre.
(c) **A casa* estaba *vella* e o alpendre[126].
(d) **A casa* e o alpendre estaba *vella*.

O primeiro que temos de subliñar é o feito de se estabelecer máis frecuentemente a concordancia en MAS-PL, o cal demostra que ese é o termo non marcado, pois o adxectivo predicativo debe concordar co conxunto da FNS que cumpre a función de suxeito. Pola contra, a concordancia con un só deses substantivos está relacionada coa situación do adxectivo na cláusula, coa proximidade entre o núcleo da FN e o seu modificador predicativo, exixíndose ademais a concordancia SING do verbo, como se o suxeito estivese conformado apenas por un dos substantivos. Parece obvia a necesidade de pór en relación esta construción peculiar co feito de o verbo ir diante do suxeito, debendo ser representada na estrutura profunda da seguinte maneira:

(112) Estaba vella a casa e [estaba vello] o alpendre.

2.4.4. A concordancia entre CD e complemento predicativo

O adxectivo pode tamén modificar un CD, a concordar con el en xénero e número e actualizando ás veces o propio significado do verbo. Con efecto, en ocasións a presenza do complemento predicativo é exixida polo verbo, que pode mudar o seu sentido, entanto que noutras non é preciso que o CD estea modificado por el:

(113) (a) Os xuíces declararon *válido o acordo*.
(b) *Os xuíces declararon o acordo.
(c) Os xuíces declararon.

[126] Esta cláusula sería plenamente gramatical se fixésemos unha pausa despois de *vella: A casa estaba vella, e o alpendre (tamén).*

(114) (a) Conseguín *a moto barata*.
(b) Conseguín a moto.

Como pode observarse en (113), a presenza do predicativo do CD vén exixida polo propio verbo no seu uso transitivo, pois cando non rexe un CD posúe outro significado diferente (e *declarar* significa nese contexto lingüístico 'facer unha declaración'). O primeiro que debemos subliñar, neste sentido, é a posibilidade de que se produzan certas ambigüidades significativas ao coincidir o termo xenérico do adxectivo predicativo co de varios substantivos presentes no enunciado, isto é, cómpre termos presente que as marcas flexionais do adxectivo poden concordar co substantivo que cumpre a función de suxeito e mais co que funciona como CD:

(115) (a) María viu *a súa amiga preocupada*.
(b) María e Pedro viron *os seus amigos preocupados*.
(c) María e Pedro viron *a súa amiga preocupada*.
(d) *María* viu os seus amigos *preocupada*.

En principio, parece que a lectura preferíbel para as cláusulas en que suxeito e CD coinciden en xénero e número é a que indicamos, marcando a concordancia en cursiva, en (115a). De maneira que a tendencia no galego é, do noso punto de vista, a de interpretar que o adxectivo modifica o substantivo que se encontra máis próximo. Alén diso, a posición preferida para este adxectivo ser complemento predicativo do suxeito é entre o verbo e o CD, en aposición, entanto que modificando o CD pode ir diante ou detrás del:

(116) (a) *María* viu, *preocupada*, a súa amiga.
(b) María viu *preocupada a súa amiga*.

Por outra parte, como pode observarse en (116b), cando a concordancia de xénero gramatical permite coñecer sen posibilidade de equívoco qué substantivo modifica o adxectivo predicativo, a súa posición na cláusula é máis libre, de igual modo que cando este modifica claramente o CD:

(117) (a) Todo o mundo considera *este rapaz moi traballador*.
(b) Todo o mundo considera *moi traballador este rapaz*.
(c) *Todo o mundo considera *este rapaz moi traballadora*.

En (117) demóstrase ser indiferente o lugar que ocupe o adxectivo predicativo, diante ou detrás do CD que modifica, sempre que concorde con este en xénero e número, podendo ademais o seu núcleo ser modificado, á súa vez, por un adverbio.

2.4.5. A concordancia de xénero por riba do nivel da cláusula

Como indicamos acima, tamén por riba do nivel da cláusula simples o xénero gramatical permite estabelecer relacións de concordancia. Nestas conexións que permiten articular o texto inciden especialmente os pronomes, dado o seu carácter anafórico, mais tamén os adxectivos poden ir repetíndose nun texto máis ou menos longo, facendo referencia a substantivos distanciados.

No que di respecto á anáfora, a capacidade dos pronomes para faceren referencia a elementos anteriores do enunciado está intimamente ligada coa forma de xénero que presentaren. Neste sentido, convén lembrarmos que a expresión de xénero nos pronomes e nos adxectivos manifestase en virtude do proceso de concordancia, constituíndo a expansión dun núcleo substantivo que é o que posúe inherentemente (ou en relación coa súa terminación mórfica) un xénero gramatical específico. Así pois, como indica García-Miguel (1991: 396), a concordancia implica redundancia formal, se ben esa repetición está xustificada pola súa funcionalidade na expresión de relacións sintácticas ou de contido[127]. Mais, insistimos, a función anafórica pódena cumprir non só os pronomes senón tamén os adxectivos, referidos en ocasións á persoa gramatical exprimida pola forma verbal. Véxanse, neste sentido, os seguintes exemplos:

(118) (a) Cando chegou, estaba enfadada.
(b) Cando a amiga chegou, estaba enfadada.
(c) Cando a amiga chegou, estaba enfadado.

As interpretacións dos dous primeiros exemplos poden ser variadas, entanto que o último só ofrece unha lectura posíbel. En (118a) son válidas tres interpretacións, quer *Cando ela*$_1$ *chegou, ela*$_1$ *estaba enfadada*, quer *Cando ela*$_1$ *chegou, ela*$_2$ *estaba enfadada*, quer *Cando el chegou, ela estaba enfadada*, sendo unicamente o contexto o que permite coñecer exactamente o significado desta cláusula complexa. O problema levantado ten a ver coa referencia do pronome de terceira persoa, e ultrapasa en parte a mera cuestión da concordancia. Na primeira das interpretacións o suxeito implícito da cláusula adverbial é o mesmo que o da cláusula complexa, sendo nas outras diferentes os suxeitos. Mais queremos chamar a atención para o papel que xoga o termo feminino do adxectivo predicativo *enfadada*, que presupón un suxeito feminino para o seu predicado, entanto que na cláusula adverbial de (118a) esa terceira persoa pode ser tanto un home como unha muller. En (118b) son posíbeis dúas interpretacións, téndomos unicamente a dúbida de se o suxeito de

[127] Cfr. García-Miguel (1991: 396): "Las variaciones gramaticales en el término B nos dan información sobre A que no siempre es redundante. Y además, nos dan siempre información relacional sobre B, o sobre la construcción A-B".

quen predica o adxectivo *enfadada* é o mesmo que o da cláusula adverbial, *a amiga*, ou se, polo contrario, é outra terceira persoa que fai referencia tamén a unha muller. Por último, en (118c) temos unha cláusula complexa onde o diferente xénero do substantivo e do adxectivo presentes non ofrece ningunha dúbida sobre o feito de seren distintos os suxeitos dunha cláusula e da outra.

Nestes exemplos que estamos a analizar o xénero gramatical é utilizado como un recurso para informar sobre o sexo do referente, en estreita relación coa súa expresión substancial en substantivos de seres animados, mais na realidade o carácter relacional do xénero está presente tamén nos pronomes cando estes non fan ningunha referencia á realidade extralingüística. Un exemplo moi claro desta capacidade que ten o xénero gramatical para estabelecer conexións entre elementos do enunciado é fornecido polos demostrativos cando retoman substantivos que foran citados anteriormente, aínda que esta función tamén a poden desempeñar outros pronomes:

(119)
a medida en que ***o paxe*** *libraba o seu gabán verde nas mans de dous servidores de verde túnica e longuísimas barbas e se voltaba pra* ***Rei Artur***, ***este*** *apreciaba* ***nel*** *as enrugas dun tempo antiquísimo*
(Ferrín, *ADA* 37)

Neste texto o demostrativo de proximidade máxima MAS refírese a un substantivo propio tamén pertencente, obviamente, ao termo MAS da oposición funcional de xénero gramatical, que está próximo a el no enunciado; por outro lado, o pronome persoal de terceira persoa MAS, *el*, fai referencia ao suxeito tamén masculino doutra cláusula adverbial, *o paxe*.

A importancia da relación entre o xénero gramatical e o valor anáforico dos pronomes é máis evidente cando fan referencia a substantivos con distintos xéneros, sobre todo se son invariábeis e neles o xénero non posúe calquera contido semántico:

(120)
(a) Co tremor de terra desapareceron do estante *os libros*{MAS} e *as revistas* {FEM}, *estas* {FEM} voaron por todo o cuarto, entanto que *aqueles* {MAS} foron directamente ao chan.
(b) Co tremor de terra desapareceron do estante *os libros* {MAS} e *as revistas* {FEM}, *uns* {MAS} caeron directamente ao chan, entanto que *as outras* {FEM} voaron por todo o cuarto.

En (120) temos dous enunciados equivalentes que se valen do mesmo recurso anafórico, se ben con diferentes pronomes. (120a) utiliza dous pronomes demostrativos, estando cada un deles escollido en virtude da distancia existente entre a súa situa-

ción e o lugar que ocupan os substantivos a que se referen. Neste caso, a distinción que permite realizar o xénero coadxuva coa que xa realiza de seu tal distribución de usos, pois o carácter deíctico do demostrativo permite estabelecer relacións moi precisas entre diversos elementos dun enunciado. En calquera caso, a opción xenérica dos pronomes tamén participa no recoñecemento do referente. Doutra parte, en (120b) os pronomes utilizados para referiren os substantivos son os identificadores *un* e *outro*. Aínda que estabelecen a mesma conexión referencial que os demostrativos, neste caso o xénero gramatical cumpre unha función máis determinante, pois sen a distinción funcional de xénero estes pronomes non poderían discriminar entre os dous referentes. Neste sentido, cada un deles retoma os substantivos a que van referidos na mesma orde en que estes aparecen no discurso. Repárese, ademais, en como o identificador reforzado *outro* precisa do artigo cando funciona como núcleo substantivo, prescindindo del o pronome *un* nesta mesma función[128].

Entre os pronomes persoais, que, como se viu acima, poden ser utilizados para desempeñaren unha función de recoñecemento anafórico, cabe destacar o papel que cumpren os átonos de terceira persoa, pois é na terceira persoa onde o paradigma dos pronomes persoais permite distinguir formalmente entre masculino e feminino. Neste sentido, é importante repararmos nos usos das distintas formas xenéricas dos clíticos de acusativo, cando cumpren a función de atributo ou complemento predicativo do suxeito, pois poden estabelecer unha relación de concordancia co suxeito nalgúns casos, aínda que non sempre. Desta maneira, o galego distingue entre pronomes concertados e non concertados, segundo se producir ou non tal concordancia. Os primeiros teñen un carácter identificador, entanto que os segundos simplemente cualifican:

(121) (a) –Ela é *a cociñeira*? –É*a*.
(b) –Ela é cociñeira? –Éo

Como explica Carballo Calero (1979: 302), o uso do pronome masculino, sen se estabelecer a concordancia co referente, equivale ao dun demostrativo invariábel (*É iso*). Esta diferenza entre pronomes concertados e non concertados só se fai visíbel, é claro, no termo FEM, pois o masculino é o termo non marcado (e, dentro da oposición funcional de número, no PL, pois o singular é tamén termo non marcado) (cfr. Freixeiro Mato 2000: 128-130).

Mais para vermos en conxunto as posibilidades que ofrece o xénero gramatical como elemento articulador do texto, talvez sexa mellor que tomemos un exemplo máis longo, onde as varias posibilidades da concordancia están presentes:

[128] Xavier Varela (1992: 30) apóiase neste feito para defender a consideración de *un* como artigo. Por outra parte, máis adiante realiza unha análise do valor de complementariedade das series *Un... Outro*.

(122)

O mosteiro estaba baleiro. Houbo algús que se bañaron na lagoa do mosteiro.

Un deles foi o Alberto. E houbo que sacalo da iauga, porque lle prenderan os pés nas oucas.

O Alberto era máis ben rubio, con cabelos da color do azafrán. E xa andaba polas tascas. Mais nunca se esquencía de estudiar ben as leuciós.

Algús subimos a unha das torres do mosteiro. Eu quería sacar unha foto dende enriba. Abaixo estaban mirando rapazas e rapaces. Non sei nin como si nin como non...

Puxen o pé na pedra dunha cornisa. Estaba falsa. Inda era ben grandiña. Vina caír, ó mesmo tempo que eu recuaba nun rápido movemento, mais sin ceiba-la máquina. Din un berro.

(Fole, *CN* 41-42).

Na primeira cláusula do texto o suxeito impón o seu xénero MAS (e o seu número SING) ao adxectivo predicativo en función de atributo, *baleiro* (***O mosteiro** estaba **baleiro***). A seguir, o pronome identificador masculino *algús* é retomado na frase preposicional que modifica o pronome identificador *un*, sendo a referencia anafórica especificamente a que transloce na forma MAS-PL do pronome persoal tónico de terceira persoa (***algús**... un **deles***). A este respecto, o suxeito e o atributo concordan nos termos MAS-SING (***Un** deles foi **o Alberto***), sen esquecermos que tamén sería posíbel, dado o carácter non marcado do masculino, unha construción como *unha deles* (***Unha** deles foi **María***, por exemplo). Repárese, ademais, en como o substantivo propio *Alberto* vai nesta ocasión precedido polo artigo que concorda con el tamén en masculino. Na cláusula seguinte a referencia a este personaxe efectúase por medio do pronome persoal átono de terceira persoa en función de CD, que adquire igualmente unha forma MAS-SING (*E houbo que saca**lo***). En adiante, fóra do pronome identificador *algús*, que achamos dous parágrafos máis abaixo, e de *unha*, nesa mesma cláusula (***Algús** subimos a **unha das torres***), non atopamos ningún outro pronome até o último parágrafo. É a concordancia feminina, presente nun principio nos adxectivos e logo tamén nun clítico de acusativo, a que articula esta última parte do enunciado:

(123)

*[...] na **pedra** dunha cornisa. Estaba **falsa**. Inda era ben **grandiña**. Vi**na** caír*

Aínda que o termo da frase preposicional que modifica o núcleo do CC de lugar tamén pertence ao xénero feminino, debemos supor que os adxectivos presentes

nas cláusulas que veñen a seguir modifican o substantivo *pedra*, que é o núcleo do complemento, logo representada anaforicamente polo alomorfe do pronome persoal átono de CD *na*:

(124) (a) [*A pedra*] estaba *falsa*.
(b) [*A pedra*] inda era ben *grandiña*.

En ambos os casos, o adxectivo feminino é un complemento predicativo dun suxeito implícito. A concordancia de (124b) faise evidente en virtude do uso do sufixo diminutivo *-iña*, pois o adxectivo no seu grao positivo é invariábel (*grande*), de maneira que presenta unha única forma para masculino e para feminino. Neste caso, obviamente, a relación de concordancia produciríase de todos os modos aínda que non existise ningunha marca substancial no significante.

2.4.6. Interferencias semánticas nas regras de concordancia

Finalmente, ao falarmos das estruturas de concordancia de xénero é ineludíbel detérmonos a comentar as interferencias que en ocasións se producen entre o nivel sintáctico e o semántico, por causa da dupla face do morfema de xénero gramatical, e que implica a máis clara mostra da frecuente confusión entre xénero e sexo. Deixamos este fenómeno para o último lugar da nosa exposición sobre a concordancia, servindo así de limiar á abordaxe específica do contido semántico da oposición funcional de xénero, por seren as relacións de concordancia as que dan conta da existencia ou non de xéneros nunha determinada lingua. Desta maneira, a análise da categoría deberá centrarse fundamentalmente no modo en que se producen esas conexións entre os elementos do enunciado, prestando atención ás marcas mórficas que posúen as palabras que teñen un xénero inherente ou que concordan en xénero e observando cómo é que expresan sintagmaticamente ese contido gramatical. Ora ben, como se viu en 0.5, o morfema de xénero é utilizado tamén para estabelecer oposicións semánticas, sendo de entre todas elas a máis importante a do sexo.

Na literatura tradicional sobre o tema o cruzamento do carácter relacional e o referencial do xénero vén sendo chamado 'silepse' (véxase Wonder 1978), ou *concordantia ad sensum*, aínda que tamén se utiliza frecuentemente esta denominación para designar a falta de concordancia de número entre o suxeito, fundamentalmente cando está formado por substantivos colectivos, e o verbo (*A maioría foron andando* / *A maioría foi andando*). De calquera maneira, en moitas ocasións a falta de concordancia no número implica que tamén se produza ese fenómeno a respecto do xénero gramatical. Acontece así, por exemplo, cos substantivos colectivos femininos (*xente*, *masa* etc.), que esixirían adxectivos predicativos ou pronomes a eles referidos no seu mesmo termo xenérico, mais que cando levan o verbo en plural provocan que os seus modificadores fiquen necesariamente fixados no termo MAS-PL:

(125) (a) *A maioría* eran *amigos*
(b) *A maioría* eran *excelentes amigos*.
(c) *A maioría* eran inmensamente *amigos*.

Nestes exemplos o suxeito está constituído por unha frase nominal feminina que debía esixir do seu adxectivo predicativo en función de atributo as marcas flexionais propias dese termo xenérico, segundo as regras da concordancia que vimos anteriormente. Na realidade, en (125a) non sabemos con certeza se o nome *amigos* cumpre realmente unha función adxectiva ou se, polo contrario, está substantivado, aínda que posibelmente as dúas análises son igualmente válidas, segundo se deduce das cláusulas seguintes. Así pois, en (125b) admite ser modificado polo adxectivo *excelentes*, que concorda con el en xénero e número, confirmando así o seu carácter substantivo. Por outro lado, en (125c) admite igualmente a modificación dun adverbio, *inmensamente*, o cal demostra que nesta ocasión funciona de verdade como un adxectivo. É neste último caso onde o xénero gramatical participa dese fenómeno de falta de concordancia ou 'silepse', pois nos anteriores non existe tal esixencia provocada polo valor colectivo de *maioría*, que fai o verbo concordar en plural. Neste sentido, a xustificación do uso dunha forma masculina reside no feito de ser este o termo non marcado da oposición funcional de xénero, sendo por tanto exixido no plural por ser o máis abranxente, o que non discrimina do punto de vista semántico. Algo semellante ocorre, do noso punto de vista, neste texto de Castelao:

(126)

A miña terra é un país de minifundios, povoado por ***xentes algo ricas*** *e por* ***xentes bastante probes*** *ou probes de todo.*
Os ricos *comen e beben d-abondo para morreren de apoplexía. [...]*
Os probes *comen o que teñen e se o teñen. Están* ***desnutridos****, pero endexamáis perden o apetito.*
(Castelao, *SG* 15-16)

Aquí poderiamos esperar unha relación de concordancia en que o xénero do adxectivo tivese un valor anafórico, relacionando os adxectivos co substantivo *xentes* (*As ricas comen...* ; *As pobres comen...*). En tal construción estes nomes aparecerían realmente nunha función adxectiva, sendo o pronome identificador referido anaforicamente a *xentes* (e de aí en FEM-PL, *as*) o que ocupase a posición substantiva. Mais ao non se producir a concordancia, que, como vemos, ultrapasaría o ámbito da cláusula para se converter en elemento de conexión das diversas partes do texto,

debemos supor a substantivación dos adxectivos *rico* e *pobre*, o cal fai innecesario o estabelecemento desa relación gramatical con *xentes*. Nesta ocasión, de igual modo, o termo escollido é o MAS porque en plural este xénero ten un valor abranxente e non transmite ningunha información sobre o sexo do referente. Máis adiante aparece un adxectivo que si concorda en xénero e número con este substantivo, cumprindo a función de atributo (*[**Os pobres**] están **desnutridos***).

Mais non só se rexistran incongruencias na concordancia de xénero cos substantivos colectivos, pois ás veces este fenómeno parece estar ligado a outras circunstancias, tales como a personificación da linguaxe poética:

(127)
***Catedral**, **demagogo** de pedra,*
*D'un povo fanático **erguida** n'o medio*
(Curros, *AMT* 136)

En (127) o substantivo feminino *catedral* leva en aposición o que en principio é un adxectivo, modificado á súa vez por unha FP, mais que non respecta a concordancia de xénero. A explicación para esta suposta anomalía podería ser tamén o carácter substantivo de *demagogo*, o cal fai innecesaria a concordancia gramatical. Mais, por outra parte, os substantivos que modifican outros substantivos en aposición posúen normalmente, cando son variábeis, o mesmo xénero do núcleo da FN. Pois se ben o substantivo non recolle o seu xénero da relación sintáctica que estabelece con outros elementos do enunciado, si mantén relacións referenciais dentro do texto, de maneira que podíamos esperar neste verso o uso congruente do termo FEM do substantivo, *demagoga*, por ser habitual que nos procesos de personificación a escolla do termo xenérico do substantivo, que nos nomes de seres animados posúe contido semántico relacionado co sexo, corresponda ao xénero gramatical do substantivo que designa o obxecto inanimado (***Catedral**, **demagoga** de pedra*). A causa desta aparente incongruencia é posibelmente extralingüística e está relacionada co feito de seren homes os representantes da igrexa, que o poema critica. Obsérvese, por outro lado, como si se estabelece a concordancia FEM-SING co adxectivo distanciado *erguida*. Neste sentido, lembremos o que comentamos anteriormente sobre o carácter relacional da concordancia e sobre a súa capacidade para mostrar a estrutura sintáctica de cláusulas en que se rompe a orde habitual de palabras (***Catedral erguida** no medio **dun povo fanático***).

Outra situación que con frecuencia provoca falta de concordancia de xénero é a causada pola presenza de substantivos que fan referencia a seres animados e que son femininos, sen expresaren o sexo por medio da flexión xenérica, tales como *persoa*, *vítima*, *testemuña* e *sentinela*. Obsérvense, neste sentido, os seguintes exemplos:

(128) (a) *As persoas* que máis sofren as altas temperaturas son os maiores de setenta anos.
(b) *As persoas* que máis sofren as altas temperaturas son *as maiores* de setenta anos.

Na realidade, a posibilidade de interpretarmos a existencia dun erro na concordancia depende do carácter anafórico do pronome identificador que antecede o adxectivo, isto é, do feito de este pronome facer referencia ou non ao suxeito. Tendo en conta que tamén un substantivo pode cumprir a función de atributo, sen concordar, obviamente, co suxeito:

(129) As persoas que máis sofren as altas temperaturas son os nenos.

Así pois, pensamos que en (128a) o pronome identificador que acompaña o adxectivo *maiores* ten un carácter máis referencial do que relacional, de aí que non se produza a concordancia en xénero e número. Ao contrario, a súa forma MAS-PL ten a ver precisamente co feito de este termo xenérico non marcar o sexo do referente, sendo por tanto aplicábel tanto a homes como a mulleres. Se invertermos os termos do enunciado ficará máis claro o verdadeiro carácter da súa relación sintáctica:

(130) (a) Os maiores de setenta anos son as persoas que máis sofren as altas temperaturas.
(b) *Os maiores* de setenta anos son *os que* máis sofren as altas temperaturas.

Existe, finalmente, unha última posibilidade de análise, que consiste en considerar *maiores* como substantivo, modificado pola FP *de setenta anos*, co cal tampouco tería sentido falarmos de falta de concordancia. Neste caso, ademais, a interpretación semántica da cláusula sería distinta, pois faría referencia exclusivamente ás persoas que teñen setenta anos e non ás que teñen máis desa idade.

Porén, onde si se produce unha evidente falta de concordancia é neste texto medieval en que o participio adxectival fica encadrado no termo MAS apesar de o seu suxeito ser feminino:

(131)
que ***persona nenhua*** non fose ***achado*** de andar por la dita çidade
(*LCP*, 179)

A diferenza cos exemplos anteriores reside no feito de aquí non existir dúbida ningunha sobre o carácter adxectival do atributo, que ademais non posúe valor refe-

rencial, estando relacionado sintacticamente co seu suxeito. Na discordancia parecen intervir entón causas semánticas, cumprindo un papel importante no fenómeno a identificación entre *persoa* e *home*. Neste mesmo sentido, podemos interpretar a falta de concordancia con fórmulas de tratamento e reverencia de xénero feminino (*Excelencia*, *Ilustrísima*, *Señoría*, etc.) como unha colisión de factores sintácticos e semánticos:

(132)

Era o confesor da Santa e sentía por ***Ilustrísima*** *unha antipatía próxima á xenreira, que non sóio non se molestaba en ocultar, senón que procuraba exibir, sobre todo nas oficinas da curia, onde facía con éxito bromas a costa* ***del****.*

[...]

Agora, mentres ***Ilustrísima*** *rezaba o breviario, podía ouvir a sua coidada voz de barítono falando abaixo co provisor da diócesis. Se* ***el*** *quixera, acabaría por enterarse palabra por palabra de aquela conversa.*

(Casares, *Ilustrísima* 28-29)

Neste texto literario o substantivo feminino *Ilustrísima*, que fai referencia ao tratamento que reciben os bispos, é retomado anaforicamente mediante un pronome persoal tónico de terceira persoa masculino. Por tanto, o pronome recolle o valor semántico do substantivo, que só pode designar homes, en lugar de respectar a concordancia en feminino, constituíndo un típico caso de 'silepse'. Neste sentido, debemos ter en conta que non sempre o mecanismo sintáctico da concordancia ten un carácter correferencial, anafórico (***Pedro*** *non é* ***alto***), de igual modo que no valor anafórico dos pronomes non sempre interveñen as estruturas de concordancia. No último dos exemplos que temos visto, o pronome persoal *el* ten un sentido relacional dentro do texto, mais tamén referencial a respecto da realidade, de maneira que en lugar de adoptar a forma xenérica acorde co substantivo que retoma no enunciado fai referencia ao home designado por tal substantivo.

Isto mesmo acontece igualmente cos adxectivos predicativos que poderían modificar este tipo de substantivos:

(133) (a) *Súa Excelencia* está *convidada* a unha cea esta noite.
(b) Súa Excelencia está convidado a unha cea esta noite.

En (133a) o adxectivo concorda normalmente en xénero e número co substantivo que modifica, entanto que en (133b) o uso do masculino está condicionado polo coñecemento sobre o sexo do referente. Neste sentido, a diferenza do que ocorría con *Ilustrísima*, cando menos no ámbito eclesiástico, que no seu propio significado inclúe o trazo [- femia], o substantivo *Excelencia* pode utilizarse, sen mudar o seu xénero feminino, para designar tanto homes como mulleres. Así pois, do noso punto de vista, se a explicación dunha anomalía do tipo *Ilustrísima está convidado* corresponde ao ámbito da semántica, a de *Excelencia* en (133b) depende de causas pragmáticas, e nela inflúe necesariamente o coñecemento da realidade que ten o emisor. Por outra parte, xa vimos que o xénero do adxectivo informa con frecuencia sobre o sexo do referente, ao predicar sobre pronomes persoais invariábeis (Ti es *alta*), o cal parece ter algunha relación con este uso que estamos a comentar, en que o substantivo fai referencia a unha individualidade, tendo un valor fundamentalmente deíctico. Nese mesmo sentido, non imos entrar a comentar aquí outras situacións comunicativas en que pronomes e adxectivos referidos a unha muller non posúen xénero feminino, como por exemplo cando unha muller di *Ás veces un non sabe o que pensar*, pois a súa explicación corresponde tamén ao ámbito da pragmática. Con todo, neste tipo de usos tampouco se poden eludir o feito gramatical de funcionar o xénero masculino como termo non marcado da oposición, sen introducir por tanto información sobre o sexo do referente[129].

Por último, Wonder (1978: 21) descarta a influencia da distancia entre os elementos para explicar a falta de concordancia entre si, pois documenta casos en que o adxectivo que modifica o substantivo vai situado inmediatamente a continuación del e con todo non respecta a concordancia en xénero e número. De todos os xeitos, parécenos razoábel supor que o distanciamento pode ser unhas das causas que expliquen en parte a falta de concordancia, sobre todo se tivermos en conta a incidencia da proximidade no estabelecemento desta relación sintagmática entre substantivos e adxectivos. Así pois, o afastamento pode ser un factor que motive o feito de prevalecer a información semántica sobre a morfosintáctica, pois a repetición dos mesmos segmentos fónicos finais semella algo necesario para moitos dos elementos que aparecen xuntos no enunciado. Xa vimos, neste sentido, que tal tendencia mesmo condiciona a terminación dos adverbios, apesar de constituíren unha clase de palabras sobre a cal non actúa o xénero gramatical, polo que non parece excesivamente aventurado supormos que a distancia que mantén o modificador pode ser un factor que condicione a posíbel falta de concordancia.

En suma, se ben o fenómeno que estamos a analizar é de carácter estritamente morfosintáctico, onde na maioría das ocasións non intervén ningún elemento de significado, ás veces tamén se producen interferencias semánticas. Isto acontece con máis frecuencia na concordancia con substantivos colectivos femininos (*a maioría*, *a xente*, *a masa*, *a mocidade*) e con substantivos invariábeis femininos que designan seres animados (*persoa*, *vítima*, *testemuña*, *Excelencia*, *Ilustrísima* etc.), no

[129] Vid. un traballo destas características en Millán Orozco (1970), un estudo centrado sobre o español falado en México D.F.

primeiro dos casos ao se utilizaren pronomes ou adxectivos a eles referidos nos termos MAS-PL, e no segundo ao aparecer usado o MAS-SING. En calquera caso, hai que ter en conta tamén que ás veces o que semella unha falta de concordancia non é tal, por estaren os adxectivos substantivados ou por faceren referencia os pronomes á realidade extralingüística, non tendo por tanto un valor relacional dentro do texto.

2.4.7. Conclusións

En primeiro lugar, a partir do que temos visto podemos tirar a conclusión de que a concordancia, que consiste esencialmente na repetición en diferentes partes do enunciado dun elemento de significado gramatical, non sempre implica unha relación de correferencia, polo cal non se pode identificar sen máis coa anáfora. No caso da concordancia de xénero gramatical, onde este fenómeno é esencial para a propia definición da categoría (pois só existe xénero onde se dan relacións de concordancia) non en todas as ocasións ten incidencia semántica. Doutra parte, ao se basear fundamentalmente na repetición de certas terminacións fónicas, que son as que permiten estabelecer esa relación, a concordancia de xénero ten moito que ver cun fenómeno de simple asonancia. Desta maneira, do noso punto de vista, é posíbel explicar en virtude dese fenómeno fonético a redundancia na expresión de xénero que se produce en todos os substantivos que xa teñen expresa en modificadores e determinantes a clase xenérica a que pertencen. Así mesmo, esta asonancia explica certos fenómenos de atracción fonética entre as terminacións de elementos que están próximos no enunciado, tales como a aparente flexión do adverbio (como no exemplo que vimos, *media romántica*) ou a concordancia entre un adxectivo e dous ou máis substantivos de distinto xénero cando o modificador mostra a flexión xenérica propia do substantivo máis próximo. No primeiro dos casos, na aparente flexión xenérica do adverbio, pensamos que non se pode considerar esta atracción analóxica da terminación como unha auténtica concordancia de xénero, por constituír o adverbio unha clase de palabra en que esta categoría non ten incidencia, de maneira que o fenómeno de asonancia que se produce non ten ningún significado gramatical. Coherentemente, podemos supor que algo semellante ocorre no segundo dos casos. Cando un adxectivo que modifica un ou máis substantivos de distinto xénero concorda só co que está colocado nunha situación de maior proximidade, este feito non impide que siga a modificar todo o conxunto. A diferenza co adverbio que adquiría unha terminación fónica determinada consiste en que no adxectivo esta terminación si que se corresponde cun xénero específico, aínda que nesta ocasión o fenómeno da asonancia non ofrece toda a información sobre as relacións sintácticas que se estabelecen na cláusula. Podémonos preguntar, por tanto, cal é a función gramatical da concordancia de xénero, se nin sequera en todas as ocasións este fenómeno consegue facer manifestas as relacións sintácticas entre os elementos do enunciado.

Segundo o que temos visto, a concordancia de xénero (isto é, en consecuencia, a categoría de xénero gramatical) cumpre principalmente dúas funcións importantes: por unha parte, permite distinguir de entre as diversas clases de palabras os elementos nominais, e, pola outra, fai visíbeis as relacións sintácticas entre eses nomes en función substantiva e adxectiva, en virtude da existencia de dúas clases de substantivos, masculinos e femininos. Así pois, a existencia ou inexistencia de concordancia fai posíbel en moitas ocasións distinguir entre un adxectivo e un adverbio ou un participio, precisamente por ser o xénero unha categoría exclusivamente nominal, e mais entre un substantivo e un adxectivo funcionando como modificadores dunha FN. O feito de existiren algúns enunciados ambiguos en que non é fácil discernir o carácter nominal dunha palabra non invalida esta funcionalidade da categoría. Doutra parte, a súa capacidade para facer visíbeis as relacións sintácticas entre os elementos nominais faise patente en enunciados en que se ten violado a orde habitual de palabras do galego (como por exemplo, segundo vimos, en textos poéticos en que se utiliza o recurso estilístico do hipérbato). De maneira que o xénero se converte nestes contextos lingüísticos en salvagarda da gramaticalidade do texto, que así se torna comprensíbel. Neste sentido, e dado que falamos ao comezo desta sección da orde libre de palabras que caracteriza o galego (xunto ás outras linguas romances), debemos ter en conta que, embora se permita unha grande liberdade na disposición dos constituíntes na cláusula, son preferidas certas posicións dos elementos no enunciado, axudando o xénero gramatical a estabelecer as relacións necesarias para o texto se facer comprensíbel. En ocasións, no entanto, tampouco esta categoría que divide os nomes en dous grupos consegue que as estruturas gramaticais non presenten unha certa ambigüidade, mais iso non significa que non sexa esta a súa principal función.

Unicamente podemos citar dúas excepcións a esta capacidade do xénero gramatical para estabelecer relacións sintácticas entre os elementos nominais do enunciado, unha delas é de carácter formal e ten a ver coa analoxía da terminación fónica entre palabras que están próximas, o cal explica que ás veces un adxectivo, a estabelecer unha relación sintáctica de modificación con varios substantivos, concorde en xénero apenas con un deles. A outra excepción é de carácter semántico e está relacionada coa dupla face do morfema de xénero, que, posuíndo sempre un significado gramatical, transmite tamén ás veces un determinado contido semántico, servindo en galego principalmente para distinguir entre os dous sexos. En poucas ocasións, por tanto, se producen interferencias de orde semántica nas regras de concordancia, en substantivos en que non é posíbel estabelecer a relación de contido habitual entre xénero e significado lexical, nomeadamente en substantivos femininos que serven para nomear homes e mulleres, como *persoa* ou *Excelencia*, e mais en substantivos colectivos que posúen igualmente esta característica, como *xente*. Nestes contextos lingüísticos, porén, cómpre observarmos detidamente se na realidade se están romper as regras de concordancia ou se esa suposta anomalía res-

ponde máis ben á dificultade de discernir qué clase de palabras están implicadas e, no caso dos pronomes, se estes teñen un carácter relacional ou referencial, isto é, se estabelecen unha conexión con outro elemento do enunciado ou fan referencia á realidade extralingüística.

En calquera caso, despois do que temos visto sobre as estruturas de concordancia, parécenos claro que a categoría de xénero gramatical, que como vimos en 0.2 ten sido considerada por algúns autores como unha permanencia atávica e caótica nas linguas indoeuropeas, cumpre unha importante función morfosintáctica, clasificando os nomes en dous grandes grupos e servindo como elemento ordenador das súas relacións sintácticas no enunciado. Alén diso, participa das relacións anáforicas que os pronomes poden estabelecer, servindo como máis un recurso para a articulación sintáctica do texto.

3. O xénero desde a perspectiva semántica

3.1. Introdución

3.1.1. Principios xerais da lexemática

Unha vez que temos analizado o xénero como un categoría gramatical que se define pola súa acción clasificadora dos nomes e que se manifesta mediante a concordancia, abordaremos agora, desde unha perspectiva semántica funcional, o estudo do significado lexical do morfema de xénero, isto é, o contido semántico que este morfema acrecenta ás bases lexemáticas con que concorre. Xa Heger (1974: 180) chamara a atención para o feito de a marca de xénero cumprir ás veces a función de marca metalingüística-reflexiva do xénero e de designación non metalingüística-reflexiva do sexo[130]. Lyons (1997: 101) incluíu o xénero entre as categorías gramaticais semanticamente relevantes, xunto ao tempo, o modo, o aspecto, a persoa e o número. E Coseriu (1981: 34, n. 17) tiña expresado a posíbel conveniencia dunha análise das características desta que nos propomos realizar:

> Queda por ver si el género mismo, en cuanto principio de clasificación de la experiencia, y no en cuanto simple función del empleo de los signos, no habría que considerarlo como una categoría más bien del léxico que de la gramática[131].

[130] Esta dupla face é tomada en consideración por Arias Barredo (1995) para a súa análise do xénero gramatical en español, seguindo os principios metodolóxicos da glosemática de Hjeslmlev.

[131] Tamén Ullmann (1987: 73-74) aludira a este carácter mixto do xénero e ao seu aspecto lexical, por canto é unha categoría ligada ao substantivo, aínda que finalmente opta por considerar máis determinante o seu papel nas construcións sintácticas, perspectiva que seguimos igualmente neste traballo: "Muitas línguas, tais como o finlandês ou o húngaro, não possuem o género; mas, onde ele existe, mesmo se gramaticalizado e divorciado de qualquer conexão com o sexo e de qualquer distinção entre animado e inanimado, faz parte da constituição de cada substantivo; até un substantivo isolado, separado de todo o contexto, terá o seu género, e isso será devidamente registado nos dicionários. Em princípio, por tanto, ser-se-ia levado a incluir o género na lexicologia. Por outro lado, está intimamente ligado com outras categorias gramaticais, tais como o número e o caso, e desempenha um papel importante, graças à concordância, na estrutura da oração, pelo que será mais oportuno, ao fim e ao cabo, considerá-lo na sintaxe".

Centraremos a nosa análise, por tanto, na categoría do nome (substantivo e adxectivo), por ser esta a única palabra lexemática en que o morfema de xénero ten un contido lexical, se ben os adxectivos o adquiren anaforicamente en virtude da concordancia.

Os principios xerais de que nos servimos para a delimitación e o recoñecemento destes morfemas lexicais de xénero son os seguintes (Coseriu 1987: 222-29; Vilela 1979a: 58-59; Freixeiro Mato 1999: 30-32):

a.- *Principio da funcionalidade*: segundo o cal a cada unidade de expresión lle corresponde unha unidade de contido e viceversa, pois existe unha relación de solidariedade entre ambos os planos. Este principio é aplicábel ao noso obxecto de estudo por considerarmos a categoría gramatical de xénero como signo, e especificamente como morfema. Para Trujillo (1979: 55-66), as invariantes non resultan exclusivamente dunha correlación entre os dous planos, o da expresión e o do contido, senón dunha correlación significado-significante, tendo en conta que o significante non é sempre un agregado de figuras de expresión e entendéndoo máis ben, dunha maneira ampla, como as posibilidades de relación ou de combinación e a estrutura das posíbeis relacións sintáctico-semánticas que unha determinada unidade funcional pode contraer. En calquera caso, a partir deste principio obtéñense ademais dous corolarios:

a.1-*corolario do significado lingüístico unitario*: que di existir un significado diferente e unitario para cada forma lingüística diferente, aínda que tamén poidan existir variantes.

a.2- *corolario da conmutación*: que serve para identificar as unidades funcionais fronte ás simples variantes, mediante o procedemento de substituír nun dos planos un elemento e comprobar o que sucede no outro plano; se este se ve afectado estaremos perante diferentes unidades funcionais, de non ser así, tratarase de variantes dunha soa unidade funcional.

b.- *Principio da oposición*: as unidades funcionais poden ser delimitadas nunha lingua ao se comprobar a existencia de cando menos outra unidade que comparta con ela un trazo común e que se distinga por un trazo diferente ou pola ausencia ou presenza adicional dun trazo. Como veremos máis adiante, é a aplicación deste principio fundamental a que nos permite delimitar e distinguir os morfemas de xénero nos nomes.

c.- *Principio da sistematicidade*: segundo este principio é esperábel, a pesar de non ser necesario, que as mesmas oposicións estean presentes de forma sistemática nunha mesma lingua.

d.- *Principio da neutralización*: nalgúns casos un dos termos da oposición funcional asume o valor común que está na base da oposición, que pasa a ser inclusiva, de

maneira que o termo "negativo", non marcado, dunha oposición pode englobar o termo "positivo" ou marcado. Coseriu (1981: 97) exemplifica co caso de *día* e *noite*, onde *día* pode funcionar como o contrario de *noite* e, ademais, pode incluír o termo *noite*, significando *día* + *noite*; mais tamén alude ás oposicións xenéricas, onde o masculino pode incluír o feminino (*o noivo* + *a noiva* = *os noivos*), malia seren MAS e FEM na gramática sempre termos exclusivos.

3.1.2. Relacións de "significación" e relacións de "designación"

Como se sabe, para a semántica estrutural é fundamental realizar a distinción entre "significado" e "designación" na análise do contido lingüístico, para delimitar con precisión o obxecto de estudo na relación entre o sistema lingüístico e a realidade extralingüística. Desde esta perspectiva, só o "significado" é propiamente lingüístico, podendo estar estruturado na lingua e ser estruturado pola lingüística, pois é o contido dun signo ou dunha construción nunha lingua determinada; entanto que a "designación" depende do extralingüístico, por ser a referencia a un obxecto ou a un estado de cousas da realidade e o componente da acepción que resulta desa referencia. Debido á universalidade deste coñecemento das cousas e a que a súa participación é constante nas acepcións das unidades lingüísticas, ás veces resulta difícil separalo con exactitude dos contidos propiamente lingüísticos. A este coñecemento da realidade pertencen tamén as crenzas e opinións xerais sobre as cousas, con independencia do seu carácter falso ou verdadeiro (Coseriu 1981: 185-209).

De acordo con esta distinción que vimos de enunciar, Coseriu (1981: 130-133) delimita a existencia de dous tipos de relacións na lexicoloxía: as relacións de "significación", as que se dan entre os significados dos signos lingüísticos; e as relacións de "designación", as que existen entre os signos lingüísticos e os obxectos, isto é, a realidade. Desta maneira, a designación concreta é un feito de "discurso", e por tanto as relacións de designación son inconstantes (variábeis); por outra parte, só a significación é un feito de "lingua" (de técnica do discurso), polo que desde o punto de vista sincrónico as relacións de significación son constantes.

Non se debe confundir a "designación múltipla", cando un obxecto pode ser distribuído en varias clases diferentes e nomeado por todos os signos pertencentes a esas clases (por exemplo, un obxecto X pode ser clasificado como *libro*, *obra*, *tratado*, *tese*, *traballo* etc.), coa neutralización dos significados, que é un feito de significación; pois na neutralización só os trazos distintivos comúns ao termo neutro e ao termo marcado seguen sendo pertinentes, mentres que na designación múltipla cada termo conserva os seus trazos distintivos propios.

Estas precisións terminolóxicas van ser mencionadas necesariamente ao analizarmos as relacións de significación do xénero nos seres sexuados, e a designación concreta da distinción sexual en determinados discursos.

3.1.3. O xénero como clasema

Segundo a definición ofrecida por Coseriu (1981: 146), a clase lexical constitúena a totalidade dos lexemas que, independentemente dos campos lexicais, se relacionan por un trazo distintivo común ou clasema. Estas clases poden funcionar, por tanto, en un ou en varios campos, manifestándose pola súa distribución gramatical e lexical. Segundo isto, os lexemas pertencentes a unha mesma clase compórtanse dun xeito análogo do punto de vista gramatical ou lexical, o cal significa que malia os campos lexicais poderen tamén manifestarse polas súas combinacións, só nas clases estas combinacións poden ser de índole gramatical. Isto é o que sucede, segundo pensamos, coa diferenza clasemática MAS / FEM[132]. Desde esta perspectiva, como clasema, o xénero pertence sempre á gramática mais non sempre ao léxico, pois aínda que sempre divide os nomes en dúas clases, esta distinción gramatical non ten en todas as ocasións unha correspondencia semántica. Así, por exemplo, o substantivo *sentinela* (que pertence á clase 'seres humanos', dentro da cal é posíbel con frecuencia realizar unha distinción clasemática MAS / FEM e 'macho'/ 'femia') é feminino do punto de vista gramatical pero pode ser aplicado tanto a homes como a mulleres; pola contra, no substantivo *artista* si que se pode realizar esta distinción clasemática de orde lexical e gramatical:

(134) (a) *el é **unha** sentinela atent**a***
(b) ****el é un** sentinela atent**o***
(c) *ela é **unha** sentinela atent**a***

(135) (a) ***el** é **un** artista bondados**o***
(b) ***ela** é **unha** artista bondados**a**.*

[132] Utilizamos aquí os termos *masculino* / *feminino*, como o fai Coseriu e vén sendo habitual en traballos destas características, para nos referirmos tanto á oposición semántica de sexo como á distinción gramatical, aínda que máis adiante, co obxecto de evitarmos confusións terminolóxicas, ao non ter sempre o xénero gramatical en galego contido semántico e, en caso de o ter, non ser sempre ese contido o do sexo, preferimos os termos *macho* / *femia* para expresar o significado lexical desta oposición concreta, gañando en claridade (así nolo parece) a nosa exposición. No referente á cuestión de se as clases pertencen á gramática ou ao léxico, que segundo Coseriu debe ser formulada (1981: 176), existen diverxencias entre diversos autores. Neste sentido, Pottier (1972) distingue entre clasemas, unidades e figuras de contido gramatical, e semas, unidades de contido lexemático. Adrados (1971: 341), porén, distingue tres tipos de trazos distintivos, organizados hierarquicamente segundo o seu grao de xeneralidade: en primeiro lugar estarían as oposicións máis frecuentes e cun contido menos concreto, as oposicións gramaticais; en segundo lugar, os clasemas, de menor frecuencia e cun contido máis concreto; e, por último, os semas cun valor inferior de xeneralidade. Desta maneira, "si hay una jerarquía que lleva de la palabra al campo semántico y de éste a la subclase de palabras y a los niveles propiamente sintácticos, el principio de clasificación genérica, representado por la existencia del clasema, actúa a todos los niveles infrasintácticos: en éstos, el carácter genérico de los rasgos distintivos es aún más acusado. Y también éstos intervienen en las clasificaciones inferiores. Pues un campo semántico admite dentro de sí una oposición gramatical (por ejemplo, la del género en los nombres de parentesco)".

Pódese concluír, en definitiva, que sempre que se produce unha oposición lexical de sexo, a distinción de clasemas MAS / FEM fai que estes lexemas se comporten de maneira análoga do punto de vista lexical e gramatical; alén diso, ao constituíren distintas clases exíxenselles determinadas combinacións:

(136) (a) ***home*** [- femia], {MAS} / ***muller*** [+ femia], {FEM}
(***o home** sabi**o** / **a muller** sabi**a***)

(b) *nen-**o*** [- femia], {MAS} / *nen-**a*** [+ femia], {FEM}
(***o** nen**o** pequen**o** / **a** nen**a** pequen**a***)

En (136a) (***home** / **muller***) o contido semántico do sexo está presente no propio lexema e o xénero gramatical ten a súa expresión nas relacións sintagmáticas que poden estabelecer estes substantivos, entanto que en (136b) (*nen-**o** / nen-**a***) é a oposición mórfica *-o* / *-a* a que estabelece tanto a oposición lexical como a distinción gramatical (se ben, esta expresión mórfica é redundante, por manifestarse o xénero fundamentalmente no ámbito das relacións sintagmáticas).

Por outra parte, Coseriu distingue entre dous tipos de clasemas, aqueles que fan referencia a unha clase ('animado', 'ser vivo', etc.) e os que indican a clase a que se aplican ('para persoas', 'para cousas'), cumprindo os do segundo tipo un dobre papel, xa que estes poden funcionar tamén como trazos distintivos (semas) de determinadas oposicións. Segundo isto, os clasemas MAS e FEM pertencerían ao primeiro grupo, aínda que, como xa vimos, ao mesmo tempo funcionan como semas, isto é, como trazos distintivos mínimos en pares dun mesmo campo lexical, coincidindo desde esta perspectiva cos clasemas do segundo grupo. Outros autores utilizan a denominación "sema xenérico" para se referiren ao que Coseriu denomina clasema, sendo os do segundo grupo ao mesmo tempo xenéricos e específicos[133].

Por último, a distinción clasemática MAS / FEM é utilizada por Coseriu tamén como exemplo dunha interferencia de clasemas, pois pode aparecer como determinación ulterior tanto na clase 'seres humanos' como na clase 'seres non humanos, animais'.

[133] Véxase Corrales Zumbado (1991: 90), e tamén García-Hernández (1981: 28), que, a este respecto, afirma: "El *clasema* es un sema genérico que caracteriza a un grupo de lexemas y determina, por ende, el funcionamiento de una estructura lexemática, la *clase léxica*; al consistir en un rasgo significativo común a toda una serie de lexemas, el clasema goza de una gran recurrencia y constituye, por otra parte, un factor de uniformidad que da un comportamiento léxico y gramatical análogo a los lexemas que lo contienen. [...] Por lo tanto, puede afirmarse que, así como en el análisis estrictamente sémico se manifiesta ante todo el principio de oposición, en el análisis clasemático se revela de modo especial el principio de *sistematicidad* léxica". Para Gutiérrez Ordóñez (1981: 170-193), porén, os semas xenéricos defínense pola súa función sintagmática, por definiren as posibilidades combinatorias de natureza semántica dun signo mínimo, e para Trujillo (1976: 183-184) estes clasemas do segundo grupo de Coseriu non son senón variantes combinatorias de contido, determinadas polos componentes semánticos do contexto en que aparecen.

3.1.4. A oposición de xénero

A categoría gramatical do xénero cando ten contido semántico pode achegar, segundo estamos vendo, un trazo distintivo mínimo que serve para opor pares de nomes dentro dun determinado campo lexical. Estas oposicións semánticas realízanse desde unha perspectiva dimensional concreta[134]. Desta maneira, dentro do campo lexical dos nomes de parentesco (Vilela 1979a: 93-103) é a dimensión 'sexo' a que permite opor os lexemas *pai* / *nai* ou *irmán* / *irmá*, mediante os trazos distintivos 'macho' / 'femia', sendo os outros semas comúns en cada un dos pares. Esta oposición habería que considerala, seguindo coa terminoloxía proposta por Coseriu (1981: 221-227), como "polar", e máis concretamente como "antonímica", por canto opera dentro dunha soa dimensión e constitúe campos bipolares, en que un termo é a negación do outro (*irm**án*** [+ macho] [- femia] / *irm**á*** [- macho] [+ femia])[135]:

(137) (a) ***pai*** [+ parent. sangue, + xeración[1], + liña directa, + macho]
nai [+ parent. sangue, + xeración[1], + liña directa, + femia]
(b) *irm-* [+ parent. sangue, + xeración[0], + liña colateral], ***-án*** [+ macho]
irm- [+ parent. sangue, + xeración[0], + liña colateral], ***-á*** [+ femia]

A dimensión do sexo é a máis rendíbel de todas as que permiten ao xénero estabelecer unha oposición semántica, sendo esta, do noso punto de vista, a principal causa da tradicional confusión entre ambas as categorías, a gramatical e a semántica, tendo en conta, ademais, a súa estreita relación nos nomes que designan seres sexuados. Como ficou de manifesto no capítulo introdutorio, é difícil achar a causa que orixinou esta distinción gramatical, por pertenceren as cuestións que atinxen ás orixes das linguas ao terreno neboento das hipóteses, e tendo en conta a variedade

[134] Utilizamos o concepto "dimensión" tal e como o define Coseriu (1981: 217): "el punto de vista o el criterio de una oposición, es decir, en el caso de una oposición lexemática, la propiedad semántica a la que esta oposición se refiere: el contenido con respecto al cual ella se establece y que, por lo demás, no existe –en la lengua considerada- sino en virtud, precisamente, del hecho de que a él se refiere una oposición, o sea, del hecho de que es el soporte implícito de una distinción funcional." Seguindo este criterio, o autor aclara en nota a rodapé que o xénero non existiría como feito funcional en linguas que non coñecesen distincións de xénero.

[135] Debemos ter en conta que a negatividade semántica lexical non supón, como na fonoloxía e na gramática, a ausencia de trazo distintivo, senón que o *non x* tamén ten a súa substancia. Nestes casos, "hay que subrayar que el término funcionalmente "negativo" ("neutro" o "extensivo") de estas oposiciones es, precisamente, el que se presenta como positivo desde el punto de vista de la sustancia" (Coseriu 1981: 225, n. 25). Talvez isto explique que as gramaticas veñan falando convencionalmente de regras de formación do feminino, e non de regras de formación de masculino a partir do feminino; por presentaren como positivo o termo funcionalmente negativo, extensivo.

de contidos semánticos que as distincións xenéricas poden adquirir nas linguas do mundo (véxase 0.3 e 0.4), con todo semella estar comunmente aceptada para as linguas indo-europeas unha primeira distinción gramatical entre o animado e o inanimado, á cal tería seguido entre os seres animados unha distinción MAS / FEM. A extensión desta distinción gramatical habería que a buscar, de calquera xeito, na analoxía fonética e non na proxección do contido da diferenciación sexual a toda a realidade designada.

Por outra parte, esta categoría gramatical que divide os nomes en dous grupos tense revelado enormemente útil e rendíbel para realizar outras oposicións semánticas, achegando trazos mínimos distintivos a lexemas de diversos campos lexicais. Aínda que, como veñen recoñecendo todas as gramáticas tradicionalmente, o sexo é un importante elemento motivador do xénero gramatical (de tal modo que nos nomes que designan seres animados, e por tanto sexuados, o significante deste contido semántico adoita aparecer expresado no morfema gramatical de xénero), outros contidos poden estar ligados a esta distinción gramatical. Pode distinguir entre o traballador e o instrumento do seu traballo (*o cámara* / *a cámara*) ou ben entre o traballador e o lugar do seu traballo (*canteiro* / *canteira*), pode distinguir entre a ciencia ou saber e o científico (*químico* / *química*), e mais entre o individuo e a institución ou colectivo a que pertence (*o policía* / *a policía*). Todas estas oposicións están marcadas, como indica Arias Barredo (1995: 31-41), polo trazo de orde clasemática [± animado], de maneira que nun dos termos da oposición, o marcado polo clasema [+ animado], é posíbel opor, á súa vez, un novo par de nomes sob a perspectiva dimensional do sexo:

(138) (a) ***a** químic**a*** [- animado] [+ abstracto]
(b) ***o** químic**o*** / ***a** químic**a*** [+ animado] [- abstracto]

Dentro dos nomes que designan seres inanimados a categoría gramatical do xénero vai unida a distincións de tamaño, forma etc. (*leiro* / *leira*, *barco* / *barca*), alén de servir para distinguir o individual do colectivo (*leño* / *leña*)[136]. En todos estes casos que vimos de nomear o morfema de xénero cumpre a mesma función derivacional que un morfema lexical, modificando o significado da base lexemática, sen deixar de ser un morfema flexional, con proxección no ámbito da sintaxe (véxase 2.4).

[136] Echaide (1969: 104-108) prefire distinguir entre "variación substancial", a que se produce en palabras de orixe común que adquiriron novos significados mediante un proceso de polisemia (e inclúe aquí casos diversos, como *a cabeza* / *o cabeza*, *a policía* / *o policía*, *a mañá* / *o mañá*), e "variación nos accidentes da substancia", que pode ser cualitativa (a variación de sexo) e cuantitativa (incluíndo aquí tanto o carácter colectivo como o aumentativo do feminino nas linguas romances).

3.2. O xénero gramatical e a clase dos 'seres animados'

3.2.1. A oposición semántica de sexo na clase dos 'seres non humanos'

Cando o morfema gramatical de xénero presente nos substantivos que designan animais posúe algún contido semántico, este fúndase na distinción dos sexos, achegando o morfema categorial de xénero MAS o sema [- femia] e o de xénero FEM o sema [+ femia]. Neste sentido, os nomes de animais sérvennos para mostrar, por unha parte, o feito de existiren estas dúas dimensións no morfema de xénero, a gramatical e a lexical (funcionando solidariamente en moitas ocasións), e, pola outra, a existencia do que Bybee (1985: 11-48) chama un "*continuum* lexical, derivacional, flexional" nas relacións entre significado e o tipo de expresión. Así pois, o contido do sexo pode expresarse nos nomes de animais das seguintes maneiras:

A. Mediante dous lexemas diferentes: *boi* / *vaca*.

B. Cun só lexema ao cal se adxunta o substantivo *macho* / *femia*: *a aguia macho* / *a aguia femia*[137].

C. A través do morfema gramatical de xénero, que acha a súa expresión máis frecuente nos morfes *-o* / *-a* acrecentados á propia base lexemática, aínda que é recoñecíbel en todos os casos no contexto sintáctico mediante o mecanismo da concordancia: *gato* / *gata*.

No caso (A) o xénero gramatical, aínda que solidario co contido semántico da base lexemática, non posúe ningún contido semántico (que xa está presente no lexema), tratándose por tanto dun morfema gramatical cuxo significante debe buscarse nas relacións sintagmáticas do substantivo, particularmente no artigo. Na parella *boi* / *vaca* o que se opón, especificamente, é o contido semántico do sexo presente no propio lexema. No caso (C) o morfema de xénero ten un carácter mixto, ao mesmo tempo gramatical e lexical, pois é el, expresado de modo redundante no sufixo ligado ao lexema, o que acrecenta o contido do sexo, clasificando ademais o substantivo nunha das dúas clases en que se divide o xénero e condicionando as súas relacións sintagmáticas. No lexema está ausente ese contido semántico da distinción sexual (*gat-*)[138].

[137] Como xa vimos, estes substantivos eran denominados epicenos pola tradición gramatical clásica, unha denominación que segue a ser utilizada nalgunha das primeiras gramáticas galegas. Nós preferimos, segundo o exposto no capítulo introdutorio, eludir o uso desta terminoloxía que distingue os substantivos tendo en consideración exclusivamente o modo de expresaren o contido semántico do sexo e a súa relación co xénero gramatical.

[138] Como veremos a seguir, son máis frecuentes os nomes de seres humanos que expresan mediante un morfema de xénero a distinción sexual; os nomes de animais pertencen maioritariamente ao que nós denominamos grupo (B). Sobre estes exemplos de (C), Harris (1991: 53) afirma o seguinte: "This

En ambos os tipos de oposición semántica[139], como xa ficou dito, prodúcese con frecuencia un proceso de neutralización, sendo maioritariamente a forma masculina a que funciona como neutra (extensiva), embora noutras ocasións esa neutralización se faga considerando o masculino como termo marcado da oposición, ou intensivo (por exemplo: *galo / galiña*), resultando o feminino entón o termo neutro. Esa extensión do sentido supón a desaparición do trazo distintivo e, por tanto, da oposición (Coseriu 1981: 57-72).

Isto non ocorre no exemplo que propuxemos para o caso (A), onde ningún termo engloba por si só o par:

(139)

Venderonll'os ***bois****,*
Venderonll'as ***vacas****,*
O pote d'o caldo
Y á manta d'a cama.
(Rosalía, *FN* 211)

Coseriu representa graficamente ambos os casos, referíndose ao francés, con cadros como estes:

(140)

Segundo este autor, apesar de en latín ser *boi* o termo neutro, na pasaxe ao francés (no exemplo que analiza, aplicábel en parte tamén ao galego), ese termo neutro converteuse en termo marcado, sendo o seu lugar ocupado por un novo termo englobador: en francés, *les bovins*. Arias Barredo (1995: 48, n. 71) propón como termo neutro para este par, no seu estudo sobre o xénero en español, o substantivo *vaca*. No caso do galego, dubidamos que calquera dos dous substantivos poida servir de termo extensivo, téndomos que acudir indistintamente aos adxectivos *bovino* ou *vacún* para englobar tanto os machos como as femias da especie[140]. O exem-

suggests a way to deal with dogs, cats, and the few other familiar animals that come in mated inner core pairs [...]. I propose that they are morphologically human *honoris causa* [...]. That is, they have no arbitrarily fixed lexical gender as do most animals, and their lexica entries do undergo cloning via".

[139] Só en (C) a oposición semántica e a gramatical están presentes nun mesmo morfema, que chamamos de xénero.

[140] O DRAG (1998: s.v.) oferece a seguinte definición de *vacún*: 'Constituído por vacas, touros e as súas crías, pertencente ou relativo a eles'. A definición de *bovino* é a seguinte: 'Relativo ó touro, ó boi ou á vaca'.

plo de Rosalía de Castro acima citado habería que o pór en relación, talvez, coa afirmación de Saco, que logo retomaron, matizándoa, outras gramáticas, sobre a importancia que a utilidade de determinados animais ten para a comunidade de individuos que utilizan o idioma á hora de ser expresado lingüisticamente ou non o seu sexo. Neste sentido, é obvia a necesidade de distinguir nunha sociedade agrícola entre *bois* e *vacas*, e facilmente comprensíbel a ausencia dun substantivo extensivo, por resultar innecesario. Tamén podemos relacionar este feito coa teoría de Bybee (1985: 11-48) sobre os diferentes tipos de expresión que achan os significados lingüísticos, e sobre a tendencia á lexicalización dos máis relevantes. Dubidamos, mesmo, que en español o substantivo *vaca* funcione realmente como termo extensivo, e parécenos que esta apreciación de Arias Barredo (1995: 45-58) se debe máis ben á tentativa por encaixar todas as pezas no sistema de análise que propón[141]. Neste sentido, a este autor parécelle acertado mais limitado o esquema criado por Coseriu, por canto non fai referencia á oposición privativa que se dá no campo intensivo, onde si existe realmente unha oposición semántica de sexo. O substantivo masculino *gato* engloba semanticamente animais desta especie machos e femias (*gato* e *gata*), posúe os semas [+ animado], [+ mamífero], [- humano], [+ felino], mais tamén se opón nun nivel inferior de análise ao substantivo feminino referido ás femias, sumando por tanto aos anteriores o sema [- femia]. Distingue así Arias Barredo entre **A** e **a/b**, e toma de Lyons (1979: 466-470) o concepto de hiponimia para definir a relación que se estabelece entre estes dous niveis de análise, de tal maneira que **A** sería o termo hiperónimo (determinado como *genus*) entanto que **a/b** (determinados como *species*) manterían con este termo unha relación de hiponimia e serían cohipónimos entre si. Segundo o exemplo que estamos a utilizar: *gato* // *gato* / *gata*; podemos distinguir, por tanto, $gato_1$ e $gato_2$, entendendo que $gato_1$ é o termo hiperónimo (en terminoloxía de Coseriu, neutralizado, extensivo) e $gato_2$ é o termo hipónimo (intensivo). Polo altamente clarificador que, do noso punto de vista, resulta esta forma de expresar a relación semántica existente entre estes substantivos, utilizaremos a partir de agora esa marca en subíndice para indicarmos cada un dos niveis de significado a respecto do contido sexual. De acordo co modelo de análise que seguimos, consideramos que no $nivel_1$, no da extensión, o morfema de xénero destes nomes de animais ten un contido exclusivamente gramatical, entanto que no $nivel_2$, sen perder ese carácter gramatical, achega tamén un contido semántico lexical, por servir como marca da distinción de sexos.

[141] Sobre este particular e en referencia tamén ao español, García Messeguer (1994) afirma o seguinte: "La razón de que existan femeninos dominantes en el reino animal parece ligada a la mayor o menor importancia que la correspondiente cultura otorgue a la hembra. Si la hembra es más importante (*abeja-zángano*) aparece el femenino dominante, es decir, el término de género f es el que designa a la especie. Si por el contrario, el macho y la hembra tienen igual importancia, los nombres resultan simétricos como en "*toro-vaca*" (aunque, como ya vimos, la expresión "*ganado vacuno*" muestra dominio de la hembra, ya que deriva de "*vaca*" pero su significado ampara también a los machos). Toda esta cuestión, de índole etnolingüística, merecería ser investigada más a fondo" (p. 127).

Para os pares do tipo (A), isto é, para os que expresan a diferenza de sexo dentro da mesma especie mediante diferentes lexemas, é máis frecuente que o termo extensivo, de o haber, coincida co que designa o macho, tendo xénero gramatical MAS, aínda que ás veces é o termo que designa a femia, de xénero feminino, o que engloba os dous sexos. En todo o caso, é esta unha cuestión de uso que depende en boa medida da percepción do falante (podendo variar de acordo coas súas características socioxeográficas, etarias etc.), polo que sempre é posíbel acharmos casos en que resulte discutíbel a división que a modo orientativo propomos (como no exemplo que vimos de comentar: *boi* / *vaca*). Poderiamos incluír así no primeiro grupo, por exemplo, os substantivos *cabalo* e *can*, de maneira que o seu uso non permitiría discriminar o sexo dos animais a que nos estamos a referir en oracións como as seguintes:

(141) (a) Manuel sabe todo canto hai que saber sobre *cabalos*.
(b) Teño varios *cans* para gardar a casa.

O substantivo de (141a) habería que analizalo como pertencente ao $nivel_1$, $cabalo_1$, de igual modo que o de (141b), can_1, pois é razoábel supor que en ningún dos dous casos se pretende distinguir o sexo dos animais, por resultar esa información irrelevante (enténdese, por tanto, que o substantivo da primeira oración engloba tanto cabalos como eguas, e que o do segundo exemplo se refire por igual a cans e cadelas[142]). Doutra parte, débese ter en conta a relación que este fenómeno da neutralización semántica ten coa categoría gramatical do número, pois en ambas as oracións que estamos a comentar a neutralización se produce no plural. É precisamente no plural, o termo da categoría que designa máis dun ser ou dun conxunto de seres considerados como un todo (Cunha / Cintra 1984: 180), onde a oposición lexical que se pode estabelecer na dimensión 'sexo' fica neutralizada, pola necesidade de expresar o xenérico e común a ambos os termos da oposición. Xustifícase nestes exemplos o uso de un dos dous termos para expresar o común a ambos por non existir en galego un terceiro termo extensivo para estas parellas de animais (como si ocorría en francés a respecto da oposición semántica *boi* / *vaca*)[143].

[142] Por outro lado, a partir do substantivo que designa a femia da especie (*cadela*) tense formado un substantivo masculino, opondo ao sufixo *-a*, característico do feminino no sistema xenérico galego, un sufixo *-o*, que representa comunmente o masculino (*cadelo*).

[143] Neste sentido, Coseriu (1979: 28) afirma o seguinte: "Se uma determinada oposição é ou não neutralizável, tem contudo de ser procurado na língua respectiva; assim, as oposições em esp. *hermano-hermana*, it. *fratello-fratella* são no plural neutralizáveis (*hermanos* e *fratelli* podem também significar "Geschwister" (*irmãos e irmãs*)), a oposição análoga em francês *frère-soeur* não é neutralizável (para "Geschwister" diz-se em fr. *frère[s] et soeur[s]*). Muitas oposições no léxico não são neutralizáveis, e, entre outras razões, porque existem muitas vezes para os significados neutrais termos "arquilexemáticos" especiais: a oposição *uomo-donna* é neutralizável em italiano (*uomo* significa também "Mensch" (ser humano)), a oposição alemã *Mann-Frau* não é neutralizável, porque o al. tem para o significado mais geral a unidade superordinada *Mensch* (cfr. *Brunder-Schwester* / *Geschwister, Vater-Mutter* / *Eltern* em oposição ao esp. *padre-madre* / *padres*)".

Nun segundo grupo de substantivos, en que o termo neutralizado ou hiperónimo desde o punto de vista da distinción sexual é o que designa a femia (contando, paralelamente, con xénero gramatical feminino), podemos incluír talvez algúns como *cabra* e *ovella*, pois en oracións como a seguinte non resultaría estraño que se dese por suposta a existencia tamén de cabróns (ou castróns) e carneiros designados polos substantivos referidos[144]:

(142) Estivo toda a súa vida coidando rebaños de *cabras* e *ovellas*.

De todos os xeitos, este uso do substantivo que designa a femia como termo neutralizado parece ser claramente minoritario e, en moitas ocasións, discutíbel. Poderiamos tamén supor, como facíamos coa parella *boi* / *vaca*, que realmente ningún dos dous termos é capaz de exprimir o xenérico ou común, por riba da distinción sexual, de igual maneira que, inversamente, en (B) non existen termos que expriman esa oposición de sexos, existindo un só lexema común pertencente a un ou a outro xénero gramatical. A nómina de substantivos de animais sen os semas [± macho] / [± femia] é relativamente extensa e fai referencia sobre todo a animais non domésticos, dos cales non resulta pertinente o coñecemento do sexo. Das gramáticas galegas consultadas podemos tirar os seguintes exemplos[145]: *o tourón, a donociña* / *donicela, a chicharra* (Valladares 1970: 26), *o chinche, o peixe, o cuturlio, o pardau, o piturei, o avión* (Saco Arce 1967: 42), *o carrizo, a vacaloura, a pixota* (Carré Alvarellos 1967: 44), *a aguia, a lebre, o paspallás* (Carballo Calero 1979: 163), *a xirafa, a formiga, a londra, a pega, a pescada* (Álvarez / Regueira / Monteagudo 1992: 57), *a andoriña, a balea, a cobra, a gaivota, a lagosta, a pega, a píntega, a rata, a rola, a sardiña, a troita, a víbora, o abutre, o arroaz, o bacallau, o crocodilo, o esquío, o gabián, o lacrau, o pintasilgo* / *xílgaro, o polbo, o rato, o rouxinol, o saltón, o tabeirón*/ *tubarón, o verme, o xabalí* (Costa Casas / González Refoxo / Morán Fraga / Rábade Castiñeira 1988: 74). Nestes casos, o xénero gramatical non posúe calquera contido semántico; por tanto, se quixermos incluír información sobre o sexo, esta deberá ser expresada mediante outro procedemento lexical: adxuntando os substantivos *macho* / *femia*, e creando así unha formación cuxa estrutura podería ser denominada como "xustaposición" ou "composto sintagmático binomial", por ocupar un lugar intermedio entre as unidades lexicais integradas e os sintagmas libres (Freixeiro Mato 1999: 286-288). Semanticamente, supón o acrecentamento dun sema [- femia] / [+ femia], de maneira que complementa o significado do lexema. Morfosintacticamente, caracterízanse por manteren ambos os elementos independencia gráfica e por non flexionaren os segundos en xénero nin en número:

(143) (a) *a aguia macho* / *a aguia femia*
(b) *as aguias macho* / *as aguias femia*
(c) **as aguias machos* / **as aguias femias*

Por outra parte, calquera destes substantivos podería nun determinado momento especializar o seu uso para denominar un dos sexos da especie e crear, mediante diferentes procedementos lexicais, unha outra forma que expresase o contrario. Non é estraño, neste sentido, que nas gramáticas galegas se manifeste algunha discordancia a respecto de determinados substantivos. Así, por exemplo, a de Saco Arce incluía o substantivo *perdiz* neste grupo de nomes de animais que non expresan o sexo mediante un sufixo de xénero. Podemos encontrar, no entanto, a forma que designa o macho da especie xa en textos medievais, como nesta enumeración de parellas de aves, en que se achan presentes exemplos dos casos (A) e (C):

(144)
Iten o par das galiñas, des blanquas. Iten o par dos ***polos et polas****, seis blanquas et dous coroados. Iten par de* ***perdises et perdigoes*** *dose blanquas. Iten o pato çevado des blanquas. Iten o pato vivo, seis blanquas [...]. Iten outros* ***poonbos miudos et tortoras*** *cada hũu hũa blanqua. Iten* ***tordos et melrras*** *cada hũu a coroado. Iten* ***petos et pegas*** *et agoanetas a quatro coroados cada ũu*
(*LCS* 95).

Tamén o substantivo *coello* aparece incluído neste grupo dos que teñen xénero gramatical sen contido semántico na gramática de Valladares, a pesar de ser hoxe usada con normalidade unha forma feminina, cun sufixo *-a* acrecentado ao lexema, aplicado ás femias da especie: *coella*. Así mesmo, a gramática de Costa Casas / González Refoxo / Morán Fraga / Rábade Castiñeira cita *abella* como substantivo válido para expresar os machos e as femias da especie, a pesar de existir unha forma *abellón*, que designa especificamente o macho. Tanto neste caso como no de *perdigón*, como veremos pormenorizadamente máis adiante cando relacionarmos o xénero gramátical cos procedementos de formación de palabras (vid. 3.4.), o procedemento utilizado para a creación desta nova forma parece consistir no acrecentamento dun morfema lexical expresivo *-ón* (González Refoxo / Rábade Castiñeira 1995: 43), que ten habitualmente, entre outros, un valor aumentativo.

[144] O DRAG (1998: s.v.) ofrece a seguinte definición do adxectivo *cabrún*: 'Relativo á cabra', sen facer mención do macho da especie, seguramente por entender que este ficaba xa encadrado no substantivo referido á femia, que funcionaría a este respecto como un auténtico hiperónimo.

[145] Sen repetirmos os exemplos coincidentes en varias gramáticas e sen contarmos algúns casos dubidosos, que serán comentados máis adiante.

Do mesmo modo, ás veces tamén nos nomes de animais o morfema de xénero parece posuír un contido diferente ao da distinción sexual, e referir máis ben un valor semántico relacionado co aspecto das dimensións, distinguindo entre o grande e o pequeno: *xurelo* [- grande] / *xurela* [+ grande]. A oposición entre morfemas de xénero nos nomes de animais coincide por tanto, en ocasións, con outros procedementos lexicais, sen ter nada que ver propiamente coa oposición semántica de sexo: *robaliza* [- grande] / *róbalo* [+ grande]:

(145)

Pixotas e congros
muges e corvelos
melgachos** e **melgas
*pintos e **jorelos***
[...]
***Robàlos** e rayas*
curuxos e meros
cabalas e barbos
e mais bucareos.

(Sarmiento, *Coloquio* 91)

Cando o sexo do animal se expresa por medio dun morfema de xénero con contido gramatical e lexical, isto é, para os nomes que incluímos no grupo (C), en case todas as ocasións a neutralización se produce no masculino (que designa no nivel$_2$ o macho da especie). Isto non supón, do punto de vista gramatical, que o xénero masculino abranxa tamén o feminino, nin, paralelamente, desde unha perspectiva semántica, que o macho nomee tamén a femia, pois neste nivel$_1$ de significación non se precisa o contido semántico do xénero, e esa indefinición sexual é a que se expresa morfosintacticamente cun substantivo pertencente á clase dos masculinos:

(146)

*Os homes non queren ser **burros**; quixeran en troques seren **leóns**, **tigres**, **lobos**..., xustamente porque os homes son máis **burros** que **leóns**, que **trigres**, que **lobos**...*
[...]
*Un **burro** pode morrer asesinado por un auto; pero un **burro** non cai debaixo dun auto, como caen os **cans** e as **galiñas**...*

(Castelao, *Cousas* 75)

Neste texto literario todos os nomes de animais pertencen ao nivel$_1$ (véxase a forma *cans*$_1$, que comentábamos con anterioridade), tanto no plural como no singular,

pois a forma *burro* designa toda a especie, machos e femias. O problema colócase, porén, a respecto do substantivo *galiña*, que, como sucedía con *cabra* e *ovella*, podería representar tamén toda a especie e incluír por tanto o macho, *galo*. Desta maneira, a oposición semantica *galiña*$_2$/ *galo* ficaría neutralizada no substantivo *galiña*$_1$. Non estamos seguros de que todos os falantes identifiquen en todas as ocasións neste substantivo feminino unha forma neutralizada; de calquera maneira, parece razoábel supor a presenza de galos nun 'curral de galiñas', mais non á inversa, isto é, a presenza de galiñas nun 'curral de galos', o cal pode ser índice do carácter máis abranxente da forma feminina. Por outra parte, débese ter en consideración á hora de describirmos o sistema xénerico do galego que ás veces existen diferenzas diatópicas no tratamento que reciben este tipo de substantivos. Así, por exemplo, a oposición morfolóxico-semántica *raposo* / *raposa* do galego común fica neutralizada nalgunhas zonas do noso dominio lingüístico, onde se utiliza ora a forma masculina, ora a feminina, sen ese substantivo xenérico transmitir ningún contido semántico específico a respecto do sexo. Noutras ocasións, contra o que resulta máis habitual no galego común, a forma neutralizada é a feminina: *a raposa* (Álvarez / Regueira / Monteagudo 1992: 57).

Débese salientar, por outra parte, o feito de non existiren substantivos de animais do tipo (C) que carezan dun sufixo específico para representar o morfema de xénero que acrecenta o contido semántico do sexo á base lexemática. Prodúcese a este respecto un fenómeno curioso, pois, como explicamos anteriormente, o morfema flexional de xénero, que actualiza os lexemas converténdoos en palabras gramaticais e incluíndoos nunha das dúas clases en que se dividen os nomes, combina esta dimensión morfosintáctica coa lexical, achegando un certo contido semántico aos lexemas con que concorren. Nestes casos, a expresión de ambos os contidos, o gramatical e o lexical, é a mesma. Isto explica, como se verá a seguir nos nomes da clase 'seres humanos', que sexa através da concordancia, un fenómeno esencialmente morfosintáctico, como se poida coñecer o sexo dos seres designados por algúns substantivos. Nos nomes de animais non é así en ningunha ocasión. Unicamente parece existir unha certa inestabilidade no uso do substantivo *gorila*, que pertence ao xénero MAS, debendo ser incluído no grupo (B): *o gorila macho* / *o gorila femia*. De todos os xeitos, seguramente por analoxía con certos substantivos referidos a persoas, do tipo *artista*, rexístrase a tendencia a estabelecer unha oposición {MAS} / {FEMININO} e [- femia] / [+ femia], expresada nos determinantes e modificadores que eventualmente poidan concordar con este substantivo, particularmente no artigo: *o gorila* / *a gorila*. En calquera caso, esta forma de expresar a antedita oposición gramatical e semántica constituiría apenas unha excepción entre os substantivos incluídos na clase dos 'seres animados non humanos'.

3.2.2. A oposición semántica de sexo na clase dos 'seres humanos'

Tamén na clase dos 'seres humanos' o morfema gramatical de xénero pode estabelecer unha distinción semántica en torno á dimensión do sexo, se ben para estes nomes se debe ter en consideración igualmente unha dimensión [± animado], que introduce no nivel do hiperónimo novas oposicións. O contido semántico do sexo pode ser expresado nesta clase de nomes das seguintes maneiras:

A. Mediante diferentes lexemas: *pai* / *nai*.

B. Mediante unha oposición de morfemas gramaticais de xénero, que, ora en forma de sufixo acrecentado á propia base lexemática, ora recoñecíbel apenas nos morfes expresos no entorno sintáctico do substantivo, estabelece ao mesmo tempo unha oposición gramatical e semántica: *neno* / *nena*; *o artista* / *a artista*.

Como sucedía cos nomes de animais, algúns substantivos referidos a seres humanos introducen no seu propio lexema a información semántica sobre o sexo do ser designado. Nestes casos, igualmente, o morfema de xénero non acrecenta ningún significado á base lexemática e posúe un contido exclusivamente gramatical. A neutralización semántica prodúcese sempre na forma que designa o varón, aínda que, segundo o sistema de análise que estamos a utilizar, nestes casos esa forma funciona como arquilexema, posuíndo apenas os contidos semánticos comúns a ambos os termos da oposición. Débese pór en destaque, neste sentido, o feito de se producir esta neutralización máis frecuentemente no plural do que no singular, onde a forma masculina adoita posuír o sema [- femia]. Así, temos as seguintes neutralizacións:

(147) (a) *Homes*$_1$ // *homes*$_2$ / *mulleres*
(a) *Pais*$_1$ // *pais*$_2$ / *nais*
(b) *Padriños*$_1$ / *padriños*$_2$ / *madriñas*
(c) *Padrastos*$_1$ // *padrastos*$_2$ / *madrastas*
(d) *Xenros*$_1$ // *xenros*$_2$ / *noras*

As formas masculinas en singular, *home*, *pai, padriño, padrasto, xenro,* son encadradas case sempre, se non existir algunha especificación ulterior ou un contexto totalmente clarificador, no nivel$_2$, posuíndo o sema [- femia] e opóndose ás respectivas formas que neste nivel posúen o sema [+ femia]: *muller*, *nai, madriña, madrasta, nora*[146]. Como dicíamos anteriormente, pódese explicar a neutralización

[146] A necesidade de discernir o significado intensivo ou extensivo do substantivo segundo o contexto lingüístico en que se produce o enunciado foi posta de manifesto por Vila Pujol (1989), que distingue entre casos de particularización e xeneralización do substantivo, tanto en singular como en plural, sendo diferentes as posibilidades de neutralización do masculino en cada un dos casos.

no plural pola necesidade de expresar o que é común a cada un dos termos do par opositivo[147]. No singular, no entanto, prodúcense máis facilmente enunciados ambiguos, de onde resulta a necesidade de marcarmos con clareza a presenza ou non de contido sexual no lexema:

(148) (a) Non asistiu ningún *pai* á reunión organizada no colexio.
(b) Non asistiron *os pais* á reunión organizada no colexio.
(c) Non asistiron *pais* nin *nais* á reunión organizada no colexio.

A oración (148a) pode significar que non asistiu ningún pai, mais si algunha nai, interpretándoo no nivel$_2$, ou ben que non asistiron nin pais nin nais, no nivel$_1$. Isto é o que expresa claramente a oración (148c), que por iso é preferíbel neste tipo de enunciados. Se a situación comunicativa non permitir coñecer con exactitude o referente do substantivo *pais*, tamén este plural do exemplo (148b) pode manter unha certa ambigüidade, que, neste sentido, só se produce no masculino, por ser esta a única forma que pode funcionar en dous diferentes niveis de significado[148]. Frecuentemente, é o contexto en que aparece o substantivo o indicador máis fiel para a súa correcta interpretación:

(149)
O ***pai***$_2$ *anda decindo:*
-Non volve porque como a ***nai*** *é así...*
E a ***nai*** *anda decindo:*
-Non volve porque como o ***pai***$_2$ *é así...*
Pero eu sei que non volve porque aínda non é dabondo rico para mata-las risas dos que se moufan dos seus ***pais***$_1$*; que con diñeiro*

[147] Julio Calonge (1981) distingue entre un plural incluínte e un plural excluínte, nun estudo sobre as implicacións do xénero noutras categorías gramaticais en que se compara o español con outras linguas, e afirma o seguinte: "En efecto, el español distingue, a través del pronombre, el género en la primera del plural: *nosotros* / *nosotras*. Los hombres no podemos usar jamás este pronombre en femenino. En cambio, las mujeres han de usar, según las situaciones, el femenino o el masculino. Además, se ejerce sobre ellas, desde niñas, una fuerte presión para que no cometan errores en este uso lingüístico, porque, sin duda, molestarían al otro sexo. Cuando el grupo al que se refiere la primera persona está formado sólo por hombres o sólo por mujeres, para que una parte del grupo use el plural excluyente tiene que valerse de las matizaciones a que antes aludíamos o del numeral. Pero si el grupo está formado por hombre y mujeres y se trata de algo común a ellas o a ellos, las mujeres usan un plural excluyente con sólo decir *nosotras*. Los hombres, en cambio, han de añadir alguna aclaración al plural *nosotros*, porque en esta situación de comunicación el español *nosotros* representa el semema incluyente, en tanto que *nosotras* representa el excluyente. Es este otro caso más de extensión del género más allá de la pura concordancia" (p. 27).

[148] O termo extensivo, por ser tamén intensivo noutro nivel da súa significación, ten o dobre de ocorrencias que o outro termo da oposición. Arias Barredo (1995: 51) exprésao en dúas regras: "El número de frecuencias del término no marcado es aproximadamente el doble del marcado". "En cuanto al género puede ser válido afirmar que la frecuencia del género del hiperónimo será aproximadamente el doble del cohipónimo opuesto".

pódese chegar a Excelentísimo señor, según xa ten pasado e aínda pasará.

(Castelao, *Cousas* 73)

Por outra parte, existen unicamente dous pares de substantivos de persoa opostos polo contido semántico do sexo en que ningún dos termos serve como elemento neutralizado desa oposición (non habendo tampouco un terceiro termo arquilexemático): *cabaleiro* / *dama*, *macho* / *femia*. Como xa indicamos, nestes exemplos que estamos a tratar a oposición de sexo está presente nos propios lexemas, cumprindo os morfemas de xénero que posúen estes substantivos unha función exclusivamente gramatical.

No tocante á oposición sexual expresada por medio dun morfema de xénero, isto é, cando este morfema ten tamén un contido semántico, a neutralización da oposición de significado realízase en todos os casos no termo masculino, que funciona como hiperónimo ou termo extensivo da oposición, de acordo co seguinte esquema: *neno*$_1$ // *neno*$_2$ / *nena*:

(150) (a)

Vim ***mozos***$_2$*, vim* ***mozas****,*
vim ***homes***$_2$*, vim* ***vellos***$_2$
vim muitas ***mulleres****,*
vim ***nenas****, vim* ***nenos***$_2$*.*

(Sarmiento, *Coloquio* 86)

(b)

¡Vinde vel-a, ***mociños***$_2$ *e* ***mozas***$_2$*!*
¡Saludáina, ***rapaces***$_1$ *e* ***vellos***$_1$*!*

(Curros, *AMT* 135)

(c)

Vellos$_2$ *e* ***vellas****, mentres monean*
Silvan as salves y os padres nuestros

(Rosalía, *FN* 28)

(d)

Rapazas *e* ***rapaces***$_2$*, uns pequeneiros, outros xa langranotes, amoreábanse no monte das Gafas*

(Otero, *ME* 13)

(e)

Dous ***vellos***$_1$ *que tamén tiveron mocedade, que se coñeceron nun baile, que logo se casaron por amor e que viviron amándose tolamente.*

[...]
Antonte leváronlle o viático ó ***vello***$_2$ *e onte morreu.*

(Castelao, *Cousas* 39)

(f)

Non hai escola en Balde, circunstáncia hoxe xustificada porque xa non hai ***nenos***$_1$ *que necesiten estudar, pero tampouco hai caixa de aforros, nen centro de saúde, ainda que si hai* ***vellos***$_1$ *que precisan deses servizos.*

(Vixande, *ANT* 11-11-99)

Nestes exemplos temos diversas oposicións semánticas, e non todas se sustentan na referencia á distinción sexual. No texto de Curros Enríquez opóñense semanticamente polo sexo *mociñas* e *mozos* no primeiro dos versos, mais no seguinte a oposición realízase no nivel dos hiperónimos sobre a dimensión 'idade': *rapaces* e *vellos*, ficando a dimensión semántica do sexo neutralizada, inoperante do punto de vista do significado, se ben estes substantivos son tamén capaces de presentaren oposición sexual no plural, como pode verse nos outros exemplos: *vellos* e *vellas*, *rapazas* e *rapaces*. Son razóns de índole pragmática, e nos textos literarios fundamentalmente estilísticas, as que motivan a expresión de determinadas oposicións. Como ocorría cos nomes que expresaban lexematicamente a oposición sexual, tamén nestes morfemas se producen aproximadamente o duplo de ocorrencias da forma masculina, ao mesmo tempo extensiva e intensiva, podendo en ocasións provocar esta polisemia unha certa ambigüidade en determinados contextos. Un dos procedementos utilizados para resolver esa ambigüidade significativa é o de adxuntar ao nome algún outro substantivo que sirva como indicador do sexo, cando se quere facer referencia a un ou outro sexo, ou ben utilizar ambos os termos da oposición. Véxase, neste sentido, este texto xornalístico de Marina Mayoral intitulado "¿*Neno* ou *nena*?":

(151)

Segundo un artigo divulgativo que me mandou unha amiga norteamericana, alí a elección está limitada ás familias que xa teñen un ***fillo***$_1$*, para evitar que o primoxénito sexa sempre* ***varón****. Parece que esta preferencia é case xeral. Máis dun noventa por cento de parellas de todo o mundo prefiren un primeiro* ***fillo varón***[149]

(*Voz*, 3-2-00)

[149] O DRAG (1998: s.v.) non recomenda o uso do substantivo *varón* en galego, e remete para *home* como única forma correcta. Pola súa parte, as dúas primeiras acepcións de *home* son as seguintes: "Animal da especie humana, a máis evolucionada da Terra, que se caracteriza fundamentalmente por adopta-la posición vertical, ter linguaxe articulada, intelixencia moi desenvolvida e facultade de razoar", e "Individuo da especie humana, de sexo masculino". No *Dicionário Aurélio Eletrônico* (DAE 1994: s.v.) rexístrase unha forma *varão* con este último significado: "Indíviduo do sexo masculino", definición que coincide coa do *Dicionário da Língua Portuguesa* (DLP 1992: s.v.).

O cohipónimo masculino, o termo intensivo, pode aparecer marcado mediante o substantivo *varón*, non sendo necesaria como é obvio un especificación deste tipo para a correspondente forma feminina, que só pode funcionar no nivel intensivo, segundo este esquema: *fillo*$_1$ // *fillo varón* / *filla*:

(152) (a) O meu primeiro **fillo**$_1$ foi un **neno**$_2$.
(b) O meu primeiro **fillo**$_1$ foi unha **nena**$_2$.

Contrariamente, non son posíbeis enunciados como 'A miña primeira *filla* foi un *neno*', ou mesmo 'A miña primeira *filla* foi unha *nena*'. Este último enunciado é redundante, pois o substantivo *filla* posúe sempre o sema [+ femia], motivo polo cal se considera que o termo marcado da oposición en galego é aquel que posúe morfema de xénero feminino. Un procedemento similar utilízase ás veces para especificar o sexo naqueles nomes de persoa que presentan sincretismo formal entre masculino e feminino, cando o contexto sintáctico en que habitualmente se substancia a expresión do morfema de xénero non axuda para o identificar:

(153) (a) Estivemos viaxando cun grupo de *mulleres futbolistas*.
(b) Estivemos viaxando cun grupo de *futbolistas femininas*.
(c) Estivemos viaxando cun grupo de *homes futbolistas*.
(d) Estivemos viaxando cun grupo de *futbolistas masculinos*.

Este caso debe ser interpretado de modo diverso que o de *fillo*, pois aquí sendo a forma extensiva a masculina (*o futbolista*$_1$ // *o futbolista*$_2$ / *a futbolista*), é máis habitualmente a feminina (*a futbolista*) a que precisa ser especificada (149a e 149b). A explicación corresponde non á semántica gramatical senón á semántica de uso, á pragmática, e ten que ver con fenómenos sociais como a incorporación da muller a todo o tipo de traballos e actividades antes realizadas unicamente por homes. Neste sentido, a lingua é un indicador das mudanzas que se producen na sociedade e do modo en que se desenvolven, ademais de transmitir contidos ideolóxicos e de exprimir en moitas ocasións a forma en que se articula o noso coñecemento e as nosas expectativas perante o mundo.

Outras veces este fenómeno vén causado por unha maior complexidade da estrutura semántica do xénero en determinados substantivos, dados os diferentes significados que poden adquirir os morfemas de xénero MAS e feminino. Desta maneira, no par opositivo *o policía*$_2$ / *a policía*$_2$ podemos distinguir, segundo xa adiantamos con anterioridade, dous termos hiperónimos opostos pola dimensión [± abstracto]: *o policía*$_1$ / *a policía*$_1$, onde *o policía*$_1$ é o termo neutralizado que fai referencia á persoa sen distinguir o seu sexo ('Non apareceu *ningún policía*$_1$ no momento do accidente'), e *a policía*$_1$ designa o corpo de policía, a institución. Por iso ás veces faise necesario indicar mediante algún outro procedemento lexical, normalmente

adxuntando o substantivo *muller*, que se está a falar no nivel$_2$, facéndose referencia ao cohipónimo feminino, de acordo co seguinte esquema:

(154) (a) *o policía*$_1$ *(os policías*$_1$*)* / *a policía*$_1$
(b) *o policía*$_2$ / *a muller policía*$_2$

Xeralmente, os nomes de profesións ofrecen indicacións moi precisas sobre a realidade social, sendo diversas as solucións adoptadas para expresar as diferenzas sexuais. A terminación do substantivo é interpretada nalgunhas ocasións como se fose un morfe xenérico, realizándose entón a flexión para o feminino mediante a conmutación da vogal polo sufixo *-a* ou ben mediante o seu acrecentamento, pois o *-a* foi considerado desde moi cedo como caracterizador do feminino: *xuíz**a**, avogad**a**, decan**a**, médic**a**, enxeñeir**a**, minist**ra***, etc.[150]:

(155) (a)
Pero certamente, é necesario acceder a todos os oficios e servicios técnicos que están reservados só aos homes. En lugar de ***secretaria, fontaneira, mecánica, albanela****.*
(Queizán, *Voz*, 22-11-99)

(b)
A ***ministra*** *de Medio Ambiente, Isabel Tocino, visitou Galiza o pasado Mércores 3 de Novembro*
(*ANT*, 11-11-99)

Noutros substantivos mantense unha certa inestabilidade nos usos (*a cliente ~ a client**a**; a presidente ~ a president**a***), se ben a tendencia é a de marcar sempre mediante o sufixo correspondente a forma feminina[151]. Na realidade, é esta unha posibilidade do sistema que se pode pór en práctica con diferentes motivacións ide-

[150] Os dicionarios e as normas lingüísticas non sempre recollen estas formas (que xa non son tan novas). Por outra parte, esta tendencia a marcar mediante un sufixo *-a* a forma feminina está presente no idioma desde a Idade Media (de feito, ten a súa orixe no propio latín: *LUPUS* / *LUPA*), e explica, segundo xa vimos no apartado dedicado á diacronía, resultados actuais como *señora, portuguesa*, etc. Ás veces unha realidade social nova pode causar certa inestabilidade no modo de expresar lingüisticamente o sexo dos referentes de determinados substantivos de oficio. Así, fronte ao xa habitual substantivo feminino *decana*, temos escoitado nalgunha ocasión a un falante de idade avanzada utilizar a forma *decano muller*, noutras ocasións indícase o sexo mediante un morfema de xénero expreso só na concordancia e non nun morfe ligado ao lexema: *o decano* / *a decano*.

[151] González Fernández (1978: 184-185), no entanto, afirma o seguinte ao respecto: "Además en las funciones de oficio, el masculino designa la función independiente a toda noción de sexo: *catedrático*, sirve de nombre de agente a la vez al hombre y a la mujer, pasando a ser término genérico. Para Dubois, el movimiento general que lleva en la actualidad a usar el masculino en los nombres de oficio tiene causas sociales, debido a la tendencia a suprimir las diferencias entre el trabajo del hombre y de la mujer. Esto repercute a la lengua, y aunque podemos decir *catedrática*, hay casos, como *-al, -ante, -ista*, que son el

olóxicas ou estilísticas, estea ou non sancionado nun principio o seu uso pola norma, segundo a xa clásica distinción proposta por Coseriu (1981: 123-130)[152]. O sistema lingüístico do galego permite distinguir sempre o xénero mediante sufixos ligados ao lexema, aínda que resulte pouco habitual e este procedemento non estea fixado na norma, coas máis diversas intencións estilísticas: lúdicas, reivindicativas, etc. De tal maneira que é posíbel ouvir en determinados contextos comunicativos formas como *membra*, *tipa* (e mesmo *macha*), *individua* etc[153]. Son causas extralingüísticas as que determinan as especializacións de significado que acompañan en ocasións estas novas formas, así como a consideración depreciativa que poden adquirir. Así, por exemplo, non parece ser moi forte a tendencia a flexionar mediante un sufixo o substantivo *estudante* (*estudanta*), sendo a marca máis frecuente para o feminino o artigo correspondente (*a estudante*). A causa podería fundarse nun antigo matiz despectivo aplicado a este substantivo para designar nunha determinada altura histórica as mulleres que ousaban estudar, e que nunha sociedade sexista e androcéntrica eran minoría, o cal inhibiría o seu uso co morfe propio do feminino a favor dunha expresión xenérica exclusivamente sintáctica. Son tamén causas extralingüísticas as que explican a falta de simetría entre a forma masculina e a feminina no significado de determinados substantivos, que exemplificamos con apenas dúas oposicións que consideramos moi representativas:

[151] mismo sufijo para el masculino que para el femenino, y así se dice *concellal, cantante, carteirista* tanto para referirnos al hombre o a la mujer que tienen este oficio, y no **concellala, *cantanta*, **carteiristo*". Do noso punto de vista, con estes últimos exemplos ofrécese unha visión simplificada do que na realidade é máis complexo, pois, entre outras cousas, non dá conta de formas como *clienta, presidenta* etc., habituais no galego de hoxe. Doutra parte, a afirmación sobre a tendencia a usar o masculino para os nomes de oficio e a súa explicación non aparecen axeitadas para a realidade de uso actual, talvez por se basear en Dubois, cuxas argumentacións están referidas ao francés, lingua en que o funcionamento do xénero nestes casos é levemente diferente ao do galego.

[152] "Como corolario, la norma es un conjunto formalizado de realizaciones tradicionales; abarca lo que ya "existe", lo que ya se ha realizado en la tradición lingüística. El sistema, por el contrario, es un conjunto de posibilidades de realización: abarca también lo que no se ha realizado aún, pero que es virtualmente existente, lo que es "posible", es decir, lo que puede ser creado de acuerdo con las reglas funcionales de la lengua" (p. 126).

[153] O uso masculino en formas habitualmente femininas, representado non apenas pola concordancia senón tamén polo morfe *-o*, pode ter ás veces unha intención estilística determinada, despectiva ou simplesmente paródica: *¿Con que ti eres un **poetiso** vergonzante? ¿De que rapaza eres **muso**? ¿Non reparaches nunca que tes un misterioso sorriso de **Giocondo**?* (Fole, *ALC* 84). Véxase neste sentido tamén o adxectivo *laverc**o**/-**a***, criado a partir do substantivo feminino e invariábel canto ao xénero *laverca*, e que no entanto posúe flexión de xénero. Doutro lado, o sufixo *-as* utilizado para formar adxectivos depreciativos (*conas, trolas, merdas*...) pode supor unha caracterización mórfica feminina de nomes referidos a homes e de xénero masculino (que manteñen con todo o seu xénero: *un conas*, *un trolas, un merdas*). Este sufixo pode aparecer tamén asociado aos sufixos *-allo* (*bardallas*) e *-ico* (*mexericas*) (cfr. Freixeiro Mato 1999: 230): *ou o Setesaias, ou o Maric**allas*** (Blanco Amor, *Esmorga* 22). Por último, a reinterpretación mórfica das terminacións dos nomes está relacionada ás veces coa tendencia regularizadora da linguaxe infantil, que pretende facer todos os masculinos terminaren en *-o* e todos os femininos terminaren en *-a*. Neste sentido, temos presenciado unha situación en que unha cativa chamaba a un amigo da súa mesma idade *idioto*.

(156) (a) *asistente* / *asistenta*
(b) *modista* / *modisto*

En (156a) temos unha forma feminina *asistenta* que designa habitualmente a persoa que realiza traballos domésticos, referida, obviamente, a mulleres, se ben a masculina fai referencia só ao home ou ben á persoa que asiste a un lugar ou que axuda nun determinado labor:

(157) (a) *Os asistentes* ao acto encheron o local
(b) *As asistentes* ao acto encheron o local
(c) **As asistent**a**s* ao acto encheron o local

A forma masculina plural de (157a) podería ser analizada como pertencente ao $nivel_1$ ou ao $nivel_2$, como termo intensivo ou como extensivo, entanto que a forma de (157b) só pode ser analizada no nivel da intensión e fai referencia exclusivamente a persoas do sexo feminino. A forma *asistentas* de (157c) posúe no entanto un significado diferente que non lle permite ser utilizado neste enunciado (coa especificación *ao acto*), pois significa 'muller que realiza traballos domésticos por conta allea' e é sinónimo de *criadas* e *serventas*. O feito de non funcionar este significado cando aplicada a homes é proba dunha realidade social discriminatoria, mais a desigualdade non se produce inicialmente no seo da lingua, que non constitúe máis do que un reflexo desa situación[154].

O caso de (156b) é sensibelmente diferente, pois é a partir da forma feminina, usada en primeiro lugar, que se creou unha forma masculina, trocando o *-a* final, reinterpretado como morfe de xénero feminino, polo *-o* que representa morficamente o MAS. Mais nesta ocasión a forma masculina especializou o seu significado cun uso diferente, pasando a ser sinónimo de *deseñador* (aplicado fundamentalmente a creadores de alta costura), entanto que a forma feminina, *modista*, continuou a ser empregada máis comunmente como sinónimo de *costureira*. Por ficar o substantivo feminino reservado para este uso, a muller que realiza deseños de roupa é denominada normalmente *deseñadora* e non *modista*, a pesar de existir tamén esa posibilidade no sistema[155]. O que pon de manifesto tal desequilibrio nos significados dos termos flexionados dun mesmo substantivo (*modista* / *modisto*) é

[154] O DRAG (1998: s.v.) inclúe a seguinte observación: "É infrecuente o uso do masculino cando se refire á persoa que realiza traballos domésticos". Seguramente, o que resulta realmente infrecuente é que un home realice tales traballos, de aí que non se use a forma masculina con esa acepción.

[155] Por este motivo parece discutíbel a apreciación de Arias Barredo (1995: 51) sobre o carácter extensivo para o español do substantivo $modista_1$, realizado no nivel intensivo da oposición sexual como $modista_2$ + *modisto*. Véxase o que a este respecto afirma Nissen (1986: 734-736): "As a matter of fact, it represents an example of linguistic male dominance par excellence".

unha realidade socioeconómica desigual no tocante á relación entre o sexo e a división do traballo na nosa sociedade. Outros nomes de profesións ou cargos que antigamente designaban na súa forma feminina a esposa dos homes que os exercían, van perdendo na actualidade este significado para facer referencia simplesmente á muller que realiza estas funcións (*alcaldesa*, *sarxenta, capitá* etc.). O feito de existiren formas femininas mesmo antes de haber mulleres que exercesen estas profesións ou cargos pon de manifesto, así mesmo, a rendibilidade do mecanismo flexional de xénero, que ten a posibilidade de adquirir os máis diversos significados lingüísticos, normalmente en relación coa distinción sexual (mais non só). A interpretación da terminación do substantivo como expresión mórfica de xénero existe, segundo estamos vendo, como unha posibilidade máis do sistema, podendo ser diversas as significacións –e sobre todo as connotacións– que encerre, de acordo coas necesidades comunicativas que se formen dentro da estrutura social en que son utilizadas en cada momento histórico.

Hai, aliás, outros factores que poden influír na utilización ou non dun sufixo específico para exprimir o xénero feminino dun substantivo no nivel da intensión, entre os cales debemos destacar a posíbel polisemia que resulta desas formas femininas cun sufixo *-a*. De todos os xeitos, a polisemia é un recurso moi estendido na nosa lingua, sen que noutras ocasións se produza calquera efecto de anulación dun dos significados dun determinado substantivo. Neste sentido, xa vimos ser perfectamente asumida a polisemia da forma masculina nestes pares opositivos, sendo o contexto en que se insire o substantivo o que permite distinguir se está a ser utilizado no nivel intensivo ou no extensivo[156]. Podemos supor, por tanto, que son novamente causas extralingüísticas as que inhiben en ocasións o uso das formas femininas que debían ser normais, como *mecánica*, *política*, *química*, *física*, no nivel$_2$ (intensivo) da oposición, en favor de formas como *a mecánico, a político, a químico, a físico*. As oposicións semánticas de xénero realízanse nestes pares segundo os seguintes esquemas:

(158) (a) *mecánico*$_1$ / *mecánica*$_1$ // *mecánico*$_2$ / *mecánica*$_2$
(b) *político*$_1$ / *política*$_1$ // *político*$_2$ / *política*$_2$
(c) *químico*$_1$ / *química*$_1$ // *químico*$_2$ / *química*$_2$
(d) *físico*$_1$ / *física*$_1$ // *físico*$_2$ / *física*$_2$

(159) *o policía*$_1$ / *a policía*$_1$ // *o policía*$_2$ / *a policía*$_2$

[156] Para Ullmann (1987: 347) a polisemia resulta un mecanismo económico e rendíbel mercé á influencia que exerce o contexto para clarificar o significado das palabras: "Como funciona na prática este delicado mecanismo? A principal garantia do seu funcionamento normal é a influência do contexto. Não interessa o número de significados que uma palabra possa ter no dicionário; não haverá confusão se apenas um deles fizer sentido numa dada situação".

(160) *canteiro*$_1$ / *canteira*$_1$ // *canteiro*$_2$ / *canteira*$_2$

(161) (a) *segador*$_1$ / *segadora*$_1$ // *segador*$_2$ / *segadora*$_2$
(b) *o cámara*$_1$ / *a cámara*$_1$ // *o cámara*$_2$ / *a cámara*$_2$
(c) *carteiro*$_1$ / *carteira*$_1$ // *carteiro*$_2$ / *carteira*$_2$

Nos exemplos do grupo (158) as oposicións do nivel extensivo realízanse na dimensión [± abstracto] e relacionan unha ciencia, saber ou disciplina coa persoa que a practica. O masculino neste nivel de significado representa a neutralización da oposición sexual, entanto que se opón á forma feminina fundamentalmente nos semas [± animado], [± abstracto]. Nestes casos, o sufixo *-a* cumpre a mesma función que un sufixo lexical referencial, pois é posíbel estabelecer paralelismos como estes:

(162) (a) *político*$_1$ / *polític**a***$_1$
(b) *maxistrado*$_1$ / *maxistrat**ura***

(163) (a) *físico*$_1$ / *físic**a***$_1$
(b) *lingüista*$_1$ / *lingü**ística***

A oposición (162), que xa foi analizada, distingue no nivel da extensión entre a institución e un dos seus membros. A que representamos no exemplo (160) (*canteiro*$_1$ / *canteira*$_1$) distingue, no entanto, entre o traballador e o lugar en que se desenvolve o seu traballo. Nesta oposición o xénero gramatical está tamén estreitamente relacionado co procedemento de formación de palabras que se serve do sufixo *-eiro* / *-eira*, altamente produtivo para a creación de substantivos e adxectivos, demostrando a rendibilidade do xénero como elemento distintivo[157]. Procedente do latín -ARIU, -A, onde xa posuía moción xenérica, mantén ambas as formas, a masculina e a feminina, cando se utiliza como sufixo profisional, mais como sufixo locativo ten unicamente unha forma feminina. De tal maneira que o xénero gramatical é usado como un recurso que permite realizar diversas oposicións semánticas cando actúa como procedemento flexional nun único sufixo. No nivel$_1$ a oposición estabelécese en torno á dimensión [± animado], entanto que no nivel$_2$ é a dimensión do sexo ([± femia]) a que se ten en conta. Así mesmo, a rendibilidade que ten a interacción do xénero co sufixo *-eiro* nestes pares de substantivos fica posta claramente de manifesto se a compararmos coa necesidade de utilizar algún outro sufixo para expresar oposicións semánticas idénticas ou similares:

[157] As formas masculina e feminina deste sufixo poden dar lugar, precisamente por causa da súa alta produtividade en galego, a outras distincións semánticas idiosincráticas sen ningunha relación con estas que estamos vendo, como por exemplo no par *muiñeiro* / *muiñeira*.

(164) (a) *ferreiro*$_1$ / *ferraría* // *ferreiro*$_2$ / *ferreira*$_2$
(b) *enfermeiro*$_1$ / *enfermaría* // *enfermeiro*$_2$ / *enfermeira*$_2$
(c) *secretario*$_1$ / *secretaría* // *secretario*$_2$ / *secretaria*$_2$
(d) *comisario*$_1$ / *comisaría* // *comisario*$_2$ / *comisaria*$_2$

En (164a) e (164b) realízase a oposición semántica do nivel$_1$ mediante dous sufixos diferentes, o utilizado no nivel$_2$, *-eiro*, e *-aría*[158], que procede da fusión da forma latina -ARIA co grego *-ía* (através do latín -IA) (Ferreiro 1997: 120-122). De igual modo que nos exemplos (164c) e (164d), a forma erudita do sufixo profisional, *-ario* / *-aria*, estabelece no nivel da extensión da oposición sexual unha nova oposición de significado con este sufixo que indica o lugar onde se exerce a profisión.

En (161c), no entanto, no nivel extensivo o sufixo masculino *-eiro* estabelece unha oposición semántica diferente coa correspondente forma feminina deste nivel, permitindo o xénero gramatical distinguir entre o traballador e o instrumento, tamén en torno á dimensión [± animado]: *carteiro*$_1$ / *carteira*$_1$. Esta mesma diferenza semántica é a que existe entre as formas masculinas e femininas de (161a) e (161b) (*segador*$_1$ / *segadora*$_1$ e *o cámara*$_1$ / *a cámara*$_1$). O sufixo deverbal *-(d)or* / *-(d)ora* acrecenta á base lexemática con que concorre o significado de axente ou instrumento da acción, polo que pode ser utilizado para formar substantivos de profesión, como *labrador, agricultor, varredor, segador*, e tamén para nomear todo tipo de instrumentos, como *batedor, recolledor* etc. No caso que estamos a analizar utilízase a forma feminina para o instrumento (*segadora*), pois, como veremos máis adiante (3.4.1.2.1), o sufixo *-(d)ora* adoita compartir este uso co masculino cando se trata de aparellos mecánicos[159]. Por outra parte, o exemplo (161b) proba, segundo nos parece, a produtividade deste procedemento no galego actual, pois esta oposición semántica, *a cámara*$_1$ / *o cámara*$_1$, é de creación relativamente nova na nosa lingua e ten a súa explicación nun fenómeno de metonimia.

3.3. O xénero gramatical na clase caracterizada polo sema [- animado]

3.3.1. As oposicións semánticas de xénero

Neste apartado veremos os diferentes contidos semánticos que poden adquirir as oposicións de xénero que se producen nun mesmo lexema dentro da clase [- animado], distinguíndoas daqueles casos en que o morfema de xénero gramatical é o único elemento distintivo de substantivos case homónimos. As principais dimensións en torno ás cales se realizan estas oposicións son as da 'cantidade' e do 'tamaño', podéndose estabelecer ademais un grupo de substantivos en que os termos MAS e FEM achegan información sobre diferentes características formais; neste grupo, en ocasións, tamén incide paralelamente algunha destas dúas dimensións. Baseándonos en parte nos exemplos oferecidos polas gramáticas galegas, que discordan canto á consideración da relación semántica entre os termos, é posíbel determinar tres grupos de oposicións, aínda que, como veremos máis adiante, algúns pares poderían ser incluídos en máis de un grupo:

A. 'cantidade' [± colectivo]; MAS [- colectivo] / FEM [+ colectivo] :

agro / agra, felgo / felga, froito / froita, gran / gra, leño / leña, madeiro / madeira, serro / serra, xunco / xunca.

B. 'tamaño' [± grande]:

A) MAS [+ grande] / FEM [- grande]: *barazo / baraza, caxato / caxata, espeto / espeta, fouciño / fouciña, funil / funila, machado / machada, ovo / ova, pío / pía, podón / podona, pozo / poza, sacho / sacha, vasoiro / vasoira, vencello / vencella.*

B) MAS [- grande] / FEM [+ grande]: *agro / agra, buraco / buraca, campo / campa, cancelo / cancela, carballo / carballa, carreto / carreta, caseto / caseta, caxato / caxata, chourizo / chouriza, cuartillo / cuartilla, gadaño / gadaña, horto / horta, leiro / leira, mazo / maza, mulido / mulida, penedo / peneda, pipo / pipa, portelo / portela, saco / saca, vasoiro / vasoira, xerro / xerra, xugo / xuga.*

C. Diferenzas formais, de uso, lexicalizacións etc.:

baño / baña, barco / barca, bolo / bola, bolso / bolsa, caldeiro / caldeira, canastro / canastra, cano / cana, caxato / caxata, cesto / cesta, coiro / coira, cubo / cuba, fouciño / fouciña, meso / mesa, muíño / muíña, palleiro / palleira, pero / pera, pote / pota, pozo / poza, rebolo / rebola, regueiro / regueira, río / ría, rato / rata, teto / teta, zoco / zoca.

É preciso termos en conta a inestabilidade destas oposicións significativas, representada polo feito de poder ser algunha delas encadrada en dous grupos diferentes (de aí que algúns pares poderían aparecer representados en dous grupos diferentes da clasificación que propomos). Non facemos máis que presentar esquematicamente o que na realidade se revela como máis complexo nos usos lingüísticos habituais, por existiren diferenzas de carácter dialectal ou pragmático na atribución do espazo significativo que corresponde a cada un dos termos. O primeiro que podemos constatar é, por tanto, que o morfema de xénero na clase lexical caracterizada

[158] Tamén existe unha forma *-ería* (*ferrería*), que a pesar de documentarse xa en textos antigos, é de uso frecuente no galego actual por influencia do español.

[159] Cando analicemos o contido semántico do xénero nos nomes da clase dos seres inanimados, veremos as diversas hipóteses que existen sobre esta inestabilidade no xénero dos instrumentos de traballo.

polo sema [- animado] non achega un só contido semántico, nin sequera cando a oposición se estabelece en torno a unha única dimensión, como é o caso da de 'tamaño', onde tanto o MAS como o FEM poden achegar o sema [+ grande]. Tamén en ocasións a oposición semántica é de carácter pluridimensional, ou ben é posíbel que se estabeleza máis de unha oposición semántica entre os termos MAS e FEM dun mesmo lexema[160]. De todas as maneiras, é o morfema de xénero gramatical quen achega un determinado contido semántico ao lexema con que concorre, representado substancialmente polos morfes *-o* / *-a*, polo que tamén nestes substantivos posúe dúas faces, unha gramatical e outra lexical.

Nos substantivos do grupo (A) o morfema de xénero feminino achega sen excepción o sema [+ colectivo], se ben ás veces tamén se pode considerar (dialectal, idiolectal, pragmaticamente etc.) a existencia dalgunha outra diferenza de significado. Así, por exemplo, unha *agra* pode ser considerada como un conxunto de agros ou seara, ou ben pode significar 'agro grande', pertencendo entón ao grupo (B):

(165) (a)
Mantíñase do pan procurado dende outono e seiturado no Setembre nas ***agras*** *da chanzada chamada Senra.*
(Otero, *ME* 18)

(b)
Quedouse por portas,
sin chouzas nin ***agros***
(Cabanillas, *DTA* 40)

É evidente a relación de significado entre as dimensión da 'cantidade' e do 'tamaño' neste tipo de substantivos; de feito, tense citado esta relación semántica como hipótese para explicar a aparición na lingua destas oposicións en torno ao trazo distintivo [± grande] (véxase Coutinho 1976: 234-235; e tamén 1.1.3.). Doutra parte, o termo MAS *agro* pode posuír o sema [+ abstracto] cando designa o conxunto de actividades relacionadas coa agricultura ou co mundo agrícola:

(166)
imprimen o seu ronsel nos mariñeiros e nas industrias do mar e do ***agro****.*
(Otero, *ME* 115)

[160] Arias Barredo (1995: 63-68) considera que a dimensión 'tamaño' constitúe unha motivación débil de xénero, por causa da inestabilidade do significado que podemos asociar a cada un dos termos, encanto a dimensión 'cantidade' é levemente máis forte. En calquera caso, ningunha das dúas constitúe unha motivación semántica de xénero tan forte como a do sexo nos nomes de seres animados.

As oposicións que estabelecen os termos MAS e FEM deste lexema son variadas, en torno a diferentes dimensións, segundo o seguinte esquema:

(167) *agro* [+ abstracto] // *agro* / *agra* [- abstracto]
agro [- colectivo] / *agra* [+ colectivo]
agro [-grande] / *agra* [+ grande]

Algo similar ocorre coa oposición *horto* / *horta*, pois aínda que a forma feminina pode adquirir o sema [+ colectivo] designa fundamentalmente un horto grande. Para algúns falantes, inclusive, non existe ningunha diferenza de significado entre a forma masculina e a feminina, que son utilizadas co mesmo significado indiferentemente, de acordo cos seus particulares hábitos de uso. Na prosa de Ánxel Fole, por exemplo, apréciase unha clara preferencia pola forma masculina, con independencia do tamaño:

(168) (a)
Había unha gran ***laga*** *no medio, que regaba tamén o* ***horto****.*
(Fole, *ALC* 80)

(b)
Tiña un ***horto*** *grande, costosiño, que chegaba hastra o río*
(Fole, *ALC* 85)

Os femininos co sema [+ colectivo] proceden, como xa vimos, dos plurais latinos da segunda declinación, que foron asimilados a este xénero por terminaren en *-a*, entanto que a forma singular (terminada en -UM) pasou a facer parte do xénero MAS en galego. Nalgún caso apréciase a tendencia a se perder ese carácter colectivo do feminino. Sucede así coa forma *ova*, á cal con frecuencia se lle acrecenta o morfema de plural *-s* para exprimir ese sentido colectivo (*ovas*); por outra parte, quizá haxa que pór tal mudanza en relación co sentido diminutivo do feminino, ao especializar este substantivo o seu significado para designar o pequeno ovo de peixes e crustáceos. Este significado do termo FEM, oposto ao MAS en torno á dimensión [± grande] (*ovo* / *ova*) puido ter provocado este proceso, co obxecto de estes dous termos non se organizaren sobre a base de dúas oposición semánticas diferentes (algo que, no entanto, si ocorre con outros pares). O termo feminino *felga*, porén, ten dialectalmente o sema [- colectivo] e substitúe en determinados ámbitos xeográficos o MAS[161]. Noutros casos o termo feminino mantén os dous sentidos, o colectivo e o individual: *froita, madei-*

[161] A información sobre o carácter colectivo de *felga* tomámola de Porto Dapena (1977: 148), que basea o seu traballo no galego falado na comarca ferrolá. Por outra parte, aínda que bioloxicamente é posíbel distinguir sexualmente os seres vexetais, estas distincións non son apreciábeis nin relevantes para os falantes, polo que non parece oportuno tampouco ver unha motivación sexual na asignación do xénero a estes substantivos.

ra. O substantivo *froita* posúe ademais, cando é utilizado en sentido individual, frente a *froito*, o sema [+ comestíbel], encanto o MAS posúe o sema [- comestíbel] ou ben se presenta como termo neutralizado a respecto desta dimensión:

(169) (a)
*E logo, moita **froita**: cirolas, fatós, figos, pexegos, mazás, peras.*
(Fole, *ALC* 139)

(b)
*Daría groria ver aquil **horto** no outono, todo encheito de **froito**.*
(Fole, *ALC* 139)

(c)
que os seus habitantes se manteñen
*con mel e **froitos** silvestres*
(Manuel María, *Informe* 124)

Tamén o substantivo *madeira* (e até *leña*) pode ter un sentido individual e aparecer representado co morfema de plural[162]:

(170)
*e faguían grandes murradas no monte do que descían fartos carretos de **madeiras**, **leñas** e viandas pró gando.*
(Otero, *ME* 20)

Algo parecido ao que vimos que acontecía co substantivo *ferramenta*, que tamén procede dun neutro plural latino da segunda declinación e que no galego actual pode ser usado como individual ou como colectivo:

(171)
*Levou alí dous homes porque quería faguer un rocho na torre pra garda-la **ferramenta***
(Fole, *ALC* 147)

Outros pares de substantivos son estábeis canto á oposición semántica en que se articula o seu significado, seguramente por seren de uso máis infrecuente, pois na realidade podemos percibir unha certa tendencia nos substantivos femininos a perderen o sentido colectivo, ou cando menos a compartiren este sentido co individual. Non é así nos exemplos que expomos a seguir:

[162] É frecuente que este substantivo feminino posúa o sema [+ colectivo] ou ben que designe a materia: *As figuras da **madeira** / nas contras e no faio*. (Novoneyra, *Eidos* 136). O uso do plural no exemplo que vimos acima pode ter, por outra parte, un carácter expresivo, enfático.

(172) (a)
*Dinantes do cerne do vran a canteiría limpa de pizarra escura, de **gra** branca, erguíase na forma dunha grande casa alongada.*
(Otero, *ME* 45)

(b)
*Pexáronlles os brazos con vencellos de **xunca** semellantes á urdime das molidas*
(Otero, *ME* 65)

No grupo (B), o daqueles pares de substantivos que se opoñen na dimensión 'tamaño', distinguimos ademais dous subgrupos, un en que o termo MAS é o que posúe o sema [+ grande] (a) e outro en que este sema é achegado pola forma feminina (b). Alén diso, debemos distinguir tamén en ambos os subgrupos entre o morfema que acrecenta ao lexema base un valor aumentativo e o que lle dá un valor diminutivo. Como explicamos en 0.5.3, cando analizamos a relación entre flexión e derivación no xénero gramatical, o feito de un termo ser a base da cal deriva outro afasta este denominado xénero dimensional do que se coñece comunmente como procesos flexionais, onde os termos se presentan en paradigmas, sen ningún deles servir de base lexemática para a formación dunha nova palabra. Neste caso, no entanto, é preciso facermos a comparación entre o morfema de xénero e os sufixos apreciativos diminutivos e aumentativos, podendo cumprir cada un dos xéneros as dúas funcións, tanto no subgrupo (a) como no (b), segundo o seguinte esquema:

(173) (a) *baraz**a*** [- grande] / *baraz**o*** [+ grande], {AUMENTATIVO}
*espet**a*** [- grande], {DIMINUTIVO} / *espet**o*** [+ grande]
(b) *chouriz**o*** [- grande] / *chouriz**a*** [+ grande], {AUMENTATIVO}
*vasoir**o*** [-grande], {DIMINUTIVO} / *vasoir**a*** [+ grande]

Taboada (1979: 99-100), que fai unha completa análise do denominado xénero dimensional, distingue unicamente entre masculino e feminino aumentativo; do noso punto de vista, é necesario falarmos nestes pares tanto dun masculino como dun feminino con significado aumentativo e diminutivo[163]. En (173a), na oposición

[163] Véxase a seguinte observación de Fernández González (1981: 96-98) no seu estudo sobre o galego dos Ancares: "Creemos poder decir que casi todos los sustantivos ancareses, ya sean originariamente masculinos o ya sean femeninos, tienen su correlato o correspondencia femenina y masculina respectivamente". No tocante aos significados que esas formas derivadas poden representar, sinala tamén a súa variedade, incidindo no carácter maioritario do feminino aumentativo, nas connotacións negativas do masculino e mais nos procesos de lexicalización. González Fernández (1978: 51-52), pola súa vez, distingue entre A.1.) feminino "grande" /v/ masculino; A.2.) masculino "diminutivo" /v/ feminino; B.) masculino "grande" /v/ feminino; C.) masculino cun matiz "despectivo" /v/ feminino; D.) masculino cun matiz "afectivo" /v/ feminino. Para esta última oposición utiliza un exemplo tomado do galego da Fonsagrada: *barriga* / *barrigo*.

baraza / *barazo* o feminino resulta ser o termo base da oposición que se estabelece en torno á dimensión 'tamaño', e o morfema MAS achega o sema [+ grande], comportándose así como un sufixo aumentativo. No entanto, na oposición *espeta* / *espeto* sucede á inversa, o termo base é o MAS e o FEM, que achega o sema [- grande], é derivado a respecto del, como se se tratase dun sufixo diminutivo. Nestes casos o termo base, etimoloxicamente primario, representa o que se considera tamaño normal. O mesmo sucede coas oposicións de (173b), sendo o proceso flexional destes pares en que o feminino representa o sema [+ grande], segundo a nosa apreciación, aínda produtivo sincronicamente e ocasionalmente rendíbel para a formación de novas oposicións sobre a base dun mesmo lexema. Talvez por ese motivo son tamén maiores as implicacións pragmáticas e estilísticas do MAS diminutivo, que pode adquirir connotacións negativas, pexorativas. Desta maneira, por exemplo, un *leiro* non é apenas unha *leira* pequena, senón tamén unha *leira* ruín, pobre. Couceiro (1976: 94) cita entre estas formas pexorativas os masculinos dos pares *cancelo* / *cancela, traveso* / *travesa, boteyo* / *boteya, leiro* / *leira, fito* / *fita, ventano* / *ventana, caseto* / *caseta, corredoiro* / *corredoira*. Tamén o substantivo *couso* pode implicar un leve matiz pexorativo:

(174)
Stephen
pequeno ***couso***
en ti enguruñado
(Ferrín, *CPM* 95)

Doutra parte, aínda que o MAS diminutivo é sempre un termo semanticamente marcado, o feminino aumentativo pode presentarse, mesmo sendo a forma derivada, como non marcado, estando determinada a súa elección en ocasións só estilisticamente. Así pois, podemos concluír que cando o feminino designa o termo do par caracterizado polo sema [+ grande] serve tamén como forma non marcada da oposición semántica, sen adquirir calquera connotación específica[164]:

(175) (a)
os tipos que coñecín que tiñan a ***caralla*** *máis grande*
(Suso de Toro, *TT* 141)

[164] Couceiro (1976: 94) afirma o seguinte: "Es bastante frecuente que la oposición masculino / femenino no responda a una distinción sexual, sino de tamaño. En estos casos, el masculino da una idea de pequeñez, de disminución, acompañada frecuentemente de una connotación despectiva. En cambio el femenino parece representar más objetivamente el concepto sin añadir idea de aumento. En casi todos ellos, pues, hay un ligero cambio semántico".

(b)
Ao baixar polo Paraño
xa se espreguizaba a Lúa
antre as follas dun ***carballo***
(Amado, *PGC* 52)

(c)
Largantío de corte abrigosas, palleiras enxoitas ben abastadas, cociña con lareira pra queimar unha ***carballa*** *e rostir un boi*
(Otero, *ME* 46)

(d)
Que d'o castelo preto dend'us ***penedos*** *cay*
(Curros, *AMT* 19)

(e)
procurou para *xantar o agarimo dunha* ***peneda***
(Otero, *ME* 41)

(f)
Co'a lus d'os ***fachôs*** *de palla*
(Curros, *AMT* 36)

(g)
ollando morrere ao lonxe os ***fachos***
(Otero, *ME* 54-55)

(h)
e coa outra empuñaban unha ***facha***
(Castelao, *Cousas* 54)

Neste grupo poderíanse representar tamén algúns dos pares que aparecen no (C), onde encadramos aqueles que presentan diferenzas formais, de uso etc. Estas parellas de substantivos representan oposicións pluridimensionais, isto é, son termos opostos en torno a varias dimensións, entre as cales se encontra a do 'tamaño'. A diferenciación semántica pode chegar nalgúns casos até a lexicalización (*barco* / *barca, río* / *ría*). Nos pares *caldeiro* / *caldeira*, *canastro* / *canastra, caxato* / *caxata, cesto* / *cesta*[165], *cubo* / *cuba, pozo* / *poza,* a forma feminina, alén de indicar maior tamaño, presenta algunhas outras diferenzas formais a respecto da masculina. Taboada (1979:

[165] Véxase a distribución dialectal dos pares *c['e]sto* / *c['e]sta, c['ɛ]sto* / *c['ɛ]sta* en *Atlas II* (1995: 26-27).

101-102) relaciona as diferenzas entre eles fundamentalmente co grau de abertura que ten a boca do recipiente designado por estes substantivos (e *pozo* / *poza* co de profundidade), se ben participan tamén outros trazos distintivos na oposición semántica: [± asa], [± profundidade], [± capacidade][166]. Non é o noso obxectivo facer agora unha extensa análise de todas e cada unha das oposicións que se poden estabelecer a partir da diferenciación xenérica nos nomes caracterizados polo sema [- animado], pois como afirmamos acima existen diferenzas diatópicas na relación entre xénero gramatical e contido semántico, constituíndo mesmo en ocasións o uso do MAS ou do FEM apenas unha característica máis do idiolecto do falante. Aos criterios empregados por Taboada poderiamos acrecentar tamén, por exemplo, o da utilidade do obxecto designado polo substantivo. O mesmo autor sitúa a oposición *pozo* / *poza* en torno aos trazos distintivos [± profundidade], [± superficie externa], [± permanente], de acordo co seguinte esquema, válido para o galego común:

(176)

	profundidade	superficie externa	permanente
pozo	+	–	+
poza	–	+	–

O que nos interesa sinalar é a rendibilidade do xénero gramatical como trazo distintivo que pode adquirir os máis variados significados. Marina Chini (1993: 476-477) subliña este aspecto ao resumir as funcións do xénero:

> L'*economicità* del G appare pure dal suo potenziale sfruttamento a fini connotativi, sitilistici [...], affettivi, a volte derivativi: basi uguali con diversi morfemi di G (o classe) possono assumere significati diversi, non sempre semanticamente correlati.

Ás veces mediante un proceso de lexicalización auméntase a distancia entre os significados de cada un dos termos, como no par opositivo *pero* / *pera*. En principio o morfema MAS funciona como se se tratase dun sufixo diminutivo. Mais, alén da información sobre o tamaño, pode achegar en contraste coa forma FEM o sema [+ silvestre] ou ben pode designar un tipo de froita diferente que garda relación coa mazá; é neste caso que podemos falar de lexicalización[167]:

[166] Neste sentido, a diferenza entre un *caxato* e uha *caxata* limítase á existencia de empuñadura no obxecto designado pola forma masculina.

[167] Algo similar ocorre entre os nomes da clase [+ animado] co par *rato* / *rata*. A forma feminina non só designa un animal de tamaño maior senón que se trata dunha especie de roedor diferente á designada

(177)

ja leite, ja herva,
ja figos, pexegos,
vasoiras, ou bruños,
ja ***peras****, ja* ***peros****.*
(Sarmiento, *Coloquio* 89)

Outros pares en que se pode falar de formas lexicalizadas son *barco* / *barca, caldeiro* / *caldeira, canastro* / *canastra, río* / *ría, teto* / *teta*. O masculino *barco* foi creado a partir da forma feminina *barca*, e como xa explicamos, representa un novo obxecto que ten no tamaño unha característica diferencial máis entre varias. O mesmo sucede con *ría*, formado a partir do masculino *río*, substantivo co cal mantén algunha relación de significado e en cuxa oposición semántica tamén participa a dimensión 'tamaño', mais que designa unha realidade diferente. No par *caldeiro* / *caldeira* a polisemia do termo feminino permite que se opoña ao MAS en torno á dimensión principal 'tamaño' e que, ao mesmo tempo, se presente como forma lexicalizada nunha outra acepción: un *caldeiro* é unha *caldeira* pequena e tamén un 'balde'. A diferenza entre *canastro* e *canastra* é en principio de tamaño ({MAS} [+ grande] / {FEMININO} [- grande]) e mais formal, o obxecto designado pola forma feminina pode levar ou non asas, en canto o da masculina leva sempre dúas; mais, doutro lado, *canastra* designa en linguaxe deportiva o aro fixado a un taboleiro que se usa no xogo do baloncesto. Pola súa parte, o par *teto* / *teta* caracterízase por pertencer o masculino a unha clase determinada polo trazo distintivo 'para animais', frente ao feminino, que a este respecto se presenta como termo neutralizado. Alén diso, *teto* designa exclusivamente a mamila do ubre do mamífero, e *teta* fai referencia á totalidade da glándula mamaria das femias ou á parte correspondente dos machos. Como nos casos anteriores, aínda que ambos os termos manteñen unha certa relación semántica, debemos falar de lexicalización por o morfema de xénero non supor o acrecentamento dalgún sema específico ao significado da base lexemática, senón a súa modificación parcial.

polo termo masculino, co cal presenta outras diferenzas que non teñen a ver co tamaño. Nesta mesma liña, Echaide (1969: 108) afirma que a lexicalización está en proporción directa á perda dese sentido cuantitativo (esta autora considera variación cuantitativa as dimensións que aquí denominamos [± colectivo] e [± grande]) Así mesmo, xa vimos que a dimensión 'tamaño' pode funcionar como criterio distintivo relacionado co xénero gramatical en determinados nomes de animais, ás veces en paralelo con outros procesos derivacionais: *róbalo* / *robaliza*. Vilela (1994: 58-59) afirma o seguinte sobre a lexicalización: "Com a memorização da palavra derivada e a ligação entre o derivado e o *denotatum* perde-se a motivação e o derivado fica armazenado unitariamente no léxico, e a relevância da relação semântica entre os constituintes da construção fica esvaziada. Isto é, a **lexicalização** verifica-se quando se desenvolvem, no derivado, especificidades semânticas e/ou fonológicas, que levam ao isolamento do derivado relativamente aos elementos que o compõem".

3.3.2. Polisemia e homonimia

A polisemia e a homonimia son dous conceptos moi estreitamente relacionados; a diferenza entre eles asenta no feito de na polisemia varios significados corresponderen a un único significante, e na homonimia varios significantes corresponderen a un único significado, segundo o clásico esquema de Ullmann (1987: 132):

Tradicionalmente tense acudido á información etimolóxica para determinar a dirección da relación entre significante e significado (se o étimo for só un, entón trátase de polisemia, se foren varios, de homonimia); mais ambos os conceptos tamén poden ser diferenciados desde unha perspectiva sincrónica, atendendo á relación entre os significados, pois a existencia de semas comúns caracteriza a polisemia frente á homonimia, en que os diversos significados non gardan ningunha relación[168]. Sexa como for, o xénero gramatical funciona como un medio para pór fin á ambigüidade significativa que ocasionan estes fenómenos, pois permite a posibilidade de distinguir significados dun mesmo lexema. Tal capacidade pode ser interpretada, de acordo con Ullmann (1987: 351), como unha "salvagarda especial" que minora as consecuencias da polisemia:

> Nas línguas com *género* gramatical, ele pode ser usado para distinguir significados da mesma palabra: em francês *le pendule* 'pêndulo' – *la pendule* 'relógio', *le manche* 'alça' – *la manche* 'manga'; em alemão *der Band* 'volume, tomo' – *das Band* 'fita'; *der See* 'lago' – *die See* 'mar'.

[168] Sobre o carácter relativo destas distincións tíñanse pronunciado Ullmann (1987: 330) e Apresjan (1974: 13). Existen, no entanto, outros criterios alén do etimolóxico e o da relación entre significados ou da análise sémica: atendendo á serie derivativa ou familia lexical dos termos (se pertenceren á mesma familia tratarase de polisemia), tomando en consideración a conciencia lingüística dos falantes (se ben este método é pouco obxectivo e rigoroso), ou mediante o método do campo lexical (Freixeiro Mato 1999: 135-138). Para Silva (1992: 263-264) é aínda preciso distinguir entre polisemia de acepcións, cando a relación entre os significados é inmediata, e polisemia de significados, cando a relación entre os significados non é inmediata e se debe recorrer á análise sémica. En principio esa denominada polisemia de acepcións explicaría os casos de metáfora e metonimia que expomos a seguir, entanto que a polisemia de significados estaría relacionada coas outras formas de polisemia que veremos máis adiante. Freixeiro Mato (1999: 139) considera indispensábel, co fin de manter esta necesaria distinción entre polisemia e homonimia, "aprofundar con maior rigor na separación entre semas específicos e semas xenéricos, así como investigar a dimensión identificadora e a dimensión relacional dos semas; e canto ao método do campo lexical, desenvolver máis a fondo o problema de delimitación dos campos e da relación entre os mesmos, sen perdermos de vista o conceito de campo semántico; tamén haberá que prestar máis atención á distinción entre polisemia de significados e polisemia de acepcións".

De acordo con isto, poderían interpretarse como salvagardas especiais da polisemia fundamentalmente os pares en que se produce lexicalización, mais tamén todos aqueles pertencentes á clase caracterizada polo sema [- animado], que analizamos acima, en que o xénero gramatical achegaba trazos distintivos relacionados coa cantidade, co tamaño e mais coa forma (Freixeiro Mato 1999: 124). De todos os xeitos, estes pares foron analizados de acordo coa súa organización sobre un número limitado de semas. O feito de estes semas fundamentais se situaren mesmo na base dos procesos de lexicalización a que nos referimos no grupo (C), fai que non incluamos eses pares de nomes baixo esta epígrafe, limitándonos agora a aquelas en que o xénero gramatical funciona como salvagarda dunha polisemia producida de acordo con outros procedementos.

A utilización de linguaxe figurada é unha das causas que permiten explicar a existencia de polisemia. A metáfora está presente na creación de formas como *o cabeza*, utilizada en expresións como 'cabeza de lista' e que pode variar o seu xénero a respecto do substantivo base, o feminino *cabeza*, se fixer referencia a seres caracterizados polo sema [- femia]:

(178) (a) Quer ser *o cabeza* de lista nas próximas eleccións lexislativas.
(b) Quer ser *a cabeza* de lista nas próximas eleccións lexislativas.

Nestes exemplos o morfema de xénero non posúe apenas un contido gramatical, pois achega información semántica lexical sobre o sexo do referente, en (178a) un home e en (178b) unha muller. Doutra parte, en (178b) a polisemia é completa e só o contexto permite elucidar o verdadeiro significado do substantivo[169]. Outro exemplo de polisemia atenuada polo xénero gramatical e causada por un proceso de metaforización é *cano / cana*, pois a forma masculina procede da feminina (cfr. DENF 1997: s.v.), que designa o talo cilíndrico de varias plantas. O termo MAS deste par fai referencia a obxectos artificiais, fabricados polo ser humano, que teñen a mesma forma que este elemento natural, pois son frecuentes as metáforas que presentan como elemento base da comparación seres ou cousas da natureza, sendo de entre elas as máis frecuentes as antropomórficas e as zoomórficas. Por último, algúns exemplos de polisemia causada por metonimia son *o cámara (/ a cámara)* ou *o trompeta (/ a trompeta)*, que vimos anteriormente, ou ben *o cura (/ a cura)*, *o bandeira (/ a bandeira), o garda (/ a garda), o guía (/ a guía)* etc.

[169] No *Diccionario Galego-Castelán* (DGC 1980: s.v.) de Franco Grande rexístrase un substantivo *cabezo* co significado de 'cume' ou 'atalaia'. Tamén aquí se pode falar de polisemia causada polo uso dunha linguaxe metafórica de carácter antropomórfico (cfr. Ferreiro 1997: 262-263), funcionando o xénero gramatical (con expresión mórfica no propio substantivo) como salvagarda contra a ambigüidade significativa.

Echaide (1969: 105) e Arias Barredo (1995: 71) tamén fan referencia a substantivos formados a partir de adxectivos, que presentan diferente xénero segundo sexa masculino ou feminino o substantivo elidido que modificaban: *o* (diñeiro) *capital* / *a* (cidade) *capital*. Así mesmo, algúns substantivos utilizados como aposicións modificadoras doutros poden variar o seu xénero de acordo co do substantivo que acompañen: *o* (avión) *caza* / *a caza*. Un caso particular é o de *mañá*, que na súa forma feminina significa 'primeira parte do día' e que en masculino é sinónimo de 'futuro, porvir'. A transcategorización do adverbio en substantivo faise encadrándoo na clase dos MAS: *o mañá*. Echaide sitúa a causa desta mudanza de xénero na construción en que o adverbio *mañá* modifica nunha frase preposicional o substantivo *día*, posteriormente elidido: *o (día de) mañá*. De todas as maneiras, é habitual as nominalizacións se produciren en masculino, por ser este o xénero non marcado, polo que, do noso punto de vista, non é preciso recorrermos a este tipo de hipóteses para explicala. Por último, é de orde etimolóxica a explicación da variación xenérica existente nos pares *espiño* / *espiña* e *viño* / *viña*, por proviren os masculinos da segunda declinación latina e os femininos da primeira. No primeiro dos casos prodúcese ocasionalmente tamén unha neutralización de significado en favor da forma feminina, mais con algunhas matizacións. Por unha parte, a forma masculina fai referencia a un arbusto, en canto a feminina designa as pugas de tal arbusto e mais doutras plantas, pertencendo en todo o caso á clase determinada 'para vexetais'. O substantivo *espiño* presenta noutra acepción o significado de puga de determinadas plantas e animais (por exemplo, do porco espiño), o cal significa que cando menos para a clase 'para vexetais' poden utilizarse indistintamente a forma masculina ou a feminina, sen que se deba interpretar a existencia de calquera contido connotativo en ningunha das opcións:

(179) (a) Piquei as mans *coas espiñas* da roseira.
(b) Piquei as mans *cos espiños* da roseira.

Ten igualmente unha explicación etimolóxica a distinción xenérica *verbo* / *verba*, pois a forma masculina procede dun neutro latino da segunda declinación en singular, e a feminina do seu plural, como nos femininos co sema [+ colectivo]. De facto, na súa principal acepción o termo *verba* significa 'labia, habilidade para falar e convencer', se ben hoxe en día tamén se utiliza ocasionalmente o masculino con este mesmo significado:

(180) (a) O conferencista deu unha proba da súa *verba*.
(b) Non se pode negar que ten un *verbo* florido.

A situación sociolingüística do país, co galego desterrado dos rexistros formais de uso e da propia escrita durante os denominados Séculos Escuros, provocou a necesidade desde o século XIX de construír unha lingua literaria que se correspondese cun nivel culto de expresión, na cal tivo certo éxito, sobre todo desde principios do

XX, o uso diferencialista do substantivo feminino *verba*, co significado de 'palabra'[170], compartindo ás veces usos co propio substantivo *palabra* nun mesmo texto, como sinónimos absolutos:

(181) (a)
o corazón aberto
a toda ***verba*** *amiga,*
(Cabanillas, *DTA* 45)

(b)
Galiza, célula de universalidade: Anti-imperialismo, federalismo internacional, pacifismo. Esta declaración está definida nas ***verbas*** *seguintes*
(Castelao, *SG* 54)

(c)
Apenas coa ollada, ía pondo ***verbas*** *de dozura incompleta, como rosáceas nubes de cotón nos crepúsculos de Cornoalla.*
[...]
As tres ***palabras*** *do deus Dagda foran certas. [...] As aves perdidas sempre tornan ao puño do seu amo,* ***palabra*** *derradeira.*
(Ferrín, *ADA* 48-49)

Doutra parte, a polisemia que resulta desta nova acepción da forma feminina pode ter tamén unha grande rendibilidade estilística, como nestes versos de Uxío Novoneyra onde o termo FEM parece posuír o significado de 'palabra' cando aparece en plural e de 'discurso, capacidade ou habilidade para falar' cando se expresa en singular:

(182)
tamén iles ises din dixeron ***verbas*** *que non son* ***verba***
que só son ***verbas***
(Novoneyra, *Eidos* 206)

Tamén ten causas etimolóxicas a distinción *fado* / *fada*, pois a forma feminina, que pasou a designar a deusa do destino, procede igualmente do neutro plural da segunda declinación latina (cfr. DENF 1997: s.v.)[171]:

[170] Na realidade, ese era o significado que tiña no latín a forma que deu lugar ao masculino, VERBUM> *verbo*, e así seguiu sendo utilizada no galego-portugués medieval (Ferreiro 1997: 269), aínda que logo restrinxiu o seu significado ao de 'clase de palabra que desempeña a función de predicado da oración'.

[171] Nin sequera é necesario nalgúns casos recorrer a explicacións etimolóxicas; véxase, neste sentido, a oposición *dedo* / *deda*, onde a forma feminina especificou o seu significado para facer referencia aos

(183) (a)
Era de un mozo pieiro
Que o ***fado*** *lle deparou*
Para seu tamborileiro
(Pintos, *AGG* 6)

(b)
a das brancas azoteas,
a ***fada*** *de leve van*
(Pondal, *QDP* 54)

O xénero gramatical pode funcionar, así mesmo, como "salvagarda especial" para evitar o choque homonímico. Ullmann (1987: 374-376) dá maior importancia a esta función do xénero, por canto considera ser a homonimia máis problemática do que a polisemia, pois a ambigüidade que provoca pode ocasionar unha maior confusión. De todas as maneiras, como ocorre coa polisemia, é o contexto o que permite con máis fiabilidade distinguir cal dos significados ligados a un único significante está sendo utilizado:

> Nas línguas que possuem *género* gramatical, ele pode contribuir para distinguir substantivos homónimos: francês *le poêle* "fogão" – *la poêle* "frigideira", *le vase* "vaso, navio" – *la vase* "lama, lodo"; alemão *der Kiefer* "maxilar" – *die Kiefer* "abeto". Uma vez mais esta salvaguarda *não* é absoluta, uma vez que há construções em que as diferenças de género não podem ser indicadas. Assim a distinção entre o francês *le foie* "fígado" e *la foie* "fé" falhará na combinação "crise de *foie* (*foi*)", e autores que normalmente escreveriam "crise de (não *de la*) conscience" intercalarão o artigo em "crise de *la* foi" para evitar que qualquer confusão entre uma crise de fé e uma crise de fígado (Ullmann 1987: 379).

Son moitos os pares de substantivos homónimos que se distinguen en galego apenas polo xénero gramatical. A seguir ofrecemos unha lista extensa, con exemplos tomados fundamentalmente das gramáticas galegas (onde non sempre aparecen encadrados no grupo dos homónimos), que non pretende ser exhaustiva: *arco / arca, bando / banda, banco / banca, barro / barra, bico / bica, bombo / bomba, o cal / a cal, campo / campa, caso / casa, casco / casca, cepo / cepa, coio / coia, o corte / a corte, escollo / escolla, ferrado / ferrada, folgo / folga, fondo / onda, fuso / fusa, libro / libra, mallo / malla, mando / manda, modo / moda, mofo / mofa, paso / pasa, porto / porta, prato / prata, raño / raña, ribeiro / ribeira, tempo / tempa, testo / testa, tixolo / tixola, trazo / traza, vieiro / vieira, zapato / zapata*.

dedos dos pés. O que demostra a creación desta oposición en galego é a rendibilidade do xénero para expresar calquera tipo de distinción semántica.

Todos os termos destes pares opositivos distínguense polo xénero gramatical, expresado de modo redundante (porque é recoñecíbel normalmente mediante o mecanismo da concordancia) por medio dunha vogal temática: *-o* para o masculino e *-a* para o feminino. Como xa explicamos, non consideramos estas terminacións fónicas como expresión mórfica de xénero porque non son sistemáticas nin regulares naqueles substantivos en que non acrecentan un contido lexical determinado, isto é, cando o morfema de xénero posúe apenas significado gramatical non sempre o fonema final /o/ significa masculino e o fonema final /a/ feminino. Nestes substantivos case homónimos a terminación non acrecenta ningún contido semántico á base lexemática, pois é a raíz a portadora do significado léxico da palabra.

3.3.3. A inestabilidade de xénero dalgúns substantivos

Algúns substantivos poden ser masculinos ou femininos sen que a variación de xénero sexa expresión de ningún significado, dependendo exclusivamente dos costumes de uso dos falantes. Tal inestabilidade é frecuente nos substantivos que designan instrumentos (*galleto / galleta, batedor / batedora, computador / computadora* etc.), mais tamén pode darse noutros nomes, polo menos nalgunha das súas acepcións (*gallo / galla, risco / risca, cántaro / cántara, foxo / foxa* etc.). Nestes substantivos pertencentes á clase lexical caracterizada polo trazo [- animado] non existe calquera motivación semántica que xustifique a asignación dun ou doutro xénero. Echaide (1969: 102-103) opta por explicar estas variacións en virtude de causas sintácticas; pola súa parte, Arias Barredo (1995: 39) nos nomes que fan referencia a instrumentos supón a elisión dun substantivo, *máquina* ou *aparato*, que estes nomes, orixinariamente en función adxectiva, modificaban e que determina o seu xénero (*máquina segadora*), aínda que máis adiante fai referencia á conformación pragmática ou preferencia de uso para explicar formas como *refrixerador / refrixeradora* (1995: 72-73). Parece discutíbel atribuír á elisión dun substantivo, que ficaría como "residual inconsciente" na concordancia, a asignación do xénero, sobre todo se temos en consideración que a inestabilidade se pode producir en todo o tipo de nomes, algúns dos cales dificilmente teríran sido algunha vez (ou terían sido interpretados polos falantes como) modificadores de *máquina* ou *aparato*: *galleto / galleta, gallo / galla*. Pensamos máis ben que, como sucedía con outros substantivos en que a variación xenérica expresaba un contido semántico determinado, é preferíbel atribuír a inestabilidade de xénero nestes substantivos ás preferencias de uso dos falantes, determinadas en ocasións dialectalmente. Ao principio, calquera nome pode experimentar variación xenérica, estea ou non motivada semanticamente, podendo ser utilizado este procedemento flexional para transmitir os máis diversos significados. Ás veces, inclusive, un só lexema presenta variación xenérica non significativa nunha das súas acepcións, opóndose semanticamente noutras após un proceso de lexicali-

zación. Véxanse, a este respecto, as voces *cortiza* e *cortizo*, recollidas en DRAG (1998: s.v.):

> ***cortiza*** *s.f.* ***1****. Casca da sobreira e dalgunhas outras árbores, que se aproveita para diferentes usos industriais.* ***2****. Obxecto feito desa casca, como boias, flotadores ou rollas.* ***3****. Cortizo.*
>
> ***cortizo*** *s.m. Recipiente feito de casca de sobreira ou, por extensión, de madeira ou doutro material, onde habitan as abellas e no que fan a cera e o mel.* SIN. ***colmea****,* ***cortiza****,* ***covo****,* ***trobo****.*

3.3.4. Conclusións

Aínda que a principal motivación semántica da categoría gramatical de xénero é a do sexo, temos comprobado que a distinción entre a clase dos masculinos e a dos femininos tamén é operativa semanticamente nos nomes que fan referencia a seres asexuados. As dimensións máis importantes sobre as cales se estabelecen estas oposicións semánticas através do xénero son as da 'cantidade' e do 'tamaño'. Ligadas a estas adoitan estar outras oposicións en que o xénero gramatical expresa diferenzas formais variadas, relativas á largura, profundidade, etc., sendo frecuentes en todo o caso as oposicións pluridimensionais. De todas elas, a dimensión 'cantidade' parece ser a máis estábel, pois está determinada etimoloxicamente, entanto que a do 'tamaño' é de creación posterior, semella ser aínda produtiva sincronicamente e está dotada de maiores connotacións estilísticas e pragmáticas, sobre todo o masculino diminutivo, que en ocasións, alén de denotar diminución, posúe un contido claramente pexorativo. Neste sentido, parece claro que a capacidade do masculino para indicar diminución en nomes orixinariamente femininos e mais a do feminino para indicar un maior tamaño en nomes nun principio masculinos é un procedemento rendíbel no galego actual.

Doutro lado, xa que nalgúns pares é o masculino e noutros o feminino o que representa o termo caracterizado polo sema [+ grande], e tendo en conta que calquera de ambos pode ser o termo primario, consideramos necesario distinguir un uso aumentativo e diminutivo no masculino, e máis un uso aumentativo e diminutivo no feminino. Tamén é habitual que se produza a neutralización desta distinción semántica en un dos termos, podendo constituír a escolla do masculino ou do feminino simplemente unha característica idiolectal do falante.

A diferenciación do significado correspondente á distinción xenérica pode ultrapasar calquera destas dimensións estudadas, adquirindo o termo derivado, mediante un proceso de lexicalización, independencia significativa, de maneira que o novo termo é incluído no lexicón como palabra independente. Na realidade, isto sucede con todas aquelas oposicións de substantivos caracterizados polo sema [- animado]

que inclúen algún trazo distintivo para alén do 'tamaño', se ben nalgúns casos o termo derivado fai referencia a un obxecto que presenta algo máis que diferenzas formais a respecto do designado polo termo primario (*río* / *ría*). Na nosa análise optamos por falar especificamente só nestes casos de lexicalización.

Para expresar a relación semántica existente entre os termos de todos estes lexemas pódese empregar tamén o concepto de polisemia parcial, pois é o xénero gramatical o que permite distinguir os diversos significados que un mesmo lexema pode adquirir. Outros casos de polisemia en que o xénero gramatical funciona como 'salvagarda especial' teñen a súa causa na linguaxe figurada (metáforas e metonimias), na etimoloxía ou na elisión dalgún elemento sintáctico. Doutra parte, o xénero tamén pode constituír un elemento distintivo que permita evitar o choque homonímico, por canto algúns substantivos teñen como único trazo de distinción formal o seu morfema gramatical de xénero.

En definitiva, vista a frecuencia e a extensión significativa das formas derivadas xenericamente e dado que os procesos de lexicalización son tamén de variado teor, temos optado por ofrecer unha visión o máis ampla posíbel de todos estes procedementos, insistindo na produtividade do mecanismo flexional do xénero para estabelecer distincións semánticas e para crear novos substantivos, nun territorio fronteirizo entre a flexión e a derivación.

3.4. A formación de palabras e o xénero gramatical

Por formación de palabras entendemos os procedementos en virtude dos cales o léxico dunha lingua se multiplica mediante a combinación de morfemas lexicais ou de palabras xa previamente existentes:

> A formação de palavras é o domínio da lingüística que identifica, descreve e analisa as combinações de morfemas, que não podendo ser consideradas como construções sintácticas livres, correspondem ao conceito (mais ou menos intuitivo) de palavra. As unidades abrangidas neste domínio comportam genericamente pelo menos dois morfemas (Vilela 1994: 52).

Os principais procedementos para o enriquecemento do léxico dunha lingua funcional determinada, para alén dos empréstimos, a mudanza de significado e mais as construcións fraseolóxicas (Freixeiro Mato 1999: 159), son a derivación e a composición. A seguir veremos a relación que o xénero gramatical ten con estes procesos, relacionando cada un dos sufixos utilizados para formar nomes substantivos e adxectivos co masculino e o feminino, e segmentando nestes sufixos os morfes xenéricos. Tentaremos tamén estabelecer a relación entre mudanza categorial e mudanza de xénero e veremos cal é o xénero que prevalece nas palabras compostas.

3.4.1. A derivación

No capítulo introdutorio sometemos os conceptos de flexión e derivación a unha análise detida baseándonos fundamentalmente en Scalise (1984 e 1988) e definindo o morfema de xénero como unha categoría intermedia entre ambos os procesos. En calquera caso, o feito de situarmos o xénero gramatical nun lugar intermedio, constituíndo unha zona fronteiriza, non impide considerarmos necesaria e útil esta distinción para a análise morfolóxica. A derivación caracterízase, entre outras cousas, por supor o acrecentamento de un ou varios morfemas lexicais a un lexema, obtendo como resultado unha palabra nova. Estes morfemas ou afixos poden ser prefixos ou sufixos, segundo vaian situados antes ou despois da raíz; no primeiro caso falaremos de prefixación e no segundo de sufixación. A parasíntese, por último, supón o acrecentamento simultáneo de un prefixo e un sufixo ao lexema.

Segundo isto, o primeiro que podemos constatar no tocante á relación entre os diversos procedementos derivativos e o xénero gramatical é que a prefixación non supón en ningún caso a mudanza do xénero do nome que se sitúa na base do proceso, isto é, o lexema sometido a este proceso non muda en ningún caso o seu xénero gramatical:

(184) (a) tensión {FEM} → dis-tensión{FEM}
(b) brazo {MAS} → ante-brazo {MAS}
(c) presidenta {FEM} → vice-presidenta {FEM}
(d) presidente {MAS} → vice-presidente {MAS}

Tanto se o substantivo é invariábel canto ao xénero como se posuír un termo MAS e outro FEM, de calquera maneira a presenza do prefixo non inflúe no xénero gramatical do substantivo resultante do proceso. Seguramente, a causa desta circunstancia reside na situación do prefixo, que ocupa o lugar máis afastado daquel que se reserva á expresión morfofonolóxica de xénero. Por este mesmo motivo, como se verá a seguir, a sufixación, que sitúa o afixo á dereita da raíz, si pode influír nalgunhas ocasións no xénero gramatical da palabra formada mediante un proceso derivacional. Neste sentido, a derivación parasintética non será aquí considerada, por xerar normalmente verbos a partir de nomes, pois tal transcategorización ten como resultado a creación de palabras en que non funciona a categoría gramatical que analizamos.

3.4.1.1. A sufixación apreciativa

Os sufixos apreciativos, que se diferencian doutros sufixos derivacionais en que non mudan a categoría gramatical da palabra sobre a cal actúan, caracterízanse por alteraren o significado da base lexemática dun modo exclusivamente subxectivo ou

emocional e pódense clasificar segundo o seu significado como diminutivos, aumentativos, pexorativos e intensificadores (Freixeiro Mato 1999: 167).

Os diminutivos transmiten en principio unha idea de pequenez, se ben son moi variadas as significacións que poden adquirir[172]. Como se pode comprobar no inventario de sufixos diminutivos, cada un deles oferece unha forma de masculino, representada maioritariamente pola terminación *-o* (aínda que tamén ocasionalmente *-e*), e unha de feminino representada pola terminación *-a*: *-iño* / *-iña, -elo* / *-ela, -olo* / *-ola, -ete* / *-eta, -ote* / *-ota, -acho* / *-acha, -echo* / *echa, -ocho* / *-ocha, -ucho* / *-ucha, -ico* / *-ica, -uco* / *-uca, -exo* / *-exa, -uxo* / *-uxa, -ello* / *-ella, -allo* / *-alla, -illo* / *-illa* (Freixeiro Mato 1996: 50-61). Desta maneira, aqueles nomes que non posúen dous termos opostos polo xénero, terminen ou non nunha VT, expresan fonoloxicamente o xénero cando se lles acrecenta un sufixo diminutivo, onde esta oposición morfolóxica si está marcada:

(185) (a) casa {FEM} → cas-iñ-**a** {FEM}
(b) libro {MAS} → libr-iñ-**o** {MAS}
(c) rapaz {MAS} → rapac-iñ-**o** {MAS}
(d) rapaza {FEM} → rapac-iñ-**a** {FEM}
(e) berce {MAS} → berc-iñ-**o** {MAS}
(f) nariz {MAS} → naric-iñ-**o** {MAS}

En (185) representamos diversos casos en que a relación entre a terminación do sufixo diminutivo e o xénero da palabra base é perfectamente regular, de tal xeito que os substantivos masculinos terminan en *-o* e os femininos en *-a*. Os exemplos de (185a) e (185b) mostran que a relación que vimos estabelecendo entre terminación e xénero mantense polo xeral de modo regular na forma derivada. Esas vogais finais, que denominamos VTs por funcionaren como indicadoras da clase a que pertence o substantivo, están presentes por tanto tamén nas formas resultantes após o acrecentamento dun sufixo diminutivo. Mais, serán neste caso realmente VTs ou, segundo a distinción que estamos a facer ao longo deste traballo, deberemos denominalas máis ben morfes de xénero, considerándoas expresión substancial do morfema de xénero gramatical? A este respecto, parécenos necesario realizarmos a mesma distinción que nos nomes simples. Así pois, en (185c) e (185d) entendemos

[172] Véxase Freixeiro Mato (1996: 100-121), que realiza un pormenorizado estudo das funcións pragmáticas (representativa, expresiva e activa) que pode desempeñar o sufixo *-iño* en galego: "Como síntese pódese afirmar que o sufixo –iño cumpre normalmente unha función informativa consistente en destacar ou focalizar un determinado elemento do discurso para descarregar sobre el a intencionalidade –representativa, expresiva, activa– do seu autor. En consecuencia, só o contexto en ocasións e en último termo o propio falante ou escritor poderán dar cumprida explicación da riquísima gama de valores e matices que un signo lingüístico aparentemente tan insignificante como *-iño* pode adquirir" (p. 120).

que a terminación do sufixo diminutivo debe ser analizada como morfe de xénero por se situar en oposición ao outro termo do lexema (*rapaciñ**o*** / *rapaciñ**a***), e porque nesta ocasión a relación entre terminación e xénero é regular e sistemática, isto é, neste tipo de oposición paradigmática, a forma terminada en *-o* é sempre masculina e a terminada en *-a* é sempre feminina, sen que exista calquera excepción a esta regra xeral.

Doutro lado, a VT do sufixo diminutivo está sempre presente na forma resultante, mesmo cando esa VT segmentábel na palabra derivada non facía parte da palabra base, como pode observarse en (185e) e (185f), estabelecendo unha relación co xénero gramatical do nome que, sendo indicativa na maior parte das ocasións da clase a que pertence, non é regular e constante. Esta falta de sistematicidade é, novamente, a que nos impide denominarmos morfe de xénero a terminación do sufixo en todas as ocasións, pois, como acontece cos nomes simples, existen casos de formas masculinas que terminan en *-a* e de formas femininas que o fan en *-o*:

(186) (a) mapa {MAS} → map-iñ-a {MAS}
(b) soprano {FEM} → sopran-iñ-o {FEM}
(c) soprano {FEM} → ?sopran-iñ-a {FEM}
(d) artista {MAS} / {FEM} → artist-iñ-a {MAS} / {FEM}

Pódese concluír, despois dos exemplos de (186), que as palabras derivadas mediante un sufixo diminutivo manteñen o xénero da palabra base, mesmo cando a forma do sufixo non se corresponde coa que habitualmente relacionamos con ese xénero[173]. En (186a), a palabra MAS *mapa* ten como forma derivada un substantivo cun sufixo diminutivo aparentemente feminino *-iña*, aínda mantendo o seu orixinal xénero masculino (*o mapiña*). Se ben estes casos son excepcionais, pois na maioría das ocasións a terminación do sufixo diminutivo é representativa do xénero da palabra base, o feito de existiren tal tipo de formas contrarias ás relacións que temos estabelecido (*-o* {MAS} / *-a* {FEM}) obríganos a considerarmos de forma diversa estas terminacións fónicas segundo a palabra a que se adhiran. A tendencia dos sufixos diminutivos é, por tanto, a de reproducir a terminación da palabra primitiva, cando esta acaba en *-o* ou *-a*, estiver ou non relacionada co xénero gramatical. É comprensíbel que aconteza desta maneira tendo en conta que o sufixo diminutivo vén a ocupar a posición da palabra en que se situaba previamente esa vogal

[173] Segundo Lloret / Viaplana (1998: 83) o comportamento destes diminutivos en español pode ser lixeiramente diferente: "Los diminutivos correspondientes a los nominales masculinos acabados en [a] acaban también en [a], mientras que los diminutivos correspondientes a los nominales femeninos acabados en [o] acaban unos en [a] y otros en [o]". Poñen como exemplo de nomes terminados en /o/ cun diminutivo en /a/ *mano* → *manita*. En galego, a regularidade na relación entre terminación do nome simples e terminación do derivado parece ser maior.

átona, a cal substitúe; esa posición, segundo o que vimos anteriormente, pode estar ocupada quer por un morfe de xénero, quer por unha VT, quer por un morfe cero /ø/ (en nomes que terminan en vogal tónica ou consoante), quer por un morfe vacío, que sen cumprir en principio ningunha función gramatical específica pode tamén ser reinterpretado como morfe xenérico no caso de que se estabeleza unha nova oposición paradigmática de xénero sobre a base do lexema. De todos os xeitos, frente a esta tendencia, que consideramos maioritaria, talvez se poida falar tamén nalgúns casos dunha tendencia contraria que consiste en utilizar esa terminación vocálica do sufixo para marcar especificamente o xénero do nome; de aí que manteñamos un interrogante diante do resultado de (186c).

Así mesmo, no tocante á relación entre a terminación da palabra base e a terminación vocálica do sufixo diminutivo, debemos ter en conta as palabras non pertencentes á categoría nome que ocasionalmente admiten a presenza dun sufixo diminutivo, pois nelas tampouco é posíbel relacionarmos terminación e xénero:

(187) (a) todo → tod-iñ-o
(b) nada → nad-iñ-a
(c) pouco → pouqu-iñ-o

Obviamente, nestes casos non ten sentido relacionarmos as terminacións fónicas /o/ e /a/ cos morfemas de masculino e feminino, pois aquí o sufixo diminutivo engádese a cuantificadores invariábeis canto ao xénero. Se ocasionalmente se utilizar un adxectivo para os modificar, a concordancia realizarase en masculino e singular, como corresponde a todas as formas invariábeis que cumpren unha función substantiva:

(188) *Nad**iña*** do que vendían naquela tenda era *nov**o***.

Exemplificamos sempre co sufixo *-iño*, o máis representativo dos diminutivos galegos; mais o visto até aquí é válido tamén para os outros sufixos que comparten este mesmo significado. Doutra parte, en ocasións prodúcese unha mudanza no xénero da palabra tras ser sometida a un proceso derivacional co acrecentamento dun sufixo diminutivo. Na realidade, esta mudanza no xénero do nome adoita estar unido a determinadas transformacións semánticas, polo que é habitual explicalo como resultado dun proceso de lexicalización[174]:

[174] "A súa función lexicalizadora [dos sufixos diminutivos] permite que dunha mesma base se formen dous derivados diferentes (*banqueta/banquete*, *carreta/carrete*); dunha base masculina pódese formar un derivado feminino (*corno-corneta*, *papel-papeleta*). Existen tamén derivados que, achándose xa lexicalizados por se diferenciaren na forma da palabra primitiva, non obstante conservan no falante a conciencia da relación con esta (*avioneta, camioneta*)" (Freixeiro Mato 1996: 53).

(189) (a) fouce {FEM} → fouc-iño {MAS}
(b) corno {MAS} → corn-eta {FEM}
(c) papel {MAS} → papel-eta {FEM}
(d) casa {FEM} → cas-eto {MAS}
(e) coda {FEM} → cod-echo {MAS}
(f) fenda {FEM} → fend-echo {MAS}

No primeiro dos exemplos (189a) mesmo se podería comparar a relación semántica existente entre o nome simples e o derivado coa que existe entre certos pares de termos dunha mesma base lexical en que a oposición MAS / FEM é indicativa das diferenzas de tamaño e formais dos referentes. De feito, algúns sufixos diminutivos teñen dado lugar a novas formas en que, normalmente após se ter producido a lexicalización, a diferenza de xénero permite estabelecer distincións dentro da dimensión 'tamaño':

(190) (a) porta {FEM} → port-elo {MAS} [- grande] / port-ela {FEM} [+ grande]
(b) cazo {MAS} → caz-olo {MAS} [-grande] / caz-ola {FEM} [+ grande]
(c) raio {MAS} → rai-olo {MAS} [-grande] / rai-ola {FEM} [+ grande]

En definitiva, pódese afirmar que as palabras sometidas a un proceso derivacional co acrecentamento dun sufixo diminutivo manteñen de forma regular o seu xénero, aínda que se produzan mudanzas en formas lexicalizadas, que mesmo poden organizarse en novas oposicións xenéricas. A terminación do sufixo é frecuentemente indicativa do xénero da palabra, coa excepción dos masculinos terminados en /a/ e dos femininos terminados en /o/, pois nestes casos a forma diminutiva toma a terminación da palabra primitiva, mantendo con todo o seu xénero, sen que se poida relacionar entón terminación e xénero gramatical.

Os sufixos aumentativos, aqueles que en principio implican unha noción de grandeza (se ben, como acontecía cos diminutivos, poden adquirir outras funcións informativas, frecuentemente con connotacións pexorativas), teñen un comportamento diferente no que atinxe á súa relación co xénero gramatical. Así, en canto os nomes simples masculinos engaden sen excepción un sufixo aumentativo masculino, os femininos moi habitualmente mudan de xénero neste proceso derivacional, estando acompañada esta mudanza case sempre por unha especialización do significado:

(191) (a) nariz {MAS} → nariz-ón {MAS}
(b) pateiro {MAS} → pateir-ón {MAS}

(192) (a) butaca {FEM} → butac-ón {MAS}
(b) caixa {FEM} → caix-ón {MAS}
(c) culler {FEM} → culler-ón {MAS}
(d) porta {FEM} → port-ón {MAS}

En (191) representamos substantivos masculinos que manteñen o seu xénero cando se lles acrecenta un sufixo aumentativo. Nestes casos, aliás, o sufixo indica realmente aumento de tamaño. Os exemplos de (192) representan os substantivos femininos que mudan o seu xénero cando engaden un sufixo aumentativo á súa base nominal; como se pode observar, é posíbel falarmos nestes casos de lexicalización, pois as formas resultantes designan obxectos diferentes[175]. De calquera maneira, trátase de substantivos caracterizados polo sema [- animado] en que o xénero gramatical non posúe calquera contido semántico. Do punto de vista formal, non consideramos o seu /a/ final como morfe de xénero senón como VT de feminino, sendo substituída polo sufixo aumentativo masculino *-ón* no proceso de derivación. Doutra parte, como afirma Freixeiro Mato (1999: 207), algúns substantivos referidos a partes do corpo poden formar o aumentativo tanto en feminino como en masculino (*barriga* → *barrigona* / *barrigón*).

Porén, deben ser considerados á parte os nomes femininos caracterizados polo sema [+ animado] e que se organizan arredor da oposición semántica de sexo, pois nestes nomes a forma derivada mantén, polo xeral, o mesmo xénero da palabra primitiva.

(193) (a) señora {FEM} → señor-ona {FEM}
(b) muller {FEM} → muller-ona {FEM}

Nestes exemplos, se se producir unha mudanza de xénero, responderá máis ben a causas estilísticas, relacionadas co sentido pexorativo que este sufixo pode adquirir en determinados contextos (*muller* → *mullerón*). Os outros sufixos derivativos que comparten significado aumentativo con *-ón* / *-ona*, de uso máis restrito, son *-án* / *-ana*, variante do anterior e cun comportamento similar no tocante ao xénero gramatical, e mais *-azo* / *-aza*, que se diferencia destes en que non adoita mudar o xénero da palabra base[176]. Existe, por tanto, unha importante diferenza no comportamen-

[175] Véxase Carballo Calero (1979: 169): "Muchos nombres etimológicamente aumentativos han perdido o debilitado su contacto semántico con los primitivos de que se derivan, y ya no se sienten como aumentativos. *Portón* no se entiende precisamente como aumentativo de *porta*; no es ya una puerta grande, o cualquier puerta grande. *Barcaza* no es toda barca de gran tamaño. Otros han llegado a designar cosas distintas, aunque parecidas, que los vocablos básico; así *caixón* 'cajón', de *caixa* 'caja', independientemente del tamaño. Un *caixón* puede ser más pequeño que una *caixa*, e incluso admite el diminutivo: *caixonciño*. No es ya un aumentativo para la conciencia del hablante".

[176] A respecto da relación que estes sufixos aumentativos teñen co xénero, Vilela (1994: 81-82) afirma o seguinte: "Por outro lado, nos aumentativos denominais há tendência para a masculinização dos derivados: *mulherão* (ao lado de *mulheraça*, feminino), *casarão*, *casão*, *asneirão*, *garrafão*. Com base adjectiva, dá-se continuidade à flexão: *bonitão-bonitona*, *sabidão-sabidona*, *gostosão-gostosona*, etc.".

to xénerico entre sufixos diminutivos e aumentativos, pois se ben nos diminutivos a relación entre a terminación *-o* / *-a* e cada un dos xéneros posúe algunhas excepcións, nos aumentativos a relación entre *-ø* / *-a* (presentes nos sufixos *-ón* / *-ona*) e mais o masculino e o feminino, respectivamente, é regular e sistemática, mesmo cando en ocasións o xénero da forma resultante non é o mesmo que o da palabra primitiva. Como veremos a seguir, isto mesmo ocorre cos outros sufixos apreciativos, de maneira que a este respecto os diminutivos constitúen un caso á parte.

A nómina de sufixos pexorativos é ampla e inclúe algúns dos considerados habitualmente diminutivos ou aumentativos. Isto é así porque, na realidade, o valor pexorativo pode ser expresado pola maioría dos sufixos apreciativos. O inventario destes sufixos é o seguinte: *-acho* / *-acha*, *-ucho* / *-ucha*, *-allo* / *-alla*, *-ello* / *-ella*, *-astro* / *-astra*, *-exo* / *-exa*, *-ngo* / *-nga*, *-oco* / *-oca*, *-ouco* / *-ouca*, *-uco* / *-uca*, *-opo* / *-opa*, *-oupo* / *-oupa*, *-upa*, *-uzo* / *-uza*, *-oide* (Freixeiro Mato 1999: 210-213). A forma resultante tras engadir calquera destes sufixos mantén o mesmo xénero gramatical da palabra primitiva.

Por último, o sufixo intensificador *-ísimo* / *-ísima*, que se adxunta a bases adxectivas para formar o superlativo absoluto, desfai a ambigüidade formal dos adxectivos que non representan por medio dun morfe específico o xénero que posúen anaforicamente, dun modo semellante a como facía o sufixo *-iño* / *-iña* con aqueles substantivos que non expresan o xénero a que pertencen mediante o sufixo correspondente:

(194) (a) No salón había *grandes artistas*.
(b) No salón había *grandísim**o**s artistas*.
(c) No salón había *grandísim**a**s artistas*.

A ambigüidade a respecto do xénero do substantivo *artistas*, e do sexo do referente, de (194a), causada por este substantivo non expresar mediante un morfe ligado ao lexema o seu xénero gramatical e por o adxectivo *grandes* ser xenericamente invariábel, non habendo ningún outro indicador sintáctico, resólvese en (194b) e (194c) nos sufixos intensificadores, que sempre posúen morfes de xénero, *-o* para o masculino e *-a* para o feminino. O mesmo acontece co seu alomorfe *-imo* utilizado en formas cultas que conservan o étimo latino (*libre* → *libérr-imo* / *libérr-ima*).

3.4.1.2. A sufixación nocional

Neste tipo de derivación o sufixo modifica o significado da base dun modo obxectivo e substancial, ocasionando a súa transcategorización e determinando o seu xénero gramatical. Neste sentido, como afirma Freixeiro Mato (1999: 221), nos sufixos apreciativos a base é o núcleo semántico e sintáctico, mais:

os sufixos nocionais funcionan, na realidade, como núcleo semántico e sintáctico, traspasando tanto o seu xénero como o seu contido semántico á base, de forma que en billete → billeteira esta é o recipiente en que se gardan os billetes ou en libro → libraría esta é o local onde se venden libros. Con outras palabras, un zapatiño é un zapato, mais un zapateiro é unha persoa.

Veremos a seguir os sufixos empregados para formar substantivos e adxectivos, distinguíndoos segundo o xénero que seleccionan para a base lexical a que se adhiren, e prestaremos atención a outros procesos morfolóxicos implicados nas nominalizacións. O feito de o sufixo derivacional determinar o xénero da palabra resultante é a causa de que algunhas destas terminacións aparezan recollidas nas gramáticas galegas como indicativas do xénero gramatical dos nomes. De tal maneira que, como explicamos en 0.4, é posíbel formular regras de carácter morfolóxico para a asignación do xénero en galego tendo en conta estes sufixos.

3.4.1.2.1. Formación de substantivos

De entre os sufixos empregados para a formación de substantivos pódense distinguir os que se utilizan sobre bases substantivas, os que se engaden a bases adxectivas e mais os que o fan sobre bases verbais. A seguir tentaremos analizar o comportamento canto ao xénero dun número significativo de sufixos empregados para formar substantivos, distinguindo os que inclúen as formas resultantes no grupo dos MAS e mais os que as fan pertencer á clase dos FEM daqueloutros que presentan un termo para cada xénero, tendo presente tamén o tipo de bases sobre as cales actúan.

Para formar substantivos femininos contamos, entre outros, cos seguintes sufixos: *-aría* (*-ía*), *-axe*, *-ción* / *-zón, -dade* (*-edade*, *-idade*), *-dela*, *-dura*, *-ez* / *-eza*, *-ura*:

(195) (a) libro [Subs] {MAS} → libr-aría [Subs] {FEM}
(b) quilómetro [Subs] {MAS} → quilometr-axe [Subs] {FEM}

Os exemplos que proporemos desde agora teñen como obxectivo demostrar a capacidade do sufixo para mudar o xénero da palabra primitiva, sen pretendermos facer unha análise exhaustiva de todos e cada un dos significados que cada un deles pode adquirir. En (195a) o sufixo *-aría* ten un valor locativo, a pesar de usarse tamén habitualmente cun significado colectivo ou mesmo como sufixo de acción. O sufixo *-axe* de (195b) indica 'cantidade indeterminada de N' ou ben, simplesmente, 'conxunto de N' (Vilela 1994: 80), mais pode ter outros valores; doutra parte, aínda que aquí aparece unido a unha base substantiva, pode engadirse tamén a bases verbais (*abordar* → *abordaxe*). En todo o caso, forma sempre substantivos de xénero feminino, como indican, a pesar das diferenzas normativas no tocante ás excepcións, case todas as gramáticas galegas.

Utilízanse como sufixos deadxectivais para a formación de substantivos femininos *-dade* (*-edade* / *-idade*), *-aría*, *-ez* / *-eza* e mais *-ura*:

(196) (a) feliz [Adx] → felic-idade [Subs] {FEM}
(b) porco / porca [Adx] → porcaría [Subs] {FEM}
(c) altivo / altiva [Adx] → altivez [Subs] {FEM}
(d) simple [Adx] → simpleza [Subs] {FEM}
(e) fermoso / fermosa [Adx] → fermosura [Subs] {FEM}

Como vemos en (196) é indiferente o feito de o adxectivo que constitúe o termo primario ser ou non formalmente variábel canto ao xénero para que o termo resultante sexa masculino ou feminino. En (196b) reflectimos unha das posibilidades alomórficas deste sufixo, pois tamén pode presentar unha forma *-ía* (en *vilán* → *vilanía*) e mais *-ería* (neste exemplo, *porquería*), que se documenta esporadicamente desde o século XIII e que, segundo Ferreiro (1997: 121), "avanzou na lingua popular moderna por presión da correspondente do español". As variantes *-ez* / *-eza*, que representamos en (196c) e (196d), demostran a forte identificación que a vogal /a/ en posición final ten co xénero feminino, podéndose en ocasións engadir calquera dos dous sufixos a un mesmo substantivo, de tal maneira que a maioría das formas en *-ez* admiten tamén un sufixo *-eza* (no noso exemplo, *altiveza*), que semella ser a forma preferida no galego actual[177]. Neste sentido, é facilmente constatábel a relación que existe entre a terminación vocálica destes sufixos e o xénero gramatical, pois a maioría dos femininos terminan en /a/ e a dos masculinos en /o/. Se ben en ningunha ocasión un sufixo derivativo masculino termina en /a/, e viceversa, non hai sufixos femininos que o fagan en /o/; non sempre é posíbel realizar esta relación entre terminación fónica e xénero, pois os sufixos terminados en /e/ poden facer o substantivo pertencer a calquera dos dous xéneros (*-axe* feminino e *-ume* masculino, por exemplo), e, por outra parte, os sufixos terminados en consoante poden adscribir o nome ao xénero MAS ou ao FEM, non sendo conveniente nestes casos relacionarmos un posíbel morfe /ø/ cos dous termos xenéricos. As terminacións /o/ e /a/ dos sufixos deben ser analizadas, por tanto, como VTs, por marcaren unha tendencia na asignación do xénero aos nomes.

Xunto a *-axe*, que como vimos pode ser utilizado para formar substantivos a partir de verbos, outros sufixos deverbais que determinan o xénero feminino dos substantivos resultantes son *-ción* / *-zón*, *-dela*, e mais *-dura*:

[177] "A variante *-ez* é minoritaria fronte á xeral *-eza*, rexistrándose sempre en formacións máis modernas" (Ferreiro 1997: 130).

(197) (a) gobernar [V] → goberna-ción [Subs] {FEM}
(b) doar [V] → doa-zón [Subs] {FEM}
(c) beber [V] → bebe-dela [Subs] {FEM}
(d) fechar [V] → fecha-dura [Subs] {FEM}

A forma *-zón* de (197b) representa o resultado patrimonial propio do galego medieval, aínda que no galego moderno se transformou na maioría das ocasións en *-ción*, seguramente baixo a influencia do español (Ferreiro 1997: 140-141).

Os principais sufixos desubstantivais utilizados para formar substantivos masculinos son os seguintes: *-al*, *-ame*, *-azo*, *-edo*, *-ismo*.

(198) (a) pombo {MAS} / pomba [Subs] {FEM} → pomb-al [Subs] {MAS}
(b) vela [Subs] {FEM} → vel-ame [Subs] {MAS}
(c) leño [Subs] {MAS} → leñ-azo [Subs] {MAS}
(d) viña [Subs] {FEM} → viñ-edo [Subs] {MAS}
(e) terror [Subs] {MAS} → terror-ismo [Subs] {MAS}

Como ocorría cos substantivos derivados que vimos anteriormente, en todos estes exemplos é indiferente o xénero da palabra primitiva, ou mesmo que se trate dun lexema con dous termos xenéricos, para que o resultado sempre sexa un substantivo masculino, pois o xénero desta nova forma está determinado polo sufixo que se lle acrecenta á palabra primitiva.

O sufixo de (198e) é utilizado tamén para formar substantivos masculinos a partir de bases adxectivas (*formal* [Adx] → *formalismo* [Subs] {MAS}). Outro sufixo deadxectival que crea substantivos masculinos é *-ume*, citado habitualmente nas gramaticas galegas entre as regras que tentan estabelecer o xénero dos nomes atendendo á súa terminación, se ben Álvarez / Regueira / Monteagudo (1992: 61) inclúen este tipo de substantivos no grupo máis xeral dos que terminan en *-me* á hora de determinaren as tendencias na relación entre terminación e xénero gramatical. Costa Casas / González Refoxo / Morán Fraga / Rábade Castiñeira (1988: 75) si inclúen especificamente esta regra para o recoñecemento de substantivos masculinos. Como xa se explicou anteriormente, as escasas excepcións á regra de todos os substantivos terminados en *-ume* seren masculinos teñen unha explicación etimolóxica[178].

[178] Entre ambas as gramáticas non existe, de todos os xeitos, total acordo no tocante ás excepcións; especificamente Costa Casas / González Refoxo / Morán Fraga / Rábade Castiñeira (1988: 75) inclúen *pesadume* entre os masculinos, segundo a regra xeral, entanto que para Álvarez / Regueira / Monteagudo (1992: 61) este substantivo constitúe unha excepción. Doutra parte, a formulación destas regras para o recoñecemento do xénero baséase exclusivamente na terminación fonolóxica, polo que non en todos os exemplos utilizados *-ume* é un sufixo derivacional.

Finalmente, para formar substantivos masculinos a partir de bases verbais utilízanse os sufixos *-mento* e mais *-ón*:

(199) (a) salvar [V] → salva-mento [Subs] {MAS}
(b) parar [V] → par-ón [Subs] {MAS}

Se até aquí vimos os sufixos empregados para formar substantivos pertencentes á clase MAS ou á clase FEM, agora veremos aqueles que serven para formaren substantivos de calquera dos dous xéneros. De entre estes, é preciso aínda distinguirmos aqueles que mudan o seu valor significativo dependendo do xénero en que se empregaren, ou que poden usarse indistintamente en calquera dos dous xéneros sen que isto produza unha mudanza semántica, daqueloutros que presentan un mesmo significado e que mediante a variación xenérica exprimen exclusivamente a distinción sexual. O primeiro dos casos está representado principalmente polos pares *-ado* (*-ato*) / *-ada* e mais *-deiro* / *-deira*:

(200) (a) xogo [Subs] {MAS} → xog-ada [Subs] {FEM}
(b) parar [V] → par-ada [Subs] {FEM}
(c) profesor {MAS} / profesora [Subs] {FEM} → profesor-ado [Subs] {MAS}
(d) lavar [V] → lav-ado [Subs] {MAS}

O sufixo *-ada* pode formar substantivos femininos sobre bases substantivas con diferentes significados; no exemplo (200a) utilízase como sufixo de acción, mais pode ter tamén un valor cuantitativo (*culler* → *cullerada*) ou utilizarse para formar nomes de bebidas (*limón* → *limonada*). Como se pode comprobar en (200b), pode ser igualmente un sufixo deverbal, a indicar nese caso acción ou efecto (Freixeiro Mato 1999: 228-229). O correspondente masculino ten, no entanto, outros usos e valores; cando se engade a bases substantivas ten normalmente un sentido colectivo, como en (200c), aínda que tamén pode ser utilizado como sufixo ocupacional (*secretario* / *secretaria* → *secretariado*; *artesán* / *artesá* → *artesanato*). Como sufixo deverbal funciona igual que a súa correspondente forma feminina, indicando acción ou efecto (200d). A escolla da forma MAS ou FEM para formar o substantivo a partir de cada verbo é idiosincrática, sen que se poida formular ningunha norma ao respecto, como se deduce dos exemplos que reproducimos acima, onde a palabra primitiva é en ambos os casos un infinitivo da CI.

O sufixo *-deiro* / *-deira* (*-doiro* / *-doira*) utilízase, igualmente, para formar substantivos que designan instrumentos sobre bases verbais; ten por tanto o significado de axente aplicado a obxectos. A escolla do xénero para a palabra resultante é tamén idiosincrática e, a pesar de existiren diversas hipóteses que explican tal inestabilidade xenérica, do noso punto de vista esta circuntancia non constitúe máis do que un fenómeno de uso, como explicamos en 3.3.3.

(201) (a) lavar [V] → lava-deiro {MAS} / lava-doiro [Subs] {MAS}
(b) munxir [V] → munxi-deira {FEM} / munxi-doira [Subs] {FEM}

Ocasionalmente a forma feminina do sufixo tamén serve para marcar a distinción de sexos en substantivos pertencentes á clase lexical dos seres humanos. Así, por exemplo, *tecedeira* significa 'muller que tece', ao carón de *tecelá* e *tecedora* (DRAG 1998: s.v.), e os femininos *cantadeira* e *vendedeira* comparten usos e significado con *cantadora* e *vendedora*, respectivamente (Costa Casas / González Refoxo / Morán Fraga / Rábade Castiñeira 1988: 79). Por outro lado, os sufixos derivacionais que estabelecen mediante o xénero gramatical a distinción semántica de sexo, contando ou non con un morfe específico para cada un dos xéneros, son os seguintes: *-ando* / *-anda*, *-ante* (*-ente*, *-inte*), *-dor* / *-dora* (*-tor* / *-tora*), *-eiro* / *-eira*, *-ista*:

(202) (a) doutorar [V] → doutor-ando {MAS} / doutor-anda [Subs] {FEM}
(b) criar [V] → cria-dor {MAS} / cria-dora [Subs] {FEM}
(c) lingua [V] → lingü-ista [Subs] {MAS} / {FEM}
(d) comerciar [V] → comerci-ante [Subs] {MAS} / {FEM}

Todos eles caracterízanse por seren sufixos de acción que achegan á palabra primitiva o valor de axente. Como se pode observar, deixamos para máis adiante a exemplificación co sufixo *-eiro* / *-eira*, que debido á cantidade de significados que adquire se presenta como un caso particular. Os sufixos de (202a) e (202b) expresan por medio dun morfe colocado no lugar máis á dereita da palabra o xénero gramatical que permite distinguir o sexo do referente. Estes morfes que se opoñen en ambos os termos do sufixo son, respectivamente, *-o* / *-a* e mais *-ø* / *-a*. Os sufixos de (202c) e (202d), pola contra, non posúen ningún morfe de xénero, aínda que poden facer que o substantivo a que se ligan pertenza tanto ao masculino como ao feminino (*o lingüista* / *a lingüista*; *o comerciante* / *a comerciante*). Ademais de ser o primeiro destes un sufixo desubstantival e o segundo un sufixo deverbal, distínguense pola capacidade de *-ante* (*-ente*, *-inte*) para marcar tamén por medio dun morfe a oposición de xénero, após a reinterpretación que en ocasións realizan os falantes da terminación *-e*, algo que non sucede en ningún caso co *-a* de *-ista*:

(203) (a) presidir [V] → presid-ente [Subs] {MAS} / {FEM}
(b) presidir [V] → presid-ente {MAS} / presid-enta [Subs] {FEM}
(c) arte [Subs] → art-ista [Subs] {MAS} / {FEM}
(d)*arte [Subs] → art-isto {MAS} / art-ista [Subs] {FEM}

Máis conflituoso resulta, porén, *-eiro* / *-eira*, pois son moitos os significados que este sufixo, un dos máis produtivos do sistema morfolóxico galego, pode achegar ás bases lexemáticas con que concorre, e nalgúns casos estas diferenzas semánticas están relacionadas co xénero gramatical. De maneira que o sufixo *-eiro* / *-eira* acrecenta diversos valores significativos segundo se presentar en masculino ou en feminino, comportándose como dous sufixos diferentes (ao se engadiren as formas MAS e FEM sobre diferentes bases e achegaren significados tamén diversos) e, por outra parte, opón ás veces dous termos xenéricos dun mesmo lexema sobre a dimensión semántica do sexo, como o facían os sufixos que vimos de analizar. Neste sentido, xa vimos en 3.2.2 cómo se opuñan en torno á dimensión semántica [± animado] pares como *carteiro* / *carteira*. Non é a nosa intención facermos agora unha análise de todos os valores deste sufixo (véxase Freixeiro Mato 1999: 223-225), polo que simplemente nos limitaremos a propor algúns exemplos que demostren a relación existente entre a súa complexidade significativa e a categoría gramatical do xénero.

(204) (a) canción [Subs] → cancion-eiro [Subs] {MAS}
(b) carballo [Subs] → carball-eira [Subs] {FEM}

En (204) funciona como un sufixo colectivo, a pesar de se presentar en (204a) baixo a forma MAS e en (204b) baixo a forma FEM. Isto demostra que, como acontecía con *-ado* / *-ada*, nalgunhas ocasións o sufixo *-eiro* / *-eira* é utilizado cun mesmo significado, dos moitos que pode adquirir, en masculino ou feminino, sen que se exista calquera regra que determine esta elección. Neste sentido, xa vimos en 3.3.3 as explicacións baseadas na suposta elisión dun substantivo con quen concordaría o nome co sufixo *-eiro* / *-eira*, orixinariamente en función adxectiva. Wandersleben (1983), no entanto, interpreta a escolla do xénero para o derivado en función dunha tendencia que existe nas linguas a organizar a realidade en pares opostos. Algúns dos exemplos que propón para o español poderían ser válidos tamén para o galego. Segundo este autor, cando o sufixo *-eiro* / *-eira* se utiliza na denominación de recipientes, adoita adquirir o xénero contrario ao da palabra primitiva (esa tendencia parece funcionar tamén en (205)):

(205) (a) po [Subs] {MAS} → po-eira [Subs] {FEM}
(b) cinza [Subs] {FEM} → cinc-eiro [Subs] {MAS}
(c) café [Subs] {MAS} → cafe-teira [Subs] {FEM}

Sen negarmos o poder do xénero gramatical para marcar redundantemente todo o tipo de oposicións semánticas, como pensamos ter demostrado en capítulos anteriores, o feito de existiren abundantes excepcións impídenos estabelecer regras neste sentido, pois frente aos exemplos de (205) podemos propor outros que mos-

tran un comportamento diametralmente oposto canto ao xénero, en nomes de recipiente ou non[179]:

(206) (a) salsa [Subs] {FEM} → salseira [Subs] {FEM}
(b) sopa [Subs] {FEM} → sopeira [Subs] {FEM}
(c) alfinete [Subs] {MAS} → alfineteiro [Subs] {MAS}
(d) pera [Subs] {FEM} → per-eira [Subs] {FEM}

No exemplo de (206d) o sufixo *-eira* é utilizado para nomear unha árbore e compórtase a respecto do xénero dun modo peculiar, pois mantén o mesmo do substantivo primitivo *pera*[180]. Algunhas gramáticas galegas tamén teñen en consideración esta coincidencia entre o xénero do nome que designa a froita e o da correspondente árbore ou arbusto para formularen unha regra de carácter morfolóxico e semántico coas súas correspondentes excepcións:

> Os nomes das froitas son femininos en galego na maior parte dos casos. Cando este nome é de xénero feminino tamén o é o da árbore froiteira (*mazá-maceira*, *pera-pereira*, *cereixa-cerdeira*, *ameixa-ameixeira*, etc., coa excepción de *castaña-castiñeiro*); se o nome da froita é masculino, tamén o é o da árbore correspondente (*péxego-pexegueiro*, *limón-limeiro*, *fatón-fatoeiro*, etc., coa única excepción de *figo-figueira*). Pola contra, practicamente tódalas árbores non froiteiras son do xénero masculino (*caxigo*, *loureiro*, *piñeiro*, *bido* –ou *abidueira*–, *carballo*, *amieiro*, *bieiteiro*, *choupo*, etc.)" (Álvarez / Regueira / Monteagudo 1992: 60)[181].

[179] Segundo Wandersleben (1983: 589) "en los derivados que usan la misma raíz que los primitivos (*sal*/*salero*, *gallina*/*gallinero*, *cuchara*/*cucharón*, *viola*/*violín*) es muy lógico y práctico que el derivado use el género opuesto del femenino; no sólo porque el nuevo sustantivo se distingue por el contraste *-a*/*-o* sino que esta distinción estará marcada en todos los modificantes. Este es un factor de redundancia que evita ambigüedad en la comunicación". Para González Fernandez (1978: 185) en todos estes derivados cómpre falarmos de lexicalización; de aí que non exista noción de oposición xenérica nestes nomes, aínda que nesta ocasión a autora identifica oposición xenérica con oposición sexual: "Si las palabras sufijadas se lexicalizan (perdiendo, por tanto su valor sufijal), entonces la oposición entre el masculino y el femenino puede perderse: *bañeira*, *regadeira*, *fruteiro*, etc. significan 'mueble donde uno se baña', 'útil para regar', 'recipiente para guardar la fruta', respectivamente; el hablante no descubre 'mujer que baña', 'mujer que riega', u 'hombre que vende fruta'".

[180] De feito, se como vimos en 3.3.1, o xénero gramatical permite distinguir semanticamente entre *pera* e *pero*, esta mesma diferenza (en torno ás dimensións [± grande] e [± silvestre], fundamentalmente) persiste nas formas derivadas *pereira* / *pereiro*, para designar as árbores que dan cada unha destas froitas.

[181] Costa Casas / González Refoxo / Morán Fraga / Rábade Castiñeira (1988: 74) afirman: "Na maior parte dos casos, dos nomes de frutas derivan os nomes das árbores e arbustos frutais que, por via de regra, coinciden no xénero". No entanto, Carballo Calero (1979: 161) realiza simplesmente a seguinte aseveración: "Hay muchos nombres de árboles frutales, masculinos en castellano, firmemente femeninos en gallego".

Os termos xenéricos deste sufixo poden estabelecer tamén unha oposición semántica en torno á dimensión do sexo, cando ten o valor de axente, fundamentalmente cando se utiliza como sufixo profisional sobre bases substantivas:

(207) (a) leite [Subs]{MAS} → leit-eiro {MAS} / leit-eira [Subs] {FEM}

A polisemia do sufixo pode provocar, por outra parte, as complexas relacións semánticas que vimos en 3.2.2.

Finalmente, debemos considerar tamén a relación que se estabelece entre certos procesos morfolóxicos na formación de substantivos e o xénero gramatical da forma resultante. Así pois, os substantivos formados mediante un proceso de conversión, que pode ser entendido como aplicación dun morfe cero, posúen polo xeral xénero masculino por ser este o termo xenérico non marcado, tanto se a palabra primitiva é un verbo en infinitivo como se é un adverbio ou calquera outra clase de palabra, comportándose a este respecto os adxectivos dun modo particular:

(208) (a) falar [V] → falar [Subs] {MAS}
(b) ben [Adv] → ben [Subs] {MAS}

Na realidade calquera forma verbal ou frase pode substantivarse dando lugar a expresións lexicalizadas, que pertencen en todos os casos ao xénero masculino e que polo xeral non posúen flexión numérica expresada mediante un morfe específico:

(209) (a) Nunca presto atención aos *díxome-díxome*.
(b) Mareouse con aquel *vai e vén*.

Poden mudar de xénero, exprimindo a oposición semántica de sexo, tanto os participios substantivados (*licenciar* → *licenciad**o** / licenciad**a***) como os adxectivos que pasan a designar seres animados, pois os que após o proceso de conversión designan seres inanimados poden pertencer tanto a un xénero como ao outro indistintamente, aínda que os utilizados para nomear conceptos abstractos sempre posúen xénero masculino (*o verdadeiro*, *o falso*, *o absurdo*, etc.). Vilela (1994: 99) explica desta maneira o reparto dos adxectivos substantivados en cada un dos dous xéneros:

> O adjectivo, em princípio, é sempre susceptível de ser substantivado, e a única observação a fazer é a respeitante ao género assumido pelo substantivo deadjectival, que, nos seres animados, se pauta pela distribuição normal masculino e feminino, e, nos inanimados, obedece ao género do substantivo elidido (*o passado*: tempo, *o rápido*: comboio, *o documentário*: filme, *a maiúscula*: letra, *a capital*: cidade, *a esquerda*: mão, *a portuguesa*: canção, *o interior*: espaço, *a completiva*: oração/frase, *o contrário*: lado, *o manual*: livro, etc.).

Para formar substantivos a partir de verbos utilízase moi frecuentemente outro proceso que se caracteriza tamén por non implicar ningún sufixo derivacional: a denominada derivación regresiva. Xa Lang (1992: 193) chamara a atención para o feito de a derivación regresiva constituír un proceso en que coinciden flexión e derivación, por seren os morfemas implicados os que se utilizan habitualmente como marcas de xénero ou de paradigma verbal:

(210) (a) secuestrar [V] → secuestro [Subs] {MAS}
(b) cazar [V] → caza [Subs] {FEM}
(c) sacar [V] → saque [Subs] {MAS}
(d) perder [V] → perda [Subs] {FEM}
(e) debater [V] → debate [Subs] {MAS}

O certo é que as vogais finais do substantivo resultante poden ser /e/, /o/, /a/, pertencendo sempre as formas que terminan en /a/ ao xénero feminino (210b e 210d) e as que terminan en /e/ e mais /o/ ao xénero masculino (210a, 210c e 210d). A adscrición do substantivo resultante a cada un dos xéneros non responde a ningunha causa concreta; como indica Freixeiro Mato (1999: 247) "a aparición de unha ou outra vogal non semella obedecer a razóns de natureza morfofonolóxica nin semántica"[182]. Na realidade, estas vogais finais poden ser analizadas como morfes de xénero, a pesar de corresponderen a substantivos que non se organizan en pares de termos opostos polo xénero gramatical. Neste sentido, o feito de existir unha relación tan estreita e sistemática entre terminación e xénero gramatical nestes substantivos é máis unha proba de que realmente o /a/ é percibido polos falantes como terminación propia do feminino, ficando as outras vogais finais características do galego fixadas no outro termo xenérico. Ao noso xuízo, é precisamente a sistematicidade da relación que estas terminacións manteñen con cada un dos xéneros o que aproxima, como indicaba Lang, neste proceso a flexión xenérica da derivación.

Por último, un proceso morfolóxico que tampouco afecta o xénero gramatical da palabra é o do encurtamento, que consiste na elisión de morfemas ou fonemas na

[182] Sobre a relación existente entre as tres conxugacións verbais e cada unha destas terminacións, Freixeiro Mato (1999: 247- 248) estabelece algunhas pautas, chegando á conclusión de que os derivados en *-a* son produtivos nas tres conxugacións e que a CI é a que máis resultados ofrece en *-e* e mais *-o*, tendo en conta que estas terminacións son minoritarias. En ocasións, dun mesmo infinitivo fórmanse dous ou tres derivados regresivos, con diferentes xéneros (aínda que mantendo sempre a mesma relación entre terminación e xénero) e ás veces con diferentes significados (*trocar* → *troca* / *troco* / *troque*).

súa parte inicial ou final. Neste sentido, a pesar de afectar o encurtamento moi frecuentemente a parte final, non provoca ningunha mudanza de xénero no nome, o cal pode servir de argumento para relativizarmos, como vimos defendendo neste traballo, a relación entre a terminación fónica e o xénero gramatical na maioría dos substantivos, nomeadamente naqueles que non se organizan en pares de termos opostos polo xénero[183]:

(211) (a) motocicleta [Subs] {FEM} → moto [Subs] {FEM}
(b) fotografía [Subs] {FEM} → foto [Subs] {FEM}

Nos exemplos de (211) os substantivos femininos terminados en /a/, que consideramos neste caso VT indicativa de o nome pertencer ao xénero FEM, pasan a terminar após o proceso de encurtamento en /o/, a pesar de ser esta vogal considerada na maioría das ocasións (obviamente, non neste caso) VT indicativa de o nome pertencer ao xénero MAS, sen que iso supoña que se produza unha mudanza de xénero no substantivo[184].

3.4.1.2.2. Formación de adxectivos

Nos procesos morfolóxicos de formación de adxectivos por sufixación debemos distinguir aqueles sufixos que teñen unha forma para MAS e outra para FEM dos que posúen unha única forma invariábel, sen morfe de xénero. Como afirma Noailly (1999: 11-13), pódese dicir que tamén os adxectivos formados con estes últimos sufixos concordan co xénero dos substantivos que modifican, a pesar de non se expresar substancialmente esa concordancia[185]. Entre estes últimos debemos citar, por seren os máis utilizados, os seguintes sufixos: *-al* (*-ar*), *-as*, *-il* e *-ista*, que se acrecentan a bases substantivas, e mais *-bel* e *-nte* (*-ante*, *-ente*, *-inte*, *-iente*),

[183] Porén, constitúe un fenómeno relativamente frecuente da lingua popular interpretar o artigo feminino como sílaba inicial da palabra e facer o substantivo pertencer ao xénero MAS, estabelecendo a relación entre terminación e xénero, entre /o/ final e MAS e mais /a/ final e FEM: *o amoto*, *o afoto*, *o arradio*.

[184] Nas siglas tampouco é posíbel estabelecer calquera relación entre terminación fónica e xénero gramatical: "En xeral, as siglas forman unha unidade fónica caracterizada pola pronuncia secuenciada dos diversos grafemas que a constitúen, sendo tratadas no sistema lingüístico como nomes cuxo xénero gramatical vén determinado polo do substantivo que funciona como elemento principal, con total independencia da súa terminación (a ONU ou a a UNESCO, por *organización*; o BNG, por *bloque*; o ILG, por *instituto*, etc.)" (Ferreiro 1997: 244).

[185] "Le principe du genre variable des adjectifs doit prendre en compte le fait que beaucoup, suffixés ou non, sont épicènes, c'est-à-dire ne marquent pas la variation masculin / féminin. Pour les adjectifs dérivés, sont concernés ceux qui se terminent par *-ique*, *-iste*, *-esque*, *-able*. Pour les adjectifs primaires, on aura par exemple *pâle*, *calme*, *jaune*, *tranquile*, *chaste*, *ivre*, *mobile*, *lâche*, *drôle*, etc. Quand l'adjectif n'est pas modifié dans sa forme par le genre du substantif, on peut continuer à parler, si l'on veut, de variation de genre, mais à condition qu'on comprenne bien par là seulement la capacité qu'il a, sous une forme unique, à qualifier indifféremment un substantif masculin ou féminin" (Noailly 1999: 11).

que son deverbais. Calquera deles pode ligarse a substantivos masculinos ou femininos.

O sufixo invariábel canto ao xénero *-al*, que posúe un valor caracterizador, conta cunha forma alomórfica en *-ar*, menos produtiva con bases patrimoniais aínda que moi utilizada con bases eruditas (*estelar*, *popular*, etc.):

(212) (a) nación [Subs] {FEM} → nacion-al [Adx] {MAS} / {FEM}
(b) século [Subs] {MAS} → secul-ar [Adx] {MAS} / {FEM}

Este sufixo, como todos os outros que tratamos neste apartado, malia non posuír expresión substancial da flexión de xénero, si posúe un morfe específico para marcar o número plural, algo que non ocorre co sufixo desubstantival *-as*, que é invariábel tanto para o xénero como para o número (*é un / unha baldragas*). Curiosamente, aínda que semella ter un morfema de feminino e outro de plural, na realidade pode concordar en masculino e presenta tamén en singular o *-s* final.

Tamén ten un valor caracterizador o sufixo *-il*, que se mantén invariábel modificando substantivos pertencentes ao xénero MAS e ao xénero FEM (*un comportamento caciquil / unha actitude caciquil*). O sufixo *-ista*, pola contra, funciona do punto de vista do significado como formador de xentílicos (*paulista*) ou, máis frecuentemente, como sufixo que indica tendencia ideolóxica, artística ou deportiva (*marxista*, *surrealista*, *deportivista*). Con este último significado mesmo pode engadirse a siglas (*peneuvista*):

(213) (a) cacique [Subs] → caciqu-il [Adx] {MAS} / {FEM}
(b) Deportivo [Subs] → deportiv-ista [Adx] {MAS} / {FEM}

Funcionan como sufixos deverbais para a formación de adxectivos os sufixos invariábeis canto ao xénero *-bel* (*-íbel*, *-ábel*) e *-nte* (*-ante*, *-ente*, *-inte*, *-iente*). A forma *-bel* deste sufixo criador de adxectivos era a usada no galego-portugués medieval, aínda que modernamente sexa de uso case exclusivo na lingua popular, por causa da presión lingüística exercida polo español, a forma *-ble*, rexistrándose mesmo no século XIX unha terminación *-bre*[186]:

(214) (a) realizar [V] → realiz-ábel [Adx] {MAS} / {FEM}
(b) influír [V] → influ-ínte [Adx] {MAS} / {FEM}

Doutra parte, os principais sufixos desubstantivais formadores de adxectivos cunha forma para MAS e outra para FEM son os seguintes: *-ario* / *-aria*, *-ego* / *-ega*, *-eiro* /

[186] Véxase, neste sentido, por exemplo a caracterización da lingua de Pondal feita por Ferreiro (1991: 60).

-eira, *-engo* / *-enga*, *-ento* / *-enta*, *-eño* / *-eña*, *-és* / *-esa*, *-ístico* / *-ística*, *-ivo* / *-iva*, *-oso* / *-osa*, *-sco* / *-sca*, *-(t)orio* / *-(t)oria*, *-udo* / *-uda*. Os significados que estes sufixos poden adquirir en cada un dos termos xenéricos dependen en parte, obviamente, do substantivo con que concordaren. Así pois, o termo MAS e o termo FEM poden posuír respectivamente os trazos semánticos [- femia] e [+ femia] se concordaren con substantivos caracterizados polo sema [+ animado]. Desta maneira, nalgúns enunciados a información sobre o xénero do substantivo invariábel, e sobre o sexo do referente, é subministrada exclusivamente pola forma MAS ou FEM do adxectivo que o modifica.

(215) (a) Naquela redacción só había *xornalistas preguiceir**o**s*.
(b) Naquela redacción só había *xornalistas preguiceir**a**s*[187].

Porén, cando este mesmo sufixo é utilizado para a formación dun adxectivo que modifica un substantivo caracterizado polo sema [- animado], o morfema de xénero non posúe calquera contido semántico, funcionando apenas como un morfema gramatical que serve para marcar a concordancia (*camión leiteiro*). Esta dupla posibilidade significativa, a de servir como marca (nalgúns enunciados, exclusiva) da distinción de sexos e a de carecer de función semántica, tena o xénero gramatical en todos os adxectivos con un morfe para cada un dos termos opositivos da categoría.

Finalmente, considerando outros procesos morfolóxicos na formación de adxectivos, podemos comprobar como en ocasións un substantivo invariábel canto ao xénero pode adquirir moción xenérica ao se transcategorizar mediante un proceso de conversión en adxectivo:

(216) laverca [Subs] {FEM} → laverc-o [Adx] {MAS} / laverc-a [Adx] {FEM}

No exemplo (216), ademais, o morfema de xénero do substantivo non posúe contido semántico, entanto que o do adxectivo presenta o trazo distintivo de sexo por facer referencia a seres animados.

3.4.2. A composición

A composición é o procedemento para a formación de palabras que consiste na unión de dous ou máis lexemas, adquirindo a forma resultante un novo significado ou mantendo os trazos semánticos básicos dalgún dos seus compoñentes.

[187] Neste tipo de enunciados debemos ter en conta tamén, como vimos en 3.2.2, a ambigüidade significativa do termo masculino, que pode funcionar no nivel extensivo ou no intensivo.

Como é obvio, este procedemento é menos produtivo que o da sufixación na formación de palabras. Doutra parte, a delimitación do concepto de composición, que se sitúa entre o de derivación e o de sintagma fixo e que ten en ocasións puntos de contacto coa prefixación, presenta algúns problemas. Mercedes Brea (1991) toma en consideración as propiedades que Herculano de Carvalho (1979: 514-525) atribúe ao sintagma fixo en contraposición co sintagma libre para realizar a definición da palabra composta, que suporía na realidade a lexicalización do primeiro. Segundo isto, a diferenza entre o sintagma fixo e a palabra composta asentaría, por unha parte, no feito de a palabra composta presentar un único acento, e, pola outra, en que na palabra composta "as variacións morfolóxicas de xénero e número veñen soportadas por un só dos componentes (normalmente o que ocupa o último lugar), mentras que nos sintagmas fixos recaen aínda sobre os dous" (Brea 1991: 83). Para Freixeiro Mato (1999: 279), porén, realizar este tipo de distincións non resulta operativo, pois o esencial é en todo o caso "o comportamento semántico e sintáctico unitario" da palabra composta, que se integra no léxico como unha unidade máis:

> A palabra composta é o resultado da concorrencia de polo menos dúas palabras recoñecíbeis como tais na lingua por teren existencia independente. Deben concorrer como mínimo dous lexemas, adquirindo a nova formación un significado unitario que non sexa necesariamente a suma dos seus componentes e funcionando sintacticamente como unha soa palabra (Freixeiro Mato 1999: 277).

Teremos en conta esta definición xeral para a nosa análise da flexión xenérica na composición lexical, sen marcarmos a distinción entre sintagma fixo e palabra composta, onde precisamente o comportamento do xénero gramatical na unidade resultante constitúe un aspecto distintivo, partindo exclusivamente da clasificación morfolóxica dos compostos, que atende á categoría gramatical dos seus constituíntes. Podemos, por tanto, distinguir nas palabras compostas con flexión xenérica (as que pertencen á categoría do nome) as seguintes estruturas morfolóxicas[188]:

[188] O interese dunha análise destas características foi subliñado por Mercedes Brea (1991: 89): "Desde un punto de vista morfolóxico, interesa coñece-la categoría da forma resultante (que pode coincidir coa do elemento nuclear ou ser distinta del (46)), pero tamén a de cada un dos elementos que a integran, tendo en conta que cada tipo presenta as súas peculiaridades, de tal maneira que, por ex., nos compostos de verbo + nome, pode interesar atender ó tempo e modo presente na forma verbal, e ás veces ó xénero ou, máis ben, ó numero do sustantivo; nos compostos de sustantivo + adxectivo ás posibles concordancias entre eles, nos de sust. + sust., se son de distinto xénero, cal deles prevalece no composto, etc. E, de maneira especial, interesará atender ó comportamento das marcas morfolóxicas sobre o composto, no sentido de averiguar cómo se forman os femininos e os plurais, se os morfemas recaen sobre o primeiro elemento, o segundo ou os dous (entre outras razóns porque eso pode servir de argumento para calificar algunhas formas de composto ou de "sintagmas fixos"); ou se o composto está inmovilizado, é invariabel xenérica e numéricamente...".

1. Verbo + Substantivo

Todas as palabras formadas por un verbo e un substantivo caracterízanse por pertenceren ao xénero MAS, sen excepción, sexa cal for o xénero orixinal do substantivo, que normalmente desempeña a función de CD e que aparece sempre na súa forma plural, a non ser que o composto sexa utilizado para designar seres animados, pois entón pode ser utilizado en ambos os xéneros, dependendo do sexo do referente (aínda que nunca cun morfe específico para cada un dos termos), e aparecer tanto en singular como en plural[189]:

(217) (a) lavar [V] + louza [Subs] {FEM} → lavalouzas [Subs] {MAS}
(b) portar [V] + voz [Subs] {FEM} → portavoz [Subs] {MAS} / {FEM}

É posíbel relacionarmos esta atribución do xénero MAS a substantivos formados a partir de verbos ao feito xa comentado de se producir a transcategorización do verbo en substantivo sempre en masculino, por ser este o termo non marcado da oposición. Vilela interpreta estas formas aparentemente verbais como se fosen de substantivo, mais sen o afixo *-dor*:

> Nos compostos formados por dois elementos de diferente categoria gramatical, se um dos elementos for un nome, é este que domina o género do conjunto, como *a pele-de-galinha*, *a turma-piloto*, *a visita-relâmpago*, *o fogo-fátuo*, *a auto-estrada*, mas há uma série de compostos lexicalizados, constituídos por uma forma verbal e um nome (ou adjectivo), que são masculinos, independentemente do género do substantivo: *guarda-sol*, *guarda-nocturno*, *abre-latas*, *porta-bandeira*, *lava-loiça*, *manda-chuva*, etc. A explicação para esta aparente anomalia está em que a forma verbal *guarda-*, *abre-*, *lava-*, *manda-*, apenas aparentemente é um imperativo ou forma do indicativo: estas formas são formas de substantivo, em que se suprime o afixo *-dor*. Há formas duplas: *guardador de rebanhos* e *guarda-chuva*, *monta-cargas* e *montador de cargas* e, em muitas formas paralelas, não existe a forma "verbal": *tratador de cavalos*, *contador da luz*, *cortador de carnes*, etc (Vilela 1999:151).

Das primeiras gramáticas galegas, só a de Marcial Valladares (1970 [1892]: 39) se serve desta circunstancia para formular unha regra de asignación de xénero válida para o galego, se ben non caracteriza estas palabras compostas atendendo aos seus

[189] "O xénero do composto é sempre o masculino, independentemente do que posúa o substantivo, cando designa obxectos (*o gardarroupas*, *o quebracabezas*, *o pasamáns*, *o portamoedas*), plantas (*o chuchamel*, *o xirasol* ou *mirasol*, *o mexacán*) ou animais (*o escornabois*, *o vagalume*). Pode ser masculino ou feminino, marcado polos determinantes, cando designar persoas dun ou doutro sexo (*o / a portavoz*, *o / a chupatinta*, *o / a gardamenta*, *o / a sacamoas*)" (Freixeiro Mato 1999: 285).

constituíntes senón ao feito de o segundo elemento se achar invariabelmente en plural[190].

2. Substantivo + Substantivo

Nos compostos formados por dous substantivos é frecuente que ambos os constituíntes non se representen graficamente unidos, producíndose ás veces unha certa inestabilidade no uso dunha mesma palabra, que pode escribirse cos seus elementos unidos ou separados por un hifen. De todos os xeitos, en calquera caso o xénero dominante da palabra resultante é o do primeiro dos substantivos, sexa cal for o xénero ou a terminación do segundo dos elementos, e sexa cal for a relación sintáctica entre eles, de coordenación, modificación ou subordinación relativa (cfr. Freixeiro Mato 1999: 287):

(218) (a) coche [Subs] {MAS} + cama [Subs] {FEM} →
coche cama [Subs] {MAS}
(b) cidade [Subs] {FEM} + xardín [Subs] {MAS} →
cidade xardín [Subs] {FEM}
(c) viaxe [Subs] {FEM} + relámpago [Subs] {MAS} →
viaxe relámpago [Subs] {FEM}

Talvez a causa que explique esta preminencia do xénero do primeiro substantivo sexa precisamente a relación sintáctica e semántica que se estabelece entre os elementos, pois o segundo deles sempre cumpre a función de complemento do primeiro, que, aliás, soporta todo o peso semántico: unha *cidade xardín* é un tipo de cidade, de igual modo que unha *viaxe relámpago* é un tipo de viaxe (cfr. Vilela 1994: 96). Existe con todo algunha excepción, en substantivos en que non se establecen este tipo de relacións semánticas e sintácticas:

(219) punta [Subs] {FEM} + pé [Subs] {MAS} → puntapé [Subs] {MAS}

O significado do composto fai referencia nesta ocasión a unha acción en que intervén a parte do corpo designada polos substantivos constituíntes, 'patada que se dá coa punta do pé'[191].

[190] "Entre los nombre compuestos, son masculinos tragalma, *groriapatri*=gloria patri y todos aquellos, cuyo segundo simple se halla en plural, como tragaldabas, *corta-prumas*=corta plumas, matalobos &." (Valladares 1970 [1892: 39).

[191] Rosenblat (1953:102-103) utiliza exemplos como este para defender unha suposta tendencia neste tipo de compostos en español cara ao masculino. Na realidade, moitas das palabras compostas que cita sono só dun punto de vista diacrónico, mais non son percibidas como tales polos falantes; de aí que o seu xénero estea condicionado pola terminación.

3. Substantivo + Adxectivo

Como sucedía cos compostos formados por dous substantivos, tamén os que se forman a partir dun substantivo e un adxectivo manteñen o xénero gramatical do primeiro dos constituíntes, tanto se se representan graficamente unidos como se non, comportándose a este respecto como calquera sintagma nominal formado por Subs e Adx, onde o adxectivo concorda en xénero co núcleo nominal que modifica. Ademais, é indiferente o lugar que ocupe o substantivo para que o composto manteña sempre o seu xénero, pois isto ocorre tamén nos poucos casos en que o adxectivo o antecede:

(220) (a) chave [Subs] {FEM} + inglesa [Adx] {FEM} → chave inglesa [Subs] {FEM}
(b) boa [Adx] {FEM} + ventura [Subs] {FEM} → boaventura [Subs] {FEM}

Pola contra, en ocasións esa nova palabra composta serve para designar seres animados, podéndose expresar entón o composto en calquera dos dous termos xenéricos, dependendo do sexo do referente; mais nestes casos o xénero gramatical é recoñecíbel sempre apenas no contorno sintáctico[192]:

(221) pel [Subs] {FEM} + vermella [Adx] {FEM} → pel vermella [Subs] {MAS} / {FEM}

Cando o resultado destes compostos for un adxectivo, o seu xénero dependerá do substantivo con que concordar, independentemente do xénero gramatical do substantivo constituínte[193]:

(222) (a) rabo [Subs] {MAS} + longo [Adx] {MAS} → rabilongo / rabilonga
(b) *paxaro* [Subs] *rabilongo* [Adx] {MAS} / *ave* [Subs] *rabilonga* [Adx] {FEM}

[192] "Nestes compostos a relação interna e denotativa pode variar, pois uma *câmara-baixa* continua a ser uma 'câmara', mas um *boina verde* não é uma 'boina', mas um 'soldado da ONU'. O portador da acção é o formativo: (um) *pele vermelha* (= índio), (um) *puro sangue* (= cavalo), (um) *pé-descalço* (= pessoa), etc. [...]. Nos compostos formados por um elemento numeral, o carácter exocêntrico é a regra: (um) *dois cavalos* (= carro), e o género é indicado pelo nome implícito no composto: (um) *dois lugares* (= carro), (um) *bimotor* (=avião), etc." (Vilela 1994: 96)

[193] Blanco Valdés (1985: 220-223) ofrece exemplos deste tipo de compostos Subs + Adx cunha vogal *-i-* de unión entre as bases na lingua medieval, tales como *avezimao*, *boqemolle*, *boquitorto*, *rabialçada*, *touquenegra* / *touquinegra*.

4. Substantivo + Preposición + Substantivo

Os substantivos formados a partir deste tipo de construcións manteñen sempre o xénero do substantivo modificado polo sintagma preposicional:

(223) (a) cabo [Subs] {MAS} + de [Prep] + ano [Subs] {MAS} → cabodano [Subs] {MAS}
(b) ollo [Subs] {MAS} + de [Prep] + boi [Subs] {MAS} → ollo de boi [Subs] {MAS}

No caso de que o composto fixese referencia a seres animados, esperaríase que o sexo do referente fose expresado mediante a flexión xenérica do primeiro dos substantivos, que é o núcleo da construción. No entanto, o composto medieval galego-portugués, presente en cantigas de escarnio e maldicir, *fududancua*, presenta ese primeiro elemento en feminino e unha marca redundante, que os falantes do momento no debían de sentir como tal, na posición final de palabra[194]. Isto parece demostrar que a plena lexicalización do composto, a súa percepción como unha soa palabra, representada na escrita pola completa unión gráfica dos elementos, fai que o termo resultante se comporte a efectos de flexión como se fose simples.

Algúns destes compostos acaban por se converter en compostos do tipo Substantivo + Adxectivo, ao desaparecer a preposición e se transformar o segundo dos substantivos en adxectivo, a concordar en xénero e número co substantivo que modifica (*fariña de millo* → *fariña milla*) (cfr. Freixeiro Mato 1999: 290-291).

5. Substantivo + *de* + Verbo

Este tipo de compostos é menos produtivo do que o anterior, e tamén neles o substantivo, que se sitúa en primeiro lugar, determina o xénero gramatical do termo resultante:

(224) máquina [Subs] {FEM} + de [Prep] + escribir [V] → máquina de escribir [Subs] {FEM}

[194] "Na evolución morfo-fonética, o principal problema está na formación do xénero. No caso *fodidincul* (como no cast. *fodidenculo*) a presión analóxica dos participios en *-ido* regularizou a forma do composto como adxetivo invariable rematado en consonante (terminación que, diante do patrimonial *cu*, non deixa de ser irregular). Pero nas formas máis antigas das CEsc, as posibilidades xenéricas amósanse máis complexas. Coa soldadura do sintagma, o xénero quedaría marcado seguramente no interior da palabra: masc. **fududoncu* (ou quizais, **fududencu*), fem. *fududancu*. Unha vez perdida a conciencia de composición, é moi probable que o xénero poidese recibir un morfema de xénero, que resultaba innecesario: *fududancua*. Mais, ¿por qué é redundante precisamente o feminino, que contiña unha clarísima marca "interior" de xénero? Ou, doutro xeito, ¿como sería nesta fase o masculino? De supoñermo-las mesmas condicións, teríamos un redundante **fududoncuo* ou **fududencuo*, no canto de **fududoncu*, etc." (Blanco Valdés 1985: 230)

6. Adxectivo + Adxectivo

Estes adxectivos formados por composición de dous nomes adxectivos simples expresan o xénero en que concordan co substantivo que modifican sempre na posición final, isto é, no segundo dos constituíntes, tanto se se representaren graficamente unidos (o cal neste tipo de composición é frecuente) como se se escribiren separados por un hifen. Ao se expresar a flexión da palabra composta na súa parte final, iso significa que o primeiro dos adxectivos posúe en todos os casos unha forma que se identifica co masculino e o singular, cos termos non marcados das oposicións de xénero e número, respectivamente, a pesar da estrutura sintáctica de coordenación que posúe o composto:

(225) (a) xordo [Adx] {MAS} + mudo [Adx] {MAS} → xordomudo [Adx] {MAS}
(b) xorda [Adx] {FEM} + muda [Adx] {FEM} → xordomuda [Adx] {FEM}
(c) galego [Adx] {MAS} + portugués [Adx] {MAS} → galego-portugués [Adx] {MAS}
(d) galega [Adx] {FEM} + portuguesa [Adx] {FEM} → galego-portuguesa [Adx] {FEM}

7. Adverbio + Substantivo

Nestes compostos formados polos adverbios *ben* ou *mal* e mais por un substantivo, o xénero do nome substantivo resultante é sempre o do segundo elemento:

(226) (a) ben [Adv] + querencia [Subs] {FEM} → benquerencia [Subs] {FEM}
(b) mal [Adv] + querencia [Subs] {FEM} → malquerencia [Subs] {FEM}

8. Adverbio + Adxectivo

Tamén estes compostos teñen como primeiro constituínte os adverbios *ben* ou *mal*, dando como resultado un adxectivo con unha forma para cada un dos termos xenéricos, pois o segundo elemento adoita ser un participio en función adxectiva e por tanto con flexión de xénero:

(227) (a) ben [Adv] + querido [Adx] {MAS} → benquerido [Adx] {MAS}
(b) ben [Adv] + querida [Adx] {FEM} → benquerida [Adx] {FEM}

3.4.3. Conclusións. Formación de palabras e asignación de xénero

Pódese concluír que os procesos de formación de palabras por sufixación e mais por composición son decisivos á hora de asignar o xénero gramatical das formas resultantes. É posíbel falarmos, por tanto, tal e como advertían Corbett (1991) e Surridge (1993) a se basearen en exemplos tomados do francés, dun combinado de regras fonolóxicas, morfolóxicas e semánticas na atribución do xénero aos nomes nas linguas romances. De facto, as gramáticas galegas, na tentativa de abordaxe deste problema co obxecto fundamental de marcaren as diferenzas a respecto do español e de estabeleceren normas para a aprendizaxe do galego, tiran proveito dalgunha das pautas de comportamento do xénero gramatical nos procesos morfolóxicos de formación de palabras, estabelecendo o que poderíamos denominar 'regras morfolóxicas'. Neste sentido, resumindo todo o expresado até aquí, podemos realizar as seguintes apreciacións sobre a relación entre formación de palabras e xénero gramatical:

1.- En liñas xerais, a sufixación apreciativa non muda o xénero da palabra base, de maneira que cando o termo resultante posúe un xénero gramatical diferente é normalmente porque se ten producido un proceso de lexicalización. Doutra parte, nos diminutivos non sempre existe equivalencia entre as terminacións *-o* / *-a* e os xéneros masculino e feminino, respectivamente. Así pois, a diferenza dos outros sufixos apreciativos, neles existe a tendencia a reproducir a terminación fónica do termo base, cando é /o/ ou /a/, con independencia do xénero (*mapa* {MAS} → *mapiña* {MAS}). Por último, nos aumentativos a tendencia á lexicalización prodúcese sobre todo no termo MAS, en palabras orixinariamente femininas (*caixa* {FEM} → *caixón* {MAS}).

2.- A sufixación nocional si determina o xénero da palabra resultante. Forman substantivos femininos os seguintes sufixos: *-aría* (*-ía*), *-axe*, *-ción* / *-zón*, *-dade* (*-edade*, *-idade*), *-dela*, *-dura*, *-ez* / *-eza*, *-ura*. Obtéñense substantivos masculinos cos seguintes sufixos: *-al*, *-ame*, *-azo*, *-edo*, *-ismo*, *-ume*, *-mento*, *-ón*. Pola contra, teñen unha forma MAS e outra FEM *-ado* (*-ato*) / *-ada*, *-deiro* / *-deira* e mais *-eiro* / *-eira*. Debemos ter en conta que nalgúns destes últimos sufixos o significado está determinado totalmente polo xénero en que se empregaren (*culler* → *culler-ada*, e non **culler-ado*; *secretario* → *secretari-ado*, e non **secretari-ada*), polo que o uso de un termo ou outro depende do significado; noutros a utilización do masculino ou do feminino é idiosincrática, mantendo en principio o masculino e o feminino o mesmo significado mais adheríndose cada un dos termos a determinadas bases (*café* → *café-t-eira*, e non * *café-t-eiro*; *azucar* → *azucar-eiro*, e non **azucar-eira*). Cando estes sufixos se usaren para formar nomes de seres animados, o MAS e o FEM servirán, obviamente,

como marca da distinción sexual. Os principais son os seguintes, aínda que non todos teñen dous morfes opostos e algúns expresan o xénero, e o sexo do referente, mediante os morfes expresos no contorno sintáctico, como sucede con algúns nomes simples: *-ando* / *-anda*, *-ante* (*-ente* / *-inte*), *-dor* / *-dora* (*-tor* / *-tora*), *-eiro* / *-eira*, *-ista*.

De entre os sufixos empregados para formar adxectivos debemos distinguir aqueles que teñen unha soa forma para MAS e para FEM, daqueloutros cunha terminación para cada un dos termos xenéricos. Os primeiros son, principalmente, *-al* (*-ar*), *-as*, *-il*, *-ista*, *-bel* e mais *-nte* (*-ante*, *-ente*, *-inte*, *-iente*). Os que posúen variación xenérica mediante morfes expresos na dereita do sufixo son *-ario* / *-aria*, *-ego* / *-ega*, *-eiro* / *-eira*, *-engo* / *-enga*, *-ento* / *-enta*, *-eño* / *-eña*, *-és* / *-esa*, *-ístico* / *-ística*, *-ivo* / *-iva*, *-oso* / *-osa*, *-sco* / *-sca*, *-(t)orio* / *-(t)oria*, *-udo* / *-uda*.

3.- Finalmente, no tocante ao xénero dos compostos pódense facer as seguintes apreciacións:

3.a.- Os substantivos compostos Verbo + Substantivo son por norma masculinos.

3.b.- As palabras compostas que pertencen á categoría dos substantivos e que posúen as seguintes estruturas Substantivo + Substantivo, Substantivo + Adxectivo, Adverbio + Substantivo, Substantivo + Preposición + Substantivo, Substantivo + *de* + Verbo posúen sempre o xénero do substantivo que funciona como núcleo semántico e sintáctico. En Substantivo + Substantivo é o primeiro deles, nos outros compostos é aquel que se ve modificado por un adxectivo, un adverbio ou por un sintagma preposicional.

3.c.- As palabras compostas que pertencen á categoría dos nomes adxectivos, poden concordar en masculino ou en feminino. De teren flexión xenérica expresada mediante un morfe específico, esta marca de xénero localizarase no elemento colocado no segundo lugar, na posición máis á dereita da palabra, como en calquera adxectivo simples, de maneira que nos compostos Adx + Adx o primeiro deles manterá sempre unha forma MAS e SING (*galego-portugués(es)* / *galego-portuguesa(s)*).

4. Conclusións xerais

O noso propósito ao longo deste traballo foi o de realizarmos unha descrición o máis ampla posíbel do sistema de xénero gramatical en galego, atendendo á súa realización flexional en nomes e pronomes, á súa relevancia sintáctica e máis ao seu ocasional contido semántico. Despois do que temos visto en páxinas anteriores podemos recapitular cunhas conclusións xerais que recollan os aspectos que consideramos máis importantes na definición do xénero, así como as características máis relevantes desta categoría na nosa lingua:

A) En primeiro lugar, temos definido o xénero como un morfema que actualiza os lexemas para os converter en palabras gramaticais, dividindo os nomes substantivos e adxectivos e mais os pronomes en dous grupos, o dos masculinos e o dos femininos. Á súa vez, entendemos o morfema como un signo, isto é, como unha unidade abstracta de dúas caras. A función do morfema de xénero que posúen sen excepción todos os nomes (aínda que é inherente nos substantivos, que condicionan a flexión xenérica dos adxectivos que os modifican) é a de incorporar os lexemas á estrutura gramatical, permitíndolles estabelecer relacións sintagmáticas. Mais, alén deste contido gramatical que o morfema de xénero posúe por norma, en ocasións, e sen perder a súa funcionalidade morfosintáctica, carrégase dun determinado contido semántico ou lexical.

Como vimos, as relacións entre as dúas faces do xénero non son unívocas, de maneira que este morfema pode ter varios contidos semánticos ou ningún, e, por outra parte, os contidos semánticos que incorpora poden ter outros medios de expresión. Ademais, o feito de este morfema gramatical posuír ás veces un contido tamén lexical, sen perder o contido que lle permite estabelecer relacións de concordancia, fai que os procesos de flexión xenérica estean próximos en ocasións dos procesos derivacionais.

A fronteira entre ambos os tipos de procesos perde nitidez sobre todo cando a oposición de xénero transmite contidos semánticos relacionados co tamaño ou coa forma, ou mesmo cando permite distinguir entre o individual e o colectivo, pois entón é posíbel, por unha parte, determinar cal é o termo primario que ten

servido de base para o formación do oposto, e faise tamén máis evidente, pola outra, a comparación con algún sufixo derivativo que incorpore ese mesmo significado á base lexemática con que concorre. Véxase, a este respecto, a relación de significado que existe entre o feminino do par *leño* / *leña*, onde o morfe de xénero *-a* ten un carácter colectivo, e a forma derivada *foll**axe*** (procedente de *folla*), onde este mesmo valor é incorporado á súa base polo sufixo *-axe*. Esta mesma comparación pode realizarse igualmente entre o masculino con valor diminutivo do par *cancel**o*** / *cancel**a*** e mais a forma derivada co sufixo diminutivo *-iño* / *-iña*, *cancel**iña***. Doutro lado, no que atinxe ao contido semántico máis habitual do morfema de xénero, cando incorpora información sobre o sexo do ser animado designado polo substantivo, nesta ocasión ningún dos termos do par serve de base para a formación do outro, de maneira que ambos os termos se encontran ao mesmo nivel da oposición paradigmática. Aínda así, a dimensión semántica sobre a cal se efectua a distinción é expresada tamén por procedementos lexicais, quer mediante diferentes lexemas (*home* / *muller*), quer mediante a aposición substantival (*xirafa macho* / *xirafa femia*), existindo ademais unha forma sufixal tradicionalmente denominada derivativa herdada do propio latín (*duque* / *duquesa*) que caracteriza o termo FEM, e que semella ter nacido precisamente para formar o equivalente feminino de substantivos que en orixe deberon de ser só masculinos.

B) Ao ser o morfema de xénero un signo abstracto que posúen os nomes e os pronomes, non sempre é posíbel recoñecelo na súa expresión substancial, e ao se definir polo seu carácter morfosintáctico, pola súa capacidade para estabelecer relacións de concordancia, ás veces o seu significante está presente no contorno sintagmático dos elementos nominais. Do noso punto de vista, estas marcas de xénero son os morfes, a expresión física dos morfemas, segmentábeis nalgúns nomes substantivos e adxectivos e máis en formas variábeis dos paradigmas pronominais. Así pois, no noso traballo temos considerado que unha terminación fónica é morfe de xénero unicamente cando a súa relación con un dos termos da oposición xenérica é nese nome perfectamente sistemática e regular. Isto acontece apenas nos nomes que se organizan en torno a dous termos, nos denominados variábeis, pois nos outros é posíbel achar excepcións á relación que existe entre os segmentos vocálicos /o/ e /a/ e o masculino e o feminino, respectivamente. O método da conmutación permite segmentar nestes lexemas que se poden actualizar en dous termos xénericos eses morfes de xénero, tanto en substantivos como en adxectivos, se ben nos substantivos, sempre que tal acontece, os morfemas de xénero non teñen apenas un contido gramatical senón tamén lexical. Isto non quere dicir, no entanto, que sexan causas semánticas as que permiten recoñecer a presenza dos morfes, pois os adxectivos, que fan depender a súa flexión xenérica do substantivo que modifican, non transmiten através do xénero na maioría das ocasións calquera contido semántico. O que si é certo é

que semella haber algunha relación entre a expresión mórfica do xénero nos substantivos e o debilitamento da fronteira entre flexión e derivación que constatamos no funcionamento desta categoría gramatical, pois tamén na chamada derivación regresiva, que permite formar substantivos a partir de verbos, os fonemas vocálicos finais implicados estabelecen unha relación moi estreita con cada un dos xéneros, /e/ e mais /o/ co masculino, e /a/ co feminino, aínda que nestes elementos nominais o xénero gramatical non posúa tampouco contido semántico.

A pesar de poder ser discutíbel realizarmos análises diverxentes dos mesmos segmentos dependendo da unidade en que apareceren, pareceunos máis apropiado, finalmente, denominar VTs os /o/ e /a/ finais que na maioría dos substantivos invariábeis están relacionados con cada un dos xéneros, por estaren asociados dun xeito aproximado, e non completamente regular, co masculino e o feminino, respectivamente. Desta maneira, ademais, puñamos de manifesto as diferenzas existentes entre unhas terminacións e outras, que, como vimos, ultrapasan o aspecto puramente semántico, entrando na problemática distinción entre flexión e derivación. Así pois, non nos parece adecuado analizarmos de igual modo o *-o* final de *vell**o*** que o de *cabel**o***, aínda que nos dous substantivos se poida estabelecer a mesma relación entre terminación e xénero, até porque o morfema de que son marcas esas terminacións posúe no primeiro caso un carácter lexical (cando menos, nun dos seus posíbeis niveis de análise) ademais do gramatical que é común a ambos.

C) En relación co punto anterior, temos constatado ao longo deste traballo que o masculino é realmente o termo non marcado da oposición gramatical de xénero en galego. O feito de ser non marcado significa, por unha parte, que é o termo escollido cando non se pretende expresar por medio do xénero ningún contido semántico específico, posuíndo en ocasións un valor de indeterminación, e, pola outra, que a flexión en masculino pode ser asimilada á idea de non flexión de xénero nalgún caso. Neste sentido, na oposición mórfica que se pode estabelecer sobre unha mesma base lexemática o contido gramatical FEM é expresado regularmente polo morfe *-a*, entanto que para expresar o termo MAS pode ser utilizada na realidade calquera vogal en posición final ou mesmo ningunha, sendo, porén, o morfe máis habitual *-o* (e en menor medida *-e*). Alén diso, nos pronomes que indican unha maior indeterminación, os chamados tradicionalmente 'neutros' e que nós preferimos denominar 'masculinos invariábeis', é este termo xenérico, xunto ao termo SING da oposición funcional de número, o exixido para as relacións de concordancia que eventualmente poidan estabelecer con outros elementos nominais do enunciado. Do mesmo modo, a asimilación de empréstimos procedentes de linguas sen sistema xenérico faise habitualmente através do termo MAS, por ser este o termo non marcado, a non ser que inflúa o contido semántico ou a terminación fónica na adscrición xené-

rica. Xa vimos tamén que a concordancia entre un adxectivo e dous substantivos de distinto xénero se efectúa preferentemente nos termos MAS-PL, teña ou non contido semántico o morfema de xénero de tales substantivos, pois as relacións de concordancia constitúen un fenómeno esencialmente gramatical. Así mesmo, a propia diferenza entre atributos concertados e non concertados, onde o MAS só cualifica entanto que o uso do pronome persoal átono de terceira persoa en función de CD feminino ten ademais un valor identificador (*É a cociñeira? –É**a***), pon de manifesto o carácter de termo non marcado do masculino. Por último, tamén é proba do mesmo, ao noso parecer, o feito de ficar fixado neste xénero o elemento que non flexiona nos compostos Substantivo + Substantivo (do tipo *galego-portugués*, *galego-portuguesa*, *galego-portugueses*, *galego-portuguesas*), o cal demostra ademais a identificación de que falábamos anteriormente entre a flexión MAS e a non flexión.

D) No tocante á funcionalidade xeral do xénero en galego, e tendo en conta que esta categoría gramatical se define en todas as linguas do mundo en virtude das relacións de concordancia que permite estabelecer entre os diversos elementos nominais, debemos subliñar, por unha parte, a súa capacidade para facer visíbeis as relacións sintácticas tanto dentro dunha FN como nas relacións entre suxeito e predicado, participando mesmo das relacións anafóricas de pronomes e adxectivos; e, pola outra, a súa aptitude para distinguir entre clases de palabras, nomeadamente para identificar o carácter nominal dos participios ou para facer a distinción entre adxectivos e adverbios e, nalgunha ocasión, entre substantivos e adxectivos. Como explicamos en 2.4.7, o feito de existiren enunciados ambiguos en que esta distinción non está tan clara, por haber varios substantivos do mesmo xénero que poden ser modificados por un mesmo adxectivo, por exemplo, non invalida a disposición que caracteriza o xénero para distinguir entre as varias clases de palabras. Por outra parte, hai tamén dous casos que se poden considerar excepcionais no tocante á capacidade do xénero para marcar as relacións sintácticas entre os diversos elementos gramaticais dun enunciado. Dun lado está a tendencia á asonancia característica das linguas romances, que posibelmente se acha igualmente na propia orixe desta categoría, que fai ás veces repetírense certos segmentos fónicos finais en unidades gramaticais que se encontran dispostas nunha situación de máxima proximidade, e que explica tanto a suposta flexión xenérica dalgúns adverbios (*Está media tola*) como a concordancia dun adxectivo que modifica sintacticamente un grupo de varios substantivos de distinto xénero con aquel que ten máis próximo. Doutro lado, debemos citar as interferencias que en ocasións se producen entre o nivel gramatical e o semántico, causadas precisamente pola dupla face do morfema de xénero, pola súa capacidade para transmitir variados contidos significativos, sobre todo cando eses contidos teñen que ver coa distinción semántica dos sexos. Tales interferencias prodúcense con relativa frecuencia na

concordancia con substantivos femininos invariábeis que designan seres animados, como *persoa*, *testemuña*, *vítima*, *Excelencia*, e con femininos colectivos como *xente* ou *masa*. De todos os xeitos, tamén aquí cómpre distinguirmos con precisión, como se viu en 2.4.6, entre as diversas clases de palabras, para vermos se realmente é necesario estabelecer relacións de concordancia gramatical ou non, tendo ademais en conta o carácter referencial ou relacional que poidan ter os pronomes aparentemente referidos a estes substantivos.

E) Mais o xénero tamén se revela como unha categoría produtiva do punto de vista semántico. Neste sentido, ademais de estabelecer en moitos substantivos unha distinción arredor do trazo [± femia], o morfema de xénero gramatical pode posuír outros contidos significativos. Nos substantivos caracterizados polo sema [- animado], esta categoría gramatical permite realizar outras oposicións semánticas en torno principalmente ás dimensións da 'cantidade' e do 'tamaño'. Como vimos en 3.3.1, as oposicións que se estabelecen sobre o trazo [± colectivo] están condicionadas etimoloxicamente, entanto as que o fan sobre o sema [± grande] aínda semellan ser operativas na lingua actual, de maneira que é posíbel crear sempre novas formas en que a diferenza de xénero transmita información semántica destas características. Neste sentido, puidemos comprobar que nalgunha das gramáticas das falas dialectais se facía fincapé na capacidade da lingua para a creación do termo xenérico contrario a aquel que resultaba ser o máis habitual nos nomes en principio invariábeis. Alén diso, dado que calquera dos dous termos pode ser primario, é preciso facermos a distinción entre un masculino aumentativo e diminutivo e mais un feminino aumentativo e diminutivo, téndomos en conta que é sobre todo o masculino diminutivo o que se carrega de maiores connotacións, fundamentalmente pexorativas.

Ademais destas oposicións significativas, o xénero gramatical permite realizar outras distincións, baseadas en características formais ou de uso dos obxectos designados, chegando a se producir con certa frecuencia un proceso de lexicalización, o cal supón a independencia significativa dun dos termos xenéricos a respecto do que lle tiña servido de base (como, por exemplo, no par *río* / *ría*). Doutro lado, non só é posíbel estabelecer oposicións semánticas dentro da clase dos 'seres animados' ou dentro da clase dos 'obxectos inanimados', pois o xénero gramatical tamén funda algunha das súas oposicións na relación entre estas dúas dimensións. Acontece así, por exemplo, no par *o policía* [- abstracto] / *a policía* [+ abstracto] ou *o carteiro* [+ animado] / *a carteira* [- animado]

Por último, a pesar das apreciacións dalgúns autores, que vían no xénero gramatical a pervivencia dunha categoría caótica, sen calquera funcionalidade, comprobamos que é tamén rendíbel para evitar o choque homonímico (*porto* / *porta*) e polisémico (*cano* / *cana*), constituíndo, en termos de Ullmann, unha "salvagarda especial" da lingua a respecto de tales fenómenos.

F) Por se centrar o noso estudo nunha lingua que vive nunha situación sociolingüística peculiar, é preciso facer mención tamén ás irregularidades producidas por causa das interferencias lingüísticas que provoca a presenza do español como lingua teito. Neste sentido, temos comprobado que moitos dos substantivos que presentan unha adscrición xénerica distinta á propia do español experimentan vacilación no seu uso na lingua popular, o cal ten o seu reflexo tamén na literaria. Debemos distinguir neste sentido entre o que é un castelanismo morfolóxico (ou morfosintáctico) dun castelanismo lexical, pois en ocasións o que se produce é a substitución da voz patrimonial galega pola española (*sangre* {FEM} por *sangue* {MAS}), podendo ocasionalmente nese proceso manter o substantivo novo o xénero daquel cuxo espazo pasa a ocupar, como un paso previo cara á completa substitución. Así mesmo, en ocasións inflúe tamén na interferencia morfosintáctica o feito de o substantivo se utilizar en expresións ou frases feitas que son calcadas do castelán (é ese talvez o caso de **Non me sae das narices* e **É a mar de grande*). De todos os substantivos que presentan en galego un xénero gramatical diferente ao que caracteriza o español semellan ser máis resistentes á castelanización algúns como *leite*, *lume*, *sal* (que designan realidades moi inmediatas e cotidianas) e os femininos que comezan por *a-* tónico, como *auga*, *alma* etc.

Doutra parte, a ausencia dunha variedade estándar do galego durante séculos provocou non apenas a interferencia do castelán, que se ten constituído como auténtico modelo de lingua culta para os falantes, senón tamén que un aspecto no fondo tan arbitrario como é o da adscrición xenérica de substantivos invariábeis, determinado en principio por causas etimolóxicas relacionadas coa terminación, mais no cal ten influído logo poderosamente a analoxía, non tivese sido tratado convenientemente para a súa fixación, nun proceso que experimenta en todas as linguas diferentes tendencias e que precisa tempo para se consolidar. Existen por iso unha serie de dificultades no actual proceso de fixación normativa, que leva a que haxa algunhas discrepancias no que di respecto ás excepcións dos substantivos terminados en *-axe*, que son maioritariamente femininos, ou ao xénero de substantivos como *calor* e *suor*, que na lingua popular vacilan entre o masculino e o feminino. Así mesmo, temos comprobado a inestabilidade con que se expresa o xénero dos substantivos terminados en *-ma*, procedentes de neutros gregos, nos dicionarios galegos, sen que ao parecer existan unhas normas claras. Neste sentido, parécenos necesario e urxente revisar algunhas das tendencias da normativa oficial, expresadas nos dicionarios (fundamentalmente no DRAG e no DXL), pois non existe ningunha referencia a esta cuestión na normativa oficial, co obxecto de harmonizar as escollas que a este respecto realice o galego coas propias das outras linguas romances, e en particular coas do portugués.

Referencias bibliográficas

Abraham, W. (1981): *Diccionario de Terminología Lingüística Actual* (Madrid: Gredos).

Adrados, F. R. (1971): "Subclases de palabras, campos semánticos y acepciones", *Revista Española de Lingüística*, 1-2: 335-354.

Alarcos Llorach, E. (1980): *Estudios de gramática funcional del español* (Madrid: Gredos).

Alarcos Llorach, E. (1998): *Gramática de la lengua española* (Madrid: Espasa Calpe).

Alonso, D. (1972): *Obras Completas. I (Estudios Lingüísticos Peninsulares)* (Madrid: Gredos).

Álvarez, R. / Regueira, X. L. / Monteagudo, H. (1992): *Gramática galega* (Vigo: Galaxia).

Álvarez Blanco, R. (1982): "O pronome persoal", en *Homenaxe a Álvaro Cunqueiro*: 246-266 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Álvarez Blanco, R. (1988): "Consideracións sobre a metafonía nominal galega", en Kremer, D. (ed.), *Homenagem a Joseph M. Piel por ocasião do seu 85º aniversário*: 141-157 (Lisboa / Tübingen / Santiago de Compostela: Instituto de Cultura e Língua Portuguesa / Max Niemeyer / Consello da Cultura Galega).

Álvarez Blanco, R. (1996): "Na estrema do galego: a lingua do Bierzo Baixo trasmitida por Fernández y Morales", en Lorenzo, R. / Álvarez, R. (coords.), *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*: 157-202 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Ambadiang, T. (1994): *La morfología flexiva* (Madrid: Taurus).

Anderson, S. R. (1982): "Where's Morphology?", *Linguistic Inquiry*, 13/4: 571-612.

Anderson, S. R. (1985): "Inflectional morphology", en Shopen T. (ed.), *Language typology and syntactic description. III. Grammatical categories and the lexicon*: 150-201 (Cambridge: Cambridge University Press).

Apresjan, J. D. (1974): "Regular polisemy", *Linguistics*, 142: 5-32.

Arias Barredo, A. (1995): *De feminismo, machismo y género gramatical (El género, un monema no exclusivamente gramatical)* (Valladolid: Universidad de Valladolid).

Arias Cabal, A. (1999): *El morfema de 'neutro de materia' en asturiano* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Arndt, W. W. (1970): "Nonrandom assignment of lonwoard: German noun gender", *Word*, 26: 244-253.

Aronoff, M. (1976): *Word Formation in Generativ Grammar* (Cambridge-Mass: MIT Press).

Aronoff, M. (1994): *Morphology by Itself (Stems and Inflectional Classes)* (Massachusetts: Linguistic Inquiry Monographs, 22).

Atlas II (1995): Instituto da Lingua Galega, *Atlas lingüístico galego. II. Morfoloxía non verbal* (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza).

Azuaga, L. (1996): "Morfologia", en Faria, I. H / Pedro, E. R. /. Duarte, I. / Gouveia, C. A. M. (orgs.), *Introdução à Lingüística Geral e Portuguesa*: 215-244 (Lisboa: Caminho).

Bases (1980): *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego. (Resume dos seminarios celebrados no Instituto da Lingua Galega, desde decembro de 1976 a xuño de 1977)* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Blanco Valdés, X. L. (1985): "Palabras compostas en galego-portugués", *Verba*, 12: 199-252.

Blommfieeld, L. (1964): *Lenguaje* (Lima: Universidad Nacional Mayor de San Marcos).

Bosque, I. (1983): "La morfología", en Yllera, A., *Introducción a la Lingüística*: 115-153 (Madrid: Alhambra).

Boullón Agrelo, I. (1992): "Substantivo e adxectivo", en Álvarez, R. (coord.): *Estudios dedicados a Celso Emilio Ferreiro*. *I*: 53-86 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Brea, M. (1991): "Aproximación ó estudio das palabras compostas", en Brea, M. / Fernández Rei, F. (coords.), *Homenaxe ó profesor Constantino García. I* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Bybee, J. (1985): *Morphology: a study of the relation between meaning and form* (Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins Publishing Company).

Calonge, J. (1981): "Implicaciones del género en otras categorías gramaticales". *Logos semantikos. IV. Gramática. Studia Lingüística in honorem E. Coseriu 1921-1981*: 19-28 (Madrid: Gredos).

Calvet, L.-J. (1993): *Lingüística e colonialismo (Pequeno tratado de Glotofaxia)* (Santiago de Compostela: Laiovento).

Câmara Jr., J. Mattoso (1974): *Princípios de Lingüística Geral* (Rio de Janeiro: Livraria Acadêmica).

Câmara Jr., J. Mattoso (1981): *Problemas de Lingüística Descritiva* (Petrópolis: Vozes).

Campos, M. H. C. / Xavier, M. F. (1991): *Sintaxe e Semântica do Português* (Lisboa: Universidade Aberta).

Caravedo, R. (1990): "Naturaleza y expresión del género en español", *Español Actual*, 54: 101-113.

Carballo Calero, R. (1979): *Gramática elemental del gallego común* (Vigo: Galaxia).

Carvalho, J. G. Herculano de (1979): *Teoria da Linguagem* (Coimbra: Atlântida).

Carvalho Calero, R. (1992): *Umha voz na Galiza* (Barcelona: Sotelo Blanco).

Carré Alvarellos, L. (1967): *Gramática gallega* (Coruña: Moret).

Chini, M. (1993): "Aspetti teorico-descrittivi e tipologici della categoria del genere grammaticale", *Lingua e Stile*, XXVIII, 3: 455-486.

Chomsky, N. (1971): *Aspectos de la teoría de la sintaxis* (Madrid: Aguilar).

Cidrás Escáneo, F. A. (1991): "As construccións pronominais en galego. Proposta de clasificación e caracterización", en Brea, M. / Fernández Rei, F. (coords.), *Homenaxe ó profesor Constantino García*. *I*: 101-125 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Corbett, G. G. (1983); "Resolution rules: agreement in person, number, and gender", en Gazdar, G. / Klein, E. / Pullum, G. K. (eds.), *Order, Concord and Constituency*: 157-206 (Dordrecht: Foris).

Corbett, G. G. (1991): *Gender* (Cambridge: Cambridge University Press).

Corrales Zumbado, C. (1991): "El estudio de los campos semánticos", *Revista de Filología*, 10: 79-93.

Coseriu, E. (1978): *Gramática, semántica, universales* (Madrid: Gredos).

Coseriu, E. (1979): "A perspectivação funcional do léxico", en Vilela, M. (ed.): *Problemas da Lexicologia e Lexicografia* (Porto: Livraria Civilização).

Coseriu, E. (1981): *Principios de semántica estructural* (Madrid: Gredos).

Costa Casas, X. X., / González Refoxo, M. A. / Morán Fraga, C. C. / Rábade Castiñeira, X. C. (1988): *Nova gramática para a aprendizaxe da língua* (A Coruña: Vía Láctea).

Costas González, X. H. (1992): "Breve caracterización das falas (fundamentalmente galegas) do Val do río das Ellas", *Cadernos de Lingua*, 6: 85-107.

Couceiro, J. L. (1976): *El habla de Feás*. Anexo 5 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Coutinho, I. L. (1976): *Pontos de Gramática Histórica* (Rio de Janeiro: Ao Livro Técnico).

Cuesta, P. Vázquez / Luz, M. A. Mendes (1989): *Gramática da Língua Portuguesa* (Lisboa: Edições 70).

Cunha, C. / Cintra, L. (1984): *Nova Gramática do Português Contemporâneo* (Lisboa: Sá da Costa).

Dardel, R. (1960) : "Le genre des substantifs abstraits en *-or* dans les langues romanes et en roman commun", *Cahiers Ferdinand de Saussure*, 17: 29-45

Dardel, R. (1965) : *Recherches sur le genre roman des substantifs de la troisième déclinaison* (Genève: Librairie Droz).

Dubert Garcia, F. (1999): *Aspectos do galego de Santiago de Compostela*. Anexo 44 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Echaide, A. M. (1969): "El género del sustantivo en español: evolución y estructura", *Ibero-Romania*, 1: 89-124.

Fernández González, J. R. (1981): *El habla de Ancares (León). Estudio Fonético, Morfosintáctico y Léxico* (Oviedo: Universidad de Oviedo).

Fernández Pérez, M. (1993): *Las categorías gramaticales*. Anexo 35 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Fernández Pérez, M. (1991): "Sobre el concepto de *morfema* y el ámbito de la *Morfología*", *Verba*, 18: 27-68.

Fernández Rei, F. (1990): *Dialectoloxía da lingua galega* (Vigo: Xerais).

Fernández Rei, F. (1992): "A língua galega na prensa escrita. Interferencias lingüísticas", en Rojo, G. / Fernández Rei, F. / Martínez, R. / Campos, F., *As linguaxes dos medios de comunicación escritos en Galicia*: 29-58 (Santiago de Compostela: Lea).

Ferreiro, M. (1991): "A lingua pondaliana e a formación do estándar literario galego", *Cadernos de Lingua*, 4: 49-70.

Ferreiro, M. (1995): *Gramática histórica galega* (Santiago de Compostela: Laiovento).

Ferreiro, M. (1997): *Gramática histórica galega. II. Lexicoloxía* (Santiago Compostela: Laiovento).

Fodor, I. (1954): "The origin of grammatical gender", *Lingua*, 8: 1-41, 186-214.

Freixeiro Mato, X. R. (1993): *Da montaña o corazón (Produción literaria e lingua en Noriega Varela)* (Lugo: El Progreso / Caixa Galicia).

Freixeiro Mato, X. R. (1996): *Os diminutivos en galego* (Vigo: A Nosa Terra).

Freixeiro Mato, X. R. (1997): *Lingua galega: normalidade e conflito* (Santiago de Compostela: Laiovento).

Freixeiro Mato, X. R. (1998): *Gramática da lingua galega. I. Fonética e Fonoloxía* (Vigo: A Nosa Terra).

Freixeiro Mato, X. R. (1999): *Gramática da lingua galega. III. Semántica* (Vigo: A Nosa Terra).

Freixeiro Mato, X. R. (2000): *Gramática da lingua galega. II. Morfosintaxe* (Vigo: A Nosa Terra).

Frías Conde, F. X. (1999): *O galego exterior ás fronteiras administrativas* (Xixón: vtp).

Frías Conde, F. X. (2000): "Consideraciones alrededor del género neutro en asturiano" [inédito].

García, C. (1960); *Contribución a la historia de los conceptos gramaticales. La aportación del Brocense* (Madrid: C.S.I.C. / R.F.E., Anejo LXXI).

García de Diego, V. (1984): *Elementos de gramática histórica gallega (Fonética-Morfología) 1909*. Anexo 23 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

García Meseguer, A. (1994): *¿Es sexista la lengua española? Una investigación sobre el género gramatical* (Madrid: Paidós).

García-Miguel, J. Mª. (1991): "La duplicación de complemento directo e indirecto como concordancia", *Verba*, 18: 375-410.

García-Page, M. (1993): "Breves apuntes sobre el adverbio en *-mente*", *Verba*, 20: 311-340.

González Calvo, J. M. (1979): "El género, ¿una categoría morfológica?", *Anuario de Estudios Filológicos*, 5: 51-73.

González Fernández, I. (1978): *Sufijos nominales en el gallego actual*. Anexo 11 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

González González, M. / Fernández Rei, F. (1982): "Anotacións á morfoloxía de Cunqueiro", en *Homenaxe a Álvaro Cunqueiro*: 186-245 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

González Refoxo, M. A. / Rábade Castiñeira, X. C. (1995): *E non chegou a ser palabra... Afixos léxicos. Sufixación e prefixación lexical* (A Coruña: Asociación Socio-Pedagóxica Galega).

González Seoane, E. X. (1993): *A ortografía e a gramática do galego nos estudios gramaticais do século XIX e nos primeiros anos do XX*. Tese de Doutoramento (en microficha). (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Greenberg, J. H. (1978): "How Does a Language Acquire Gender Markers?", en J. H. Greenbertg, *Universal of Human Language. 3- Word Structure*: 48-80 (California: Stanford University Press).

Gutierrez Ordoñez, S. (1981): *Lingüística y semántica. Aproximación funcional* (Oviedo: Universidad de Oviedo).

Harris, J. W. (1991): "The Exponence of Gender in Spanish", *Linguistic Inquiry*, 22, 1: 27-62.

Harris, J. W. (1992): "The form classes of Spanish substantives", *Yearbook of Morphology 1991*: 65-88.

Hasselrot, B. (1950): "Du changement de genre comme moyen d'indiquer une relation de grandeur dans les langues romanes", *Vox Romanica*, 11: 135-147.

Heger, K. (1974): *Teoría semántica. II* (Madrid: Alcalá).

Hermida, C. (1998): "Algunhas consideracións sobre o galego da prensa. A morfosintaxe", en Kremer, D. (ed.), *Homenaxe a Ramón Lorenzo. II*: 615-631 (Vigo: Galaxia,).

Hernanz, M. LL. / Brucart, J. M (1987): *La sintaxis. 1. Principios teóricos. La oración simple* (Barcelona: Crítica).

Hjelmslev, L. (1976): *Principios de gramática general* (Madrid: Gredos).

Huber, J. (1986): *Gramática do Português Antigo* (Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian).

Ibrahim, M. H. (1973): *Grammatical Gender* (The Haghe: Mouton).

Jensen, J. T. (1990): *Morphology. Word Structure in Generative Grammar* (Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins Publishing Company).

Jespersen, O. (1975): *La filosofía de la gramática* (Barcelona: Anagrama).

Kabatek, J. (1991): "Interferencias entre galego e castelán: problemas do galego estándar", *Cadernos de Lingua*, 4: 39-48.

Koch, Ingedore V. (2004): *A coesão textual* (São Paulo: Contexto).

Lagares, X. C. / Sánchez Rei, X. M. (2004): "Arredor do xénero 'neutro' e dos pronomes en galego", *Estudos Galegos*, 4: 231-255 (Niterói / Rio de Janeiro: Edições da Universidade Federal Fluminense).

Lang, M. F. (1992): *Formación de palabras en español. Morfología derivativa productiva en el léxico moderno* (Madrid: Cátedra).

Lapa, M. Rodrigues (1984): *Estilística da Língua Portuguesa* (Coimbra: Coimbra Editora).

Lausberg, H (1981): *Linguística Românica* (Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian).

Lázaro Carreter, F. (1971): *Diccionario de términos filológicos* (Madrid: Gredos).

Lloret, M.-R. / Viaplana, J. (1998): "El binarismo del género gramatical en castellano y en catalán", *Verba*, 25: 71-91.

Lorenzo, R. (1985): "Introducción", en Lorenzo, R. (ed.), *Crónica Troiana*: 5-211 (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza).

Luján, M. (1980): *Sintaxis y semántica del adjetivo* (Madrid: Cátedra).

Lyons, J. (1997): *Semántica lingüística. Una introducción* (Barcelona: Paidós).

Maia, C. de Azevedo (1997): *História do Galego-Português. Estado Lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o Século XIII ao Século XVI (Com Referência à Situação do Galego Moderno)* (Coimbra: Fundação Calouste Gulbenkian / Junta Nacional de Investigação Científica e Tecnológica).

Malkiel (1958): "Los interfijos hispánicos", en Catalán, D. (ed.), *Miscelania homenaje a André Martinet "Estructuralismo e historia"* (La Laguna: Universidad de La Laguna).

Mariner Bigorra, S. (1975): "El femení d'indeterminació", en *Estudis Estructurals de Catalá*: 43-74 (Barcelona: Ed. 62).

Martinet, A. (1957) : "Le genre féminin en indo-européen: examen fonctionnel du problème", *Bulletin de la Societé de Linguistique de Paris*, 52-1: 83-95.

Martinet, A. (1991): *Elementos de lingüística general* (Madrid: Gredos).

Martinez, J. A. (1977): "Los elementos de la gramática y el género en castellano", en *Estudios ofrecidos a Alarcos Llorach*: 165-192 (Oviedo: Universidad de Oviedo).

Martínez Pereiro (1999): *A indócil liberdade de nomear (Por volta da "interpretatio nominis" na literatura trovadoresca)* (A Coruña: Espiral Maior).

Mateus, M. H. Mira / Brito, A. M. / Duarte, I. / Faria, I. Hub (1992): *Gramática da Língua Portuguesa* (Lisboa: Caminho).

Matthews, P. H. (1980): *Morfología. Introducción a la teoría de la estructura de la palabra* (Madrid: Paraninfo).

Meillet, A. (1975): *Linguistique historique et linguistique générale* (Paris: Champion).

Millán Orozco, A. (1970): "Anomalías en la concordancia del nombre en el español de la ciudad de México", *Anuario de Letras*, 8: 125-146.

Miranda, R. V. (1975): "Indo-European gender: a study in semantic and syntactic change", *Journal of Indo-European Studies*, 3: 199-215.

Muljačič, Ž. (1999): "Estandarización de linguas románicas 'baixo presión': unha proposta tipolóxica", en Fernández Rei, F. / Santamarina, A. (eds.): *Estudios de sociolingüística románica (linguas e variedades minorizadas)*: 11-26 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela,).

Nissen, U. K. (1986): "Sex and gender specification in Spanish", *Journal of Pragmatics*, 10: 725-738.

Noailly, M. (1999): *L'adjectif en français* (Paris: Ophrys).

Noia Campos, M. C. (1994): "Norma e estandarización, análise da televisión galega", en Lorenzo, R. (ed.), *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxías Románicas. VI*: 41-50 (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza,).

Normas (1995) = Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega: *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (Santiago de Compostela: ILG / RAG).

Normativización (1983) = Xunta de Galicia: *Normativización da lingua galega* (Santiago de Compostela: Consellería da Presidencia, Servicio Central de Publicacións).

Oro, C. (1994): "Algunas consideraciones sobre las desinencias *-án*, *-ano*, *-ao* en gallego actual", en Lorenzo, R. (ed.), *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas. VI:* 223-237 (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza,).

Paul, H (1983): *Princípios Fundamentais da Historia da Língua* (Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian).

Pazó Espinosa (1991): "La estructura de palabra en nombres y adjetivos", *Lingüística Hispánica*, 14: 93-123.

Pena, J. (1990): "Sobre los modelos de descripción en morfología", *Verba*, 17; 5-75.

Pena, J. (1991a): "Consideraciones en torno a la palabra y al morfema", en Brea, M. / Fernández Rei, F. (coords.), *Homenaxe ó profesor Constantino García*. *I*: 365-373 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela,).

Pena, J. (1991b): "La palabra: estructura y procesos morfológicos", *Verba*, 18: 69-128.

Pensado, J. L. (1980): "Aportaciones a la historia de *ceibar* y *ceibe* en gallego y portugués", *Verba*, 7: 41-49.

Peres, J. A. / Móia, T. (1995): *Áreas Críticas da Língua Portuguesa* (Lisboa: Caminho).

Pérez Pascual, J. I. (1982): "Observaciones en torno a la desaparición de la *-n-* intervocálica en gallego", *Verba*, 9: 201-213.

Porto Dapena, J. A. (1977): *El gallego hablado en la comarca ferrolana*. Anexo 9 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Porto Dapena, J. A. (1986): *Los pronomes* (Madrid: Edi-6).

Porto Dapena, J. A. (1997): *Relativos e interrogativos* (Madrid: Arco).

Robins, R. H. (1992): *Breve historia de la lingüística* (Madrid: Paraninfo).

Roca, I. M. (1989): "The organisation of grammatical gender", *Transactions of the Philological Society*, 87, 1: 1-32.

Roca-Pons, J. (1985): *Introducción a la gramática* (Teide: Barcelona).

Rojo, G.(1974): *Perífrasis verbales en el gallego actual*. Anexo 2 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Rojo, G. / Jiménez Juliá, T. (1989): *Fundamentos del análisis sintáctico funcional* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Rosenblat, A. (1953): "El género de los compuestos", *Nueva Revista de Filología Hispánica*, 7: 95-112.

Saco Arce, J. A. (1967): *Gramática gallega* (Ourense: Gráficas Tanco).

Said, A. (1971): *Gramática Histórica da Língua Portuguesa* (Rio de Janeiro: Edições Melhoramentos).

Sánchez Rei, X. M. (1999): "Estudo lingüístico", n'*O fidalgo e o teatro. Tres textos dramáticos de Ramón Otero Pedrayo*: 63-126 (A Coruña: Departamento de Filoloxías Francesa e Galego-Portuguesa da Universidade da Coruña / Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor).

Santamarina, A. (1974): *El verbo gallego*. Anexo 4 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Saporta, S. (1962): "On the Expression of Gender in Spanish", *Romance Philology*, XV, 3: 279-284.

Scalise, S. (1984): *Generative morphology* (Dordrecht: Foris).

Scalise, S. (1988): "Inflection and derivation", *Linguistics*, 26: 561-581.

Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega (1995): *Usos lingüísticos en Galicia. Compendio do II volume do Mapa sociolingüístico de Galicia* (Vigo: Real Academia Galega).

Silva, A. Soares da (1992): "Homonímia e polissémia: Análise e teoria do campo léxico", en Lorenzo, R. (ed.), *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas. II:* 257-287 (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza).

Silva Valdivia, B. (1991): "Tipoloxía das manifestacións de contacto lingüístico en Galicia. Algunhas consideracións", *Cadernos de Lingua*, 4: 27-38.

Sletsjøe, L. (1966): "Nombre y lumbre –nome y lume. Las desinencias latinas *-men* y *-minem* en español y portugués", *Zitschrift für romanische Philologie*, 82: 275-297.

Spender, D. (1979): *Man made language* (London: Routledge and Kegan Paul).

Spitzer, M. (1941): "Feminización del neutro", *Revista de Filología Hispánica*, 3: 339-371.

Surridge, M. E. (1982) : "L'Attribution du genre grammatical aux emprunts anglais en français canadien: le rôle des homologues et des monosyllabes", *Glossa*, 16: 28-39.

Surridge, M. E. (1993): "Gender assignment in french: The hierarchy of rules and the chronology of acquisition", *IRAL*: 77-95.

Taboada, M. (1979): *El habla del valle de Verín*. Anexo 15 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Trujillo, R. (1979): *Elementos de semántica lingüística* (Madrid: Cátedra).

Ullmann, S. (1987): *Semântica. Uma Introdução à Ciência do Significado* (Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian).

Valladares, M. (1970): *Elementos de gramática gallega* (Vigo: Galaxia).

Varela Barreiro, X. (1982): "Aproximación sintáctica ó posesivo en Cunqueiro", en *Homenaxe a Álvaro Cunqueiro*: 267-307 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Varela Barreiro, X. (1992): "Estudio dalgúns valores do pronome *un*", *Cadernos de Lingua*, 6: 27-46.

Vasconcelos, C. Michäelis de (1990): "Glossário", en *Cancioneiro da Ajuda. I* (Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda).

Vázquez López, M. X. (1994): "Os pronomes persoais nas gramáticas galegas", en Lorenzo, R. (ed.), *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxías Románicas. VI:* 277-295 (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza).

Veiga Arias, A. (1976): *Fonología gallega* (Valencia: Bello).

Veiga Arias, A. (1978): "Cuestiones fonológicas", en *Estudios ofrecidos a Emilio Alarcos Llorach (con motivo de sus XXV años de docencia en la Universidad de Oviedo). II:* 257-280 (Oviedo: Universidad de Oviedo,).

Vendryes, J. (1967): *El lenguaje. Introducción lingüística a la historia* (México: Unión Tipográfica Editorial Hispano Americana).

Vila Pujol, M.-R. (1989): "Sobre el sustantivo masculino con rasgo de sexo", *Anuario de estudios filológicos*, XII: 311-323.

Vilela, M. (1974): "Considerações gerais sobre o género". Separata da *Revista da Faculdade de Letras* (Porto: Universidade do Porto).

Vilela, M. (1979): *Estruturas Léxicas do Português* (Coimbra: Almedina).

Vilela, M. (1994): *Estudos de Lexicologia do Português* (Coimbra: Almedina).

Vilela, M. (1999): *Gramática da Língua Portuguesa* (Coimbra: Almedina).

Villar, F. (1974): *Origen de la flexión nominal indoeuropea* (Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas / Instituto "Antonio Nebrija" / Manuales y Anejos de *Emérita*, XXX).

Wandersleben, W. G. (1983): "El papel de la oposición en la determinación del género en español", *Hispania*, 66, 4: 586-592.

Williams, E. B. (1975): *Do Latim ao Português. Fonologia e Morfologia Históricas da Língua Portuguesa* (Rio de Janeiro: Tempo Brasileiro).

Wonder, J. P. (1978): "Género natural, género gramatical", *Español Actual*, 34: 19-27.

Zamora Muné, J. C. / Béjar, E. C. (1987): "El género de los préstamos", *Revista española de lingüística*, 17, 1: 131-137.

Zenenko, G. P. (1983): "Acerca de la manifestación del género de los sustantivos y adjetivos como categoría gramatical en las lenguas romances ibéricas", *Verba*, 10: 231-247.

Zwanenburg, W. (1988): "Flexion et dérivation: le féminin en français", en Landheer, R. (ed.), *Aspects de linguistique française. Hommage à Q.I.M. Mok* (Amsterdam: Rodopi).

Desenvolvemento das abreviaturas utilizadas nos textos

Afonso Eanes do Coton = Lapa J. M. R. (ed.) (1995): *Cantigas d'escarnho e de mal dizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses*: 36-53 (Vigo / Lisboa: Ir Indo / Sá da Costa).

Alfonso X = Lapa J. M. R. (ed.) (1995): *Cantigas d'escarnho e de mal dizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses*: 1-26, 305, 422, 430 (Vigo / Lisboa: Ir Indo / Sá da Costa).

Anónimo, *Escolma* = Anónimo, "O soneto de Monterrei", en Álvarez Blázquez, X. M. (ed.) (1959): *Escolma de poesía galega. II. A poesía dos séculos XIV a XIX (1354-1830)* (Vigo: Galaxia).

Amado, *PGC* = Luís Alonso Girgado (ed.) (1994): Amado Carballo, *Poesía Galega Completa* (Barcelona: Sotelo Blanco).

ANT = *A Nosa Terra (Periódico galego semanal)* (Vigo)

Blanco Amor, *OGC* II = Blanco Amor, E. (1992): *Obra en Galego Completa. II. Poesía e Teatro* (Vigo: Galaxia).

Blanco Amor, *XL* = Blanco Amor, E. (1976): *Xente ao Lonxe* (Vigo: Galaxia).

Blanco Amor, *Esmorga* = Blanco Amor, E. (1978): *A Esmorga* (Vigo: Galaxia).

Blanco Torres, *OMN* = Blanco Torres, Roberto (1929): *Orballo da media noite* (A Coruña: Editorial Nós).

C. E. Ferreiro, *OC* I = Ferreiro, C. E.(1978): *Obra Completa. I* (Madrid: Arealonga).

Cabanillas, *DTA* = Cabanillas, R. (1996): *Da terra asoballada* (A Coruña: A Nosa Terra).

Casares, *Ilustrísima* = Casares, C. (1988): *Ilustrísima* (Vigo: Galaxia).

Castelao, *Cousas* = Castelao, D. A. Rodríguez (1989): *Cousas* (Vigo: Galaxia).

Castelao, *Retrincos* = Castelao, D. A. Rodríguez (1934): *Retrincos* (Santiago: Editorial Nós).

Castelao, *SG* = Castelao, D.A. Rodríguez (1992): *Sempre en Galiza*. Edición facsimilada e crítica coordenada por R. Máiz (Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia / Universidade de Santiago de Compostela).

CGH 1344 = Cintra, L. F. Lindley (ed.) (1954): *Crónica geral de Espanha de 1344. II* (Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda).

Cunqueiro, *XAA* = Cunqueiro, Á.(1979): *Xente de aquí e de acolá* (Vigo: Galaxia).

Curros, *AMT* = Curros Enríquez, M. (1886): *Aires da Miña Terra* (Latorre y Martínez Editores: Coruña).

Darío Xohán Cabana, *PM* = Cabana, D. X. (1989): *Patria do Mar* (Vigo: Ir Indo).

Demanda = Piel, J.-M. / Nunes, I. Freire (eds.) (1988): *A Demanda do Santo Graal* (Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda).

Estevan da Guarda = Lapa, J. M. R. (ed.) (1995): *Cantigas d'escarnho e de mal dizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses:* 99-126 (Vigo / Lisboa: Ir Indo / Sá da Costa).

Ferrín, *AA* = Méndez Ferrín, X. L. (1987): *Arnoia, Arnoia* (Vigo: Xerais).

Ferrín, *ADA* = Méndez Ferrín, X. L. (1984): *Amor de Artur* (Vigo: Xerais).

Ferrín, *CF* = Méndez Ferrín, X. L. (1988): *O crepúsculo e as formigas* (Vigo: Xerais).

Ferrín, *CPM* = Blanco, C. / Rodríguez Fer, C. (eds.) (1991): Xosé Luís Méndez Ferrín, *Con pólvora e magnolias* (Vigo: Xerais).

Fole, *ALC* = Fole, Á. (1979): *Á lus do candil (Contos a carón do lume)* (Vigo: Galaxia).

Fole, *TB* = Fole, Á. (1976): *Terra Brava* (Vigo: Galaxia).

Gómez Tonel, *Escolma* = Gómez Tonel, J., "Exequias da raíña Margarida", en Álvarez Blázquez, X. M. (ed.) (1959): *Escolma de poesía galega. II. A poesía dos séculos XIV a XIX (1354-1830)* (Vigo: Galaxia).

Isabel de Castro, *Escolma* = Isabel de Castro, "Soneto de Dona Isabel de Castro y Andrade a don Alonso de Ercilla", en Álvarez Blázquez, X. M. (ed.) (1959): *Escolma de poesía galega. II. A poesía dos séculos XIV a XIX (1354-1830)* (Vigo: Galaxia).

Joan Soarez Coelho = Lapa, J. M. R. (ed.) (1995): *Cantigas d'escarnho e de mal dizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses*: 221-223, 229-241,251 (Vigo / Lisboa: Ir Indo / Sá da Costa).

LCP = Rodríguez González, Á / Millán González-Pardo, I. (eds.) (1989): *Livro do Concello de Pontevedra (1431-1463). Documentos para a historia de Pontevedra medieval* (Pontevedra: Museo Provincial de Pontevedra). Citado a partir de Campos Souto, B. / Campos Souto, M. (eds.) (1996): *A Nosa Literatura. VI. Prosa histórica, relixiosa e xurídica medieval. Antoloxía* (Vigo: Asociación Socio-Pedagóxica Galega / A Nosa Terra).

LCS = Ángel Rodríguez González (ed.) (1992): *Libro do concello de Santiago (1416-1422)* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega). Citado a partir de Campos Souto, B. / Campos Souto, M. (eds.) (1996): *A Nosa Literatura. VI. Prosa histórica, relixiosa e xurídica medieval. Antoloxía* (Vigo: Asociación Socio-Pedagóxica Galega / A Nosa Terra).

Linhagens = *Livro de Linhagens*. Citado a partir de Godinho, H. (ed.) (1986): *Prosa Medieval Portuguesa* (Lisboa: Comunicação).

Manoel Antonio, *Poesías* = Manoel Antonio (1972): *Poesías. I* (Vigo: Galaxia).

Manoel Antonio, *C* = García-Sabell, D. (ed.) (1979): Manoel Antonio, *Correspondencia* (Vigo: Galaxia).

Manuel María, *Informe* = Manuel María, *Informe para axudar a encender unha cerilla*, en Gómez Torres, C. (ed.) (1997): *A Nosa Literatura. XXXIX. Antoloxía poética* (Vigo: Asociación Socio-Pedagóxica Galega / A Nosa Terra).

Martin Soares, *Poesías* = V. Bertolucci Pizzorusso, V. (ed.) (1992): *As poesías de Martín Soares* (Vigo: Galaxia).

Montes, *OG I* = Montes, E. (1984): *Obra en galego. I* (Barcelona: Sotelo Blanco).

Novoneyra, *Eidos* = Novoneyra, U. (1987): *Os Eidos, Libro do Courel* (Vigo: Xerais).

Novoneyra, *TE* = Novoneyra, U.(1991): *Tempo de elexía* (A Coruña: Vía Láctea).

Otero, *ME* = Otero Pedrayo, R. (1936): *O Mesón dos Ermos. Novela* (Ourense: Alaúda).

P. Ballesteros, *CPG* = Pérez Ballesteros, J. (ed.) (1979) [reprodución facsimilada da edición de 1885-1886]: *Cancionero popular gallego* (Madrid: Akal).

Pero da Ponte, Poesías = Panunzio, S. (ed.) (1992): *Pero da Ponte. Poesías* (Vigo: Galaxia).

Pintos, *AGG* = Pintos, X. M. (1981) [reprodución facsimilada da edición de 1850]: *A gaita gallega tocada polo gaiteiro, ou sea Carta de Cristus para ir deprendendo a ler, escribir e falar ben a lengua gallega e ainda mais* (A Coruña: RAG).

Pondal, *QDP* = Ferreiro, M. (ed.) (1995): Eduardo Pondal, *Queixumes dos pinos* (Barcelona: Sotelo Blanco).

Rosalía, *FN* = Castro, R. de (1982) [reprodución facsimilada da edición de 1880]: *Follas Novas*: (Real Academia Galega: Sada-A Coruña).

Rubricas = Lagares, X. C. (ed.) (2000): *E por esto fez este cantar. Sobre as rubricas explicativas da lírica profana galego-portuguesa* (Santiago de Compostela: Laiovento).

Sarmiento, *Coloquio* = Pensado, J. L. (ed.) (1972): *Colección de Voces y Frases de la Lengua Gallega* (Salamanca: Universidad de Salamanca).

Suso de Toro, *TT* = De Toro, S. (1996): *Tic-Tac* (Vigo: Galaxia).

Shubarth / Santamarina, *CPG* VI = Shubarth, D./ Santamarina, A. (eds.) (1993): *Cancioneiro Popular Galego. VI. 2.* (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza).

Valladares, *Maxina* = Tarrío, A. / Neira, M. / Roig-Rechou, B. (eds.) (1991): Valladares, *Maxina* (Vigo: Xerais).

Vaqueiro 1998 = Vaqueiro, V. (1998): *Guía da Galiza máxica* (Vigo: Galaxia).

Vázquez Neira, *Escolma* = Vazquez Neira, P., "Exequias da Raíña Margarida", en Álvarez Blázquez, X. M. (ed.) (1959): *Escolma de poesía galega. II. A poesía dos séculos XIV a XIX (1354-1830)* (Vigo: Galaxia).

Voz = *La Voz de Galicia,* A Coruña.

ESTA OBRA
SAÍU DO PRELO
DE LUGAMI EN BETANZOS
O DÍA
22 DE DECEMBRO DE 2006

Revista galega de filoloxía
monografía 4

UNIVERSIDADE DA CORUÑA
Área de Filoloxía Galega e Portuguesa

Outras publicacións:

Biblioteca-Arquivo Teatral "Francisco Pillado Mayor"
Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística

1. Xaime Quintanilla: DONOSIÑA. Edición de Laura Tato.
2. Denis Diderot: O PARADOXO SOBRE O ACTOR. Edición bilingüe de X. C. Carrete Díaz e F. Sucarrat Boutet.
3. Antón Villar Ponte: ENTRE DOUS ABISMOS e NOUTURNIO DE MEDO E MORTE. Edición de Emílio Xosé Ínsua López.
4. Oscar Wilde: ERNEST. Edición bilingüe de Miguel Pérez Romero.
5. Aristóteles: POÉTICA. Edición bilingüe de Fernando Muñoz.
6. Hildegarde de Bingen: O DESFILE DAS VIRTUDES. Edición bilingüe de Xosé Carlos Santos Paz.
7. O FIDALGO E O TEATRO. TRES TEXTOS DRAMÁTICOS DE RAMÓN OTERO PEDRAYO. Edición de Xosé Manuel Sánchez Rei.
8. TRES PEZAS CÓMICAS MEDIEVAIS. Edición bilingüe de Henrique Harguindey Banet.
9. Pedro P. Riobó Sanluís: O TEATRO GALEGO CONTEMPORÁNEO (1936-1996).
10. O TEATRO DE CHARLES BAUDELAIRE. PROXECTOS. Edición bilingüe de Xesús González Gómez.
11. Ricardo Carvalho Calero: ESCRITOS SOBRE TEATRO. Edición de Laura Tato.
12. António Ferreira: CASTRO. Edição de María Rosa Álvarez Sellers.
13. Rosvita de Gandersheim: OBRA DRAMÁTICA. Edición bilingüe de Xosé Carlos Santos Paz.
14. Llorenç Villalonga: DESBARATOS. Edición bilingüe de Xesús González Gómez.
15. José Oliveira Barata: O ESPAÇO LITERÁRIO DO TEATRO. ESTUDOS SOBRE LITERATURA DRAMÁTICA PORTUGUESA/I.
16. Alexandre Ballester: NUN PREGUE DE VELUDO. Edición bilingüe de Xesús González Gómez.
17. Goretti Sanmartín Rei: O TEATRO DE XAN DA COVA. *LA GALICIANA* E *MARÍA PITA*.
18. Josep Pere Peyró: DESERTOS. Edición bilingüe de Xesús González Gómez.
19. Afonso Álvares: AUTO DE SANTIAGO. Edição de Juan M. Carrasco González.
20. Ramón Cabanillas: A VIRXE DO CRISTAL. Edición de Manuel Ferreiro e Goretti Sanmartín Rei.
21. TEATRO BRASILEIRO: TEXTOS DE FUNDAÇÃO. Edição de Maria Aparecida Ribeiro.
22. Roberto Cordovani: TEATRO BRASILEIRO NA GALIZA. Edição de Eisenhower Moreno.
23. Joan Guasp: O VENDEDOR DE AMENDOÍNS. Edición bilingüe de Xesús González Gómez.
24. François Riccoboni: A ARTE DO TEATRO. Edición bilingüe de Roberto Salgueiro.
25. Mª Isabel Morán Cabanas:FESTA, TEATRALIDADE E ESCRITA. ESBOÇOS TEATRAIS NO *CANCIONEIRO GERAL* DE GARCIA DE RESENDE.
26. Ana Kiffer: ANTONIN ARTAUD. UMA POÉTICA DO PENSAMENTO.
27. Paulino Pereiro: A MÚSICA TEATRAL.
28. Francisco Gomes de Amorim: FÍGADOS DE TIGRE. Edição de Carme Fernández Pérez-Sanjulián.
29. Gil Vicente: FARSA DOS ALMOCREVES. Edición de Xoán Carlos Lagares.
30. Manuel María: EDIPO. Edición de Miguel A. Mato Fondo.
31. Eugène Labiche: UN CHAPEU DE PALLA ITALIANA. Edición de Ana Luna Alonso.
32. Manuel Lourenzo: INSOMNES.
33. Cándido A. González: ¡MAL OLLO!.... Edición de Manuel Ferreiro e Laura Tato Fontaíña.
34. Iolanda Ogando: TEATRO HISTÓRICO: CONSTRUCIÓN DRAMÁTICA E CONSTRUCIÓN NACIONAL.
35. Euloxio R. Ruibal: MINIMALIA. 20 PEZAS DE TEATRO BREVE.
36. Antoni Nadal: O TEATRO MALLORQUINO DO SÉCULO XX.
37. Emilio Xosé Ínsua López: SOBRE *O MARISCAL*, DE CABANILLAS E VILLAR PONTE.
38. Xesús Pisón: NOITE INVADIDA.
39. Duarte Ivo Cruz: O TEATRO PORTUGUÊS: ESTRUTURA E TRANSVERSALIDADE.
40. Afonso Becerra de Becerreá: O RITMO NA DRAMATURXIA. TEORÍA E PRÁCTICA DA ANÁLISE RÍTMICA (A PARTIR DA PRIMEIRA DRAMATURXIA GALEGA EN VERSO).
41. DOCUMENTOS PARA A HISTORIA DO TEATRO GALEGO (1919-1924). Edición de Silvana Castro García.
42. QUE (NON) É O TEATRO? [Manuel Lourenzo / José Oliveira Barata] / CATÁLOGO DE PUBLICACIÓNS (1997-2005).
43. Marica Campo: CONFUSIÓN DE MARÍA BALTEIRA. Edición de María Pilar García Negro.
44. Manuel Lugrís Freire: A COSTUREIRA D'ALDEA. Edición de Teresa López.
45. Hélène Cixous: A CONQUISTA DA ESCOLA DE MADHUBAI. Edición bilingüe de Purificación Cabido Pérez.
46. Uxío Carré Aldao: MEMORIA CRÍTICO-BIBLIOGRÁFICA SOBRE EL TEATRO REGIONAL GALLEGO. Edición de Xoán López Viñas.
47. Manjula Padmanabhan: LUCES FÓRA! Edición bilingüe de Antía Mato Bouzas.
48. Teresa Rita Lopes: COISAS DE MULHERES! (TEATRO REUNIDO).
49. D Francisco Manuel de Melo: O FIDALGO APRENDIZ. Edição de Evelina Verdelho.

Serie "Clásicos e Modernos"
Área de Filoloxía Galega e Portuguesa

1. CLÁSICOS E MODERNOS / 1 (1999). Xosé Luís Méndez Ferrín (Álvaro Cunqueiro), Pilar Pallarés (Manuel Antonio) e Xosé Mª Álvarez Cáccamo (Celso Emilio Ferreiro).
2. CLÁSICOS E MODERNOS / 2 (2000). Manuel María (Ánxel Fole), Xosé Manuel Martínez Oca (Castelao), Xosé Carlos Caneiro (Otero Pedrayo) e María Xosé Queizán (Blanco Amor).

Actas

Castelao na Galiza do século XX (2000). En colaboración coa ASPG.

Ricardo Calvalho Calero, memoria do século. En colaboración coa ASPG.

Revista Galega de Filoloxía, nº 1.

Revista Galega de Filoloxía, nº 2.

Revista Galega de Filoloxía, nº 3.

Revista Galega de Filoloxía, nº 4.

Revista Galega de Filoloxía, nº 5.

Revista Galega de Filoloxía, nº 6.

Revista Galega de Filoloxía. Xosé Manuel Sánchez Rei:
Os pronomes demostrativos: do latín ao galego contemporáneo.

Revista Galega de Filoloxía. Ramón Mariño Paz:
O idioma galego no limiar da súa renacenza.

Revista Galega de Filoloxía. Xosé Ramón Freixeiro Mato:
Os marcadores discursivos. Conectores contraargumentativos no galego escrito.